

Ferrol

CIDADE DA ILUSTRACIÓN



Juan J. Burgoa Fernández

Rosa de Cal y Cortina

Justino Fernández Negral

José M^º de Juan-García Aguado

Maña J. Leira Ambrós

Xosé Leira López

Guillermo Llorca Freire

Alfredo Martín García

Juan A. Rodríguez-Villasante Prieto

Margarita Sánchez Yáñez

Manuela Santalla López

Alfredo Vigo Trasancos

Eliseo Zaera Ríos

MAXIMUM SUPREMAE ARTIS QUID VIDERE VOLENTI
PRAECIPIUM HIC ORBIS ILLI SISTITUR OPUS;
IN QUO FIRMITER PERLUSTRANTES MARIA CUNCTA
NAVES, PROCINCTAS CLASSES, ATQUE OMNIA VIDET.
¡O FELIX HISPANIA! ADMODUMQUE FELIX:
TE FAUSTE GUBERNAT, REGIT, TIBIQUE SAPIENTER IMPERAT
CAROLUS III,

REX INCLITUS PISSIMUS, AUGUSTUS,
QUEM TOTUS NON CARIT ORBIS.

ANNO MDCCCLXXXIII.



CADERNOS ATENEO FERROLÁN

Año XIX

Núms. 17-18

2003-2004

02.7209

lân
79

**central
librera**
DOLORES, 2 - TEL. 981 35 27 19
FERROL



Cadernos do Ateneo Ferrolán, n^{os} 17-18

FERROL: CIDADE DA ILUSTRACIÓN



FERROL

CIDADE DA ILUSTRACIÓN


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Manuel Gago, 2015-2017, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CADERNOS ATENEO FERROLÁN
ANO XIX • Nºs 17 -18 • 2003-2004



FERROL: CIDADE DA ILUSTRACIÓN - CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN, XVII e XVIII



Ateneo Ferrolán
Ciclología de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Madalena 202 201 Ferrol

ATENEO FERROLÁN

Rúa Madalena, 202 - 1º · Ferrol

a_ferrol@teleline.es

www.ateneoferrolan.org

I.S.B.N.: 84-933518-0-6

Traducción y/o corrección lingüística: Maruxa Zaera Landeira

Gravados: X.X. Braxe

Impresión: Deputación Provincial da Coruña

Imprenta Provincial

A Coruña, 2005

Depósito legal: C-164/2005

A imaxe de fondo na composición da portada é o escudo de armas de Carlos III que se atopa na Porta do dique. (Fotografía cortesía de Guillermo Llorca Freire).

Sumario

Limiar	
· ELISEO ZAERA RÍOS	7
A Ilustración: un proceso de convulsión das ideas	
· XOSÉ LEIRA LÓPEZ	11
O movemento ilustrado. A Ilustración en Galicia	
· JUAN J. BURGOA FERNÁNDEZ	23
O nacemento dunha cidade: O Ferrol do século dezaoitto	
· ALFREDO MARTÍN GARCÍA	35
A nova poboación da Magdalena (1751-1808). O símbolo urbán do Ferrol da Ilustración	
· ALFREDO VIGO TRASANCOS	47
Arquitectura da Ilustración. A igrexa de San Xiao	
· MARGARITA SÁNCHEZ YAÑEZ	63
A Alameda, zona verde da Ilustración	
MARÍA JOSÉ LEIRA AMBRÓS	83
O Patrimonio Histórico do Ferrol da Ilustración	
· JUAN A. RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO	93
Gremios e Ilustración: A maestranza da Mariña	
· MANUELA SANTALLA LÓPEZ	101
A fábrica dun navío no Real Estaleiro de Esteiro	
· JOSÉ M ^a DE JUAN-GARCÍA AGUADO	117
O despertar da Ría á industrialización	
JUSTINO FERNÁNDEZ NEGRAL	131
Ferroláns do seu tempo	
· ROSA M ^a GABRIELA DE CAL Y CORTINA	147
Memoria da Ilustración: Patrimonio do Futuro	
· GUILLERMO LLORCA FREIRE	159
Contribución a unha Bibliografía da Ilustración	
JUAN J. BURGOA FERNÁNDEZ	175
Cadro cronolóxico da Ilustración	187



LIMIAR



Arenco Ferrolan

Compañía de Seguros de Vida

Fundada en 1879

Seguros de Vida y Accidentes

Seguros de Accidentes



A presentación deste Caderno extraordinario do Ateneo ferrolán ten que comezar necesariamente polos agradecementos a quen fixeron posible a súa realización.

Primeiramente, e para evita-lo esquecemento, ó equipo de colaboradores non oficial desta entidade, que tanto axudan a que moitas cousas se poidan realizar cunha aparencia de normalidade e de sinxeleza, semellando que todo é doado. Detrás dunha destas realizacións hai sempre unha serie de tarefas que é necesario lembrar de cando en vez, aínda sen personalizalas: un recoñecemento á xestión da obra, á selección, elección e “conquista” dos autores, á corrección lingüística, maquetación e fotocomposición e ó seguimento dos procesos.

O soporte central, pola importacia económica do nacemento da obra, recae na cobertura da imprenta. Este apartado corresponde á resposta xenerosa e de altísimo valor da Deputación provincial. A decisión política, o apoio que dende hai moitos anos vén prestando ás publicacións deste Ateneo, xunto cun equipo humano e técnico da súa imprenta, dan o resultado que podedes valorar ollando as páxinas desta espléndida publicación.

Unha ducia de ferroláns e ferrolterráns, bos e xenerosos, conforman o cadro de autores desta obra, cada un/unha experto no tema que presenta, sen pretender, naturalmente, dado o alcance de cada achega, esgota-la materia ou acadar unha profundidade que necesitaría outro espazo e outro tempo.

A Concellalía de Cultura do Concello de Ferrol respalda economicamente esta publicación, incluída no Convenio de Colaboración asinado.

A recuperación histórica sempre resulta unha tarefa delicada, traballosa e ás veces descorazonadora. Dicur *recuperación histórica* suxírenos ruínas, espazos degradados, monumentos e restos materiais en xeral. Un pouco tamén documentos, episodios máis ou menos escuros, etc. O que intentamos recuperar e potenciar con esta publicación do Ateneo é todo iso e algo máis, tamén difícil, tanto de conquistar como de explicar, pero moi necesario. Hai un substrato inmaterial, espiritual, etéreo, presente en tódalas realizacións dun proceso histórico (e este da Ilustración o é), que co paso do tempo pérdese, esváese, por mor dos avances en tódolos eidos da actividade humana, da evolución e interacción cultural, da superposición de novos procesos históricos, é dicir, da vida mesma. Pero esas esencias circunstanciais convén, de cada certo tempo, recuperalas, sacalas das sombras e voltalas estudar, analizar, poñer en valor e, a ser posible, reincorporar algo dos seus “efluvios”, das ideas mestras que deron impulso a aquela época e que de seguro que poderían osixenar os tempos que estamos a vivir.

Impulsos, espírito, ideas-forza, racionalidade e rigor, análise e síntese diante da toma de

decisións, son valores que poderían paliar moitas carencias que hoxe se observan e dar algo máis de optimismo de cara ó futuro. Queremos recuperar valores dunha etapa da historia de Europa que por algo quedou marcada como o *século das luces*.

Ferrol, como cidade, polo menos urbanisticamente, recibiu como ningunha outra cidade de Galicia a influencia das ideas da Ilustración. Nas páxinas deste caderno atoparemos moitas realidades que corresponden a esta influencia. Realidades cun valor en si mesmas, que se están a potenciar para acadalo recoñecemento internacional que se merecen, pero que non son todo. Queremos deixar aquí dous apuntes, un pouco no ar, pero debuxados con claridade: por unha banda, as realidades materiais do Ferrol da Ilustración merecen tódolos esforzos e máis para que, entre

todos, consigámo-la súa nominación como patrimonio mundial. Pero non por iso se poden esquecer outros restos, outras realidades de alto valor que, en ocasións, foron pisadas, arruinadas polo "paso do tempo" (imos dicilo así...). Volveremos sobre isto noutras publicacións. Por outra banda, non só queremos mirar para as realidades materiais, xa o dixemos antes. Queremos que, conformando todo, os cidadáns, os ferroláns e ferrolás asuman o orgullo de habitar nun entorno singular histórico-ilustrado, e teimen con perseverancia en incorporar á súa vida, ó seu ambiente, un estilo, un modo de facer e desenvolverse, unha forma de ser propia, cos valores e aspectos máis positivos da Ilustración, e que cheguen a construí-los sinais de identidade dunha cidade singular: Ferrol, cidade da Ilustración.



Ateneo Ferrolán
en 1879

ELISEO ZAERA RÍOS
Presidente do Ateneo Ferrolán

A ILUSTRACIÓN

UN PROCESO DE CONVULSIÓN

DAS IDEAS

Xosé Leira López



XOSÉ LEIRA LÓPEZ
Profesor Titular de Socioloxía
Universidade da Coruña



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena, 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org


PÓRTICO DA LUZ

Non é doada a tarefa de construír unha análise da Ilustración. E non é doado, precisamente polo moito que atopamos escrito sobre este tema. Un dos perigos que acometen ó investigador social ven dado polo que, nunha das súas acepcións, podemos denominar como *ruído informacional*. E así pódese encontrar toda unha maraña de textos nos que, desde perspectivas moi distintas, se extraen conclusións moi diverxentes e, en ocasións, incluso opostas. Non existe consenso en canto os seus precursores, nin no seu nacemento, nin nas súas características esenciais, nin nos seus principais representantes, e nin tan sequera no propio concepto e a súa significación. É por iso que non é doado levar o temón do barco científico por estas turbulentas augas.

Ante tal situación, esta breve análise entenderá que o periscopio sociolóxico fixe o seu campo de atención en dúas direccións. Por unha banda, no mergullamento na propia esencia da Ilustración; e pola outra, no tratamento daqueles temas ou áreas menos tocadas nos estudos existentes. Ó mesmo tempo emerxerá un terceiro obxectivo baseado na busca de respostas á pregunta de cal é, no tempo actual, o papel do pensamento ilustrado.

Nun ensaio sobre a Ilustración, Ulrich Im Hof narra as sensacións que lle produce a observación minuciosa dun gravado en cobre realizado

por Daniel Chodowiecki e titulado *Aufklärung* (Ilustración). O primeiro que se capta na imaxe é un camiño solitario, polo que transita un carro de carga detrás dun xinete e dun camiñante. Diríxense, envoltos nas sombras dun escuro bosque, cara a un castelo, do que tan só se ve, entre as copas das árbores, unha torre pequena e outra algo maior. O recinto do castelo está bañado cunha luz intensa que procede do sol que nace entre a serra que se alza ó lonxe. É un sol matutino, que adentra os seus raios nun ceo aínda crepuscular e que loita por disipar o velo dunha néboa que perdura detrás do castelo.



Chodowiecki refírese ó gravado dicindo que é unha obra suprema da razón e que este seguirá a ser o símbolo máis pertinente durante moito tempo, por causa das néboas que sempre se alzarán dos lodeiros, os incensarios e os holocaustos sobre altares idólatras, para ocultar o sol; pero que nembargantes, o sol logrará saír e as néboas deixarán de ser perniciosas. O sol é a luz, e no século XVIII o concepto da luz adquire un novo significado unido á razón e a liberdade.

O termo francés que equivale á Ilustración é *Lumières*. *Lumière* (luz) significa intelixencia, coñecemento e claridade de espírito; sempre no sentido de que é a razón a que conduce ós homes á perfección das ciencias e das técnicas. Igual ocorre co termo alemán *Aufklärung* que desde unha acepción meteorolóxica, pasa a empregarse no sentido de iluminar. Esa luz (esa razón natural) que debe eliminar as sombras e que debe rematar coa escravitude, a superstición, o erro e a ignorancia. A razón ilustrada é crítica. O enciclopedista d'Alembert sinala que "todo foi discutido, analizado, removido, dende os principios das ciencias ata os fundamentos da relixión revelada, dende os problemas da metafísica ata os do gusto, dende a música ata a moral, dende as cuestións teolóxicas ata as da economía e o comercio, dende a política ata o dereito de xentes e o civil. Froito desta efervescencia xeral das mentes, proxéctase nova luz sobre moitos obxectos, unha nova escuridade sobre outros, como o fluxo e o refluxo da marea depositan na beiramar cousas inesperadas e arrastran consigo outras". É dese xeito como a luz da razón retira "velas e vendas" para, mediante a crítica, contribuír a cambiar ou reformar a economía, a política, a relixión, os costumes, a educación pública, a constitución civil e militar, as ciencias e as artes, os oficios e unha longa serie difícil de enumerar. Comeza, en palabras de Vierhaus, a busca dunha nova estabilidade, baseada nunha regulación sensata da vida social e política, que abarque dende a moral individual ata as relacións entre estados. As medidas recomendadas, planificadas e

adoptadas non van sempre en consonancia cun programa de Ilustración explícito, senón que se toman en favor dunha mellor comprensión e da crítica á tradición. É a suma destas medidas, tomadas por distintos motivos, a súa combinación tensa e a dinámica resultante, o que contribúe ó proceso da Ilustración, traendo consigo unha importante transición que sinala o paso da teoría á práctica e á acción reformadora.

PRECURSORES E CONDICIÓNS

Esta aposta pola luz, pola razón, xurde (neste punto parecen estar de acordo un grande número de investigadores) pola semente deixada por unhas teorías que foron elaboradas por aqueles que podemos denominar como precursores. Bayle, contraponendo relixión e verdade, e exaltando o poder demoledor da razón. Descartes destacando a vontade de non aceptar como verdadeiro nada que non viramos con evidencia de que é tal. Bacon coa súa teoría dos ídolos que deforman a nosa visión da natureza. Spinoza que proclama a total racionalidade do real e o principio de inmanencia, o cal sinala que a filosofía política e moral son asuntos exclusivamente humanos. Locke desmonta a teoría do dereito divino dos reis, fundamenta a lexitimidade do poder no pacto, destaca a primacía do lexislativo, define os dereitos do home como obxectivo básico e defende o dereito á resistencia ó poder corrupto. Newton culmina a revolución teórica iniciada por Copérnico, e encarna o triunfo da ciencia, asentando o reinado do empirismo no terreo científico.

O labor destes precursores foi importante, nembargantes é preciso recorrer tamén a outras claves socioeconómicas para explicar o nacemento da Ilustración. Dende unha perspectiva ideolóxica débese sinalar á burguesía mercantil como a clase que constitúe a vangarda do cambio histórico. O profesor Fernando Prieto expón cómo esta clase social produce a súa propia mentalidade, formada por unha serie de elementos, que se poden

resumir en tres "ismos", e que están relacionados coa praxis e aspiración desa burguesía.

1. Racionalismo, entendido como a actitude de confianza na razón autónoma para coñecer o mundo, e confianza en que o seu emprego sistemático é o método para encontrar solución ós problemas que presenta o noso quefacer no mundo. Este racionalismo é o efecto e a causa dunha mentalidade de cálculo económico, soamente posible nunha economía adañeirada.

2. Secularismo, entendido como a actitude vital do home que aspira a gozar ó máximo da súa existencia temporal, elaborando o seu proxecto de felicidade. Establécese así un claro contraste co escatoloxismo medieval, que agardaba a felicidade plena noutra existencia alén do tempo. Este secularismo, entendido segundo a mentalidade burguesa mercantil, conleva o utilitarismo.

3. Individualismo, entendido como a actitude que contempla a sociedade como un campo de acción posto ante o individuo para que este consiga o seu triunfo persoal —é dicir, *status* cada vez máis elevados— en competencia con outros individuos. Isto trae como consecuencia a valoración positiva de tódalas cualidades individuais e, en concreto, da ambición e a coraxe. Establécese unha sociedade competitiva.

Esta burguesía mercantil vai ter unha grande importancia no cultivo ilustrado da razón instrumental, de procedencia baconiana, e queda patente cando atopamos que os "oficios" pónense á mesma altura que as "ciencias" e as "artes". Os enciclopedistas van destacar esta dignificación do traballo manual.

A ILUSTRACIÓN. OS SEUS REPRESENTANTES E O SEU DISCURSO SOCIAL

Os precursores e o nacemento da burguesía comercial foron aspectos importantes para o nacemento da Ilustración. O pensamento ilustrado póníase en marcha e ía alcanzar o seu máximo esplendor nas teorías dos que foron os catro pensadores claves na historia do pensamento político do Século das Luces: Montesquieu, Rousseau, Hume e Kant. Existen outros realmente moi interesantes, pero que non acadan a altura intelectual dos mencionados no que se refire á análise que estamos a construír.

Montesquieu pregúntase sobre o "espírito das leis" e refírese á importancia da defensa da liberdade fronte ó poder político. Liberdade e poder non teñen que ser termos antitéticos, senón complementarios. Hai que suxeitar o poder, e non externamente posto que o poder é soberano. Polo tanto debe ser internamente, mediante a división do poder en distintas instancias, facendo que a concorrencia sexa necesaria para a formación da vontade política. A segunda grande contribución de Montesquieu poderíase dicir que é metodolóxica. O profesor Fernando Prieto dinos que, fronte á seguridade dos máis puros ilustrados de que o poder podería ser organizado pola pura razón a partires dos principios, Montesquieu busca os seus principios na investigación empírica das institucións, pero coa cautela metodolóxica de entender cada institución dentro do seu sistema social; e dada a complexidade das sociedades civilizadas, é practicamente imposible conseguir unha investigación completa, o que conleva que o gobernante non pode ter nunca un coñecemento científico total da sociedade. E isto trae consigo unha grande achega política de Montesquieu que se refire ó principio da ignorancia do gobernante; e o remedio político, que non científico, virá dado por un procedemento que dote de voz real e permanente ós gobernados.

A grande contribución política de Rousseau, fronte ó fondo liberal, individualmente e utilitativa

da Ilustración, foi a de enxalzar o valor da comunidade como o lugar da auténtica realización do individuo. Establece o seu concepto de vontade xeral, que leva directamente ó de soberanía popular, inalienable e absoluta. Nunca antes se afirmara tan rotundamente a soberanía no pobo, e ademais non podía ser doutra maneira nunha comunidade política lexítimamente constituída. Inevitablemente isto vai traer a famosa paradoxa da liberdade. Na conversión do burgués en cidadán van aparecer renuncias de benestar e liberdade que moitos non querían asumir. O contrato social é conflictivo. Tamén hai que salientar a crítica que Rousseau lle fai á Ilustración cando no *Emilio* escribe que a literatura e o saber do século XVIII tendía máis a destruír que a edificar, aínda que é necesario precisar que a Ilustración non quería quedarse nese nivel destructivo, senón que concebía ese primeiro paso como preliminar para a formulación das propias alternativas. De todas formas hai que destacar que Rousseau foi o gran inspirador do pensamento democrático e que apuntou dun xeito moi claro que a transformación do individuo en cidadán é un quefacer ético.

A expresión alemana *Aufklärung* foi traducida polos ingleses baixo o termo *Enlightenment*, e asociada fundamentalmente á Ilustración escocesa (Ferguson, Hutcheson, Smith, Hume, etc.). Un dos seus máximos representantes foi Hume, que co seu escepticismo vai contribuír ó quebrantamento da tradición metafísica (lembramos que o destino que Hume reservaba ós libros da metafísica era a fogueira). Mais Hume dá un novo paso e vaise converter nun crítico dos pensadores do século XVIII. Para eles, a razón permitía o coñecemento da natureza en xeral e da natureza humana en particular, e manifestaban que, a partires dese coñecemento, podíanse deducir as verdades básicas da Relixión, a Moral e o Dereito.

O profesor Fernando Prieto escribe que Hume sospeita que as proposicións e os métodos non eran tan claros e seguros como pretendían os seus autores; e vai pretender ser o novo Newton, substituíndo a filosofía moral *a priori* por outra

baseada nos feitos. O mesmo subtítulo do *Tratado* é moi ilustrativo cando se formula como un intento de introducir o método experimental de razoamento nos problemas morais. Experimentación no campo da filosofía moral quere dicir observación. E neste campo imos atopar tres grandes áreas: o coñecemento, a moral propiamente dita e a política. Hume establece unha distinción entre as ciencias deductivas, matemáticas, ás que corresponde o mundo das ideas; as empíricas, inductivas, as ciencias naturais, ás que corresponde a esfera dos feitos; e as morais ou prácticas (da acción humana) ás que corresponde o mundo do valor. E engade que a racionalidade, dun xeito estricto, soamente vale para o primeiro sector; e como consecuencia, Hume nega a racionalidade das concepcións natural-racionalistas da praxis humana. Sobre a vontade inflúen as paixóns, é dicir, os nosos afectos, sentimentos e emocións; e rompe co tópico da Filosofía de opoñer a razón á paixón.

Fronte a unha moral da razón, Hume ofrece outra moral baseada no sentimento, onde a virtude é unha propensión a actuar dunha determinada maneira que goza dunha aprobación xeral. A virtude e a obrigaición quedan reducidas a convencións, que son acordos entre os humanos en virtude dun sentido xeral do que é o interese común, e que induce ós membros dunha sociedade a aceptar que as súas conductas queden reguladas por algunhas normas. Por último hai que dicir que para Hume a xustiza ten como fundamento a utilidade social, ou sexa a utilidade que para a comunidade resulta da súa observancia.

Quizais a figura máis sobranceira do pensamento ilustrado sexa Kant. Recolleu e asumiu as achegas dos críticos máis lúcidos do Século das Luces: Hume e Rousseau. Kant ofrece a definición máis famosa da Ilustración, describíndoa como a saída do home da súa minoría de idade e propoñéndolle como lema o *sapere aude!*, o iatrévete a saber! Iníciase o período no que o home “se atreve a coñecer” e trata de saír da súa “inmadureza autoculpable”. O individuo libérase das ataduras da tradición e confía nunha máis plena autonomía e

emancipación. É un período marcado pola idea de progreso, pola esperanza en que a historia humana emprenda un proceso de desenvolvemento continuo, que conduciría a maiores cotas de coñecemento, liberdade e felicidade. No seu texto *Was ist Aufklärung?* Kant enraíza a Ilustración nun tipo de interrogación filosófica que fai un problema da relación co presente, o modo de ser histórico e a constitución do home como suxeito autónomo.

A xuízo de Michael Foucault, Kant non concibe a cuestión da Ilustración como unha idade do mundo á cal se pertence, nin como un acontecemento con sinais que se perciben, nin como a alba dun cumprimento. Kant define a Ilustración dunha maneira negativa, como unha *Ausgang*, unha “saída”, un “final”. Kant indica que esta saída é un proceso que nos libera do estado de minoría, entendido como un certo estado da nosa vontade que nos fai aceptar a autoridade dalgún outro para conducirnos nos dominios nos que convén facer uso da razón. A *Aufklärung* é definida pola modificación da relación preexistente entre a vontade, a autoridade e o uso da razón. Caracteriza esa saída como un feito, como un proceso que se está efectuando e, ó mesmo tempo, como unha tarefa e unha obrigación, explicitando que é o propio home o responsable do seu estado de minoría; e que non poderá saír dese estado senón é por un cambio que el mesmo ten que efectuar sobre si mesmo. De aí procede o *Sapere aude!*, “ten a coraxe, a audacia de saber”. Polo tanto, a Ilustración é, por unha banda, un proceso do que os homes forman parte colectivamente, e por outro lado un acto de coraxe a efectuar persoalmente.

Kant define dúas condicións esenciais para que o home saia da súa minoría, e estas dúas condicións son, á vez, espirituais e institucionais, éticas e políticas. A primeira destas condicións é que se distinga ben entre o que corresponde á obediencia e o que corresponde ó uso da razón. A humanidade farase maior non cando xa non teña que obedecer, senón cando se lle diga: “obedece e poderedes razoar canto queirades”. Kant pon o exemplo de pagar os impostos, pero poder ra-

zoar tanto como se queira sobre a fiscalidade; e isto sería o que caracteriza o estado de maioría. Agora ben, Kant fai intervir unha segunda condición, que consiste na distinción entre o uso privado e o uso público da razón, para engadir que a razón debe ser libre no seu uso público e sumisa no seu uso privado, que ven a ser o contrario do que se denomina liberdade de conciencia. O home fai un uso privado da razón cando ten un papel que representar na sociedade e unhas funcións que exercer: ser soldado, pagar uns impostos, ser funcionario dun goberno. Todo isto fai do individuo un segmento particular da sociedade e así debe aplicar unhas regras e perseguir unhas fins particulares, facendo da razón un uso aplicado a esas circunstancias determinadas. Polo tanto, non pode haber aí un uso libre da razón. En troques, cando non se razoa máis que para facer un uso da razón, cando se razoa en canto que ser razoable (e non encanto que peza dunha máquina), cando se razoa como membro da humanidade razoable, entón o uso da razón debe ser libre e público.

Dinos Foucault, que para Kant a *Aufklärung* non é soamente o proceso polo que os individuos verían garantida a súa liberdade de pensamento. Hai *Aufklärung* cando existe superposición do uso universal, do uso libre e do uso público da razón. A partires destas concepcións, Kant elabora as súas Críticas, para definir as condicións baixo as que o uso da razón é lexítimo para determinar o que se pode coñecer, o que se pode facer e o que cabe esperar. Será un uso ilexítimo da razón o que fai nacer o dogmatismo e a heteronomía; en troques, cando o uso lexítimo da razón foi claramente definido nos seus principios, a súa autonomía pode quedar asegurada. E será entón cando Kant elabora as súas teorías sobre a Moral e o Dereito, sobre a Filosofía Política e o Estado, sobre formas de goberno e cidadáns; e gravitando sobre todo, a liberdade. Lémbrese que a dignidade de cidadán posuía tres atributos xurídicos: liberdade, igualdade e independencia. A xustificación da Revolución Francesa estaba servida, e así o manifestou cando a valorou como un auténtico progreso na Historia.

Kant vincula a significación da súa obra con respecto ó coñecemento, a unha reflexión sobre a Historia e a unha análise particular do momento singular en que escribe. Este enfoque é o que lle permite a Foucault recoñecer nel un importante punto de partida: o inicio do que podería chamarse a actitude de modernidade.

Cando se fala da Ilustración é ineludible citar a Adam Smith. A súa obra en xeral, e *The Wealth of Nations* en particular, vai suxerir a fundación da nova ciencia da economía política. Smith intenta introducir o método newtoniano en cuestións morais, e fomenta o desenvolvemento de áreas periféricas á filosofía moral, como a ética, a xurisprudencia e a economía política. Sergio Cremaschi apunta que Adam Smith explotou unha analogía entre o físico e o moral na creación dos principais elementos da súa teoría económica, tales como equilibrio e circulación. Parte da observación da división do traballo como fenómeno fundamental dunha sociedade dinámica, na que prima o intercambio dos produtos e unha alta valoración do mercado, determinado pola lei da oferta e a demanda. De aquí extrae que o principio reitor da política económica é a libre concorrência, onde a misión do Estado será a de garantir a xustiza, a seguridade e a orde, e tamén a de procurar aquelas leis que non teñen que estar dentro do xogo do mercado e que, sen embargo, son necesarias para a sociedade. Nos demais campos da vida social, o Estado debe absterse de intervir.

Tamén se debe mencionar a súa *Teoría dos sentimentos morais*, coa que Smith intenta construír unha nova filosofía moral, onde establece que propiedade e mérito son cualidades das accións que dan sentido a cada acción; e para iso recorre ó concepto fundamental de simpatía. A simpatía (capacidade para sentir con) xunto á imaxinación, definen, para Smith, a sociabilidade do home. Smith ven a dicir que a vida normal das sociedades está fundada nas dinámicas do propio interese e do altruísmo. Por interese propio o home necesita a sociedade, e para que esta funcione correctamente, convén arranxar as cousas de modo

que cada un estea tamén interesado en axudar ós demais.

Nesta análise sobre os principais autores do pensamento ilustrado, destaca con luz propia un grupo, diverso e diferenciado no seu interior, que podemos estudar no entorno da magna obra que supuxo a *Enciclopedia ou Dicionario razoado das ciencias, as artes e os oficios*. Constitúe a obra colectiva máis importante da Ilustración, na que se recolleron as ideas que animaban ó movemento. Nace en 1745 cando o libreiro Le Breton intentou traducir a *Cyclopaedia* de Chambers, que era a mellor das enciclopedias publicadas en Inglaterra. Os ilustrados tiñan a conciencia de que chegara o século das luces e de que a razón se liberaría das trabas do pasado, e que era o momento de facer balance do seu saber e difundilo en loita contra os prexuízos. Xa iniciado o proxecto, houbo unha falta de entendemento entre Le Breton e o tradutor. Pensou entón noutra tradución ampliada e incorpóranse á empresa Diderot como tradutor e d'Alembert como asesor científico. Ambos encargáronse da dirección da obra (1747) e de concibir un proxecto de redacción orixinal e moito máis ambicioso, que expresaba esa mentalidade ilustrada.

Buscan a numerosos e variados colaboradores dos distintos campos do saber e das artes. Incorporáronse: Rousseau, Buffon, Helvétius, Condillac, Quesnay, d'Holbach, Turgot, Montesquieu, o abate Mallet, etc. Voltaire tardou máis en incorporarse, aínda que despois foi a cabeza indiscutible dos filósofos. Hai que destacar que se trata dunha obra de iniciativa privada, aínda que tiveron que facer determinadas transaccións políticas e relixiosas para lograr a publicación dos primeiros volumes. Houbo moitas vicisitudes, escándalos e prohibicións. Entre 1751 e 1758 publícanse os sete primeiros tomos, os dez restantes distribúense colectivamente en 1766. Os nove volumes de gravados foron aparecendo nos anos seguintes ata 1772. A obra complétase cun suplemento (cinco tomos) e un Índice xeral (dous tomos), entre 1776 e 1780. Editorialmente foi un éxito.

Debido ó seu enfoque, ó extenso espazo de tempo e á diversidade de autores, non se pode sinalar unha unidade de pensamento sistemático. Pero si se poden establecer, e así o fai o profesor Fernando Prieto, unhas constantes ideolóxicas que a fan representativa da mentalidade da Ilustración. Sinálanse a continuación dun modo esquemático.

- Unha mentalidade utilitaria: a obra pretende recompilar todo o saber para ilustrar e así facer máis felices ós homes.
- A obra é unha auténtica máquina de guerra da razón contra a ignorancia e os prexuízos. A difusión das Luces perséguese con prudencia pero cunha actitude claramente militante.
- A felicidade é entendida hedonísticamente e a obra amosa un gran entusiasmo por todo o que é progreso teórico e polos inventos prácticos. Diderot pensaba que a Filosofía soamente era útil, contribuía á felicidade e promovía o progreso social, se estaba ligada ás técnicas.
- Interese pola difusión das ideas sobre a sociedade, a política, a relixión. Pero en ningún momento e *Enciclopedia* pretende ser unha obra revolucionaria. É unha obra da burguesía reformista.
- A maioría dos artigos que tratan de ideas políticas están escritos directamente por Diderot ou por Jaucourt, e algúns por d`Holbach, que non quixo firmalos. Houbo un polémico artigo de Rousseau. Montesquieu non quixo colaborar nesta materia.
- A *Enciclopedia* propón unha concepción secular do Estado, substituindo a lexitimidade do dereito divino pola orixe humana da soberanía, baseada no consentimento que se articula nun contrato.

A *Enciclopedia* significou un grande intento por presentar os saberes e remover con signos de luz unha época de sombras. A razón da Ilustración é crítica. D`Alembert diría en 1759 que "todo foi discutido, analizado, removido, dende os principios das ciencias ata os principios da relixión revelada, dende os problemas de metafísica ata os do gusto, dende as cuestións teolóxicas ata as da economía e o comercio, dende a política ata o dereito de xentes e o civil. Froito desta efervescencia xeral das mentes (*esprits*), proxéctase nova luz sobre moitos obxectos, unha nova escuridade sobre outros, como o fluxo e o refluxo da marea depositan no litoral cousas inesperadas e arrastran consigo outras". Neste prólogo do seu *Ensaio sobre os elementos da filosofía*, d`Alembert establece un programa sobre a razón crítica ilustrada. Pero en realidade xa se estaba levando a cabo dende facía oito anos na *Enciclopedia ou Dicionario das ciencias, das artes e dos oficios*. Voltaire, no último capítulo de *O filósofo ignorante* manifesta que o século XVIII é a aurora da razón e pregúntase se hai que permanecer inactivo na tebras cando algunhas cabezas desa hidra do fanatismo volven renacer, e conclúe dicindo que a verdade non debe ocultarse ante eses monstros.

Todo o movemento xerado polos grandes pensadores da Ilustración e polo entorno da *Enciclopedia* foi difundido por múltiples medios. Hábíase a intención de estenderse o máis posible, e para iso valéronse das sociedades secretas (como a masonería), pero en primeiro lugar hai que nomear as sociedades de pensamento, específicas da época, como os Amigos do País en España, ou as xa coñecidas de antes, como as Academias e os Salóns (que en moitas ocasións estaban rexidos por "femmes de lettres"). Nestas Sociedades, Academias e Salóns realizábase a importancia da razón, discutíanse os textos do pensamento ilustrado e recibíase e potenciábase a luz da Ilustración. Outro vehículo de gran importancia para as ideas ilustradas foi o constituído pola prensa periódica e a súa internacionalización. Ó mesmo tempo, a independencia económica dos profesionais das letras,

antes suxeitos ó mecenado, dotou de maior autonomía ó seu pensamento. O labor pedagóxico foi moi importante.

Observando o mundo dos ilustrados, e seguindo a Luis Miguel Enciso, atopamos unha serie de características a definir: o predominio da razón, que se vai impoñer como criterio de verdade, a crítica como instrumento de censura de canto na sociedade, a cultura ou a igrexa discrepe das normas da razón, a autonomía do poder civil ou, no seu caso, do seu control sobre o eclesiástico, a tolerancia relixiosa como froito dunha pluralidade de crenzas, e un alto interese pola economía como medio de buscar a felicidade.

Domínguez Ortiz explica a Ilustración como “un movemento que abarca a integridade dos aspectos vitais” e, para caracterizala, invoca a tese do doutor Koch. Segundo este último, a Ilustración resumiríase en catro puntos esenciais:

1. A aceptación da investigación científica e dos seus resultados, aínda co risco de chocar coas opinións correntes.
2. A loita contra a superstición e os prexuízos, en especial os que conducen a calquera forma de opresión ou inxustiza.
3. A reconstrucción ou exame crítico de tódalas crenzas básicas.
4. O interese polas obras de reforma económica e social.

Todos estes puntos xa foron explicitados e examinados ó longo da presente análise, aínda que parece de interese levar a cabo unha última reflexión en canto ás obras de reforma económica e social. Esta idea vai levar a formular modelos de planificación económica, social e urbanística. Vai-se producir unha planificación de cómo se deben abordar as reformas económicas, de cómo se deben proxectar as cidades e de cales son as funcións sociais que deben cumprir. En definitiva,

apoiándose nos avances técnicos, lévase a cabo a racionalización das grandes obras e dos espazos urbanos.

CONSIDERACIÓNS FINAIS E VIXENCIA DO ESPÍRITO ILUSTRADO

Pretendeuse nesta análise levar a cabo un camiño reflexivo polo Pensamento Ilustrado, os seus elementos configurativos, as súas características e os seus principais representantes. Aínda así quedan temas que, pola súa unidade e interese, merecen explorarse noutros traballos e investigacións. Un deles sería o do debate feminista na Ilustración. A polémica dos sexos no século XVIII levou a encontradas posturas. Aparecen os clubs de cidadáns e as esixencias de igualdade entre homes e mulleres, unido todo á Revolución francesa. Unha revisión bibliográfica conduce a encontrar textos alusivos a este tema na *Enciclopedia*. Textos anónimos e textos de autores como D'Alembert, Condorcet, De Gauges, Montesquieu, D'Épinay, De Lambert, etc. Uns son abertamente feministas e outros amosan un feminismo tímido ou superficial. Xunto a eles, aparecen escritos que esbozan o novo paradigma patriarcal que acabaría impoñéndose: a muller-nai rousseauniana pechada no ámbito privado. Fronte ó poder emancipatorio da razón aparecen tamén teorías xustificatorias da subxección da muller, baseadas na adscripción dos espazos físicos e simbólicos: “o público” vai ser o masculino en canto que é relevante, mentres que “o privado” vai ser o feminino en canto que nunha determinada cultura non se valora. Queda, pois, aberta esta interesante liña de investigación, na que xa atopamos excelentes traballos como os de Cecilia Amorós, Molina Petit, Alicia H. Puleo ou Mónica Bolufer.

E vaian unhas últimas reflexións para considerar a vixencia do espírito ilustrado na sociedade actual.

Dinos Ágnes Heller que o fundamentalismo volve renacer baixo aspectos moi diversos, incluso

nas súas formas máis tradicionais, que a Ilustración cría ter, para sempre, varrido do mundo. E aparécenlle multitude de seguidores no primeiro, segundo e terceiro mundo. Os fundamentalistas queren determinar, regular e controlar tódalas manifestacións vitais: dende a vida privada á corte de xustiza, dende a educación ás nosas opcións entre diferentes alternativas sociais e políticas. A relativización das verdades tampouco pode dicirse que sexa unha panacea. Realmente non existe ningunha panacea. O que existe, sen embargo, é unha idea que podería servir como fio conductor do discurso teórico. Esta idea é o partidismo a favor da razón, unido a outros, a saber, o partidismo a favor de quenés máis sofren, e actuar no espírito destas dúas obrigacións. Esta idea é, dinos Agnes Heller, o legado de Lessing, un home da Ilustración.

Na sociedade actual a Ilustración debe ser vista como un modo de proceder, como un mecanismo que serve para constituír a razón fronte a calquera tipo de dogmatismo ou fundamentalismo. A antoloxía crítica de nós mesmos, hai que concibila como unha actitude, un *ethos*, unha vida filosófica na que a crítica do que somos é a vez análise histórica dos límites que nos son impostos e proba da súa posible transgresión. Non consiste en ter unha fidelidade a unhas teorías da Ilustración, senón na reactivación dunha actitude de crítica permanente do noso ser histórico.

E para acabar esta análise vaia unha última reflexión de Michel Foucault: "Non sei se hoxe en día é necesario dicir que o traballo crítico implica aínda a fe nas Luces; necesita sempre, creo eu, un traballo sobre nós mesmos, é dicir, un labor paciente que dea forma á impaciencia da liberdade".

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA

FUNDADO EN 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.enclerrolza.org

- BARREIRO BARREIRO, X.L.; RODRÍGUEZ CAMARERO, L. e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M. (Coords.): (1997) *Censura e Ilustración*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- BELLO, E.: (1997) *La aventura de la razón: el pensamiento ilustrado*. Ediciones Akal. Madrid.
- DUCHET, M.: (1984) *Antropología e Historia en el siglo de las luces*. Siglo XXI. México.
- ELENA, A.; ORDÓÑEZ, J. e COLUBI, M. (Comps.): (1998) *Después de Newton: Ciencia y sociedad durante la Primera Revolución Industrial*. Anthropos. Barcelona.
- ENCISO, L.M.: (2001) *La Europa del siglo XVIII*. Ediciones Península. Barcelona.
- FOUCAULT, M.: (2003) *Sobre la Ilustración*. Editorial Tecnos. Madrid.
- HELLER, Á: (1984) *Crítica de la Ilustración*. Ediciones Península. Barcelona.
- IM HOF, U.: (1993) *La Europa de la Ilustración*. Crítica (Grijalbo). Barcelona.
- KANT, I.: (1978) *Crítica de la razón pura*. Alfaguara. Madrid.
- MARCUSE, H.: (1968) *El final de la utopía*. Ariel. Barcelona.
- MOLINA PETT, C.: (1994) *Dialéctica feminista de la Ilustración*. Anthropos. Barcelona.
- PAGDEN, A.: (2002) *La Ilustración y sus enemigos*. Ediciones Península. Barcelona.
- PRIETO, F.: (1990) *Historia de las ideas y de las formas políticas. Edad Moderna. La Ilustración*. Unión Editorial. Madrid.

PULEO, A. H. (Edit.): (1993) *La ilustración. La polémica de los sexos en el siglo XVIII*. Anthropos. Barcelona.

ROUSSEAU, J.J.: (1973) *Emilio o de la educación*. Fontanella. Barcelona.

— (1981) *El contrato social*. Edaf. Madrid.

TASSET, J.L.: (1999) *La Ética y las Pasiones (Una introducción a la Filosofía moral y política de David Hume)*. Universidade da Coruña. A Coruña.

VILLACAÑAS, J.L.: (1988) *La quiebra de la razón ilustrada: idealismo y romanticismo*. Ed. Cincel. Madrid.



Ateneo Ferrolán

O MOVEMENTO ILUSTRADO A ILUSTRACIÓN EN GALICIA

Juan J. Burgoa




Archeo Teorin
Fundado en 1979



JUAN J. BURGOA

Asesor Cultural Fundación Ferrol Metrópoli



Atenco Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.atencoferrolan.org

O MOVEMENTO ILUSTRADO

Dende os derradeiros anos do século XVII ata que chega á súa fin o século XVIII, manifestáronse novas ideas filosóficas, sociais, científicas, políticas e económicas que conformaron o amplo e polivalente movemento cultural que estivo vixente en Europa e parte de América e que foi coñecido co nome de *Ilustración*. Realmente non se realizou un paso radical dende a mentalidade do Antigo Réxime ao movemento ilustrado. Os primeiros sinais desta transición amosáronse cara ó derradeiro terzo do século XVII, coincidindo coa Revolución liberal inglesa, e prolongándose ata as primeiras décadas do século XIX, nas que a Ilustración foi desprazada polas novas ideas espalladas pola Revolución francesa.

A Ilustración, considerado uns dos momentos estelares da humanidade, foi sen embargo un acontecemento complexo e de trazos contradictorios, unitario mais non uniforme, que aínda hoxe é obxecto de estudo e polémica. A súa defensa e uso da razón como privilexiado instrumento para que os homes acadasen o coñecemento, a liberdade e a felicidade, procedía da filosofía racionalista e do método empirista de pensadores do século XVII, tales como Newton, Descartes, Locke ou Bacon, apostando pola liberdade, a tolerancia, a crítica e o método científico fronte ó dogmatismo, a superstición e os rixidos conceptos que caracterizaban á anterior sociedade feudal.

*¡Sapere aude! ¡Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!,
velaquí o lema da Ilustración.*

Enmanuel Kant, 1784.

Erróian
tempo para a cultura
nado en 1879
ilustración 202-2011, fernand
@encuentromedia.org

O movemento ilustrado pretendeu iluminar a sociedade coas luces da razón. A súa mensaxe significou un progresivo cambio da sociedade anterior, e de aí os nomes de *Século das Luces* e *Iluminismo*. Aínda que na súa acción moitas veces apareceron modalidades do pensamento ilustrado que amosaban residuos de épocas anteriores, como é o caso do despotismo ilustrado, que simplemente trataba de adecuar as formas do Antigo Réxime dende o poder establecido, foi no seu aspecto práctico onde os ilustrados acadaron os maiores logros coas súas propostas concretas para reformar a sociedade, incrementar o benestar material e acadar a felicidade do individuo.

OS ILUSTRADOS

As novas ideas reformistas e os cambios que tiveron lugar foron obra dos ilustrados, unha escollida minoría de persoas que buscaban tanto mellora-lo nivel material e cultural dos homes como a prosperidade do seu país, promovendo a reforma da economía e propagando as ciencias útiles e as artes aplicadas. Este labor foi desenvolvido loitando contra unha multitude de atrancos, procedentes tanto da ignorancia popular e da rutina das crenzas e costumes establecidos, como da oposición das clases dirixentes, en especial dos altos estamentos do clero e da nobreza. Dentro das diferenzas existentes nos reinos da época, houbo unha certa conxunción entre os pensadores ilustrados e as monarquías absolutas de xeito tal que, en liñas xerais, os reis europeos se apoiaron nos personaxes ilustrados do seu contorno para a realización das necesarias reformas.

Non pode se afirmar que os ilustrados estivesen identificados estrictamente cunha determinada clase social. Aínda que as novas ideas reformistas foron desenvolvidas polos diferentes grupos da sociedade, as clases populares estiveron practicamente ausentes neste proceso, polo seu escaso nivel de coñecementos e porque non viron nel a solución ós seus problemas inmediatos. Fixérono con maior intensidade as capas sociais máis altas, en especial unha escollida minoría de persoas, procedentes das academias do Exército e da Armada, do alto funcionariado, da emerxente burguesía, do comercio e das profesións liberais, en contra de certos grupos conservadores e tradicionalistas, pertencentes a meirande parte ó clero e á nobreza, que representaban os intereses do antigo réxime.

Os ilustrados servíronse da inestimable axuda da publicación de numerosos libros para a difusión do seu pensamento. Neste aspecto cómpre subliña-la importancia da monumental obra da *Enciclopedia*, a grande empresa do Século das Luces, dirixida por Diderot e D'Alambert e publicada a partires do ano 1751 coa colaboración

doutros moitos autores, nacendo como un resumo dos coñecementos humanos do seu tempo, á vez que foi unha arma polémica que presentaba as posicións e ideas da Ilustración cara ós seus opoñentes. Xunto coa obra doutros pensadores, tratouse dun importante medio de transmisión do pensamento ilustrado, acadando unha importante difusión e resonancia ó longo de toda Europa.

O SEU PROGRAMA E A SÚA REALIZACIÓN PRÁCTICA

Convencidos da necesidade do impulso da industria, do comercio e das actividades pesqueiras e agropecuarias para mellora-las condicións de vida, o programa da Ilustración pódese sintetizar en catro puntos esenciais:

1. Utilización da razón científica e aceptación dos seus resultados para cambia-la realidade.
2. Interese pola cultura e a educación, así como loita contra a superstición e os prexuízos, en especial os que causan a opresión e a inxustiza.
3. Exame crítico de tódalas crenzas básicas, admitindo a pluralidade de ideas.
4. Interese polas obras que leven á reforma económica e social, como medio de acadar-la prosperidade e a felicidade.

Dentro deste programa exerceron un papel esencial as viaxes de científicos e de antropólogos, ó proporciona-la razón un medio fundamental de coñecemento directo da realidade, e unha emerxente imprenta, que serviu como medio de propagación das ideas ilustradas. Mentres tanto a educación foi considerada como un servizo esencial e fomentouse a investigación científica e as diferentes manifestacións artísticas.

Coa Ilustración acadouse non só un crecemento do mundo cultural e das ideas, senón tamén un progreso material en tódalas ordes, que se realizou de xeito práctico en especial a través de catro apartados:

1. No terreo agrario, un progreso dos métodos utilizados e un incremento da produción coa mellora de vida dos homes do campo e a posibilidade de alimentación para unha maior poboación.
2. Unha conxuntura favorable que beneficia a tódolos sectores, con especial incremento da pequena produción industrial, moitas veces derivada da produción agro-gandeira e pesqueira, e da artesanía.
3. Crecemento das cidades e dos portos, coa aplicación do racionalismo, o clasicismo e o concepto de utilidade aplicado ó urbanismo e á ordenación do territorio.
4. Promoción dos comerciantes e dos armadores, dentro do desenvolvemento das comunicacións e dunha propugnada liberdade económica.

CIENCIA, TÉCNICA E ECONOMÍA

O fomento do modelo científico, do racionalismo e da función utilitaria foi unha constante no traballo dos reformadores ilustrados, convencidos da súa necesidade para o impulso e o desenvolvemento das forzas armadas, as comunicacións, a industria, a minería, o comercio e a navegación. Desa forma estimularon o estudo da xeografía, as ciencias naturais, a cartografía e a astronomía. Do mesmo xeito insistiron na mellora e racionalización das actividades agropecuarias e pesqueiras, así como no fomento da industria do tecido e do curtido, da produción artesanal e das artes decorativas.




Fig. 1. Portada do primeiro tomo da Enciclopedia.

Dende o punto de vista económico, o movemento da Ilustración impulsou as ideas fisiócratas, que propugnaban a liberdade económica e o principio de que a natureza e a terra son a base fundamental da riqueza, fronte ó anterior pensamento mercantilista que se baseaba na primacía da industria e do comercio.

A consecuencia disto foi unha política agraria máis progresista, que levou a certa modernización da sociedade rural e ó aumento da produción agrícola, incorporando terras non explotadas antes, introducindo novos cultivos e impulsando as obras de regadío. Este aumento da produción agrícola veuse así mesmo acompañado dunha maior actividade gandeira, así como do fomento da pesca.

AS CORRENTES ARTÍSTICAS

De acordo co pensamento ilustrado manifestáronse unha serie de valores artísticos e estéticos vencellados á utilidade, feito que foi potenciado nas súas diversas facetas. A arquitectura e o urbanismo foron a manifestación estética da Ilustración dentro dos ideais do clasicismo. Nesa mesma liña, a literatura, o teatro, a historia, a música e as artes plásticas tiveron un amplo desenvolvemento e foron fomentadas mediante a creación das diferentes academias e outras institucións.

Na arte, na literatura e na música deste período, a idea da importancia da razón e da percepción racional da realidade, contribuíu a relegala paixón e a excesiva ornamentación do barroco a prol dunha racionalidade exemplificada na arte antiga grega e romana. Por iso, neste período, as manifestacións das ideas da Ilustración na arte en tódalas súas formas identificábanse cun novo estilo, o neoclasicismo. Esta nova estética reflíctese nunha arquitectura que tende á composición racional, á proporción, á simetría e á sinxeleza de liñas fronte á exuberante desorde decorativa do barroco.

Na literatura do século XVIII predomina o clasicismo, e isto se pode considerar tanto unha reacción ás rebuscadas complexidades estilísticas do barroco como un reflexo do racionalismo da época. A literatura do século das luces é esencialmente unha literatura de ideas, caracterizada polo seu afán didáctico e a súa claridade de estilo. Ademais da predominante prosa costumista e de intención crítica, cultivábase o ensaio, mentres a poesía pon en valor as formas clásicas, e o teatro caracterízase pola súa intención moral.

A arte pictórica é un dos expoñentes que mellor reflicten a complexidade cultural do século XVIII, dentro do carácter unitario da Ilustración. Así, a pintura francesa de influencia cortesana e aristocrática de Watteau e Fragonard convive coa pintura decorativa de Tiépolo, coa pintura autóctona e de carácter propio dos artistas ingleses, co xenio de Goya ou, incluso, con certas formas de manierismo e tenebrismo. Non embargante, na segunda metade do século XVIII, a tendencia xeral foi levando, de xeito claro, os conceptos estéticos do barroco ata un neoclasicismo desenvolto baixo a imitación da antigüidade.

O século XVIII contemplou un gran movemento urbanizador no máis amplo sentido do termo. O urbanismo de moitas cidades desta época rexistrou a confrontación entre a tradición e a innovación, entre un barroco decadente e un clasicismo emerxente. Dende a segunda metade do século XVIII impúxose a teoría de construír cidades ideais inspiradas pola racionalidade e a funcionalidade, creándose novas urbes e barrios con diversas finalidades. Poboacións tan diferentes como as cidades cortesanas de La Granja, Richelieu e Karlsruhe, as urbes de Edimburgo, Nancy, San Petersburgo e Lisboa, a poboación pesqueira de Vilarreal de San Antonio, a vila de repoboación de La Carolina ou os portos navais de Rochefort, Plymouth e o propio Ferrol, amosan nos seus barrios e construcións do dezaioito un deseño harmónico e un racional urbanismo, dentro dunha estudada ordenación do territorio.

AS INSTITUCIÓNS CULTURAIS E A EDUCACIÓN

O pensamento ilustrado orixinou a creación de numerosas institucións políticas, culturais e sociais, estimuladas pola Administración. Ó longo de Europa fundáronse escolas especiais de dereito, náutica, matemáticas e economía, academias militares e de enxeñería do Exército e da Armada. Do mesmo xeito, nesta época creáronse ou potenciáronse as academias da Lingua, Historia, Ciencias Naturais, Medicina e Belas Artes. Fomentouse a formación de xardíns botánicos, observatorios astronómicos e laboratorios de ciencias aplicadas. Tamén sociedades de pensamento, amigos do país e incluso sociedades secretas como a masonería contribuíron á difusión deste movemento cultural.

Aínda existindo diferentes criterios sobre a profundidade e a extensión da educación, traballouse no sentido de conseguir a súa xeneralización. Se ben os ilustrados máis radicais defendían a educación xeral, obligatoria e gratuita, na práctica moitas escolas e academias dependían da Igrexa ou de particulares. Por outra banda, a maior actividade da imprenta e o desenvolvemento da prensa periódica permitiron un aumento de formación de bibliotecas fomentadas polos propios ilustrados.

O LEGADO DA ILUSTRACIÓN

O século XVIII deixou en herdanza un movemento cultural e ideolóxico que vertebrou o desenvolvemento político, social e cultural de occidente. A Ilustración tivo como importante consecuencia afirma-la crenza xeralizada na necesidade do progreso humano, deixando un legado perdurable nos seguintes séculos, mentres marcou unha etapa clave no crecemento do secularismo da sociedade, conseguiu certa unidade de pensamento, con variados matices, en toda Europa, e serviu como modelo para o liberalismo político e económico xurdido a partir do s. XIX. Trátase dun recoñecido legado cultural e ideolóxico que, xunto con outros




Fig. 2. Retrato do Padre Feijoo.
(Arquivo Municipal da Coruña)

acontecementos como o cristianismo, o Camiño de Santiago ou a Revolución francesa, deixou a súa pegada en Europa, de xeito tal que ven a reflectirse na construción da actual Comunidade Europea.

A ILUSTRACION ESPAÑOLA

A Ilustración en España, pese ó estímulo de reis como Fernando VI e Carlos III, o traballo de ministros como o conde de Aranda, Campomanes ou o marqués de la Ensenada e o labor intelectual de sobranceiros pensadores como o padre Feijoo, Jovellanos, Marchena ou Mayáns, tivo un tono menor ó compara-la coa súa homónima europea de Francia, Inglaterra ou Alemaña. Isto debeuse á forza que tiña a filosofía escolástica, á obsolescencia da Universidade, á oposición dunha nobreza e un clero aferrados ós seus privilexios seculares e á falla dunha puxante burguesía.

Aínda que o reformismo borbónico, a chegada de viaxeiros ilustrados e un certo crecemento económico facilitaron a influencia do pensamento europeo e o desenvolvemento do racionalismo ilustrado, foron numerosos os atrancos que atoparon nunha sociedade ancorada no antigo réxime e onde institucións como o Tribunal do Santo Oficio aínda exercían o seu labor. Deuse o paradoxo de que moitos pensadores da Ilustración española e galega, coñecendo a contradición entre as ideas ilustradas e o absolutismo da vixente monarquía, seguiron a traballar nesa dirección ó considerar que a necesaria modernización do país só se podía facer baixo o poder moderador da Coroa.

A Ilustración española, con caracteres propios, pódese considerar máis gobernamental e oficial, aínda que con menos raiceira na sociedade e no pensamento que a do resto da Europa occidental. Os reis que en verdade estimularon o movemento ilustrado foron Fernando VI e Carlos III, máis que nada polo seu acerto de propugnar unha política de paz (ou mellor, de neutralidade armada), de renovación técnica e de fomento da economía, e pola boa elección dos seus ministros e cola-

boradores. En xeral, a monarquía borbónica trouxo consigo o reforzamento da uniformidade, incluíndo o idioma, e o centralismo, que se plasmou en disposicións legais como o *Decreto de Nueva Planta* do ano 1710, aínda que, por outra banda, mellorou a xestión da administración local.

Dun xeito semellante ó que, en liñas xerais, ocorreu en Europa, mentres a Universidade e a Igrexa como institucións estiveron practicamente ausentes da renovación que significou o movemento ilustrado, especialmente nos seus inicios, foron as diferentes escolas militares e navais, as academias oficiais como as de Belas Artes, Lingua ou Historia, fundadas nese intre, e unha serie de institucións como os Reais Consulados ou as sociedades económicas de Amigos do País, as que levaron o temón desta reforma. No contexto do regalismo e do control da Igrexa polos reis borbónicos, débese situa-la controvertida expulsión dos xesuítas de España e as súas colonias no ano 1767.

A ILUSTRACIÓN GALEGA

A Ilustración galega seguiu os pasos do movemento ilustrado en España, aínda que buscou un acento propio en Galicia. Dentro dunha sociedade cun baixo nivel de coñecementos e que tiña grandes contrastes entre a opulencia duns poucos e unha evidente pobreza das clases populares, o traballo esforzado e a indubidable limitación práctica da que fixeron gala unha abondosa nómina de ilustrados galegos só alcanzou uns modestos logros.

O escenario do traballo dos ilustrados en Galicia non foi doado. Foron anos dunha insuficiente produción e de fame, con empeoramento das condicións de vida, rexistrándose unha crecente demografía e un aumento da emigración, tanto a Castela e Portugal como a Ultramar. A terra apenas pertencía a quen a traballaba: o labrego tiña que pagar uns foros que non lle permitían case subsistir. Sen embargo, semella espertala conciencia social galega e nunha terra cun alto índice de analfabetismo, especialmente no medio

rural, mellorouse a calidade das colleitas e a cantidade de terreo cultivado e logrouse un tímido intento de industrialización, que empezou a configurar unha incipiente burguesía, coa presenza dos cataláns na pesca e dos maragatos no comercio.

Pódense concretar en seis os principais apartados nos que os ilustrados galegos exerceron o seu traballo, propondo diferentes solucións:

1. Reforma agraria con liquidación das antigas formas de servidume da terra e mellora das actividades agrogandeiras.
2. Fomento industrial, especialmente baseado na riqueza propia da terra, e potenciación da produción artesanal.

3. Ordenación do sector pesqueiro, racional explotación dos recursos e defensa dos seus intereses.

4. Ampliación das actividades comerciais, fomentando a produción propia e defendendo a liberdade de comercio.

5. Preocupación pola mellora das comunicacións marítimas e das redes viarias interiores e co exterior de Galicia.

6. Posta en marcha dunha reforma social e administrativa, que inclúe a eficacia dos procedementos e o emprego de persoas axeitadas nos postos de traballo.




Fig. 3. Mapa do Reino de Galicia coa súa división provincial, 1787. (Arquivo do Reino de Galicia).

Habería que engadi-la renovación dos coñecementos e a potenciación da educación, especialmente das clases populares, como medio para acadar-la mellora individual e a prosperidade colectiva. Neste senso cómpre tamén sinalalo traballo das diferentes sociedades dese tempo: Real Consulado da Coruña, Sociedade Económica de Amigos do País (en Santiago e Lugo) ou a Academia de Agricultura do Reino de Galicia, que promoveron a rexeneración e o desenvolvemento de Galicia, dando un pulo ós estudos económicos e abrindo aulas para o ensino das ciencias útiles e de novas formas de cultivo.

Os ilustrados galegos amosaron unha serie de características comúns, como o feito de se daren conta da necesidade da educación, de se esforzaren na mellora das condicións de vida e traballo dos cidadáns, especialmente do campo e da mar, polos seus constantes alegatos en denuncia do atraso económico ou o seu labor na defensa dos intereses de Galicia. Diversos autores trataron de facer diferentes clasificacións entre os integrantes do variado elenco dos nosos ilustrados, dividíndoos entre maiores e menores, entre simplemente reformistas e abolicionistas ou avanzados, entre pragmáticos e teóricos, e incluso considerando a presenza de diferentes xeracións no tempo da Ilustración.

O certo é que os ilustrados galegos se distinguiron pola súa moderación e non fixeron unha crítica aberta ás estruturas sociais e políticas vixentes na época, aínda que denunciaron os abusos e privilexios dos nobres e dos eclesiásticos. A maioría deles procedía da fidalguía ou dos estamentos máis acomodados da sociedade, incluso algún deles procedía da nobreza, como foi o caso de Cornide Saavedra ou do ferrolán Caamaño y Pardo, conde de Maceda. Como caso contrario pódese cita-lo tamén ferrolán Lucas Labrada, de humilde orixe, que levou unha vida chea de penurias económicas.

Do mesmo xeito que en Europa e no resto de España, o estamento eclesiástico galego tivo un grao de colaboración variable con este move-




Fig. 4. As fábricas de Sargadelos.
(Museo de Sargadelos)




Fig. 5. Vendedoras de sardiñas no porto de Ferrol.
(Manuel Alcázar)

mento, sendo, en xeral, os altos cargos pouco proclives ó mesmo. Non embargante, dentro da corrente ilustrada galega houbo sobranceiros personaxes pertencentes á Igrexa, como foi o caso dos padres beneditinos Feijóo e Sarmiento, verdadeiros precursores do movemento e conciencias críticas da sociedade do seu tempo; Diego Cernadas, coñecido como O Cura de Fruime, literato e cultivador da lingua galega; o coengo Pedro Antonio Sánchez, defensor da agricultura e da industria popular; o padre Juan Sobreira, estudoso e lexicógrafo da nosa lingua; frei Felipe Colmenero, abade beneditino dos mosteiros de San Martiño de Xuvia e de Vilanova de Lourenzá, estudoso da historia; e o crego ferrolán Fernández Varela, xeneroso mecenas, home de gran cultura e elocuente orador sacro.

A expulsión dos xesuítas representou un feito polémico que amosa as contradicións da Ilustración. Aínda que a *Compañía de Jesús* desenvolveu un importante traballo educativo nos seis colexios que tivo en Galicia, a decisión marcadamente regalista de Carlos III de estrañalos ós Estados Pontificios no ano 1767 mereceu o silencio dos ilustrados e a compracencia, cando non o aplauso, da Igrexa oficial galega.

Aínda que os ilustrados galegos desenvolveron notables traballos en diferentes campos do saber, foi no terreo da economía e das aplicacións prácticas onde obtiveron os maiores logros, sendo a primeira vez na historia de Galicia que un movemento cultural se interesou de maneira total polos problemas do país, proponendo solucións para supera-los atrancos.

A LINGUA GALEGA NA ILUSTRACIÓN

Se ben o século XVIII supón un cambio cualitativo no senso de crear unha conciencia de seu de Galicia, non vai traer un cambio no silencio literario que se viña a dar dende os chamados séculos escuros. Máis que a achega dunha obra escrita en galego, deuse un labor de reflexión e de certa

preocupación por parte dun grupo de intelectuais e eruditos a prol da lingua galega, negando a súa condición pretendida de dialecto do castelán.

Nesta actitude e labor sobrancean unha serie de nomes, na súa maioría do estamento eclesiástico:

- O padre Feijoo que defende, na lingua castelá, a dignidade do galego.

- Os seus irmáns Anselmo e Plácido, que escribiron varias poesías na lingua galega.

- O padre Sarmiento, incansable investigador na pescuda do galego, autor dunha extensa obra sobre lingüística, etimoloxía, historia, ciencias naturais, sempre reivindicando a lingua galega.

- O padre Sobreira, estudioso do idioma e doutros campos de coñecemento da realidade galega.

- Diego de Cernadas, coñecido como O Cura de Fruime, autor dunha longa obra en prosa e en verso, na que defende Galicia fronte aos ataques que recibía de fóra.

- Xosé Cornide que, ademais do seus traballos económicos e científicos, escribiu varios poemas e estudos sobre a lingua galega.

AS CIDADES GALEGAS

Na Galicia da época da Ilustración deuse un claro predominio do mundo rural fronte a unha poboación urbana minoritaria. A mediados do século XVIII en Galicia, dunha poboación de 1.350.000 habitantes, só preto dun 5% deles vivía en núcleos agrupados de máis de 300 vivendas, sendo normalmente as cidades e vilas galegas desa época de pequeno tamaño, rodeadas de murallas e dotadas dunhas rúas estreitas e desordenadas onde se levantaban casas que tiñan un ou dous andares.

No ámbito rural, cunha distribución da poboación moi espallada polo territorio, amósase un complexo sistema, de orixe feudal, baseado nunha dualidade de dereitos: no señorío territorial da propiedade da terra e no señorío xurisdiccional sobre as persoas que viven nesa terra, predominando, dentro dunha gran fragmentación ao longo de todo o territorio galego, a xurisdicción eclesiástica (sexa dos mosteiros ou dos bispados) sobre o señorío de reguengo e a da nobreza, sendo case inapreciable o señorío das ordes militares.

No que se refire ás cidades, soamente dúas delas, as da Coruña e Ferrol, amosan características definidas da época da Ilustración, mentres outras como Santiago constitúen un singular exemplo da composición barroca. A Coruña medrou cun crecemento sostido baseado no incremento das actividades marítimas e comerciais do seu porto civil, favorecido polo establecemento dunha emerxente burguesía. Ferrol, creada de nova planta polo rei Fernando VI, representou o caso singular dunha cidade racional que recibiu un

gran pulo coa chegada dunha abondosa poboación de aluvión por mor do seu nomeamento de capital do Departamento Marítimo do Norte e da creación do maior arsenal naval da súa época. Deste xeito convertiuse na meirande cidade galega a finais do século XVIII, contando con case 25.000 habitantes segundo o censo de Florida-blanca do ano 1787.

Deste xeito deuse orixe a unha urbe que non só foi un sobranceiro e harmónico conxunto dos barrios de Esteiro e da Magdalena, do arsenal militar e das fortificacións da ría, esquema singular entre os do seu tempo onde os enxeñeiros compiten de xeito exemplar cos arquitectos, senón que tamén foi a cidade galega que edificou o primeiro templo de categoría que introduciu o clasicismo en Galicia, que dispuxo da primeira Alameda pública para o paseo e o lecer dos cidadáns e construíu o primeiro cemiterio hixienista galego que trouxo a Ilustración. Todo o devandito deu orixe a un destacado patrimonio cultural que neste caderno se vai a estudar dun xeito multidisciplinar.



O NACEMENTO DUNHA CIDADE:
O FERROL
DO DEZAOTO

Alfredo Martín García



Museo Ferrolán
C/ San Xosé, 10 - 15101 Ferrol (A Coruña)
Fundado en 1879
C/ San Xosé, 10 - 15101 Ferrol (A Coruña)
Tel: 981 51 11 11



ALFREDO MARTÍN GARCÍA
Doutor en Historia.
Profesor da Universidade de León



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura.
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol.
www.ateneoferrolan.org


AS TRANSFORMACIÓNS DEMOGRÁFICAS NO FERROL DA ILUSTRACIÓN

Se houbo un século que marcou o devir histórico de Ferrol, ese foi o XVIII. Na década de 1750 a Coroa decidiu converte-lo seu porto nunha das principais bases da Armada Real, así como no centro de construción naval de tódolos seus dominios. Esta decisión política foi o motor dunha serie de cambios tan espectaculares que converte a Ferrol nunha *rara avis* dentro do panorama urbano non só galego, senón incluso europeo. A análise evolutiva da poboación ferrolá amósanos con meridiana claridade as verdadeiras dimensións daquela decisión real. O crecemento demográfico da vila quedou fielmente plasmado tanto nas fontes censuais e padronais coma no propio rexistros parroquiais (gráficos 1 e 2).

Desde finais do século XVI até ben entrado o XVIII Ferrol estivo sumido nun longo proceso de decadencia propiciado pola crise do sector pesqueiro, así como polo negativo impacto que supuxo a utilización do seu porto como base de embarque e reposo das diferentes armadas dos Austrias. O de mediados do século XVIII foi, por iso, un cambio brusco que comezou na década de 1750 e que mantivo o importante ritmo de crecemento até a de 1790. Este proceso levouno a se converter, polo menos desde 1787, no principal centro urbano de todo o reino de Galicia, moi por encima de, por exemplo, Santiago ou A Coruña. A

partir desas datas e, sobre todo, tralo declive da Armada Real nas guerras napoleónicas, a vila entrou nun proceso de franca decadencia, da que non se recuperou até as décadas centrais do século XIX. De novo, neste caso foi unha decisión meramente política –o plan naval do marqués de Molíns– o motor da recuperación e o crecemento demográfico. De todos xeitos, e a pesar de se ter entrado nunha nova dinámica positiva, en 1860 aínda non se alcanzaran os niveis de 1787 en canto ó número de habitantes.

Indudablemente, a principal causa dun aumento poboacional tan destacado foi o denso fluxo




migratorio que alimentou á real vila durante toda a segunda metade do século XVIII e que continuou, aínda que con menor intensidade, durante a primeira metade do XIX. Ferrol convertírase nun foco de atracción moi destacado no panorama galego, ó precisar imperiosamente a Armada brazos para as reais obras, así como por ofrecer unha cidade de novo cuño como ésta, interesantes expectativas económicas a infinidade de xentes ávidas de mellora-la súa situación económica. Pero no caso de Ferrol non se produciu só este tipo de mobilidade, por así decilo, máis tradicional. Tamén chegaron a Ferrol importantes remesas de individuos que, de maneira menos voluntaria, traballaron durante algún tempo e incluso chegaron a instalarse definitivamente na sede dos arsenais. Pensemos nos militares ou nas levas honradas e de maleantes.

Podemos coñecer-las principais características do proceso inmigratorio ferrolán a través do manexo dun importante abano de fontes: libros de casados e bautizados, expedientes matrimoniais, padróns de estranxeiros ou documentación procedente da administración da Mariña. Todas coinciden en sinala-la maior forza do proceso durante a segunda metade do s. XVIII. Nesa etapa, Ferrol convertiuse, sen dúbida, no principal foco de atracción de inmigrantes no panorama urbano galego do momento, acadando incluso en determinadas datas porcentaxes de forasteiros nas súas partidas de bautizados ou matrimonios superiores ás observadas na mesma época en cidades tan dinámicas como Cartaxena ou o propio Madrid. Esta superioridade porcentual partía da base das escasas dimensións do poboamento primitivo ferrolán, que facía máis necesaria que en ningún outro lugar a contribución migratoria. A finais do s. XVIII a forza do proceso comezou a se ralentizar, reducíndose de forma evidente durante as catro primeiras décadas do XIX, etapa depresiva na historia da evolución demográfica ferrolá, como xa sinalamos. Na década de 1850 o fluxo migratorio departamental viviu unha segunda etapa de crecemento, iso si, moito máis discreta que a dezaoitescas.

En canto ás procedencias territoriais, tódalas fontes apuntan cara á importancia da colectividade galega na visión xeral do conxunto do proceso. Este predominio era aínda máis importante no sector feminino. A información achegada polas fontes parroquiais permítenos concretar de maneira bastante nítida o que poderíamos chamar pulmón demográfico ferrolán. Nel estarían integrados os municipios da comarca ferrolá, así como os do norte da actual provincia da Coruña. Cara ó sur, a zona de influencia departamental dividiase en dous brazos, un que incluía a tódolos municipios integrantes do Golfo Ártabro ata A Coruña e outro que se internaba cara ó interior galego a partir dos concellos de Monfero e As Pontes, e que chegaba ata o de Lugo. Fóra deste ámbito temos tamén que salienta-la achega do actual municipio de Santiago de Compostela que, como outros núcleos urbanos da Galicia do momento –A Coruña ou o propio Lugo–, erixiuse como trampolín cara a Ferrol, nun claro exemplo de migración escalonada. De todos modos foi a Galicia rural a que levou maioritariamente o peso do proceso. Ese pulmón demográfico, por suposto, sufriu variacións ó longo do período. Os cambios máis destacados producíronse na primeira metade do século XIX, no que o espazo de influencia se reduciu considerablemente, limitándose na práctica á comarca ferrolá e algunha que outra zona máis ou menos próxima, como é o caso do condado de Santa Marta.

Os inmigrantes procedentes doutras rexións españolas eran unha colectividade que foi de máis a menos ó longo do proceso. De entre eles temos que salienta-los asturianos, gaditanos e leoneses. Tras deles, os oriúdos das provincias de Barcelona, Murcia ou Santander. No caso das mulleres, só a achega asturiana tiña certa relevancia. Os estranxeiros, pola súa banda, posuían un peso cuantitativo moi pouco importante. Igual que os procedentes doutros puntos de España, a súa presenza era máis relevante a comezos do proceso, reducíndose a partir de aí ata porcentaxes pouco significativas. Sen embargo, o papel desenvolvido

Gráfico 1: Evolución del vecindario de la villa de Ferrol (1571-1857)



por esta colectividade nalgúns sectores económicos foi clave. A francesa era a principal colectividade estranxeira ó longo do século XVIII, sen embargo, a finais da centuria foi perdendo forza en favor doutras como a italiana e a portuguesa. Outra colectividade importante –non en número, pero si no tocante ás peculiares características dos seus desprazamentos– foi a británica, que chegou a Ferrol mediante contratos secretos coa Coroa para ocupar postos de especial relevancia no organigrama da súa mestranza.

O baleirado e estudo dos expedientes matrimoniais axúdanos a coñecer mellor as características internas deste importante fluxo migratorio. De todos modos, nunca debemos esquecer que a visión a partir desa fonte adoece dunha innegable parcialidade que, sen embargo, non pode ser resolta co uso doutra alternativa. Segundo a información achegada polos expedientes, podemos dividi-las chegadas a Ferrol en dúas vías: unha xeográfica, a máis tradicional, e outra de carácter profesional que estaba vencellada ós empregos castrenses. Esta segunda vía de chegada é propia das cidades que, como a ferrolá, estaban intimamente relacionadas co mundo militar. A súa incidencia explica o intenso fluxo migratorio durante a segunda metade do século XVIII, e incluso o seu mantemento nos momentos de profunda depresión económica. De igual xeito, os expedientes amósannos tódolos tipos de desprazamentos cara a Ferrol que se produciron durante esa etapa. Así, podemos constata-la enorme complexidade dun proceso destas dimensións: atopamos numerosos exemplos de desprazamentos de carácter familiar, pero tamén un maior número de movementos individuais, nos que desempeñaban ás veces un papel esencial as cadeas migratorias. No caso de mulleres e nenos, a existencia en Ferrol dun fogar de acollida, rexentado por un familiar ou un veciño, era un elemento esencial para da-lo salto desde o lugar de orixe.

O estudo da mobilidade en Ferrol non se pode limitar exclusivamente á análise do movemento inmigratorio cara á cidade. Tamén debe-

mos salienta-la importancia dos desprazamentos cara ó exterior, que no caso de Ferrol estaban estreitamente ligados á Armada Real. Boa parte da poboación ferrolá do XVIII estaba vencellada á Mariña, polo que nalgún momento da súa vida se viu obrigada a se embarcar para servir ós intereses da Coroa. Ás veces a causa do desprazamento era un novo destino na carreira castrense –Cádiz, Cartaxena, A Habana, etc.–, e ás veces unha determinada campaña militar. No caso de Ferrol, a consulta de fontes directas –como os libros de defuntos da flota ou as listaxes de tripulación– amósano-la importante incidencia das guerras de fin de século na mobilidade da poboación ferrolá. Tamén a crise de Ferrol durante as primeiras décadas do século XIX produciu un movemento migratorio de saída de importantes dimensións.


O último tipo de mobilidade que se produciu no Ferrol do XVIII é a que denominamos mobilidade *forzada*. Dentro dela incluímos, en primeiro lugar, as chamadas *levas honradas* e as *levas de vagos e maleantes*. Ámbalas dúas foron realizadas pola Coroa no seu afán de abastece-las instalacións ferrolás da tan necesaria man de obra. As primeiras tiveron o seu punto máis alto durante o segundo tercio do século XVIII, afectando tanto a Galicia como a boa parte da cornisa cantábrica, en especial ás provincias vascas, zona de importante tradición na construción naval. As segundas desenvolvéronse durante toda a segunda metade do século XVIII e incluso as primeiras décadas do XIX. Os seus integrantes desempeñaban nos arsenais os traballos menos recoñecidos, sufrindo unhas condicións de vida deplorables. Xunto a estas levas temos que encadrar dentro dos desprazamentos forzados á poboación militar, entendendo por esta a todos aqueles individuos non veciños de Ferrol que prestaban alí o servizo das armas. A finais do século XVIII observamos dentro dos quintos e os matriculados a importancia dos procedentes de fóra de Galicia, en especial dos casteláns, leoneses e andaluces.

Ferrol é un caso atípico, pero non exclusivamente polas dimensións do seu fluxo migratorio,

tamén outros compoñentes demográficos amosan uns trazos pouco comúns no contexto non só galego, senón incluso europeo. Podemos comprobalas especiais características da poboación ferrolá en 1787, no tocante á súa estrutura por idade, sexo e estado. Como consecuencia da importante influencia dos movementos migratorios, era unha poboación marcadamente desnivelada a favor do sexo masculino, marcadamente nova e con importantes porcentaxes de solteiría nese sexo, debido á estreitura do mercado matrimonial. No tocante ó tamaño do grupo doméstico, lamentablemente carecemos dunha fonte fiable para o conxunto da poboación na segunda metade do século XVIII, momento no que se produciron na

vila as principais transformacións. O Ferrol semiurbano mantiña unhas características similares ás observadas para boa parte das vilas mariñeiras do Cantábrico, cun tamaño medio do fogar de 3,7 individuos. Esta media subiu até 3,9 a mediados do século XIX. O estudo da mortalidade ferrolá maniféstanos as características propias dun centro urbano do antigo réxime. As fontes non son, de todos modos, dunha grande calidade para realizar afirmacións categóricas a ese respecto. Albiscamos claramente ó longo da evolución demográfica do Ferrol do XVIII un momento de crise importante: o ano 1769. Causouna un episodio epidémico agudizado polas dificultades do abastecemento de gran na cidade. No tocante á

Gráfico 2: Evolución del número de bautizados en la villa de Ferrol (1614-1860)



nupcialidade, o estudo da idade de acceso ó matrimonio na segunda metade do século XVIII amósanos claramente as diferencias de Ferrol tanto co campo galego como con outras cidades como, por exemplo, Santiago de Compostela. No caso de Ferrol obsérvase un importante retraso dos homes na idade matrimonial, mentres que nas mulleres adiántase. Estas características eran pouco frecuentes en Galicia e son consecuencia da influencia da inmigración. Esta mesma influencia é a que explica que, durante a segunda metade do século XVIII, non fosen os viúvos senón as viúvas quen protagonizaban as segundas nupcias: a escaseza de mulleres no mercado matrimonial esixíao así. Por último, na análise da natalidade, podemos comprobar cómo as porcentaxes de ilexitimidade aumentaron de maneira importante unha vez que Ferrol se convertiu en centro urbano. Así mesmo, o número de fillos naturais e, sobre todo, de expósitos, creceu no conxunto xeral dos nacementos na derradeira década do século XVIII, mantendo a este respecto un comportamento similar ó que aconteceu en Galicia e en boa parte da España do momento.

UNHA NOVA SOCIEDADE

A nova orientación económica que tomou a vila ferrolá na segunda metade do século XVIII trouxo consigo unha profunda transformación na súa estrutura social. O Ferrol dos séculos XVI, XVII e comezos do XVIII era unha pequena localidade dedicada á pesca, cun sector agropecuario que, en xeral non pasaba dos límites da subsistencia. A partir da década de 1730 comezáronse a albiscar certos cambios. En primeiro lugar, a elección da Graña como apostadoiro real convertiu a Ferrol nun importante soporte para unha poboación que non se podía albergar nunha vila tan pequena como aquela. Isto supuxo que Ferrol actuase en certa medida como barrio residencial da Graña, e como o seu principal mercado. A consecuencia foi o fortalecemento do artesanado e a perda da

influencia dos sectores primarios. Pero a partir da década de 1750 este panorama variou de maneira moi importante. A conversión de Ferrol nun centro urbano con entidade supuxo a transformación da agricultura e a pesca en sectores marxinais dentro da estrutura socioeconómica, en beneficio doutros como o artesanado e, sobre todo, os empregos ligados á Armada. En 1797, arredor do 60% dos veciños de Ferrol dependían das reais arcas para sobrevivir. Esta excesiva subordinación ó diñeiro do Estado foi a principal causa do declive da localidade ó longo das catro primeiras décadas do século XIX. Durante esta etapa depresiva a porcentaxe de veciños que traballaban ou servían na Armada descendeu considerablemente, aínda que este continuou a ser un sector importante na estrutura da vila. O rexurdimento naval da década de 1850 trouxo unha certa recuperación do sector, aínda que en ningún momento chegou a te-las dimensións e a importancia das que gozara a finais do séc. XVIII.

O novo Ferrol trae consigo novas categorías socioeconómicas. Hai que salienta-la importante diversidade de ocupacións e prestixio social do sector castrense. Pouco ou nada tiña que ve-la oficialidade da Armada cos membros da peonaxe que traballaba nas instalacións reais. Os primeiros formaban parte das elites da sociedade ferrolá, cunha alta consideración social, unha acusada endogamia e un peso importante do servizo doméstico nos seus fogares. Os segundos eran na práctica xornaleiros, cunha posición moi discreta, tanto na sociedade como no organigrama da Armada. Entrámbolos extremos atopábanse outras categorías, como os suboficiais, o baixo funcionariado ou os operarios da mestranza. Igual que sucedía no tocante á consideración social, as diferenzas na procedencia territorial eran importantes: mentres que os oficiais procedían na súa maioría de fóra de Galicia, no resto das categorías primaban, en maior ou menor medida, os galegos.

Outros sectores que manifestaron un importante dinamismo, sobre todo no Ferrol da segunda metade do XVIII, foron o comercio e os

labores artesanais. O negocio de importación de gran, así como a venda de viño e os asentos da Coroa foron os principais soportes para os mercados por xunto, entre os que destacaban polo seu dinamismo os franceses e os cataláns. No pequeno comercio tamén destacou de maneira especial o despacho de viño e licores, rexentado en moitas ocasións por mulleres de soldados ou polos xa licenciados. Non hai que esquecer tampouco a acción dos vendedores ambulantes, sobre todo das regateiras, que coas súas actividades especulativas supuxeron un constante crebacabezas para as autoridades municipais. O grupo dos artesáns, pola súa banda, era numericamente importante. Destacaban as actividades relacionadas co calzado, posiblemente ligadas á venda dos seus produtos ás guarnicións militares. Tamén, ó abeiro do crecemento demográfico do século XVIII, creáronse algúns centros fabrís. Pero, tanto as dúas fábricas de sombreiros como a de pasamanería, a de curtidos ou a de aparello desapareceron cando a conxuntura económica na vila variou a comezos do século XIX. Resulta tamén conveniente coñecer qué sucedeu cos sectores predominantes no Ferrol semiurbano. As fontes amósannola reducida proporción de mareantes e labregos na nova estrutura socioeconómica. Obsérvase tamén cómo a fidalguía non puido resisti-los cambios e foi absorbida pola riada de xente que chegou a Ferrol de 1750 en diante. Só aqueles cun patrimonio respectable, como era o caso de don José María Bermúdez ou o marqués de San Sadurniño, lograron manterse entre o sector privilexiado da localidade.

O IMPACTO DA NOVA CIDADE EN FERROLTERRA

O nacemento e desenvolvemento de Ferrol afectou tamén de maneira significativa á súa comarca, sobre todo ós territorios bañados pola súa ría. Precisamente ese ámbito territorial participou ó longo dos séculos do comportamento demográfico característico da súa cabeceira. A pesar de que o

XVII foi un século claramente depresivo, a instalación dos arsenais no XVIII –primeiro na Graña e despois en Ferrol– significou un importante proceso de recuperación e crecemento, que na práctica se prolongou durante todo o século. Curiosamente, mentres que o entorno ferrolán –Mugardos, Neda, Ares, Fene, Narón– crecía a bo ritmo, o resto da comarca entraba nun cambio de tendencia durante os derradeiros anos da década de 1760 e toda a de 1770. Posiblemente neste comportamento influíron tanto a difícil situación pola que pasou o campo nesas datas, como a acción de desgaste da crise de 1769, sen esquecer-lo peso específico de Ferrol como polo de atracción en toda a zona. Estes comportamentos dispareos mantivéronse na derradeira década do século: mentres a ría ferrolá amosaba síntomas de estancamento, o resto de Ferrolterra voltaba crecer de maneira importante. A convulsiva primeira década do século XIX –na que se xuntaron as malas colleitas cos efectos da guerra– foi unha etapa depresiva na práctica totalidade da comarca. Sen embargo, durante a década de 1820, a poboación de Ferrolterra recuperouse e mantivo a tendencia de desenvolvemento demográfico até 1860, coa única salvedade da década de 1840 na que, polo menos para a ría de Ferrol, supuxo un freo conxuntural a este proceso.

As freguesías do entorno da ría ferrolá e, máis concretamente, as súas vilas –A Graña, Mugardos, Neda e Ares–, creceron durante a segunda metade do século XVIII, debido ós movementos migratorios. De novo, e como xa sucedera na cabeceira da comarca, os movementos migratorios parecían desempeñar un papel esencial no crecemento demográfico. Sen embargo, as vilas do seu entorno non gozaron nin dun fluxo tan intenso en canto a número de individuos, nin tampouco tan prolongado. Unha vez que a cidade comezou a se desenvolver en infraestructuras e capacidade de albergue para habitantes, as vilas comezaron a ceder parte daquela poboación “prestada”. Non embargante, a situación de dependencia respecto da cabeceira da comarca fixolles

manter un proceso de crecemento demográfico mentres a conxuntura económica seguiu a ser positiva. Precisamente, unha das características que habería que salientar da economía destas vilas ó longo do século XVIII era a dependencia respecto de Ferrol. Durante os séculos anteriores, as localidades de Ferrolterra xa se dedicaran maioritariamente á pesca e á salgadura da sardiña. Sen embargo, a creación dos arsenais supuxo unha alteración nas súas economías e na súa estrutura social. Os casos máis significativos producíronse na Graña e en Neda. A primería comezou sendo sede da Armada e terminou sendo un barrio máis da capital departamental. A segunda ocupouse de a abastecer con produtos básicos. Esta nova situación desplazou os sectores socioeconómicos que ata daquela foran predominantes, deixando sitio a outros novos: o artesanado e as ocupacións ligadas á Armada. Tamén Mugardos sufriu algúns cambios, pero mantivo o liderato das actividades ligadas á pesca que, ademais, se beneficiaron moi notablemente do crecemento do mercado ferrolán. A chegada dos cataláns e o dinamismo do sector destinado á exportación fixeron que nesta vila a crise de Ferrol se sentise menos que nas anteriores. O resto das localidades ferrolterras tamén tiveron na pesca o seu principal recurso económico, agás Cedeira, onde primaban os veciños

dedicados á agricultura. No caso de Ares a industria da salga cobrou importancia durante o XVIII e parte do XIX. En Pontedeume, o mercado da madeira constituía un sector económico complementario de certa importancia.

Na Ferrolterra rural o peso da agricultura foi indiscutible durante todo o período. As únicas novidades producíronse coa introducción de novos cultivos: o millo, durante a segunda metade do século XVII e primeiras décadas do XVIII, e a pataca, desde finais do XVIII en diante. Só nas freguesías cercanas a Ferrol producíronse transformacións salientables. En varios puntos da ría, sobre todo no entorno dos ríos Beelle e Xuvia, levantáronse durante os séculos XVIII e XIX unha serie de fábricas orientadas á elaboración de fariñas e ós curtidos. O protagonismo dos veciños de Ferrol na creación destes enclaves está fóra de toda dúbida, como tamén o está no caso da creación dos estaleiros da Graña e A Cabana, ou no dun número importante de industrias de salga en Mugardos, San Felipe ou Ares. Tamén a propia Coroa edificou importantes instalacións nas proximidades de Ferrol, que constituían industrias complementarias ás que tiña na capital departamental. Así naceron a fábrica de cordería de Xuvia ou os fornos da provisión da Armada na Cabana.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO MALLÓN, B.: "Organización administrativa de Ferrol y su comarca a fines del Antiguo Régimen". En *Obradoiro de Historia Moderna*. Santiago: 1996, nº 5, pp. 69-94.

CLEMENTE CUBILLAS, E.: *Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol*. Salamanca: 1984.

DUBERT GARCÍA, I.: "Mundo urbano y migraciones campo-ciudad en Galicia, siglos XVI-XIX". En *Boletín de la Asociación de Demografía Histórica*. Madrid: 1998, nº 2, pp. 39-86.

EIRAS ROEL, A.: "Una aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de

- 1787". En VILLARES PAZ, R. (coord.): *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*. Santiago: 1988, pp. 155-177.
- *La población de Galicia. 1700-1860*. Santiago: 1996.
- GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M.J.: "El Ferrol y la defensa de Galicia (1520-1603)". En *Estudios Mindonienses*, Ferrol: 1997, nº 13, pp. 89-186.
- GONZÁLEZ MUÑOZ, M.C.: "Aproximación al estudio de la población gallega de 1579 a 1584. El caso de la ría de Ferrol". En *Concepción Arenal. Ciencias y humanidades* Ferrol: 1984, nº 7.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, E.; BURGO LÓPEZ, M.C. e GONZÁLEZ LOPO, D.: "Inmigración urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: Santiago, Tuy y Ferrol a finales del siglo XVIII". En EIRAS ROEL, A. e REY CASTELAO, O. (eds.): *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica*. Santiago: 1994, (3 vols.), vol. II. pp. 389-402.
- REY CASTELAO, O.: "Movimientos migratorios en Galicia, siglos XVI-XIX". En EIRAS ROEL, A. e REY CASTELAO, O. (eds.): *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica*. Santiago: 1994, (3 vols.), vol. II, pp. 27-72.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: "Las grandes tendencias comarcales en la evolución de la población gallega (de comienzos del XVII a mediados del XIX)". En *Minius*. Ourense: 1992, nº 1, pp. 211-228.
- SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C.: "Ferrol a finales del siglo XVI: actividad militar y desarrollo económico". En *Estudios Mindonienses*, Ferrol: 1987, nº 3, pp. 265-281.
- SANTALLA LÓPEZ, M.: *A mestranza do real arsenal do Ferrol no século XVIII*, Ferrol: 1996.
- VIGO TRASANCOS, A.: *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*. Vigo: 1985.





Ateneo Ferrolán
Collegio de ensino para adultos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 203-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

A NOVA POBOACIÓN DA
MAGDALENA
(1751-1808)

O SÍMBOLO URBANO
DO FERROL DA ILUSTRACIÓN

Alfredo Vigo Trasancos

Arquivo Ferrolán
Fundado en 1879



ALFREDO VIGO TRASANCOS
Catedrático de Historia
Universidade de Santiago de Compostela



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 302-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Este traballo é resultado do proxecto de investigación *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo. Galicia y el siglo XVIII*, financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnología (BHA2002-00816), que recibiu así mesmo unha incentivación económica da Xunta de Galicia: Consellería de Innovación, Industria e Comercio (PGIDIT03PXIC21007PN).

A grandeza proxectiva que se aprecia en todo o conxunto de realizacións que dan forma ó Ferrol do tempo das luces tal vez puidese dar pé a pensar que estivesemos, en efecto, ante un exemplo inequívoco de cidade perfecta e “ideal”, vista, claro está, desde a óptica e mentalidade do século XVIII. De feito, o proxecto secular goza dunha clarividencia e racionalidade evidentes, dunha corrección formal rechamante e ata, incluso, dunha sintética tipificación funcional que é, sen dúbida, reflexo e consecuencia dunha forte vontade política e ideolóxica que leva sobre si a propia creación dun novo marco de convivencia alleo por completo ó que se aprecia no resto das cidades. Quere isto dicir que, en moitos aspectos, o Ferrol do dezaioito podería coincidir en forma e fondo con moitas das especulacións teóricas que foron creadas polos grandes mentores de soños urbanos que nunca faltaron en tódalas épocas; o que quere dicir que, pola súa clara subordinación ó Gran Arsenal Militar do Rei de España, a cidade no seu conxunto podería entenderse como unha imaxe recreada dun “porto de guerra” en estado puro, presto a transmitir por iso a idea de eficacia, seguridade, fortaleza e, en definitiva, de perfección en todos e cada un dos seus detalles.

Sen embargo, se temos en conta que todo proxecto “ideal”, para selo, efectivamente precisa de ser recreación mental antes que realidade tanxible, soño teórico impecable dunha orde absoluta e, sobre todo, proxecto que se resolve sempre nunha imaxe formal perfecta que escapa a

“[...] ofrece ya en el día esta nueva población una muy decente comodidad a millares de familias en muchas y hermosas casas, almacenes y otros edificios, que por su número, su fábrica y la rectitud de sus calles, su situación y concurrencia de pueblo, tropa, marinería y oficialidad, se halla ya constituida en la mayor, más vistosa y más populosa de este Reino, la que sin disputa crecerá mientras continúen vuestras reales obras, construcción y cárenas, por ser su único sostén los sueldos prestos y jornales que en ella se distribuyen...”

José de Benavides. Ferrol, 1778

toda continxencia, dúbida, cambio ou adición, teríamos que asumir que en Ferrol o que en realidade veríamos é un exemplo “real” de cidade e porto de guerra no que o esforzo humano, ben coordinado, puido superar mil servidumes, transforma-lo medio dado e preexistente, coa fin de




Fig. 1. Proxecto para o barrio da Magdalena.
J. de La Croix. 1751

conseguir, tras moitos titubeos e correccións previas que se suceden no tempo, un conxunto urbano e militar complexo e moi coherente que resultou ser, polo demais, moi eficaz en tódolos sentidos; de aí que mereza nos seus resultados, e pese a obvias imperfeccións, o rango e condición indubidable de obra mestra do seu tempo, polo menos entre as que coñecemos pertencentes á súa mesma especie.

Agora ben, de todo o que se foi realizando na cidade ó longo do século das luces: primeiro o Real Estaleiro de Esteiro co seu “cadro” e poboamento adxunto que se crean a partir de 1749, logo o arsenal militar e os distintos cuarteis que inician a súa fase constructiva na década de 1750, posteriormente a nova poboación da Magdalena que comeza a se edificar con todo o seu equipamento periférico (igrexas, edificios representativos, alameda, fontes, hospitais, cemiterio, etc.) iniciado xa o reinado de Carlos III –1761– e finalmente o recinto fortificado que habería defender toda a cidade pola súa parte de terra desde 1769, o máis importante desde o punto de vista proxectivo foi, coa excepción do conxunto imponente do Gran Arsenal, sen dúbida o novo núcleo residencial da Magdalena que, por certo, foi tamén o que máis se demorou na súa construción, polo que deu tempo a que a súa imaxe planimétrica fose cambiando e reducíndose en extensión ata que se aprobou a súa forma definitiva en 1762. Tanto é así que, ó ano seguinte de aprobar Fernando VI o gran proxecto do arsenal que trazara Cosme Álvarez, en 1751 puido realizarse o primeiro proxecto para o barrio da Magdalena sobre trazas do enxeñeiro ordinario de orixe francés pero ó servizo da coroa española, Joseph de La Croix (Fig.1).

Hai que recoñecer que este proxecto inicial ten unha importancia extrema porque, en certo sentido, fixa para sempre aspectos que se han seguir mantendo no plano definitivo, pois sitúa a cidade no seu contexto actual paralelo ó arsenal, outórgalle tamén formato alongado e sentido E-W, ten tamén as mesmas dimensións básicas e organización, un carácter case autónomo ó estar sepa-

rado do conxunto militar por circuítu perimetral de paseos arbolados que conforman a alameda a "illan" a poboación do resto do entorno e porque, finalmente, tamén introduce La Croix un formato de quinteiro que, na práctica, se vai perpetuar no último proxecto. Por tanto, haino que considerar básico e importantísimo, e máis cando xa se aprecia tamén nel a idea de facer da Magdalena, non unha cidade suntuosa, retórica ou monumental, marcada por unha concepción magnificente, áulica ou escenográfica da composición urbana que, en cambio, si que ten o arsenal ó cal se vencella, senón, máis ben, unha cidade de servico, ordenada, sinxela, racional, funcional, práctica e igualitaria, o que se ve en todos e cada un dos seus detalles, pero sobre todo nos formatos de quinteiros e nas súas rúas, que teñen todas a mesma e discreta anchura.

Ten, sen embargo, dous trazos que, pola contra, non van prosperar e que resultan por isto singulares: por un lado a idea de que todo o barrio quede presidido por dúas rúas dispostas en cruz, pois en certo sentido recorda ó clásico cruce rector do *cardo* e *decumano* romanos; por outro, a idea de dispor no punto de encontro de ambas

rúas, e por tanto no centro de toda a poboación, unha única e despexada praza rectora que, a xeito de "foro" moderno se denomina no plano *plaza mayor*, quizás porque quería evoca-la idea das prazas españolas máis específicas caracterizadas pola súa regularidade, o seu carácter absolutamente pechado e a súa condición de espazo público todo porticado arredor, o que fai supor que estivese prevista para acolle-los mercados e para levar tamén un peche arquitectónico uniforme nos seus catro lados, que respondería obviamente a unha estricte política de programación edilicia.

En calquera caso, o cambio radical ó que se someteu o proxecto do arsenal inicialmente aprobado, e que obrigou a o dotar dunha forma moi distinta ese mesmo ano de 1751, foi o que obrigou tamén a recompoñe-la previsión morfolóxica da cidade-servizo que comportaba. E isto é o que explica que, co novo arsenal resultante, xurda outra idea de nova poboación moi diferente á que se previra inicialmente. Tamén interveu nela o enxeñeiro La Croix, aínda que esta vez supervisado polo capitán de navío da Armada Jorge Juan, que vai ser, no fondo, o gran responsable de todo o proxecto (Fig.2).




Fig. 2. Proxecto para o arsenal e nova poboación de Ferrol. Jorge Juan e J. de La Croix.1751.

Do novo proxecto deseñado chama a atención, non obstante, o seu tamaño, pois aposta por un barrio da Magdalena que duplica con moito o proxecto primitivo, en previsión sen dúbida dun "branco" de poboación moi numeroso –entre vinte e trinta mil habitantes– que debería acoller a tódolos novos poboadores que viñesen vivir á cidade, xa estivesen vencellados ó arsenal militar ou ó propio estaleiro real de Esteiro, que era onde, certamente, estaba o groso da poboación ligada á construción naval.

Quizás por iso, pese á súa razoable cohesión proxectiva, o novo barrio ferrolán ofrece, ademais dun tamaño maior, como xa dixemos, tamén unha certa diferenciación residencial, cun sector orientado no sentido E-W xa habitual, e outro, en cambio, con forma de ángulo recto N-S ó leste, que configura así unha especie de martelo acomodado ó formato angular que, por alí, ten precisamente o arsenal; é coma se, con esta forma dicotómica, se quixese establecer un sector preferente destinado ó persoal máis asociado ó arsenal da Mariña e outro máis marxinal e secundario que estaría, pola contra, destinado ós traballadores do estaleiro. Sempre quedará a dúbida de se foi este precisamente o argumento que explica a duplicidade formal do proxecto.

Pero, sexa esta ou non a razón que explique a forma de L deitada específica do novo barrio planeado, o que non se pode negar é que é dunha grande precisión e, incluso, dunha grande beleza formal, rodeado como está o Novo Ferrol previsto cun anel de árbores máis ancho e rechamante que o que aparecía no proxecto anterior, até o punto de "ensimesmar" máis que nunca o barrio con respecto ó resto das zonas.

Convén sinalar tamén que o proxecto posuía ademais maior homoxeneidade nos quinteiros e, sobre todo, un carácter bipolar, xa que se aprecia claramente que o sector principal que se estende en rectángulo en sentido E-W aparece presidido por dúas prazas extremas, ambas rectangulares e porticadas, aínda que con tamaños diferentes entre si e presididas no seu centro por

elementos rectores tamén distintos: a de oriente cun monumento quizás vertical, conmemorativo ou fundacional (posiblemente unha columna ou un obelisco), e a máis occidental, en cambio, cunha fonte ornamental de amplo estanque arredor.

Paradóxicamente, sobre este proxecto "*acordado entre el Comandante general y Gefe de escuadra D. Cosme Álvarez y D. Jorge Juan...*" e aprobado polo Rei en 1751 habería de iniciarse a poboación, dez anos despois –en concreto en 1761– e polo sector máis suroccidental do plano, que hoxe se atopa próximo ós xardíns de Herrera e ó edificio de Capitanía. A razón desta demora ten a súa explicación, pois é evidente que non era fácil adquiri-los terreos, abri-las rúas e conseguir que os constructores disciplinasen as súas vivendas ó proxecto trazado, polo que é seguro que as autoridades da Mariña trataron de adia-lo seu inicio todo o tempo que lles fose posible. Sen dúbida axudou o feito de que, polo tempo en que estaba en plena febre constructiva o Estaleiro Real, xurdise nas súas proximidades a partir de 1749-51, e como poboado residencial de emerxencia, o "*barrío de las barracas*", que os documentos chaman indistintamente "*San Amaro*", "*Esteyro*", e "*Resimil*", e que saciou temporalmente a sede urxente de vivendas que sufría a veciñanza.

Aínda que á altura de 1761 era evidente que a necesidade de abri-la nova poboación aprobada non se podía eludir. De aí que o novo Comandante Xeral, Conde de Vega Florida, solicitase permiso ó Rei para dar paso ó inicio das obras. Xurdiu entón, sen embargo, unha proposta arquitectónica do enxeñeiro director do arsenal Francisco Llobet, que considerou que a poboación debería presentar nas súas vivendas un aspecto uniforme, é dicir, que debería levantarse sobre un modelo de casa preestablecido ó que deberían suxeitarse tódolos veciños que quixesen construír alí.

Isto era frecuente en conxuntos residenciais de tipo castrense ou militar, como era o caso da cidade-fortaleza de Neuf Brisach, construída en Francia polo enxeñeiro Vauban e que se establecía como modelo. Propuxo, de feito, un primeiro




Fig. 3. Proxecto uniformador de vivendas porticadas. 1761. Fco. Llobet.



Fig. 4. Segundo proxecto ordenador de vivendas para o Novo Ferrol. 1761. Fco. Llobet.




Fig. 5. Rúa Real. Gravado do século XIX.

deseño de vivenda de dúas plantas, porticado, modular, con tres vans por fronte cara á rúa e con bufardas sobre o tellado (Fig. 3) que, quizás por resultar excesivamente custoso para a maioría dos constructores, meses despois substituíu por outro máis simple que suprimía os pórticos e adoptaba, en cambio, no piso alto, a solución dun balcón volado que quedaría flanqueado por vans curvos de tipo segmentado dispostos a rentes do peche do edificio (Fig. 4).

Sobra indicar que ningún dos dous proxectos prosperou. Especialmente o modelo porticado, que non chegou a callar en ningunha casa concreta do barrio da Magdalena, aínda que tampouco o máis sinxelo, por máis que sexa certo que algunhas casas si que chegaron a se suxeitar ó seu plano ordenador en zonas e puntos illados do barrio, como foi o caso dalgunhas xa desaparecidas, que subsistiron até o noso século na rúa do Sol, no quarteiro máis próximo ó cruce coa rúa do Hospital.

En todo caso, como consecuencia do fracaso do plano arquitectónico ordenador houbo completa liberdade para que os constructores levantasen as vivendas conforme ós seus criterios, alomenos no referente ás alturas, materiais de construción e deseño de interiores e fachadas que lle deu á nova poboación un aspecto máis diverso, rico e heteroxéneo (Fig. 5).

Non foi así no que respecta ás aliñacións de fronts, pois tiñan que seguir estrictamente as liñas marcadas polas rúas establecidas polo proxecto, así como a racional parcelación prevista en cada un dos quinteiros, o que explica que sexa moi lóxico e regular o formato do terreo por edificar e, case sempre, favorable á existencia de vivendas cunha anchura de fachada cara á rúa de tres vans (Figs. 6 e 7).

É isto algo, por certo, moi inusual na Galicia urbana de entón, sen dúbida por ter herdado un parcelario de forte raizame medieval que propiciara a proliferación de vivendas moi estreitas.

Sen embargo, o feito de que o barrio se iniciase por occidente en 1761 non foi impedimento




Fig. 6. Casa entre medianeiras do s. XVIII. Rúa Magdalena.

para que, apenas comezadas as obras de desmonte e construción, se especulase de novo sobre a posibilidade de volvelo modificar para o dotar esta vez dunha maior conveniencia de tamaño. Acontece que, xa que existía daquela, e cada vez con maior solidez e vocación de durar, o barrio de Esteiro que aglutinara un importante sector de poboación nova, non tiña moito sentido unha nova urbanización como a que se acordara no plano de 1751, tan extensa nas súas dimensións. Foi por isto que Jorge Juan, esta vez coa colaboración do enxeñeiro hidráulico Julián Sánchez Bort (que era ademais un importante arquitecto e académico de mérito da *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando* de Madrid), establecesen, ó marchar Llobet, un proxecto corrector da Magdalena que finalmente habería resultar definitivo. É dicir, que se conformou e aprobou en 1762 o proxecto final do temén chamado Novo Ferrol, agora adaptado a unhas dimensións máis razoables, en estricta correspondencia coas necesidades demográficas do momento (Fig. 8).

No morfolóxico, non obstante, non hai dúbida de que o novo barrio resultante temos que o considerar herdeiro dos dous que se formularan con anterioridade. Así, toma a forma, a modulación e case as dimensións do proxecto de La Croix e, en cambio, a maior homoxeneidade nos quinteiros e a bipolaridade do plano primeiro de Jorge Juan, dando á fin como resultado unha poboación nova que é dunha pureza formal certamente rechamante: rectangular e ortogonal coma unha pastilla de chocolate, simétrica, equilibrada, todo orde e pulcritude dentro da súa extrema sinxeleza, con rúas de 10 varas de ancho, quinteiros idénticos de 100 x 40 varas, prazas iguais nos extremos, que resultan da supresión no plano teórico de dous quinteiros edificables, con rúas iguais tamén en lonxitude segundo sexan transversais ou lonxitudinais e todo perfectamente adaptado ó contexto topográfico e tratando de evita-los acusados desniveis e cotas que, alomenos en certos sectores, dominan a poboación e a elevan considerablemente con respecto do nivel do mar e do arsenal. E



Fig. 7.- Rúa Magdalena. Gravado do século XIX.

quizás por este motivo das marcadas pendentes, en 1763 tivo Sánchez Bort a veleidade de propor outra traza máis sinxela, cunha única praza maior excéntrica, disposta cara a oriente que, por sorte, non fructificou, dando paso ese mesmo ano á derradeira e pequena concreción que el mesmo terminaría por realizar: a inclusión de dous quinteiros edificables adosados ó sur do sector de quinteiros que centra a poboación, unha prevista para instala-la nova parroquial de San Xiao (entón a piques de ser comezada) e a outra, en cambio, para dispo-lo edificio oficial da Contaduría de Mariña, que nunca chegou a ser construído. É dicir, que finalmente a derradeira e brevíssima adición de Sánchez Bort reforzaba a idea de simetría e bipolaridade do barrio, complementándose polo demais cunha ancha e recta alameda inmediata,

que separaría deste xeito a cidade nova do novo arsenal resultante, unha vez que tamén este sufría daquela reducións importantes na súa traza maxistral, que foron aprobadas polo rei Carlos III o 11 de xaneiro de 1765.

Tal como indicamos, as obras de apertura do novo barrio iniciáronse polo suroeste en 1761 e proseguiron ó longo do século, primeiro en dirección máis ou menos oeste-leste, e logo sur-norte, aínda que o proceso de ocupación foi lento case sempre, e con tempos de execución tamén distintos, pois sempre se dependeu da infinidade de circunstancias favorables ou negativas que afectaron en cada momento á cidade departamental. Nese sentido pode ser expresivo sinalar que a praza das Dores (a máis occidental das dúas aprobadas e tamén a máis achegada ó sector de poboación




Fig. 8. Barrio da Magdalena. 1762-1765. Jorge Juan e J. Sánchez Bort

primeiramente iniciado), se comezase a abrir en 1784 (Fig. 9) e a do Carme, en cambio, fose iniciada no século XIX, en 1807 (Fig. 10).

Ambas prazas foron concebidas para servir de lugares de mercado, aínda que cada unha cunha especialización mercantil distinta. Coa apertura da nova poboación, simultaneamente, pero tamén en momentos distintos, foi xurdindo a necesidade de a ir dotando cun equipamento arquitectónico imprescindible. Non é casual, de feito, que ó pouco de se comeza-la apertura das rúas, e apenas aprobada a nova Magdalena sobre o proxecto de Jorge Juan e Sánchez Bort, xa en 1763 se realicen os planos para a nova parroquial de

San Xiao, que se iniciaría en 1765 e chegaría a se converter en todo un modelo de igrexa ilustrada, coa súa impecable planta en cruz grega inscrita nun rectángulo e o seu vocabulario arquitectónico clásico, en clara relación coa mentalidade académica (Fig. 11).

Erguéronse tamén no barrio algunhas capelas, como a das Dores e a do Carme, humildes as dúas, pero chamadas a presidir cadansúa praza e a lles dar incluso os seus nomes, antes, claro está, de que fosen rebautizadas cos actuais nomes de Amboage e Armas, e de que esta última fose adobiada no seu centro coa esvelta fonte-obelisco de Churruca, erguida en 1811 por petición do ca-






Fig. 9. Plano dos desmontes da praza das Dores.

pitán xeral Francisco Javier Abadía para conmemora-la morte heroica do grande mariño, formado e casado en Ferrol, no combate naval de Trafalgar. Na rúa principal da Magdalena, en 1769, construíuse tamén o primeiro teatro de óperas da cidade, obra do empresario italiano Nicolás Setaro, que encheu a partir de entón de entretemento e diversión para a vida social ferrolá. En 1783 ergueuse o novo Hospital de Caridade por iniciativa do enxeñeiro Dionisio Sánchez de Aguilera (Fig. 12) e, pouco despois, en 1784, a propia alameda, en relación directa co barrio e coa fonte da Fama, que habería presidi-lo seu centro con toda a súa carga simbólica desde 1786 (Figs. 13 e 14). Ese

mesmo ano, un insigne alcalde de Ferrol, Eugenio Manuel Álvarez Caballero, propiciou a construción da xa desaparecida Escola de Gramática (Fig. 15), un matadoiro e sequeiro de peles e, sobre todo, un gran proxecto para a casa consistorial e cárcere público que, sobre planos de Aguilera, habería situarse no peche norte da praza das Dores, rexéndoa así con contundencia e representatividade. Por desgracia, fracasou o empeño de Caballero e con el os posteriores, que tamén tentaron construír alí un grandioso consistorio (Fig. 16) que, á fin, houbo de se conformar cun deseño máis discreto e con outro terreo menos notorio, dando paso ó edificio que acolleu até hai pouco ó Goberno



Esquerda: (Fig. 10) Praza de Armas coa fonte de Churruca. Dereita (Fig. 11) rúa da Igrexa e cabeceira da parroquial de San Xiao.




Esquerda: (Fig. 12) antigo Hospital de Caridade. Dereita: (Fig. 13) plano da antiga alameda presidida pola fonte da Fama.

Militar (Fig. 17). Houbo, pois, no que respecta a edificios, algúns logros destacables e, xunto a isto, tamén estrepitosos fracasos. Pero o máis rechamante foi, ó final, que o novo Ferrol non só non se ergueu por enteiro conforme ó proxecto aprobado, senón que case desde o principio viu a súa lóxica formal impecable violentada coa aparición de claras "dilatacións" urbanas espurias que, loxicamente, afectaron ó resultado final (Fig. 18).

Respecto á non conclusión do proxecto, queda de manifesto ó comprobarmos que nunca se edificou por completo a fileira norte de quinteiros, prevista no proxecto de 1762 e, por isto, tampouco foi realidade a rúa que habería pecha-la

poboación alén da rúa do Sol. Tampouco se realizou o quinteiro sur "pendant" de San Xiao, previsto para instala-la Contaduría, aínda que o seu terreo, moi avanzado no século XIX, foi ocupado polo Teatro Jofre. En cambio, ó tempo que se iniciaba o proceso de construción do barrio, é evidente que tamén se comezou a expandir en varias direccións a idea inicial, tentando seguramente conectarse funcionalmente con zonas e servicios vitais que estaban situados no seu entorno, como Ferrol Vello e a casa do Comandante Xeral dun lado, doutro o barrio emerxente de San Amaro, que constituía a porta e antesala do de Esteiro e, por último, dous servicios novos que resultaron



Esquerda: (Fig. 14) Porta principal do arsenal e fonte da Fama. Dereita: (Fig. 15) antiga Escola de Gramática no chamado cantón das Delicias.




Fig. 16. Reconstitución conxetural do proxecto do Concello de Frei Plácido Caamiña, 1791 (debuxo de Vicente Vigo).




Fig. 20. Vista aérea da cidade de Ferrol co barrio da Magdalena (Foto de José Salas).

indispensables para a cidade, como eran o Hospital de Caridade e o cemiterio, ámbolos dous situados na zona norte da nova poboación.

Tanto é así que, por occidente, a Magdalena, para se unir á secuencia que forman Capitania, San Roque, San Francisco e Ferrol Vello, forma unha praza ou rúa ancha, non prevista nun principio, que transgrede o xeito impecable do plano da Magdalena e que se creou, ademais de para unir, para instalar alí un espazo máis decoroso ante a casa do Comandante Xeral e unha praza provisional para os mercados, que foi regulada por Sánchez Bort en 1768 e que se edificou con casas idénticas e porticadas chamadas popularmente “de Salomón” (Fig. 19). O mesmo aconteceu na zona suroriental ó se formar un sector triangular de quinteiros que unía a Magdalena e San Amaro e que deu lugar, diante, á praza que despois se chamou da Constitución e, detrás, a rúapraza do carbón que, andando o tempo se chamaría do Callao. E isto sen esquecer que, polos mesmos anos, a Magdalena tamén se expandía orgánica cara ó norte, primeiro en dirección á porta

de Canido e o Hospital de Caridade pola rúa do mesmo nome e, máis tarde, pola rúa dos Mortos, chamada así, obviamente, por se-la vía principal que seguían os enterros desde a igrexa de San Xiao até o novo cemiterio da cidade, que se levantou no ano 1775 na zona de Canido, e que no 1806 foi ampliado, sobre unha reforma académica que dirixiu o arquitecto municipal Miguel Ángel Uría).

Poderíase dicir, en fin, en virtude do comentado, que o Novo Ferrol foi, en moitos sentidos, unha poboación pioneira entre as do seu tempo (Fig. 20), pero non só pola súa forma, racionalidade ou equipamento, senón case, máis aínda, pola súa propia imaxe urbana, pois tivo a peculiaridade de ofrecer un aspecto eminentemente castrense e industrial e, por tanto, con escasa presenza de fidalguía e de clero, que eran os dous estamentos dominantes da sociedade galega barroca. Explicase por iso a falla de conventos e casas brasonadas no Ferrol dezaoitesco, o que convertía a cidade en xeral nun raro exemplo de urbe ilustrada e o seu barrio principal da Magdalena nun símbolo plástico de referencia.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO TORREIRO, J.L.; CAÍNZOS CORBEIRA, A. e RODRÍGUEZ DÍAZ, A.: *Los teatros en Ferrol. El teatro Jofre*, Ferrol, 1986.
- CLEMENTE CUBILLAS, E.: *Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol*, Santiago-Salamanca, 1984.
- *Ferrol: su historia y sus gentes*, Ferrol, 1986.
- GARCÍA-ALCAÑIZ YUSTE, J.: *Arquitectura del neoclásico en Galicia*. A Coruña, 1989.
- GRANADOS LOUREDA, J.A.: "Ferrol na Idade Moderna". En *Historia de Ferrol*. A Coruña, 1998, pp.109-230.
- MARTÍN GARCÍA, A.: *Una sociedad en cambio. Ferrol a finales del Antiguo Régimen*, Ferrol, 2003.
- MONTERO ARÓSTEGUI, J.: *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*. Madrid, 1859.
- RAMIL, E. et al.: *Historia de Ferrol*. A Coruña, 1998.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J.A.: "Génesis de las tipologías arquitectónicas". En *El barrio de la Magdalena del Ferrol*, Santiago, 1980, pp. 74-89.
- *Historia y tipología arquitectónica de las defensas de Galicia*, Sada, 1984.
- *Tecnología y arte de la Ilustración. La arquitectura e ingeniería de Sánchez Bort en la obra pública, la industria y los arsenales de Marina*. Ferrol, 1988.
- "Arte e tecnoloxía na construción de Ferrol". En *Historia de Ferrol*. A Coruña, 1998, pp. 233-302.
- *Los puertos de Ferrol y San Ciprián*. Ferrol, 2001.
- SÁNCHEZ GARCÍA, J.A.: *La arquitectura teatral en Galicia*, A Coruña, 1997.
- "Tipo, función y sociedad. Evolución del espacio carcelario en Galicia". En *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVI, 1999, pp. 245-286.
- SAMBRICIO, C. *Territorio y ciudad en la España de la Ilustración*. Madrid, 1991.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII*. A Coruña, 1985.
- TARRAGÓ CID, S.: "El barrio de la Magdalena y el urbanismo de los ingenieros militares en el siglo XVIII". En *El barrio de la Magdalena del Ferrol*. Santiago, pp.4-27.
- TARRAGÓ CID, S.; VIGO TRASANCOS, A. e RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J.A.: *El barrio de la Magdalena del Ferrol*. Santiago, 1980.
- VIGO TRASANCOS, A.: "Evolución urbanística del barrio de la Magdalena". En *El barrio de la Magdalena del Ferrol*, Santiago, 1980, pp. 28-47.
- *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*, Vigo, 1984.
- "El arquitecto-ingeniero Julián Sánchez Bort: perfil biográfico y obra en Galicia". En *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXV 1984-85, pp. 501-525.
- "Ciudad y urbanismo en la Galicia del Antiguo Régimen. Del Renacimiento a la Ilustración". En *Galicia no tempo*. Santiago, 1991, pp. 149-169.
- "Pedro Ignacio de Lizardi, un arquitecto vasco en el Ferrol de la Ilustración". En *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLI, 1993-1994, pp. 311-341.
- "El arquitecto benedictino Fray Plácido Caamiña y su proyecto de Casas Consistoriales y Cárceles para la ciudad de Ferrol". En *Cuadernos de estudios Gallegos*, XLII, 1995, pp. 273-312.
- "A Ilustración". En *Fontes escritas para a historia da arquitectura e do urbanismo en Galicia (Séculos XI-XX)*, t. II, Santiago, 2000, pp. 911-1136.
- VIGO TRASANCOS, A. (Coord.): *Fontes escritas para a historia da arquitectura e do urbanismo en Galicia (Séculos XI-XX)*, 2 vols., Santiago, 2000.



Ateneo Ferrolán

El lugar de encuentro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-201, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

ARQUITECTURA DA ILUSTRACIÓN A IGREXA DE SAN XIAO

E OUTRAS IGREXAS DE FERROL

Margarita Sánchez Yáñez



MARGARITA SÁNCHEZ YAÑEZ
Licenciada en Historia
Universidade da Coruña



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

SAN XIAO, A ILUSTRACIÓN, E AS SÚAS RAÍCES

A Ilustración é raciocinio, planificación e equilibrio. É a pescuda da utilidade mediante o ordenamento do espazo. Responde a unha idea encamiñada a obte-la meirande eficacia aplicando para a consecución deste obxectivo uns coñecementos físico-matemáticos e artísticos organizados a través das academias¹. Dada a súa formulación, o resultado é a *beleza*, entendida como *harmonía*, *mesura* e *elegancia*.

Cando pensamos nunha obra arquitectónica da Ilustración estamos a nos referir sen dúbida a unha obra que tivo que ter pasado por unha chea de etapas que podemos agrupar en dúas, a saber:

- Unha formulación e enunciado da súa necesidade ou conveniencia, acompañada da pertinente investigación sobre da tal necesidade, co correspondente ditame da situación.
- Unha análise moi polo miúdo das accións a seguir: preparación e exposición das propostas, estudo e selección, aceptación, creación de pregos de condicións, saída a subasta e remate.

A todo o devandito cómpre engadir outros requisitos, coma o papel da Coroa en aplicación do seu absolutismo e a planificación urbanística nos casos nos que un edificio ou unha poboación xorden ex novo. Este é o caso de San Xiao e do novo Ferrol –A Magdalena– que se conciben a xeito de realización dun arquetipo síntese do espírito ilustrado e das súas esixencias, dando resposta á liña conceptual expresada na obra francesa *Basiliade*, que saíra do prelo en 1743, e na que se sostiña que a cidade de *Utopía* de Tomás Moro era realizable.

O percorrido que leva á súa construción responde ó cumprimento de tódalas etapas mencionadas e a unha regulamentación minuciosa. A necesidade de erguer unha nova igrexa foi con-

1. A palabra academia é tamén significativa, pois era o nome do xardín de Atenas no que Platón ensinaba ós seus discípulos. O vocábulo foi empregado por Cosme de Médicis para fundar un núcleo de filósofos. No Renacemento xorden as academias aínda que van evolucionando ata chegaren ó tempo da Ilustración e do Neoclasicismo baixo a fórmula de *institucións reais para a promoción das artes e das ciencias*.

trastada incontestablemente trala ruína da anterior, de xeito que houbo que dictamina-la urxencia de ter un edificio parroquial. Analizáronse diferentes opcións do seu emprazamento para acha-la solución máis práctica, conveniente, equilibrada e estética. Fixéronse varios proxectos para escolle-lo seu aspecto externo, o interno, os elementos e a capacidade ou buque que era precisa. Despois decidiuse o xeito de face-lo asentado (escolleuse a subasta pública) e así sucesivamente.

De todo o proceso resulta unha construción que cumpre cos requisitos dunha obra da Ilustración, xa que dá resposta a unha necesidade e a un proxecto detallado do que o autor-director é un enxeñeiro militar que actúa de acordo cos enfoques que van enunciados. Convén engadir, seguindo esta liña definidora, que é unha obra decidida pola Coroa e que o seu emprazamento se fixa despois dunha análise do terreo, das distancias, da funcionalidade e da simetría do trazado da nova poboación da Magdalena, na que se integra harmónicamente emprazada na base da poboación nunha perfecta coherencia e coa mesma linguaxe do conxunto.

Non procede silenciar que todo isto está hoxe posto en dúbida por mor da incualificable e incomprendible agresión estética que no concepto ilustrado teñen provocado algunhas intervencións na base da Magdalena, como esa mole de construción –non pode recibi-lo nome de arquitectura– que se ten erguido á fronte da súa fachada.

Arquitectónicamente é unha obra da Ilustración. O seu autor é Julián Sánchez Bort, un enxeñeiro² militar que ademais é arquitecto de

mérito da *Real Academia de Bellas Artes* de San Fernando³. Non estamos diante dun artista bohemio, ou dun creador que saliente no achado de fórmulas orixinais. Trátase dun enxeñeiro que por formación é un coñecedor da matemática, o debuxo, a física, a xeometría, etc., de xeito que pescuda a beleza entendida como consecuencia do bo gusto, que se define segundo parámetros de simetría, proporción, equilibrio, contención de forzas e perspectiva. Cómpre engadi-los coñecementos do gusto da Academia: Vitrubio, Palladio Vignola, Scamozzi, Serlio, etc. E todo isto en perfecta coexistencia co decoro, a manifestación externa do poder da Monarquía e o desexo de obter unha funcionalidade que se convirte en valor por si mesma.

O seu proxecto é proba da súa formación e do gusto polo novo estilo que, en base ás categorías aludidas –a razón, a matemática, a perspectiva, etc.– mira á Italia de finais do séc. XVI como esta á súa vez mirara a Roma.

Dicía Vitrubio que a Arquitectura é unha ciencia que debe de ir acompañada por moitos coñecementos e estudos e que se adquire pola práctica e pola teoría xuntas. A práctica é a aplicación da execución de proxectos que se fai de xeito continuado e a teoría é a que pode amosa-la perfección das obras en acordo coas leis da proporción e o razoamento⁴. Tamén estas condicións se cumpren no caso de Sánchez Bort.

A elección de Ferrol para a creación dos arsenais e estaleiros é a causa das Reais Obras, de entre as que hai unha –a construción do foxo– que non é das máis rechamantes, pero que consti-

2. O corpo de enxeñeiros foi fundado en 1711 por Jorge Próspero de Verboom. En Real Ordenanza de 1718 se lles encomendan ós enxeñeiros as competencias na elaboración de mapas e o referente a acequias, muiños, ríos, portos e obras en xeral. En 1768 unha nova ordenanza deulle máis competencias.

3. QUINTANA MARTÍNEZ, A.: "La Arquitectura y los Arquitectos en la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1744-1774)". En *Libros de Arquitectura y Arte*. Xarait Ediciones, 1984. En 1744 creárase unha Xunta Preparatoria que se convirte en Academia real en 1752. No 1753 Julián Sánchez Bort leva o 2º premio de clase primeira co traballo da convocatoria que era un templo en honor de San Fernando, pranta, fachada principal e sección interior. No 1754 foi nomeado Arquitecto das Reais Obras do Real Departamento de Marina de Ferrol como 1º auxiliar de Francisco Llobet. Foi nomeado académico de mérito en 1758. Dende 1762 é Director das Reais Obras e a Academia mandoulle dous axudantes en 1764 por orde do rei.

4. VITRUBIO, Marco Lucio. *Los diez libros de la arquitectura. Obras Maestras*. Edit. Iberia, 2000.

túe a causa última da destrucción da vella igrexa de San Xiao que, por se-la única parroquia, fai precisa e urxente a edificación dunha nova.

É certo que Sánchez Bort tivo que sacrificar en varias ocasións algún dos seus criterios por mor da falta de recursos, pero tamén é certo que moitas veces puido evitalo e modificou aquilo que non lle gustaba, como ocorreu coa construcción dos arcos interiores en ladrillo, que considera antiestéticos e consegue executalos en pedra aproveitando unha mellora na recadación no arbitrio do viño, co que se pagaba a construcción do templo. Non é menos certo que, nas ocasións en que non haxa posibilidade de mellora –como o non poder dar toda a altura prevista ás torres–, tentará atopar alternativas para que o efecto óptico axude a corrixi-los erros e carencias que non sexan doados de evitar.

A utilización do efecto óptico –*trompe l'oeil*– non deixa de ser coherente. Empregáranos gregos en obras coma o Partenón, coas columnas das esquinas máis anchas para aparenta-la mesma medida que as outras, contando con dito efecto. Vitrubio afirmaba que un arquitecto tiña que saber de moitas ciencias, e entre elas de óptica, para saber dar luz ós edificios, e poderíamos moi ben engadi-la importancia de valora-la relación entre a luz e o volume. Foi un recurso empregado no renacemento por artistas como Miguel Anxo en moitas obras, como por exemplo nas fiestras da capela Medicea, na praza trapezoidal diante da fachada de San Pedro, nas pernas do Deus Pai no Xuízo Final, etc.

Respecto do inicio de San Xiao, interesa o contido dunha carta datada o 12 de febreiro de 1765. Está dirixida ó bailío D. Julián de Arriaga. Nela non aparece unha sinatura clara, aínda que si unha rúbrica que debe ser identificada mediante comparación. Pensouse que o autor podía ser un arquitecto da Academia porque emite opinións

de tipo técnico e estético, pero o certo é que produce a impresión de que é unha persoa con poder e capacidade de decisión.

Nesta carta acéptase o deseño de Bort pola capacidade, pola factura e polo prezo. Indícase unha corrección, pois se entende que a igrexa debe ter dúas ou tres portas no canto dunha, que era como aparecía no proxecto⁵.

“Señor Baylio: he visto los documentos de don Antonio de Perea, y don Julian Bort y demàs sobre la Fabrica de la Yglesia del Ferrol. Se hace preciso que dicha Yglesia se fabrique, por que no hay duda en la necesidad que todos exponen. La propuesta que hace el Yntendente de establecer arbitrio en ello, me parece bien, assi como que concurrira la Patrona⁶ à los gastos si quiere conservar el Patronato; y que al mismo tiempo ayude el Rey con alguna limosna, respecto à que las obras pueden haber sido causa de anticiparse la total ruina de la Yglesia vieja. En quanto à la magnitud, fortaleza, disposición y gasto, se equivoca mucho el Yntendente. La Yglesia grande que este propone es vez y quarto mayor que la de Bort, y la chica passa tambien de doble: aquella contendrà 2.700 personas oyendo Misa en el Altar Mayor, y regulando un codo quadrado para cada una la menor contendrà unas 2.300; yla de Bort hasta 1.500. La fortaleza y disposicion de esta lleva muchas ventajas à las otras, que se reducen à un granero de fabrica antigua muy horrible. Como Bort evita todos los primores de Archìtectura y se reduce à establecer todo llano, no es posible que su costo suba à mas que proporcionalmente à su magnitud, por consiguiente no puede ser sino la mitàd de lo que costarà qualquiera de las Yglesias que propone

5. AGS Leg 204. Sección Marina.

6. Refírese á condesa de Lemos como patroa da capela maior e posuidora do señorío espiritual.

el Yntendente, à excepcion de las quatro Pilastras de los Arcos torales, que es una friolera. Si se quisiera aumentar se podria alargar un poco la Yglesia de Bort, dandole dos capillas mas al pie de ella; pero me parece que no es poco que quepan 1.500 personas oyendo misa à un tiempo, y por consiguiente es escusado aumentar la Yglesia, y con ella el gasto. No me parece mal, sin embargo, que haya mas de una Puerta como dice el Yntendente equivocado en lo que propone, si no al occidente como la establece Bort. El establecimiento dela torre tampoco ès lo mejor que quede en el frente, pues teniendo la fachada su perfecta disposicion, y regular Archîitectura es mas cómodo que estè donde la coloca Bort, según las buenas reglas modernas. En substancia la Yglesia que propone Bort es en un todo mucho mejor, mas barata, mas fuerte, de Architectura regular, y muchissimo mas hermosa, teniendo suficiente buque; no habiendo què prevenirle, si no que abra dos ò tres Puerttas, inclusa la principal.

"Por lo que toca al sitio donde la coloca Bort, tàmbien me parece bien, pues estando inmediato un Cenegal, para livertarse de èl fuera preciso apartarse mucho del Ferrol para aproximarla mas hacia Esteyro.

"En quanto à economia de aprovechar los fragmentos de la Yglesia bieja, demandas, disposicion, de caudales y gastos me parece muy bien lo que propone el Yntendente.

"Deseo que...12 de Febrero 1765"

Para coñecer esta igrexa podemos partir da tradición clasicista que se esvaeceu en boa medida no decurso do medievo. Os homes do Renacemento fixeron unha recuperación na que foi fun-

damental a edición da obra de Vitrubio entre 1483 e 1490. A partir de entón repetíronse as edicións e os arquitectos do séc. XVI seguiron aqueles pasos nunha liña que aboia de novo no séc. XVIII da man da Ilustración e, a través de Sánchez Bort, se fai presente en San Xiao.

Serlio, Vignola, Palladio e Scamozzi realizaron cadanseu tratado sobre da arquitectura. Tamén Leonardo escribira un tratado sobre do que Benvenuto Cellini fixo un libro titulado *Discurso sobre da arquitectura*, que interesou moito a Serlio.

O primeiro foi Serlio, que ergueu as cinco ordes á categoría de referente indiscutible. Entende que a arquitectura é unha gramática na que as regras son as ordes clásicas, que teñen un significado simbólico e son a chave da proporción e da función do edificio, aínda que a plasmación concreta de cada obra arquitectónica ofrezca unha interpretación flexible.

O tratado escrito por Vignola, de 1562, tenta fixa-las normas. Ten moito éxito e hai moitas edicións, das que salientamos as do séc. XVIII: en 1702, 1722, 1760, 1764, 1768 e 1772. O seu éxito explícase polo seu valor didáctico e a súa sinxela utilidade. É unha normativa breve, doada, concreta, práctica e accesible. Non é algo innovador ou sorprendente, senón un conxunto de fórmulas, e precisamente por iso atopou ó seu favor á artesanía industrial porque, ó ser un manual perfecto, puido ser empregado por persoas non especialmente cultas nin creativas⁷.

Foi no remate do séc. XVIII cando a *Régola delli cinque ordini* de Vignola se converte na *Regula* pola súa estrutura lóxico-matemática e entra sistemáticamente nas escolas, academias e liceos de Europa e de América. O curioso é que realmente non fora pensada para publicar, senón para os amigos e para os señores que querían saber todo da arte pero con pouco esforzo.

7. LEFEVRE, Thèodore. *El Vignola de los propietarios ò los cinco ordenes de Arquitectura según J. Barrozio de Vignola por Moisy padre, seguido de la carpintería el maderaje y la cerrajería por Thiollet hijo*. París: Librero-Editor.



Fachada completa.

En San Xiao tódalas columnas son de fuste liso e nalgunha delas houbo unha pequena redución de grosor de resultas dalgunha intervención posterior. Tendo este dato en conta é preciso verificar se se cumpren, e ata que punto, as indicacións dos tratadistas mencionados, fixándose especialmente en Jacopo Barozzi, porque é un referente que aparece na documentación de San Xiao en varias ocasións. Trátase, xa que logo, de comprobar, por exemplo, se a voluta xónica da porta corresponde ás indicacións de Vignola cando di a ese respecto explicando un debuxo:

“O principio está establecido. Do punto A báixese unha liña perpendicular chamada cateto, lévense sobre desta liña nove partes de enriba abaixo, para te-lo punto C centro do olo⁸; e neste punto descríbese un círculo coa parte dun raio, sendo a altura da voluta 16 partes, quedarán 6 partes de enriba abaixo.”

Se en San Xiao notámo-la presenza de Juan Jacopo Barozzi de Vignola, cómpre coñecer algo da súa traxectoria dende o seu nacemento en Vignola. Criouse en Bolonia, onde principiou a desenvolver-la súa paixón polo debuxo e a perspectiva de Masaccio, Peruzzi, Miguel Anxo, Leonardo⁹, etc. Daquela a perspectiva invadía todo. Vignola foi un entusiasta da perspectiva ata o punto de escribir un tratado, como moitos arquitectos do seu século. O seu tratado de debuxo foi publicado en 1583, postumamente, por Egnazio Dante. Tamén Palladio, por exemplo, axudou na obra *Vitrubio de Daniele Bárbaro* e logo escribiu *Sobre l'antichità di Roma raccolta brevemente dagli autori antichi e moderni*, e os *Quattro Libri*¹⁰.

É importante valorar algo que se desprende do interese e seguimento persoal do Vignola respecto de traballos moi específicos como é o do bronce que lle deu ocasión de trato con Cellini. Non é un tipo de práctica que se improvise nin Vignola era un improvisador. Neste trazo ten tamén similitude coa figura de Sánchez Bort.

Cómpre lembra-la formación humanista de Vignola en liña cun verdadeiro erasmismo cheo de confianza na intelixencia humana, a súa capacidade de converter un edificio militar en civil e maila súa competencia técnica, xa que foi un experto enxeñeiro hidráulico¹¹. Vemos que hai trazos coincidentes cos de Bort.

O talento de Vignola na perspectiva asegroulle nos primeiros tempos en Bolonia a amizade de Alberti e Guicciardini, pero unha das primeiras e salientables influencias que recibe Vignola é a de Peruzzi, que chegou a Bolonia –invitado polo fabricario de San Petronio– despois de traballar en Carpi, cando Vignola tiña uns catorce anos¹².

Algúns antecedentes de San Xiao: A planta e a cúpula

Sobre de 1514 estíbese a ergue-la nova catedral de Carpi, que Vasari atribúe rotundamente a Peruzzi, que traballou alí entre 1508 y 1521. Presenta un ciborio octogonal, coma o de San Nicolás de Carpi –construído entre 1493 e 1517–, que remata nun farol ou torreta tamén octogonal e que é un edificio que ten óculos en diferentes emplacements, como ocorre no de San Xiao. É moi evidente a semellanza entre San Xiao e a catedral de Carpi coa torre octogonal no seu centro, cuberta con tellado a oito vertentes, aínda que a catedral de Carpi ten planta de cruz latina e os extremos do

8. Refírese ó da voluta.

9. Tamén hai antecedentes e relacións entre Leonardo e a tradición técnico-científica paduana, e o cultivo da matemática en Bolonia así como el tivo influencia na creación do método matemático-experimental de Galileo.

10. PUPPI, L.: *Palladio*. Edicções Ttoray. Copyright Sadea Editore, 1968.

11. Importa coñece-los seus traballos de pontes, coma a do Samoggia (hoxe destruída), a canle Navile e outros.

12. WALCHER CASOTTI, M. “Itinerario del Barozzi”. En *La vita e le opere di Jacopo Barozzi*. Bologna, 1974.

transepto son curvos, namentres en San Xiao a pranta é de cruz grega e os extremos do transepto inicianse curvos para quedar truncados nun remate recto.

A presenza dun plano central tamén aparece nunha restauración que Peruzzi fai da igrexa de Madonna della Rose, a chamada *Rotonda*, que era un mausoleo desaparecido a finais do 1.600.

Peruzzi fixo uns proxectos da fachada e da cúpula de San Petronio de Bolonia, na que Il Ser-caderi foi o enxeñeiro da fábrica ata a súa morte no 1539. Sobre 1543 tamén Vignola buscou unha solución para esta fachada en liña coa Sta. M^a Novella de Alberti en Florencia, que non gustou na cidade¹³.

O octógono non era unha figura nova na arte, era moi apreciada polos arquitectos e amósase moi próxima ás ideas de Bramante e de Leonardo. En 1548 remátase o ciborio do altar maior segundo o proxecto de Vignola, que foi moi modificado no 1669 pero que era octogonal, sobre tambor e cunha lanterna rematada nun cupulín.

Os artistas do XVI manexaron unha morea de referentes intelectuais, de entre os que salienta a valoración historicista, por exemplo en Alberti, que o demostrou na fachada de Sta. María Novella, a unidade orgánica de Leonardo, formulando ó través dos seus debuxos un razoamento histórico diacrónico e o enfoque sincrónico plasmado na arquitectura de Bramante, aínda que ás veces este arquitecto ten importantes coincidencias coa concepción das grandes cúpulas dos debuxos de Leonardo. Ven ó caso mencionar que nalgúns debuxos de Leonardo se aprecia unha forte relación, cando menos no interior, co inicial desexo de Bort, xa que arredor do corpo central se pensaba en cubrir

con cúpulas as catro capelas pequenas. Así ocorrecos debuxos de Leonardo titulados *Estudo para igrexas con planta central e cuberta con cúpula*.

Bramante tamén incorpora a gran preocupación pola perspectiva. Nas súas obras –como na meirande parte das igrexas do *cinquecento*– os modelos de plantas presentan un plano central que frecuentemente se concreta nunha gran cúpula octogonal, que constitúe o centro dunha cruz grega.

A presenza do octógono ten as longas raíces dunha tradición románico-gótica que nos chegan dende igrexas de plantas totalmente centrais que se deron na arte románica e que eran un círculo ou un polígono octogonal¹⁴. A románica tamén empregou decote o octógono nos ciborios.¹⁵

Os exemplos son abondosos na Italia do principio do renacemento, en igrexas e campanarios como os mencionados de Peruzzi en Carpi, a cúpula de Sta. M^a in Fiore de Brunelleschi que se ergue sobre dun tambor octogonal con óculos ou, do mesmo autor, a igrexa do Sto. Espírito e a de Sta. M^a dos Anxos, todas en Florencia, e outros que se irán mencionando de xeito meramente indicativo.

A forma de cúpulas e plantas en octógono aparece en pinturas nas que se desenvolven temas arquitectónicos ó gusto da época, como é o caso do que aparece no cadro de Perugino *A entrega das chaves*, no de Carpaccio *Retorno dos embaixadores* ou no do veronés *Cea na casa de Leví*.

Na arquitectura, Bramante empregara esa forma para obras como a cúpula da sancristía ou o baptisterio de San Sático en Milán, e Sangallo "O Novo" ideou o ciborio octogonal de Sta. María de Loreto en Roma. No 1602 proxecta Nigetti esta

13. ORAZI, A.M.: *Jacopo Barozzi da Vignola 1528-1550. Apprendistato di un Architetto Bolognese*. Roma: Bulzone Editore/BSA 12, 1982.

14. A planta circular simboliza a resurrección de Cristo. Mesmo se dá a planta circular separada en oito partes por columnas, coma na igrexa do Sto. Sepulcro de Cambridge. De planta circular é tamén a de San Marcos de Salamanca.

15. Con esa planta podemos citar exemplos coma o campanario da igrexa abacial de Cluny, o ciborio de Paray-le-Monial (Saône-et-Loire) na Borgoña francesa, o ciborio da catedral de Santiago, a pranta de Sta. María de Eunate, a do Sto. Sepulcro de Torres del río, a da Vera Cruz. Do período gótico aparece por exemplo no ciborio da catedral de Burgos e no Baptisterio de Florencia.

feitura poligonal para a Capela dos Príncipes ou Capelas Mediceas do conxunto de San Lourenzo de Florencia. Tamén no Pavillón do encoro (*stagnano*) en Fontainebleau (restaurado en tempos napoleónicos) temos un pequeno edificio de planta octogonal que encaixou moi ben nos intereses primeiros de Vignola e nas influencias de Leonardo e de Peruzzi.

É evidente a pegada de Peruzzi na *colombaia* ou pombal octogonal de Minerbo, atribuído a Vignola. A idea da repetición é de Vignola: o octógono repítese na lanterna. Deste xeito, a través dun longo camiño, chegamos a San Xiao, que presenta o seu ciborio octogonal cuberto con tellado, moi en liña coa obra de Peruzzi, e remata nunha lanterna octogonal.

A Peruzzi atribúenselle os planos da capela Ghislandi na igrexa de Sto. Domingo de Bolonia, que ven sendo un cadrado que se transforma nunha cruz grega polo efecto de catro grandes piares colocados nos seus ángulos. Parece que Vignola traballou nesta igrexa como proxectista de perspectiva. Ten certa semellanza co plano central de San Xiao, no que o octógono do exterior remata nunha lanterna octogonal e queda convertido en semiesfera no interior, configurando un importante corpo central delimitado tamén por catro grandes piares.

A Barozzi entusiasmáballe a perspectiva, pero non quedou na elegancia da proporción senón que, a maiores, foi complicando o sistema e creou e sedimentou novas experiencias e achados.

Vignola complica a elegancia do sistema proporcional e engade dramatismo. Traballou o octógono, pero tamén a cúpula de planta circular, e mesmo chega a darlle feitura elíptica en Sant Andrea en Vía Flaminia, en Roma. A planta elíptica puido ter chegado a Peruzzi, a Bramante e a Vignola polo influxo de Leonardo.

O Pórtico

Peruzzi tamén traballou o concepto de loxa ou pórtico na casa de Giovanni Ricci en Montepulciano, aínda que nese caso é presentado con columnas. Vasari di que Peruzzi foi o autor da porta de San Miguel in Bosco e hai un documento do pago dun dos debuxos da porta, aínda que se sabe que a execución a fixeron Bernardino de Milán e Giacomo Andrea de Ferrara. En calquera caso, Vignola recolleu esas experiencias.

Os arcos de Vignola e o seu gusto arquitectónico aparecen en moitas pinturas feitas a partir dos seus cartóns, e así o vemos nalgunhas escenas coma *O testamento de Sto. Domingo* na Spalliera de Sto. Domingo de Bolonia (no armario litúrxico) e no *Moisés salvado das augas* no Metropolitan Museum de Nova York, executado por Fra Damiano.

O esquema do triple arco que dá acceso ó pórtico ou nártice en San Xiao pódese "prever" mellor na Anunciación da porta da sancristía de Sto. Domingo, feita sobre probable cartón de Vignola.

Vese a escena nunha praza *vignolescamente peruzziana*¹⁶. Trátase dun cartón do que o antecedente exacto é un panel co *Milagre de San Pedro e San Xoan* en San Estefano de Bergamo, feito a partir dun cartón de Bramantino. Sen espallarse máis, resulta moi evidente a abundancia de mostras de pórticos e de loxas en arcos de medio punto, e o frecuente emprego do triple arco na arquitectura italiana dende os primeiros exemplos no séc. XIV, coma a *Loggia di Orcagna* na praza da Señoría, de Benci di Cione e Simone Talenti, o *Pórtico do Novo Mercado* de Giovanni Battista del Tasso, e o *Pórtico Rucellai*, realizado segundo deseño feito por Alberti na década de 1460, por poñer exemplos soamente da cidade de Florencia, aínda que se poden engadir outros casos coma os

16. ORAZI, A.M.: *Jacopo Barozzi da Vignola. 1528-1550. Apprendistato di un architetto bolognese*. Bulzoni Editores.

17. Outros exemplos vense no pazo Farnesio de Roma, de Sangallo "O Novo"; no pazo do té de Mantua, que é de aparello almofadado; na vila Giulia de Vignola en Roma; na fachada do pazo Corner o Ca Grande de Jacopo Sansovino en Venecia, con triple arco no corpo inferior, que é todo almofadado, e na Villa Bárbaro de Palladio, no ninfeo, nos seus corpos laterais, etc.

tres arcos que coloca Vignola no pazo *Mattei Pa-*
ganica en Roma.

No 1542 atopamos a Leonardo da Vinci –xa
contratado polo rei de Francia Francisco I– en
Fontainebleau, e alí coincide con Benvenuto Celli-
ni, Serlio e Vignola. Ocorresenos tamén a relación
da triple arcada do pórtico de San Xiao coas do-
bles (unha no baixo e outra enriba, no primeiro
andar) do pazo de Fontainebleau. En xeral gusta-
ron moito os renacentistas do triple arco.¹⁷

Ó falar dos arcos e do italianizante da igre-
xa de San Xiao podemos sen dúbida mirar tamén
a Palladio, que utilizou o triple arco en *Villa Godi*
en Lonedo, na *Villa Caldogno* en Caldogno, na
Loggia del Capitaniato en Vicenza e tamén na *Vi-*
lla Bárbaro en Maser, na que hai dous corpos

extremos de traza similar a San Xiao (sen os cor-
pos das torres), con cadanseu triple pórtico que se
xuntan ó edificio central a través de dúas galerías
porticadas.

Se observamos os debuxos de fachadas de
Vignola vemos que en varias delas aparece o tri-
ple arco con dúas variantes. Unha delas é debuxar
tres arcos iguais. A outra posibilidade é presentar
un arco central con maior altura e/ou anchura
que os laterais e realzalo decorativamente na do-
vela central, que así subliña a diferenza con res-
pecto ós arcos laterais.

Éste é o deseño do pórtico de San Xiao:
unha entrada con tres arcos, dos que destaca o
central polo seu tamaño e por ir enmarcado cunha
decoración arquitectónica con elementos da orde



O octógono en San Xiao: ciborio e lanterna.

xónica, que fan sobresaí-la portada ó tempo que convirten a entrada nun arco de triunfo e nun anticipado retablo cun deseño similar ó que se ergue sobre do sagrario e ó dos catro retablos das capelas pequenas.

É oportuno mencionar que Jorge Vasari falou das tres etapas do renacemento e afirmou que os artistas da segunda xeración engadiran ós da primeira a regra, a orde, a medida, o debuxo e a maneira, e que isto fixo doado que os artistas da terceira etapa puidesen superarse a partir deste punto.

As ordes arquitectónicas e os elementos

Unha cuestión importante é analiza-la orde polo que respecta á separación de estilos sen que se produza mestura ou contradición entre eles¹⁸. As ordes en San Xiao son xónica e composta. Na súa concepción hai unha clara pegada do Renacemento italiano e de Roma.

Dicía Vitrubio que para Minerva Marte e Hércules habíanse facer templos de orde dórica namentres que para Juno, Diana, Baco e outros sería xónica, intermedia entre a severidade e solidez dórica e a delicadeza corintia. En Ferrol, na Porta do Dique e na porta principal da Sala de Armas, edificios vencellados a Marte e a Minerva, escóllese a orde dórica, namentres que no caso de San Xiao escolleu Bort, como enxeñeiro militar e como ilustrado, a elegancia xónica para a porta, os retablos e as pilastras adosadas ó muro, deixando a orde composta para as catro columnas do retablo maior, grandes, fortes, elegantes e rechamantes. Nada é casual¹⁹. Non se emprega o denticulado nada máis que nos lugares de orde xónica –polo tanto

non aparece no altar maior– e segue niso tamén a Vitrubio, cando este di que non se deben transferir cousas dunha orde a outra porque danaría á vista, xa que cada estilo ten as súas propias leis.

En San Xiao aparecen dun xeito bastante rotundo elementos da arquitectura romana e renacentista: arcos de triunfo, casetóns con flores inscritos, arcos de medio punto, cúpulas, grilandas, pilastras adosadas, aparello de cantería almofadado e emprego de motivos decorativos vexetais coma palmas, follas de perexil, palmetas e outros, empregados polos renacentistas italianos, e dende logo por Vignola, e presentes estes últimos nos púlpitos e gardavoces.


Éntrase ó edificio ó través dunha porta a xeito de arco de triunfo ou porta da cidade (a cidade de Deus). O retablo do altar maior presenta sete casetóns con floróns inscritos e a ábsida presenta dúas series de nove casetóns. Tódolos arcos son de medio punto e hai pilastras con capiteis xónicos de volutas esquinadas²⁰ con grilandas. A fachada presenta franxas de aparello almofadado. As luces da igrexa son óculos, ou fiestras rectangulares de orellóns, típicas do século XVIII, pero xa presentes en Vignola no pazo Mattei Paganica de Roma e no pazo Bochi, ou as rectangulares de modelo renacentista típicas do Vignola ou de Sangallo, coa peculiaridade de que nesta igrexa algunhas teñen o lintel curvo. Polo que respecta ós espazos con almofadado e ás grilandas de San Xiao, subliñamos que os almofadados son moi do gusto de Vignola, Palladio, Serlio e outros, e que tamén as grilandas foron do agrado de moitos arquitectos como Palladio, Sangallo “O Novo” ou Miguel Anxo.²¹

18. BENEVOLO, J. *Hª de la Arquitectura del Renacimiento. La Arquitectura Clásica del S XV al XVIII*. Editorial Gustavo Gili S.A.

19. *El Vignola de los Propietarios*, Opus cit.


20. Ut supra: *Capitel y cornisamiento compuesto*. Lám 25 e 26.

21. Os almofadados no pazo Farnesio en Caprarola de Vignola, no patio do Pazo do té de Giulio Romano en Mantua, no prebramantesco Pazo da Chancelería de Roma, no Pazo Farnesio de Sangallo o Novo en Roma, con presenza de Miguel Anxo, no debuxo de Serlio para unha fachada, na vila Giulia de Vignola, na fachada do Pazo Merino de Alessi en Mantua, etc. As grilandas vémolos no pazo de Porto Breganze en Vicenza de Palladio, de Sangallo “O Novo” no pazo Farnesio de Roma, de Miguel Anxo na basílica de San Pedro de Roma, de Fontana no pazo Real de Nápoles, de Miguel Anxo na Capela dos Médicis de Florencia. Poderíanse seguir citando moitísimos exemplos.




Debuxos de fiestras de Sangallo e de Vignola.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879



Fiestra de San Xiao.



Fornelas romanas dos baños de Paulo e Emilia. Roma.



Porta principal de San Xiao. Módulos semellantes no altar maior e nos catro laterais.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena, 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Retablo lateral de San Xiao.



Retablo do cruceiro.

Un dos valores da arquitectura para Vitruvio era a conveniente distribución dos módulos adoptados como unidades de medida para toda a obra, a disposición de tódalas partes de xeito que despois de colocadas fagan un conxunto elegante, nunha integración que se traduce na pranta (Ichnografía), o alzado (Ortografía) e a perspectiva (Escenografía). Valórase tamén a euritmia que produce aspecto grato e belo pola disposición e pola correspondencia entre altura e anchura, e a simetría e proporción, e por outra correspondencia entre o todo da obra e as súas partes.

Cando se executa no séc. XVIII o proxecto de San Xiao vai ir experimentando algunhas variacións por diferentes causas. As de índole económica provocaron a necesidade de rebaixa-la altura das torres, aínda que logo se puido dar un pouco da que se deseñara inicialmente. En liñas xerais, as modificacións consistiron en facer máis cimentación e en empregar máis cantería da prevista. Pero ademais fixéronse algúns cambios no deseño, como a supresión da torre da ábsida da capela maior, a construción de dúas torres no oeste, o cambio do ladrillo dos arcos interiores por pedra, a apertura de tres portas e a modificación da fronte e o testeiro. A idea inicial de cubrir con cupuliñas as catro capelas pequenas é substituída –por razóns económicas– por unhas bóvedas sinxelas e non se chega a facer na fachada o medallón co martirio de San Xiao.

Son moitas as relacións que se poderían establecer dun xeito moi xeral con outros templos non mencionados coma o Pilar, o Escorial, ou San Pedro do Vaticano, do que se recolle a tipoloxía de templos que presentan uns grandes piares que soportan a cúpula central e establecen unha organización do espazo.

Pódense establecer tamén relacións de semellanza con outras obras de Vignola, coma a

igreja do Xesús e a xa mencionada de San Andrés de vía Flaminia, ámbalas dúas en Roma. Tamén se pode establecer unha relación de analoxía parcial con Sta. M^a de Carignano e é posible atopar certa relación coa cúpula sobre dun octógono da catedral de Pavía, coroada por unha lanterna, na que traballou Bramante. Precisamente Bramante exemplificou o paso previo ó comezo da terceira xeración no Renacemento por canto, no seu emprego das regras da arquitectura, el variáas e reinterpretáas con certas liberdades. Tamén quixo e buscou a selección e sistematización dos modelos. Cando traballa en San Pedro do Vaticano manda que os canteiros copien os capiteis do panteón de Agripa, que son agrandados en relación 12 a 5.

As categorías de interese engadidas polos artistas da segunda xeración renacentista non foran dabondo na Italia do século XVI. Afondando nelas chegouse á superación do *perfecto* na pescuda do *belo*, o cal foi executado pola seguinte xeración, a dos realizadores da *terza maniera* que non é a maneira perfecta senón a maneira bela.²² Cando os arquitectos italianos crean a *terza maniera* buscan o valor da perspectiva para pasar do real ó representado e na arquitectura, coma nas outras artes, adquire peso específico a importancia da matemática, os números, as proporcións e os intervalos e silencios, como se pon de relevo mesmo na música. A partires de entón aparece a combinación modular.

Os módulos

O gusto seguiu mudando. Despois de Miguel Anxo e de San Pedro do Vaticano a *terza maniera* está rematada e comeza unha etapa nova, con novos obxectivos, e foi Jacopo Barozzi da Vignola, un dos sucesores de Miguel Anxo en San Pedro, un dos que comeza esta etapa sen esquecer-los achados anteriores. Vignola dá outro paso, reducindo

22. TAFURI, M.: *Jacopo Barozzi da Vignola e la crisi del Manierismo A Roma. Boll CISA Andrea Palladio IX*, 1967, pp 385 e sgg.

o importante da *terza manera* ós elementos constantes que son as cinco ordes da arquitectura. Ex-téndese un modelo do templo no último terzo do século XVI e primeira metade do XVII, no que teñen a máxima importancia os aspectos técnicos. Xorden por eses anos de produción de Vignola, sobre do 1560, combinacións das formas clásicas.

Dende aquela a arquitectura do final do renacemento baseouse frecuentemente na repetición de módulos, mantendo a racionalización das cotas. Vén moi ó caso comentar todo isto porque o modular será tamén un dos valores na concepción do urbanismo e da arquitectura da segunda metade do século XVIII. Polo que toca ó urbanismo, haberá diferentes propostas para as cidades, unha delas será a das cidadelas de función exclusivamente defensiva, namentres que outra será a das que teñen función defensiva pero con importante preocupación polo hábitat ou con preocupación polo hábitat e pola función, ó que se engade a pescuda da estética. Neste senso temos, por unha banda, as poboacións como Edimburgo e Ferrol, en retícula, completamente regulares, simétricas e equilibradas, e por outra, realzando a preocupación estética, as que responden a un gusto polo modular como Nancy ou Bath, con prazas que sucesivamente van presentando plantas xeométricamente diferentes cun realce máis escenográfico: o cadrado, rectángulo o círculo, etc. A combinación modular amósase dun xeito total na igrexa de San Xiao, cunha combinación de conxuntos simétricos exactos ou invertidos na arquitectura e na escultura dos retablos.

Esta combinación de módulos empregouna Vignola, e posiblemente foi un dos camiños polos que chegou a Sánchez Bort, no que adiviñamos tamén un coñecemento de Palladio e de Scamozzi.

Pois ben: todo isto está moi presente en Sánchez Bort, que comparte ideais estéticos doados de comprobar en detalles coma o emprego do capitel composto do altar maior, que é utilizado decote por Vignola en piares, pilastras e columnas, como se ve por exemplo no pazo Farnesio en Caprarola.

Sobre da porta principal coloca Sánchez Bort un tímpano de segmento circular destacado diante do plano da fachada. Sobre del un segundo corpo rectangular aparece presidido por un medallón con dúas fiestras ós lados. Este corpo presenta un enlace cos extremos do corpo inferior ó través de triángulos rectángulos nos que a hipotenusa é un arco. Nos extremos remata en pináculos. Non presentan estes triángulos ningún adorno máis que o filete de granito nos arcos dos triángulos. Parécese ós da igrexa de San Marcos, construída por Michelozzo (reestructurada despois por Gianbologna e Silvani), e ós corpos laterais de Villa Bárbaro en Maser. En ningunha delas hai adornos en espirais como presentan outras da mesma estética, coma o Xesús de Roma de Vignola, ou a de Sta. María Novella de Alberti, en Florencia.

No tocante ó remate da fachada en tímpano triangular hai moitísimos antecedentes. Neste caso leva un óculo inscrito e tamén hai antecedentes co mesmo detalle, por exemplo a igrexa de Sta. María a Nova de Vizenza, adxudicada a Palladio²³. Haberá que establece-las relacións da obra de Vignola e de Palladio²⁴.

O intendente Antonio de Perea, marqués de Monteverde, criticou a semellanza da obra de Bort co Sant Andrea Avelino de Roma, e resulta sorprendente que outros personaxes o corroboraran, cando non se sabe nada desa igrexa²⁵.

O que queda de manifesto é o coñecemento que Sánchez Bort tiña dos arquitectos renacentis-

23. COLL Y MARCH, J. *Tratado Práctico de Arquitectura coas cinco ordes segundo Vignola-Palladio-Scamozzi. Estudio das ordes Gregas e Romanas*.

24. GLOTON, J.J. "Vignola et Palladio". En *Boll CISA Andrea Palladio VIII*, 1966, pp. 82-100.

25. A igrexa de Sant Andrea Avelino de Roma é un edificio contemporáneo e no seu terreo non houbo anteriormente ningunha igrexa.

tas xa citados, e de obras como a igrexa dos santos Lucas e Martina de Pietro de la Cortona²⁶.

No séc. XVIII a arquitectura mira a referentes que ten moí preto sobre de cúpulas, tímpanos, columnas e demais elementos que aparecen nos debuxos que se presentan na *Academia de Bellas Artes*. En virtude delas podemos entender a fábrica de San Xiao como unha verdadeira teoría con moí poucas licencias e que as que ten son motivadas. Algunhas desas modificacións empobrececeron o templo, aínda que en xeral lle deron un aire de sobriedade e medida propias dunha depuración do gusto provocada pola precariedade económica pola que non podía haber dispendios en adornos sobrantes, ó tempo que se mantiña a amplitude dos espazos e a elegancia dos elementos.

Na fachada apreciamos unha superposición alternante de tímpanos. A alternancia prosegue no interior, nos tímpanos dos retablos. Pódese obxectar que os retablos non son arquitectura, pero o certo é que constitúen núcleos modulares empregados como medio para honrar unha determinada advocación empregando unha decoración simplemente arquitectónica. Os retablos son deseñados co mesmo estilo, cun tratamento totalmente unitario.

A forma que vemos no exterior permite adiñar-la do interior, igual que a porta, en granito, nos permite supoñer-los retablos do interior, en madeira, coma se a porta fose a vangarda, e sen esquecer tampouco a estreita relación dos catro retablos menores co concepto de fornella romana, segundo os modelos das dos baños de Paulo e Emilia en Roma. A pesares de diferenzas no tipo de capiteis e no lintel, tampouco se pode esquecer, como fonte conceptual destes altares, as dos deuses do Panteón de Agripa, tamén en Roma.

A concepción do deseño da porta é a mesma do tabernáculo, máis exactamente, a mesma que a

parte que está inmediatamente sobre do sagrario, enmarcando un corpo cilíndrico –a xeito de arco de triunfo– e coincide tamén cos catro retablos menores. O retablo do altar maior, coroado por tímpano triangular –como a fachada–, é o contrario que os do transepto, rematados en arco.

O corpo cilíndrico sobre do sagrario debeu ser un modelo bastante similar ó farol exterior. O farol é un elemento moi ó gusto renacentista, que se mantivo no Barroco francés e tivo éxito no Neoclasicismo. En San Xiao pensouse nun principio cunhas columniñas de madeira forradas en prancha de cobre ou de chumbo, segundo se desprende da documentación, aínda que é o elemento do que temos datos menos concluíntes. Aquí teríamo-lo caso do aspecto decorativo –como remate da cuberta– coa intencionalidade funcional de dar luz e coa carga simbólica dunha lanterna ou farol que se ve dende o exterior para que todos saiban que dá claridade ós crentes. Esta lanterna ten unha réplica similar, aínda que non igual, no interior. Sobre o sagrario vemos un elemento a xeito de farol que dende o altar maior significase a luz do Espírito Santo sobre os fieis. A súa feitura lembra as farolas das galeras, coma as da que participou na batalla de Lepanto dirixida por D. Juan de Austria. E isto é –quizais casualmente– nunha igrexa preparada para actos castrenses, nunha capital de departamento que era luz no século das luces. Esta igrexa é un exemplo perfecto de ritmo alternante.

Aínda pecando de reiteración, pódese dicir que, se a concepción da fábrica e dos retablos foi simultánea, é lóxico que a característica resultante máis notoria sexa a unicidade, a total harmonía e coordinación dos elementos.

Non abordamos agora o relativo ós retablos, pero vén ó caso voltar a Vitrubio, cando dicía que especialmente na arquitectura hai dous

26. Será conveniente medir con exactitude os elementos que forman as bases, columnas, capiteis, etc. Cada parte é importante para decidir se se seguen pautas exactas e se corresponden ás establecidas por Vignola ou por algún outro, tendo en conta a posible irregularidade producida por diminución a causa dalgunha intervención de restauración ou de falta de recursos.

termos: *o significado* e *o que significa*. Do significado di que é o que un se propón tratar, é dicir, a igrexa en si. O significante é a demostración desenvolvida mediante principios científicos. Pódese ben face-la análise da forma e o fondo ou contido coma se dunha obra literaria se tratase. A forma é italianizante e emprega a metáfora e a alegoría, xa que os elementos teñen un significado. Hai unha imaxe, pero está acochada, polo que nós vemos soamente o termo real. Posiblemente non nos deamos conta desa dicotomía e non cheguemos a comprender que os elementos do altar maior son os que vemos, e pola outra son a explicación da *Apocalipse* de San Xoán.²⁷

ALGUNHAS IGREXAS E CAPELAS

(Brevisima reseña)

San Francisco

O edificio actual comezou a edificarse no ano 1754, despois de que, no 1751, o bispo de Mondoñedo dera unha cantidade para a obra. Semella que a fábrica comezou no 1757. A fachada é de orde dórica. Non se sabe do seu autor nin hai correspondencia entre o interior, que dá unha resposta máis ben tradicional, e o exterior, que dá unha resposta moi propia da estética clásica e que está na liña da arquitectura civil en acordo co gusto dos enxeñeiros militares.

Orde Terceira

A xunta desta orde existía no convento de San Francisco. A capela foi erixida segundo deseño de Pedro Lizardi, arquitecto das Reais Obras. Principia a súa construción en 1763. Detéñense as obras no 1764 e comenzan no 1765 ou 1766 con Luis de Atocha como mestre (o que foi o asentador de San Xiao).

O Socorro

A imaxe desta Virxe estaba nun oratorio na porta do Castro.

O 2 de febreiro xúntanse na parroquia moitos veciños –a maioría de Ferrol Vello– e acordan fundar unha irmandade que é aprobada polo bispo de Mondoñedo o 18 de marzo de 1757. En 1764 o bispo concedeu licencia para sinalar terreo para a construción. Segundo Aróstegui, colocouse a primeira pedra o 1 de xaneiro de 1767 e puido ser deseño de Lizardi. Ocorre nese ano, sendo mordomo Juan Antonio Cabeza e contando coa aprobación do bispo de Mondoñedo.

A obra está detida en 1784 e o cofrade Roque Bugallo, mestre de cantería, ofrécese a continuala, polo que se estipula nunhas capitulacións que será “*a imitación dela Capilla de nuestra señora delas Angustias que se está hedificando enesta Población...*”.

En 1787 non estaba rematada e o mordomo Luis Fernández tenlle posto preito a Bugallo. Levábase pagado ata daquela 16.000 reais do importe da obra, e debíanselle 4.000 ata o momento.

O número de cofrades nese ano era de 383²⁸. A espadana non é a orixinal, xa que aquela foi destruída por un temporal no 1822.

As Angustias

A imaxe era venerada na capela de San Amaro. Nunha xunta de veciños faise unha irmandade que celebra a primeira xunta en decembro de 1768 no pórtico daquela capela. Fanse as constitucións e son aprobadas.

A congregación é fundada en abril de 1780, no que ademais se pide licencia ó bispo para construír unha capela, que se vai erguer sobre dun terreo cedido por José María Bermúdez. O 23 de setembro de 1781 aparecen diante do escribán e testemuñas os membros da confraría e tres mes-

27. Para coñecer este aspecto: SÁNCHEZ YAÑEZ, M.: “La concatedral de San Julián”. En *Revista Estudios Mindonienses*. (2002), Nº 18.

28. AMF Leg 39 D C 921 A

tres de cantería e mampostería, e alí din que “*determinaron sacar a publicas posturas y remate la fabrica y obra dela nueva Capilla que tienen principiada a construir*”. Faise remate en Ignacio Cerviño e Juan de Barros²⁹.

Continúan as obras o 6 de xuño de 1785, detéñense, paran de novo e reanúdanse en 1786.

Trasládase á virxe dende San Amaro en 1787 e conclúe en 1788.

A noite do 14 de xaneiro de 1805 un temporal fixo moito destrozo, xa que: “*Secaiola Espadana o torre delas Campanas dela Capilla dela Angustia deesta Villa, destrozando mucha parte del templo desu beneracion, y según noticias que hà tenido SS procediò la aberia dela mala construcion y poca firmeza enlos cimientos y ancho deque pudieron resultar, a noser la ora yntectiba, y quelas gentes estaban recojidas, funestas consecuencias, Y atendiendo a que la dela Capilla del Socorro, fue construhida por un mismo Maestro, y aparenta estar lo mismo que la dela Angustia...*”

A actual espadana data de 1852, é moi similar á do Socorro.

Capela do Hospital de Caridade

De Dionisio Sánchez Aguilera.

A irmandade é constituída en decembro de 1782. A primeira pedra colócase en terreos cedidos polo conde de Lemos e outros, e o 29 de xuño de 1783 comeza o edificio segundo planos de Dionisio Sánchez Aguilera. Moitos operarios e xornaleiros ofrecéronse a traballar de balde os domingos na súa fábrica.

En 1785 o obispo concedeu permiso para construír unha capela provisional. O ano 1786 colocouse a imaxe da virxe. En 1789 fundouse a *Asociación de Hermanas de la Caridad*.

A capela definitiva comeza coa colocación da primeira pedra o 30 de maio de 1792.

Dores

Foi erixida pola congregación de N^a Sra. das Dores ou Dolores, que fora fundada no oratorio do Santo Cristo dos Navegantes, onde estaba a imaxe da Virxe Dorosa, dentro da igrexa parroquial. No 1750 obtivo licencia e foron aprobadas as súas constitucións en marzo de 1752, segundo regra dos servitas do convento da Virxe do Bo Suceso en Barcelona. No 1771 pide a Congregación ó *Comandante General* que Sánchez Bort lles marque un terreo para edificar, aproveitando as vantaxes dadas pola Coroa para a construción na Magdalena.

Non sabemos se o autor foi Sánchez Bort. Vigo Trasancos non cre que sexa Lizardi e acepta como posible a Ortiz Lastra. É un edificio neoclásico. A súa consagración foi no ano 1780.

San Roque

Era unha capela que existía probablemente dende o séc. XIV ou XV. Non se conserva porque foi refeita e actualmente é convento das monxas adoratrices.

Esta capela tivo o primitivo paso do apostolado, do que sabemos que está moi deteriorado en 1803.³⁰

Capela de Dolores do Hospital Militar

Foi construída pola Mariña en 1796.

O Carme

A imaxe da Virxe do Carme estaba no altar maior de San Xiao. En 1802 solicitouse a imaxe da virxe do Carme, que estaba na igrexa de San Xiao a cambio doutra que a parroquia quixese. É aceptada a permuta polo bispo.

Colocouse a primeira pedra para a nova capela en setembro de 1803. En 1850 decidiuse construír outro novo templo. Logo seguíronse as obras ata 1856.

29. Ut supra

30. AMF Leg 39 C C 920 A

Capela da Magdalena

Xa existía dende 1412 e foi destruída pola Mariña en 1750.

Capela do Cristo

Foi fundada en 1688, construída sobre da porta do Arco, que foi demolida en 1826 . Dela foi trasladado o Cristo da Boa Viaxe á capela da Orde Terceira.

Capela de San Amaro

Foi fundada en 1659. Desaparecida.

Capela da Virxe da Mercede

Do pazo do mesmo nome en Ferrol Vello. Desaparecida a capela e tamén o pazo.

Capela de San Rosendo

Os tres ferrados de terra chamados *O Bacelar* foron mercados en 1775.

Construíuse daquela o camposanto, pero a xente non quería ir á terra lonxe da igrexa. Ergueuse a actual capela-igrexa para convencemento das persoas entre 1806 e 1808.



do Ferrolán

A ALAMEDA

ZONA VERDE DA ILUSTRACIÓN

María José Leira Ambrós



MARÍA JOSÉ LEIRA AMBRÓS
Licenciada en Biología
Profesora no Instituto Concepción Arenal



Ateneo Ferrolán

Ateneo Ferrolán
www.ateneoferrolan.es

O novo xeito de pensar e facer

do século das luces non só se manifesta nos arsenais e no barrio da Magdalena, tamén o fixo nas súas zonas verdes, sendo a máis importante a alameda.

Creouse co espírito e os criterios máis innovadores da súa época, que deron un xiro ó concepto que se tiña ata o momento do xardín, xurdindo entre outras formas de expresión vexetal.

Coñecer os propósitos cos que se fixo, a función integradora que desempeñou e aínda desempeña entre o arsenal e a Magdalena, a súa influencia noutros deseños e a súa contribución ó cambio dos costumes sociais da época, é fundamental para entender o seu excepcional valor, moitas veces descoñecido ou esquecido, o que quizais sexa a clave das desfeitas que sufriu en tempos pasados.

A orixe da xardinería é remota e pérdese nos albores da historia da civilización.

Coñecemos moitas culturas que desenvolveron esta arte. Os xardíns creados por una cultura herdán aspectos e avances das anteriores, como poden ser as innovacións técnico-agrícolas, referidas á auga ou á mesma concepción do xardín; mais non por iso deixan de ter unha identidade propia, xa que a súa forma de deseño e función

estarán marcadas polo coñecemento, as crenzas e mailo espírito da cultura que os erixe.

Deste xeito, distínguese entre unha xardinería exipcia, persa, grega ou romana. Esta última foi herdada pola xardinería contemporánea a través dos italianos renacentistas e dos franceses do século XVII.

Co desenvolvemento da xardinería renacentista en Italia, o xardín acadou cotas altas: apareceu unha nova relación coa paisaxe porque se tomou conciencia de que a súa visión produce goce e, para recrealo, levantáronse xardíns integrados na topografía, tratando de que se viran favorecidos coa paisaxe exterior, as sebes e a ornamentación fixéronse máis complexas, tamén os xogos coa auga. Naceron os fermosos xardíns de Villa Caprola, Lante, Orsini, D'este, entre outros.

Ó longo do século XVII Francia encargouse, como ninguén fixera ata o momento, de desenvolver o xardín lúdico-ornamental e levar ata a súas últimas consecuencias a xardinería xeométrica. Créanse dúas obras mestras: Vaux e Versailles,

onde a técnica xardineira chegou a unha cota altísima. A finalidade destas obras foi a de render culto ó monarca absoluto.¹

No século XVIII Inglaterra tomou o relevo da xardinería, construíndo o xardín paisaxista onde se trataba de dominar a natureza corrixíndoa para acadar efectos psicolóxicos e sensuais que, en moitos casos, remataban nun naturalismo artificioso². Este xardín aínda é gozado polas clases altas da sociedade.

O salto da expresión sensual do xardín ó sentido social e funcional das zonas verdes deuno o pensamento ilustrado, que levanta espazos verdes para dar dignidade ó contorno das cidades e revalorizar os espazos públicos, ou para poñelos ó servizo da ciencia e da investigación botánica. Proliferan: por un lado, as alamedas e os paseos públicos que se integran na estrutura urbana ou a rodean para facela máis fermosa, saudable e ordenado o seu contorno e, á vez, para pracer e recreo do pobo; por outro, os xardíns feitos coa fin de estudar e exhibir plantas exóticas traídas das expedicións a outros continentes, (estes xardíns existían con anterioridade, pero neste século o seu número medrou pola grande importancia que adquiriu a Botánica e o descubrimento de novas especies).

En España, os Borbóns impuxeron e sufragaron as ideas da Ilustración, aplicáronse novos conceptos de urbanismo e salubridade, reformando cidades e pobos nos que se fixeron paseos e alamedas populares. Ademais, incentivouse e apoiouse a investigación botánica como nunca se

fixera, tanto na propia península coma nas colonias de ultramar, sobre todo máis nestas últimas, polo rendemento da utilidade das novas especies exóticas³. Como consecuencia, levántanse os xardíns botánicos e os de aclimatación para o estudo, coidado e logro das plantas e sementes traídas nas viaxes. Xeráronse intercambios de especies entre Europa e países de ultramar, tamén a febre coleccionista de plantas que provoca un aumento de especies exóticas en tódolos xardíns da época.

Galicia, nese momento, transforma as torres fortalezas en pazos, e baixo os seus auspicios nace a xardinería galega. Esta volta á organización do agro foi propiciada polas ideas ilustradas que potenciaron a agricultura, e os propietarios acondicionaron as súas propiedades para obter rendemento das súas terras. Os xardíns dos pazos, pola súa distribución e función con relación á zona agrícola, tiñan e teñen moito que ver cos das vilas rurais romanas⁴, o que os alonxa dos novos conceptos ilustrados, aínda que sexan unha das vías de introducción da flora exótica ornamental de Galicia, levada a cabo moi timidamente durante este século, a pesar da importancia que adquiriu o porto da Coruña a partir de implantarse as medidas de libre comercio coas Indias.

En Ferrol converxeron as ideas máis innovadoras da Europa do dezaioito. Os Arsenais e o barrio da Magdalena foron pensados e executados con criterios racionalistas por enxeñeiros militares, quen na maior parte dos seus proxectos engadiron zonas verdes para ordenar o espacio entre a nova cidade, o arsenal, Esteiro e Ferrol Vello.

1. "Pero aquí se trata de rendir culto al monarca absoluto (o en su defecto, al señor absoluto del jardín), de crear una escenografía donde el personaje central quede realizado y donde pueda desenvolverse con toda su parafernalia de súbditos, vasallos, criados [...]". EN PÁEZ DE LA CADENA: *Historia de la Jardinería*, p. 218.

2. GARCÍA FONT, J.: *Historia y Mística del Jardín*.

3. "[...] el mundo natural debe inventariarse, no sólo por inquietud o curiosidad científica, sino porque su conocimiento es piedra de toque en el nuevo modelo de relaciones coloniales, en la nueva forma de articularse el imperio. Las expediciones científicas pasan a ser parte sustancial de la política reformista Borbónica[...]". EN PUERTO SARMIENTO, F.J.: *La Ilusión Quebrada*, p. 80.

4. Como nestas a súa estrutura está dividida en dúas partes: a máis próxima á vivenda, máis formal, traballada máis intensamente, tratada con parterres e sebes recortados, que disfrutaba o dono, e a máis alonxada, menos formal, con pequenos bosques ou aberta, que favorecía o tránsito cara á zona agrícola.


AS ZONAS VERDES NOS PROXECTOS FEITOS PARA OS ARSENAIS-BARRIO DA MAGDALENA

Situáronas nos diferentes proxectos entre os núcleos mencionados no apartado anterior e están pensadas para ser funcionais á parte militar, á cidade ou a ámbalas dúas. Caracterízanse, unhas veces, por ser camiños bordeados de árbores que dan unha solución de continuidade entre partes afastadas ou realzan e ornamentan as portas da zona militar; podemos atopar exemplos no paseo que unía o barrio da Magdalena con Esteiro ou os que se situaban bordeando calquera das entradas do arsenal. Outras veces, as zonas verdes resolvíanse ordenando un espacio baleiro con aliñacións de árbores dispostas en xeometría cartesiana, formando rectángulos que deixan camiños entre elas. É raro que aparezan xardíns con parterres deseñados ó estilo francés, en certo modo lóxico, dada a austeridade con que se leva a cabo a obra.


Joseph Petit de la Croix en 1747 realiza o proxecto máis ambicioso neste senso. A cidade está rodeada por unha alameda en tres costados e na entrada norte dos arsenais sitúa dous parterres e triples aliñacións de árbores. É a primeira referencia que se fai dunha alameda na cidade, neste caso, perimetral, como as primeiras que comezaron a levantarse a raíz da demolición das murallas das cidades.

A proposta máis diferente das trazadas fai-na Jorge Juan en 1751. Proxecta unha zona axardinada en fronte dos pavillóns para a mestranza, situados ó leste. O seu deseño é unha retícula de 27 parterres cadrados separados por sendeiros e cunha árbore en cada esquina, que ocupan unha área en forma de triángulo isósceles.

No proxecto de Julián Sánchez Bort de 1764, aparece un paseo de dobre aliñación de árbores que unen o barrio da Magdalena co cadro de Esteiro e o interior deste dividido en catro partes por cadanseu rectángulo de árbores que deixan dous camiños en cruz centrais e un paseo perimetral.



Coloreadas as zonas verdes do "Proxecto do Novo Ferrol" de Joseph Petit de la Croix. (Tomado de *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII* de A. Vigo Trasancos)



Zona axardinada proxectada por Jorge Juan. (Tomado de *Arquitectura y urbanismo...* de A. Vigo Trasancos)

Os proxectos sucédense uns a outros, introducindo sucesivos cambios que pouco a pouco chegarán á fórmula final.

PROXECTOS DEFINITIVOS E EXECUCIÓN

O primeiro indicio da alameda amósase no deseño de Jorge Juan de 1762 e fai referencia a súa localización. Sitúa unha longa e estreita zona de terreo entre as instalacións navais e a nova cidade⁵. Dito espazo aparece baleiro, non debuxa ningunha forma vexetal.

En 1765 Julián Sánchez Bort amplía definitivamente esta zona, quizais influído porque nela situaría os edificios da igrexa de San Xiao e o da contaduría, quedando definitivamente establecido o seu emprazamento. Como no caso anterior, nos planos este espazo está baleiro, sen forma vexetal ningunha.

A ausencia de vexetación pode ser debida a que os enxeñeiros militares inicialmente concibiron como un espazo que permitía a defensa do arsenal, a modo de glacis, mais as circunstancias e o propio espírito da época, que tiña posta a súa vontade na execución de paseos e alamedas, decidiron a súa execución.

O certo é que ata 1784 non se leva a cabo. Prepárase o terreo con recheo de terra que é do desmonte da praza de Dolores. En 1787 o Concello pagara a plantación de 210 árbores e de 24 asentos de granito. Descoñécense ata o momento datos sobre a súa primeira iluminación, pero no século XIX Montero Aróstegui describe a liña do foxo iluminada con fornelos de ferro e combustión de carbón de pedra e puidera ser esta a iluminación máis primitiva.

5. "[...]el proyecto de Jorge Juan establecía una larga franja de terreno intermedia que, acaso algún día, podría servir de espacio destinado a paseo público [...]". En VIGO TRASANCOS, A.: *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*. p. 152.

A ALAMEDA DO SÉCULO XVIII

A alameda estendíase por toda a fronte do arsenal, dende a esquina nordés ata Porto Chico, era una zona rectangular de espeso arborizado disposto en sete camiños, e ocupaba uns 57.200 m². Polo lado sur limitaba coa muralla e o foxo, que discorria inmediato a ela. Paralelamente situábase a primeira aliñación deixando un espacio baleiro para facilitar a vixilancia do arsenal e seguidamente, as restantes carreiras de árbores, quedando entre elas espazos paseos. Á altura da porta do Dique abríase unha praza adornada no seu centro coa fonte da Fama, construída en 1787, na que unha fama coroa un obelisco piramidal de granito que loce os escudos de España, a Armada, Galicia e Ferrol por cada un dos seus lados (hoxe sitúase fronte á porta do Parque). Polo seu lado norte limitaba coa igrexa de San Xiao, o cárcere-casa consistorial e desembocaban as rúas transversais da nova cidade. O chan era de terra e os bancos descríbense de cantería ou granito. A alameda prolongábase en paseos arborizados que a unían co cadro de Esteiro e con Ferrol Vello.

As especies de árbores que se plantaron non se especifican en ningún dos documentos encontrados ata hoxe. En documentación relativa ós litixios xurdidos pola súa xestión entre Mariña e Concello, cítase a corta de 70 chopos fronte á escola de Gramática Latina. Os plátanos que hoxe subsisten na alameda de Suances e no paseo do Túnel teñen máis de douscentos anos, o que significa que a meirande parte da alameda se plantou de plátanos de paseo e posiblemente nalgunha zona houbo outras especies, como chopos⁶.

A especie á que pertencían os chopos (en castelán tamén se lles chama "álamos", ámbolos

dous nomes poden aplicarse á mesma especie), puido ser híbrida, *Populus canadensis*, xurdida entre *Populus nigra* e *Populus deltoides*, xa que ten un porte piramidal de base ancha na fase xuvenil, tal e como aparece nos planos e gravados da época. Estes híbridos xeráronse por primeira vez a comezos do s. XVIII. Os plátanos son *Platanus x hispanica*, híbrido aparecido arredor de 1650 posiblemente en España, polo que é moi probable que no último cuarto do s. XVIII se coñecesen aquí as súas magníficas calidades para ser plantado en ringleiras urbanas e por iso fose elixido. Puido ser a primeira introducción masiva desta especie en Galicia.


Nos paseos que a unían con Ferrol Vello e Esteiro cremos que as árbores eran principalmente chopos, aínda que ben puidera ter habido outra especie, pero non se encontrou documentación que o confirme. Posteriormente, ó longo do século XIX aumentou considerablemente o número de especies plantadas. Cando se amplía o arsenal para construír o dique de San Xiao (inaugurado no 1879), faise a expensas do terreo da alameda, que se reduce moito.

AS SÚAS PARTICULARIDADES E FUNCIONS

Outros xardíns e espazos verdes levantados nesa época e baixo os impulsos da Ilustración tiveron connotacións distintas que impiden comparalos coa alameda ferrolá. A meirande parte das alamedas fixéronse en cidades nas que xa existían para mellorar as súas condicións, como o paseo de San Francisco de Salamanca, o Espolón de Burgos ou o paseo do Prado concibido este, ademais, por Carlos III como un proxecto de instrucción popular⁷;

6. Os chopos son a única variedade que se cita na pouca documentación encontrada que fai referencia ás especies plantadas no século XVIII. Vigo Trasancos, no seu libro *Arquitectura y Urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*, afirma: "Siete eran las alineaciones que surcaban todo su espacio; muy variadas las especies de árboles que las componían: chopos, alisos, plátanos, álamos, etc[...]" p.165.

7. JIMÉNEZ GARRICA, A.M^a.: *Urbanismo y Salud Pública. El Paseo del Prado madrileño: Un ejemplo de saludable armonía entre la Naturaleza y el Arte en el espacio urbano*. Anales Real Academia Nacional.



Copia coloreada dunha parte do "Plano de la Villa y Arsenales del Ferrol", do Servicio Geográfico del Ejército (1840). En verde se representan as zonas verdes e axardinadas que existían dende o s. XVIII.

a suntuosidade dos xardíns de Aranjuez e dos da Granja obedecen a que estaban supeditados á Residencia Real. Tampouco pode compararse co Xardín Botánico e outros de índole parecida por se construír para unha función moi específica relacionada coa ciencia das plantas. Tampouco cos paseos que rodeaban as cidades, porque a súa disposición perimetral lles confire unhas particularidades diferentes.

A alameda de Ferrol foi un espazo que formou parte dun proxecto unitario cidade-arsenais. Concibida cun criterio diferente porque a súa función habería de ser dobre: militar e social. A militar viña determinada polo feito de ser unha zona de separación que afastaba as edificacións e per-

mitía, chegando o caso, defender mellor o arsenal⁸. A función social foi a máis innovadora, a que a fai filla do seu tempo. As súas características de zona verde intermedia entre a zona militar e de traballo e a nova cidade, fixérona ideal para o recreo e lecer da mestranza, ademais de lugar de encontro e espallamento dos cidadáns. A grande importancia social que aínda tiña no século XIX documéntaa Montero Aróstegui ó describir cómo foi iluminada para recibir á familia real en 1858⁹.

Tivo un efecto psicolóxico moi importante na cidadanía, que moi posiblemente calcularon os seus creadores, xa que amortecía o efecto "distanziador" que exercían a muralla e o foxo entre os arsenais e a nova cidade¹⁰. Os enxeñeiros

8. En documentos, cítase a existencia en 1844 dunha plantación de moreiras, situada na alameda nunha zona que impedía a visibilidade ós vixilantes do arsenal e houbo de transplantarse en 1846.

9. "Siete mil faroles de colores con luz esteárica iluminaban la demás calles de la alameda, formando pabellones entre los árboles que servían de columnas, arrancando desde el nacimiento de sus ramas arcos que formaban cúspide en el centro[...]" En MONTERO ARÓSTEGUI: *Historia de el Ferrol. Iluminación de la Alameda*. p. 162.

10. Este efecto foi desaparecendo na segunda metade do século XX a medida que a zona se degradou.

proxectaron un espazo que permitira a defensa do arsenal, pero puideron prever que na paz éste era a peza clave integradora das partes civil e castrense. Este feito consolidouse ó longo do século XIX gracias á inexistencia de guerras.

CONCLUSIONES

A alameda de Ferrol foi singular pola súa concepción, pioneira como zona verde e precursora dos grandes parques públicos e urbanos que se integran no centro das cidades no XIX, debido á súa estrutura de espazo aberto, gran extensión e grandes avenidas, propicia para o paseo e a exhibición, cunha clara intencionalidade de levar a na-

tureza á urbe. Marcou a pauta para o paso seguinte na evolución de zonas verdes, e non é de estrañar que se fixesen réplicas por toda Galicia.

É unha peza propia do dezaoitto do conxunto histórico ferrolán, totalmente esquecida como tal. As reformas que sufriu –non a súa redución– esqueceron totalmente conservar o seu estilo. Non se soubo ver que tiñamos una peza de época de grande valor e substituíuse grande parte dela por xardíns, no meu criterio, menos valiosos. As partes que se conservan intactas, a alameda de Suances e o paseo do Túnel, están nun estado de deterioro e abandono que nos debería avergonzar.

Pode afirmarse, sen lugar a dúbidas, que é o máis deteriorado de canto herdamos do século das luces.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena, 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

O PATRIMONIO HISTÓRICO DO FERROL DA ILUSTRACIÓN

Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto

Ateneo Ferrolán
En lugar de un museo, cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena, 202-2011 Ferrol
www.ateneoferrolan.org



JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO
Comisario para Estudios e Conservación do Patrimonio Histórico de Ferrol



Durante moitos aos, até o derradeiro cuarto do século XX, "dicir que Ferrol tiña interés artístico era unha completa loucura, pero hoxe é unha constatación que Ferrol e o seu arsenal son pezas mestras do tempo das luces". Este é un bo comentario e resume sobre aquela época, feito polo catedrático ferrolán Alfredo Vigo Trasancos.

Foi precisamente a súa tese de doutoramento, titulada "Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII"¹, unha obra que marcou un fito no longo camiño e proceso de recoñecemento dos valores patrimoniais históricos do noso porto e cidade.

Antes publicáranse soamente algúns traballos parciais, aínda que xa se destacaban certos

conxuntos e elementos de interés cultural². Así, nas derradeiras décadas da pasada centuria foi-se incrementando o número de publicacións sobre este patrimonio, tanto no campo da investigación como na divulgación³. Todo isto foi contribuíndo a formar unha nova opinión xeral e o recoñecemento científico dos grandes valores do Ferrol da Ilustración.

1. Tese presentada na Universidade de Santiago de Compostela en 1983, Facultade de Xeografía e Historia (Departamento de Historia da Arte). Publicada ó ano seguinte polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

2. AA.VV. *El barrio de la Magdalena del Ferrol*. Santiago de Compostela: COAG, 1980. *Arquitectura modernista no Ferrol 1900-1925*. En número especial de *Obradoiro*, revista do COAG. Febreiro 1979. RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J.: *Ferrol 1730. Tejido urbano y arquitectura*. (1978); En la ensenada de Cariño (Ferrol): *La arquitectura de los castillos*. (1980); *La forma, la proporción y el ritmo en el diseño del Arsenal de Ferrol* (1984); todos publicados en *Abrente*, revista da Real Academia Galega de Belas Artes; *Rejas, balcones y otros hierros artísticos en la comarca de Ferrol*, editado por Caixa Galicia, 1980; *Las Defensas de Galicia*. Edicios do Castro, 1984.

3. SORALUCE BLOND, J. R.: *Castillos y fortificaciones de Galicia*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 1985; *Arquitectura de la provincia de La Coruña*. Ferrol (A Coruña): 2001. GALCERÁN VILA, M.: *La Arquitectura de los ingenieros militares: Labor científica y arquitectónica de los Llobet*. Barcelona: Universidad Politécnica, 1990. MERINO NAVARRO, J.P.: "Técnica y Arsenales de España". En revista *Investigaciones Históricas*, 1980. VIGO TRASANCOS, A.: "Los ingenieros militares y la arquitectura gallega". En *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1983), nº 99. "Los Tratados de arquitectura de Belidor, Briseux y D'Aviler en la formación de los ingenieros militares: El ejemplo de la Sala de Armas del Arsenal de Ferrol". En *Jubilatio*. Santiago: S. P. Universidad de S. 1987. RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J.: *Tecnología y arte de la Ilustración: La arquitectura e ingeniería de Julián Sánchez Bort*. Ferrol: 1988. "La Infraestructura naval de la primera mitad del siglo XIX". En *Cuadernos monográficos del I. H. C. N.* (Madrid: 1989), nº 4. "Arte y tecnología en la construcción de Ferrol". En *Historia de Ferrol*. Perillo: Via Láctea, 1988. *Guía del Castillo de San Felipe en la ría de Ferrol*. Concello de Ferrol, 1997. *El Arsenal de Ferrol, guía para una visita*. Ed. Armada y otros, 2000. *Ferrol de la Ilustración* (Catálogo exposición). Ferrol Metròpoli, 2001; entre outras moitas publicacións que abordaron parcialmente o tema patrimonial histórico do século XVIII.

Nesta orde de ideas expostas, parece importante salienta-la iniciativa da Real Academia de Belas Artes de Galicia para que o conxunto histórico do arsenal e os castelos da ría de Ferrol se propoña como candidato para a declaración de Patrimonio Mundial da UNESCO. Esta proposta foi presentada como informe-moción nunha sesión académica extraordinaria do Concello de Ferrol o día 24 de febreiro de 2001, coa intervención do académico José Ramón Soraluze Blond e de quen subscribe este artigo. Desde aquelas datas vense traballando e se obtivo o apoio da Xunta de Galicia como institución que deberá eleva-la proposta ante o Consello do Patrimonio Histórico de España (Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura). Cóntase xa con moitas adhesións e apoios, así como con varios traballos preparatorios e de base para a futura presentación.

O Concello de Ferrol, apoiado pola citada Real Academia de Belas Artes, constituíu unha Comisión para o Estudo e Valoración do Patrimonio Histórico de Ferrol (da Ilustración) co obxectivo de crear uns criterios de investigación e desenvolvemento sobre o conxunto histórico que nos ocupa, incluso con vocación de se transformar posteriormente nun Centro de Estudos e Conservación, baixo a superior organización dunha fundación para a xestión do sempre citado patrimonio.

Parece claro que todas estas iniciativas e traballos deben rexerse pola doutrina máis prestixiosa e recente dos ámbitos académicos e da UNESCO no seu comité intergubernamental para a protección do patrimonio mundial. ("Consello Internacional para a Defensa de Monumentos e Sitios Históricos". ICOMOS). En consecuencia, con estas ideas estamos procedendo á elaboración dun documento de traballo básico, utilizando os dictames dalgunhas autoridades académicas⁴ e a doutrina de UNESCO-ICOMOS, incluída a súa interpretación particular polos membros do Comité Nacional Español⁵. Velaquí o seu contido actual, que terá futuras modificacións e, en todo caso, adición de matices no longo tempo de preparación dos "criterios acerca da inscrición de bens culturais [...]" (UNESCO).

O patrimonio histórico do Ferrol da Ilustración forma realmente un conxunto que ten un valor universal excepcional.

1. A idea de conxunto apóiase en certas características dos seus bens culturais que permiten a agrupación:


1.1. Unidade de espazo de porto de mar, co seu definido valor "instrumental" (funcional) da ría de Ferrol, aínda que tamén se poida ampila-lo sistema portuario ("hinterland" e "foreland").

4. Miguel Aguiló Alonso, catedrático da E. T. S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Madrid. Antonio Bonet Correa e Pedro Navascues Palacio, catedráticos e académicos da R. de Belas Artes de San Fernando de Madrid. Alfredo Vigo Trasancos, catedrático da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela, Carlos Sambricio da E. T. S. de Arquitectura de Madrid, ós que seguirán outros moitos xa invitados.

5. *Carta de Venecia* (Carta Internacional para a Conservación e a Restauración de Monumentos e Conxuntos Histórico-Artísticos) 1964. Comité Documentación de ICOMOS – UNESCO (Centro de Documentación) París. "Red de Información para a Protección e Conservación do Patrimonio Histórico" (desde 1981). *Expedientes del Patrimonio Mundial, Convención para el Patrimonio Mundial*. Base de datos bibliográficos de ICOMOS. *Directrices (UNESCO) para la aplicación del Convenio sobre el Patrimonio de la Humanidad*. París: febrero 1987. ICOMOS – Comité Nacional Español (CNE). *Informe ICOMOS sobre Presentación y Actividades. Conservación del Patrimonio Mundial. Lista Tentativa (o Indicativa) del Patrimonio Mundial*. Madrid: 1987. *Conclusiones y Documentos del Congreso Internacional del Comité Internacional de Itinerarios Culturales (CIIC) de ICOMOS – UNESCO en Pamplona (España) 20 – 24 Junio 2001. Conclusiones del "Consejo de Patrimonio Mundial" en Córdoba (España) 29 – 30 Octubre 2001. Conclusiones y documentos del "Encuentro Internacional sobre Representatividad en la Lista de Patrimonio Mundial."* en Querétaro (México) 12 – 16 Diciembre, 2003. *Conclusiones de la "Reunión de Expertos para Recuperación de Fortificaciones Americanas"*, organizado por UNESCO e WMF en Campeche (México) 12 – 15 de Marzo, 2004.

1.2. Unidade de tempo nos proxectos e execución material, cos seus valores de antiñidade e histórico evolutiva. O noso caso é un produto xenuíno da Ilustración europea e española, realizado completamente entre 1720 e 1850.

1.3. Unidade de formas estéticas, no sentido amplo que tiñan na época da Ilustración, incluíndo tódolos valores científicos e tecnolóxicos do academicismo.



Deseño de 1759 para o novo porto de Ferrol.


2. A valoración deste conxunto como excepcional e universal apréciase no cumprimento dos seguintes conceptos (criterios):

2.1. É unha obra mestra do Estado, realizada durante o despotismo ilustrado por un salientable equipo de comisionados que pertencían ás novas corporacións militares e académicas. En todo o conxunto destaca un gran empeño por conseguilo concepto e a imaxe da "orde": organización para unha millor funcionalidade (utilidade) e proposta dunha fórmula de execución académica (científica). A base naval de Ferrol proxectábase sobre un litoral de natureza case pura ("ex novo"), utilizando o modelo utópico do porto ideal do clasicismo que asumían aqueles deseñadores ilustrados. Esta obsesión pola orde concretábase en tódalas enxeñerías e arquitecturas, incluída tamén a loxística, con certas primicias de racionalización do traballo e normalización de espazos e de materiais. No Ferrol da Ilustración apréciase unha enorme cantidade e calidade de especificacións e planos para a execución dos proxectos. Estes deseños construíronse inmediatamente con gran fidelidade. Así pois, obtíñanse finalmente unhas obras moi aproximadas á utopía citada.

2.2. O deseño e construción deste conxunto dá fe dun intercambio considerable de



Ateneo Ferrolán
Españo de encontro para a cultura
Fundado en 1879



Exterior e interior da Sala de Armas.



Tres imaxes do dique de abrigo-batería parque (La Cortina).

influencias para as súas enxeñerías e arquitectura, incluídas as loxísticas, as de urbanismo e outras tecnoloxías. No Ferrol da Ilustración confluíron as doutrinas e modelos das entón novas reais academias, fundamentalmente as de Matemáticas de Barcelona (Enxeñeiros do Exército) e de Belas Artes de Madrid (San Fernando), pero tamén se achegaron as experiencias que se obtiñan polas viaxes de estudos e comisions nos principais portos ilustrados e academias de Europa. Hoxe pódese afirmar que o porto histórico de Ferrol foi unha auténtica integración da arte e a ciencia mundial do século XVIII, pero esta base naval irradiou as súas innovacións e tecnoloxía.

Neste apartado débese salienta-la idea dun Ferrol da Ilustración que formou parte importante do control do territorio e os mares, considerándoo como porto básico no século XVIII para a defensa do “Camíño Real Intercontinental” (de España), con tódalas connotacións que ten de itinerario cultural.

Por outra parte, este tipo específico de ben cultural, en relación cos outros por-

tos importantes da súa época en Europa e América, é susceptible da súa consideración seriada.

2.3. O patrimonio histórico de Ferrol (material e inmaterial) achega un testemuño único, en todo caso excepcional, da cultura da Ilustración, xa que os elementos esenciais de “cidade portuaria ideal” construíronse practicamente todos no século XVIII. Outras bases navais de Europa, aínda que importantes na súa época, foron de menor extensión que a de Ferrol e construídas parcialmente sobre anteriores infraestructuras, acondicionando elementos.

2.4. As obras deste conxunto ferrolán son un exemplo eminente das enxeñerías e a arquitectura da Ilustración, posto que a súa gran perfección, segundo os cánons académicos, apréciase moi claramente nos seus elementos compositivos e de tecnoloxía da construción. Sirva de exemplo como o arsenal se utilizou profusamente a proporción xeométrica do “número áureo” nos seus planos e obras, así como o desenvolvemento

de prototipos de cimentacións baixo a auga do mar para construír diques e peiraos.


2.5. O conxunto destas obras cumpre hoxe o criterio de autenticidade e integridade para aquela concepción académica do deseño e construción. Os bos materiais que se utilizaron en Ferrol, a ausencia de catástrofes, guerras e outras destrucións, así como un bo mantemento, permítenos coñecer hoxe as obras orixinais deste excepcional porto da Ilustración na súa práctica totalidade, incluída a súa cultura inmaterial que pervive. Este criterio mantéñese fundamentalmente en todo o arsenal, no seu trazado urbano e nos elementos defensivos, así como tamén en gran parte do seu entorno próximo ("zona tampón").

2.6. A protección xurídica está garantida pola súa condición recoñecida de *Ben de Interese Cultural*, segundo o preceptuado pola Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español e outras normas complementarias que a desenvolven. Tamén se producirá un proxecto de xestión por parte dunha fundación ou padroado específica para administrar-lo patrimonio histórico de Ferrol. Neste desenvolvemento legal e de xestión contémpase a conservación, incluídos os usos actuais, e a regulamentación da accesibilidade (turismo), garantindo entodo caso a máxima protección do patrimonio histórico.


Seguindo os criterios que apuntamos nos puntos anteriores, podemos identificar e describir (catalogar) os bens de interese cultural que compoñen o conxunto do Ferrol da Ilustración:

3.1. Enclave xeoestratéxico da ría de Ferrol, no que destaca a súa orografía costeira.


3.2. Deseño do porto (base naval) do Ferrol da Ilustración: documentación relativa ó



Edificio da Comandancia General.



Antiguo edificio da "Machina" de arborar buques, nun gravado do s. XIX.



Interior do castelo de San Felipe.

proceso operacional de deseño e da execución material (tecnoloxía) deste conxunto histórico, destacando os numerosos planos dos proxectos, que son realmente elementos de grande valor patrimonial e básicos na ordenación do porto histórico ferrolán.


3.3. Patrimonio inmovible conservado:

3.3.1. Porto-arsenal: construcións de enxeñería e arquitectura, así como outras obras complementarias (diques, mobles, almacéns, talleres, aloxamentos, etc.).

3.3.2. Sistema defensivo do porto. Fortificacións coas súas obras loxísticas e de comunicación (baterías colaterais, polvoríns, etc.).

3.4. Patrimonio moble conservado e vencellado ó conxunto histórico: equipamentos navais e militares, pintura, bibliografía e outra documentación descriptiva.

3.5. Patrimonio inmaterial que inclúe os elementos intanxibles, herdados da Ilustración: relacións do sistema portuario, tradicións, música, etc.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

GREMIOS E ILUSTRACIÓN:
A MESTRANZA
DE MARIÑA

Manuela Santalla López

Arco Ferrolán
C/ San Pedro, 20 15001 Ferrol
Fundado en 1879
Tfno. 981 40 10 00 - 981 40 10 01
www.arcoferrolan.com



MANUELA SANTALLA LÓPEZ

Doutora en Historia, profesora en secundaria.



A Ilustración é un fenómeno

Europeo que pretendía a modernización da cultura e a economía, así como a reforma da sociedade, sen alterar por iso a estrutura político-social do feudalismo tardío e o absolutismo ilustrado. Os intelectuais ilustrados valéronse da razón, as ideas de progreso e de felicidade, un entusiasmo pola natureza e ansia por coñecer e mellora-las condicións de vida do conxunto da sociedade. Ideal ilustrado que se apoia en dous piares fundamentais: a relixión e a igrexa como respaldo moral; e a monarquía como o instrumento para poñer en práctica esas ideas de mellora.

Esa sería a función, polo tanto, do despotismo ilustrado, o sistema de goberno das monarquías europeas do século XVIII, no que o rei leva a cabo reformas económicas, sociais e culturais dentro do espírito da Ilustración. Estas reformas fanse sen altera-lo carácter absoluto do poder real, a existencia da propiedade feudal e o sistema social baseado no privilexio xurídico.

O ideal reformista ilustrado non implica cambios estruturais, unha alteración do sistema establecido. Reforma, neste contexto, significa reparar, restaurar, remediar, nunca transformar tal como hoxe o concibimos. Desta maneira, as realizacións dos ilustrados que durante o século XVIII analizaron "os males de España", estiveron sempre centradas en moderniza-la monarquía. Modernizar, que quería dicir, ante todo



acabar cós hábitos vetustos e implanta-las innovacións que a razón dictase. Pero había que facelo con prudencia, evitando todo conato de conflictividade social, con tento e moderación. Entendían que España debía poñerse ó día e colocarse á altura do seu antigo prestixio colonial e influencia na política internacional. Para iso, era imprescindible aumenta-la riqueza colectiva e individual do país, polo que os gobernos buscan solucións concretas para problemas concretos, que ás veces nada tiñan que ver cunha escola económica determinada.

Con todo, o mercantilismo era unha doutrina económica con bastantes adeptos a principios de século e foi a predominante durante o setecentos. Unha destas primeiras obras foi a de Xerónimo de Uztáriz, *Teórica y práctica de comercio y*



Pedro Rodríguez, conde de Campomanes,
pintado por Mengs

marina (1724), onde identifica a riqueza nacional coa posesión de metais preciosos. Así mesmo, Uz-táriz propugna unha gran mariña de guerra, xa que, *“las armas de tierra amenazan y hieren a solo una parte; las del mar a todas”*. Bernardo Ward escribiu o seu *Proyecto económico* (1762), onde a decadencia do país non era froito das súas condicións naturais, senón do seu pasado histórico. Ward, como outros ilustrados, destaca que a riqueza do Estado conseguiríase co aumento de poboación, que significaría un maior número de traballadores, que se dedicarían primordialmente á agricultura e en menor medida á industria, onde a política arancelaria fose protectora dos artigos nacionais e penalizadora dos estranxeiros, outorgando todo tipo de franquicias fiscais e comerciais ás fabricas nacionais.

Antes ben, o modelo a seguir debía se-la industria rural dispersa que dominaba Galicia. Destacará o ilustrado Campomanes no seu *Discurso sobre a industria popular* (1774), que:


“Galicia de tempo inmemorial uniu á labranza, unha proporcionada cantidade de gando de cada veciño, para labrar e abona-las súas terras, coa industria das telas de lenzo. Anque non ten outros auxilios, paga máis puntualmente que ningunha provincia os seus tributos [...] Catalunya, que despois de Galicia pasa por unha das Provincias mais poboadas da España non ten esta industria tan unida [...]. E aínda que pareza máis brillante o comercio de Catalunya [...], é mais xeral e benéfica a constitución de Galicia. En Catalunya convén fomenta-las aldeas, trasladando a elas, moita parte da industria que se vai ás cidades en prexucio das aldeas e dos campos. En Galicia, é preciso dar industria ós pobos grandes, pero sempre con atención a non atraerlles ós aldeáns, porque o verdadeiro interese do Estado consiste en manter dispersa a industria en caseríos e lugares chicos”.

O asentamento urbano ferrolá durante o s. XVIII, en concreto dende o ano de 1733 –e que dura ata o ano de 1940, en que o concello ferrolán anexionase o concello de Serantes–, constituíranos tres bloques espaciais básicos: a vila –que comprende Ferrol Vello, a Real Vila de A Graña (cos seus lugares de San Felipe, San Cristovo, A Cabana, Brión, Martín e Balón), o Barrio de Barracas ou poboado de Esteiro e a Nova Poboación de Ferrol ou barrio de A Magdalena–; as instalacións fabrís do estaleiro e do arsenal e por último, a muralla –terrestre e marítima– que engloba os dous bloques espaciais anteriores.


Segundo o *Diccionario marítimo español* de Timoteo O`Scalan de 1831, a mestranza é o conxunto de carpinteiros, calafates e demais operarios destinados ós arsenais, á construción e reparación dos buques e dos seus equipamentos.

A autora, a partir desta definición restrinxida de O`Scalan, realizará unha máis ampla. Co nome de “mestranza de Mariña” ou “mestranza dos reais arsenais de Mariña”, durante o século XVIII, designase ós traballadores destinados nos mesmos, para a construción e reparación dos diversos buques de guerra, os seus equipamentos e armamento; como aqueles que desenvolven o seu traballo na conservación das instalacións navais que os engloba; e é ademais extensible ós traballadores dedicados á construción das instalacións de terra, ás obras civís, militares e administrativas, imprescindibles para o funcionamento da Armada.

Mestranza de Mariña, diferente á maestranza a cargo do corpo de artillería. Así, o edificio do reitorado da universidade da Coruña, ocuparía a antiga instalación dunha destas mestranzas de artillería.




Plano da vila de Ferrol, A Graña, Esteiro e Coruña, firmado por Francisco Miguel Lorenzo, sen data.



A vila de Ferrol Vello, as gradas de Esteiro, o arsenal e os diversos camiños sobre os que se edificarán os barrios de Esteiro e A Magdalena, ou Nova Poboación de Ferrol. (Debuxo de X.X. Braxe).

Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 207-201, Ferrol
 www.ancionariodelferrol.org



Debuxo do Concello de Ferrol no século XVIII e as diversas freguesías agrícolas e mariñeiras da súa área de influencia na ría ferrolá.

Concello de Ferrol no século XVIII.

○ Freguesías agrícolas.
 △ Freguesías mariñeiras.
 "A matrícula de mar".

- Os lugares de:
1. Real Vila da Graña.
 2. Real Vila de Ferrol
 3. S. Felipe.
 4. S. Cristovo.
 5. A Cabana.
 6. Brión.
 7. Martín.
 8. Balón.
 9. Sta. Mariña do Vilar.
 10. S. Xoán de Filgueira.
 11. Sta. Mª de Caranza.
 12. S. Salvador de Serantes.
 13. S. Xoán de Esmelle.
 14. S. Pedro de Leixa.
 15. S. Martín de Cobas.

16. S. Ramón de Doniños.
17. Sta. Icí de Trasancos.
18. Sta. Euxenia de Mandiá.
19. S. Xiao de Narón.
20. S. Mateo de Trasancos.
21. S. Vicente de Placente de Sedes.
22. Sta. Mª de Castro.
23. Sta. Mª do Val.
24. Sta. Mª de Sillobre.
25. Santiago de Barallobre.
26. S. Xoán de Piñeiros.
27. S. Miguel de Aviño.
28. S. Vicente de Meirás.
29. Sto Tomás de Taraza.
30. Santiago de Lago.
31. S. Xurxo de Magalofes.
32. S. Vicente de Camouco.
33. Sta. Mª de A Graña.
34. S. Xiao de Ferrol.
35. S. Nicolás de Neda.
36. Sta. Mª de Neda.
37. Sta. Mª de Mugarbos.
38. Sta. Eulalia de Ares.
39. S. Vicente de Mehá.
40. S. Salvador de Fene.
41. S. Estevo de Perlío.
42. S. Martín de Xuvia.

A mestranza pertence á xurisdicción eclesiástica castrense e comprende nas reais obras, os arsenais da Graña e Ferrol e o estaleiro de Esteiro: arquitectos, constructores e axudantes, mestres delineantes, capataces, contramestres de construción, os carpinteiros de ribeira e os de branco, os calafates, fabricantes de enxarcia e lonas (fiadores, tecedores, restreladores, etc.), operarios de vela, ferreiros, armeiros, escultores, serradores, faroleiros, pintores, canteiros, peóns de confianza, escribentes, corpo de pilotos e pilotíns, celadores e rondíns. Nas obras civís, os mestres, capataces e operarios: albaneis, carpinteiros, canteiros, etc.

Existirán outros traballadores non agremiados, é dicir, que non teñen asento formal nas listas de mestranza e non forman gremios, como son os peóns mariñeiros e os ordinarios e os xornaleiros ó servizo dos diversos oficios da construción naval. Pertencen á xurisdicción eclesiástica ordinaria, de Mondoñedo ou de Santiago, segundo onde estean aveciñados na vila de Ferrol, Serantes, Narón ou nas freguesías do outro lado da ría, respectivamente.

O modelo de mestranza vai intimamente ligado á organización dos arsenais, e esta adaptase ás diversas ordenanzas: 1717, 1748, 1776, etc., que se dictan no século XVIII. Nas ordenanzas de 1717 e 1748, a mestranza ten que formar:

"[...] matrícula (reuniendo) todas las maestranzas de las costas de su termino, que se compondrá de todos los carpinteros y calafates y de los aprendices y mozos de unos y otros, mandará (el intendente), que dos veces al año se reconozca en los Lugares y se anote el aumento o disminución que hubiere, si no estuviere hecha, hará se ejecute de los expresados oficios en cada Pueblo, con distinción de clases, expresión de nombres y edades, para que arreglados en esta forma en los casos que se ofrezcan, se junten prontamente los que se necesiten para cualquiera carenas y aprestos de es-

cuadras, y celará (el intendente), que durante el tiempo que estén empleados en el servicio del Arsenal, se les guarde por las Justicias de sus respectivos Lugares las exenciones que por Reales disposiciones se les conceden".

Nas ordenanzas de 1748, o comandante do departamento tiña o mando sobre as armas (a xurisdicción militar) e o intendente (a xurisdicción política). En cada arsenal, e dependentes do intendente, había dous xefes: un polo ramo facultativo, que era o capitán de mestranza, que dirixía as faenas mariñeiras do arsenal, os traballos da mestranza, a inspección dos equipamentos, a súa exclusión e reemplazo, etc.; e polo ramo económico, estaba o ministro da real facenda, que se ocupaba en xeral, da economía (fornecementos, a boa custodia e colocación dos efectos, a conta e razón dos goces dos empregados, etc.). Ademais, do intendente dependían os mestres de enxarcia e vela, a matrícula de mar, etc.

Os traballadores de mestranza son os donos das ferramentas básicas do seu oficio, o que é un requisito imprescindible para que o contador de arsenais lles dea a alta nas listas do arsenal, nas que figura, ademais, o día en que entran a traballar, o salario asinado, etc. As ferramentas que non sexan da súa obriga, prestáballelas o contador de arsenais ata a finalización da obra.

Todo operario con aprendiz ten que presentar a "escritura de obrigación" ou contrato de aprendizaxe, polo que se obriga a ensina-lo oficio durante sete anos ó aprendiz, figurando nesta escritura o nome do mestre, así como o nome do aprendiz, a súa filiación, sinais e idade, que debe entregar en contaduría de arsenais. Deste requisito de "escritura de obrigación", están exentos os aprendices fillos do propio operario de mestranza. Para facilita-lo traballo á mestranza admítense cuadrillas de peóns, en número variable segundo a urxencias dos traballos. Cada cuadrilla ten 50 homes, que teñen un capataz, sempre "un oficial de mar, de toda satisfacción, inteligencia y

Relacion de los meritos, que resumidos ha especificado Bartholomeo Santiago Maestre Carpintero de Ribera, en el Real Servicio de S. M. (que Dios conserve) con especificacion de Campanas, y Junciones, que se expresan.

Su Edad, 22 años,	De Aprendiz.....	Años
	De Oficio, y Oficial.....	7
	De Maestre.....	15
	Total.....	22

- En el año de mil setecientos y quarenta, embarcado en el Navio S. Vito, en Capitan D. Antonio Maldonado, que habiendo arribado a la Isla de Ozeja, y viendose atacado por los Navios de Guerra Ingleses, se dispuso pagarle Juro, como se observó, antes de entrarle, y fue los cronometros le hicieron, segun la intencion a todo riesgo; concluidos despus su Tripulacion, a la Comandancia de España, que se hallava en el Puerto de Lolon.
- En el año cuarenta y quatro, embarcado en el Navio nombrado el Rosario de Ultramar, en el Comandante que Sabre Ocho Sitio, en los puertos de Lolon, tuvo la Comandancia de S. M. del mundo del Duques de la Victoria, con la del Rey Don Antonio; hacia la Legada al Puerto de Cartagena.
- Se le volvió a embarcar, para conducir las fragatas Oceano, Palma, Selva, y Risco, que havian quedado en Lolon, al mando del Comandante de las guano, Sr. Ochoa Dillana; desvinculandolo despus, a la Comandancia de flota, hasta las Velas de Canarias.
- En el año quarenta y nueve, tambien embarcado sobre el Navio America, que con el llamado el Dragon, y al mando ambos, del Sr. D. Baylio F. D. Julian de Orizaga, se halló en el fondo del Puerto de Bayona, cuya Comandancia, con el cargo de Comandante en el Reino de Navarra, convea las de aquella Armada, pasó en el referido Navio a America, y a las Ordenes de dicho Sr. D. Baylio al viaje que hizo, en comendancia del Almirante Ochoa, conduciendo Ochoa a Ozeja, en donde permaneció hasta el regreso del nominado Duque a España.
- Después se embarcaba en los Navios Tigre, y Infante, del Campo del Sr. D. Francisco de Ochoa, con destino al Ochoa contra Argelinos; y viéndose atacado en la fragata Ochoa, al mismo fin; habiendose hallado en otros viajes, y servicios, que omito por no ser prolixo, y merecido en todos la General aprobacion de sus Oficio, y Comandancia, por su Comandancia, destierro, y solo el Real Servicio, como havá convea por las Junciones, que se le han concedido en la Comandancia de Navios, fragatas, y Armas Embocaciones, en el Arsenal del Departamento de Cartagena (en donde comenzo, y continuó en su Comandancia) mereciendo igualmente por su apitudo, y desempeño en los empleos que de su Real se le han confiado, igualmente la aprobacion del Sr. Comandante, como de sus Decretos Arrogados.

Cartaxena, 4. de Febrero, de 1761.

J. D. Santos
D. Pedro de Costa

EL REY.

POR Quanto en atencion a los meritos, y servicios del Capitan de Maestranza del Puerto de Cartaxena D. Pedro de Costa, se le venia en concederle el Grado de Teniente de Navio de la Armada

Per tanto mando al Capitan General de mis Armadas de Mar, Governador, Tenientes Generales, Jefes de Escuadra, Intendentes, Ministros, Oficiales, y demás Personas a quienes tocare, reconozcan al referido D. Pedro de Costa por Teniente de Navio Graduado a fin de que se le guarden, y hagan guardar las honras, preeminencias, y exepciones, que segun esta graduacion le pertenecen, que assi es mi voluntad; y que presentado que sea este Despacho, refrendado de mi Secretario de Estado, y del Despacho de Marina, al Intendente de ella en Cadix, disponga, que en los Oficios de aquel Departamento se tome razon, y note lo conveniente en su asiento. Dado en el Real de Madrid a once de octubre de mil setecientos sesenta, y tres.

Paul y sup.

V. M. Concede Grado de Teniente de Navio al Capitan de Maestranza D. Pedro de Costa.

expediente", con homes da mesma profesion, aprobados polo capitán de mestranza, figurando nas listas do contador de arsenais.

O horario da maestranza é dende que sae o sol ata que se pon. Cun descanso variable segundo sexa verán ou inverno. De "3 de maio al 14 de septiembre, tendrá una hora para almorzar y dos para comer al medio día. De 15 de septiembre al 2 de maio, media hora para almorzar y una para comer al mediodía, siempre al toque de campana".

Os mestres maiores dos diversos gremios, tras longos anos de experiencia laboral reciben unha distinción militar, xa sexa de "alférez de navío graduado" ou "alférez de fragata graduado". A lista de servizos "tipo", dun membro da mestranza dos arsenais sería a de Bartolomeu Santiago, carpinteiro de ribeira, quen solicita en 1761 a praza de capataz do seu gremio. Na súa folla de servizos consta que naceu en Cartaxena; en 1730, con 11 anos de idade ingresa no arsenal na categoría de aprendiz; dos 18 ós 22 anos estivo de operario, e dos 23 anos ós 42, na categoría de mestre de terceira, solicitando con este último destino a praza de capataz.

A mediados do setecentos, a mestranza componse da matrícula de mestranza vasca e de Guarnizo: carpinteiros de ribeira, calafates, canteiros, etc., que nun primeiro momento instálanse na Graña pola súa longa tradición na construción naval.

As levas forzosas de "vagantes y malentendidos", os colectivos de presidiarios, desterrados e mouros (os musulmáns apresados nas batallas do Mediterráneo).


Das vilas da Graña e Ferrol e aldeas limítrofes procederá a maior parte dos peóns que traballarán nos primeiros anos forzosamente un mínimo de tres meses, e en 1769 compoñen na súa maior parte a matrícula de mestranza.

Os operarios da fábrica de enxarcia e lonas (fiadores, tecedores, etc.), xa que a utilización do vento como fonte de enerxía nos navíos require de cables e velas. O proceso de transformación

dende o cáñamo, materia prima da lona, lévana a cabo a mestranza de enxarcia e lonas, nos primeiros anos na fábrica de Sada, fundada polos flamencos Roo e Kiel en 1675. Esta fábrica tivo dúas etapas. A primeira, de 1675 a 1745, baixo propietarios privados e a segunda, de 1750 a 1762, baixo a dirección da secretaría de Mariña, denominándose Real Fábrica de Sada, coa finalidade de prover á mariña de enxarcia e lona ós arsenais. O marqués de la Ensenada deseñou a operación de compra dos edificios, obradoiros e terreos anexos, adquiridos pola Coroa en 146.000 rv., que se ubicaban na praia, nunha superficie aproximada de 40.000 metros cadrados. Comprendía 24 obradoiros, almacéns, vivendas e cuartel. En 1750 Ensenada destinará a Sada os gremios de Valencia, Barcelona e zonas de Aragón, para a fabricación de enxarcia e lonas, segundo o método inglés, fronte os anteriores operarios holandeses. Fretará varios navíos ingleses ante a falta de buques nacionais para transporta-lo cáñamo e operarios destes gremios.

Pola real instrucción de 25 de xullo de 1751, o marqués de la Ensenada obriga que as levas teñan como destino o estaleiro de Esteiro. Os primeiros en chegar son 182 mozos obrigados a aprender un oficio e, como dirá o intendente Perea (acompañado polo comandante xeral Cosme Álvarez), quen realiza unha reseña desta chegada:

"[...] La laudable providencia de que muchachos vagabundos cogidos de leva se destinen para que aprendan un oficio, [...], de las resultas de un pequeño discurso que dimos con motivo del pagamento el domingo en Esteiro presentada la maestranza vizcaína de carpinteros de ribera, de blanco, los calafates y varios de los demás oficios y artes que allí trabajan, les hice una blanda aunque eficaz relación de la orden del Rey..., de evitar que a costa del Real Erario ande esta calidad de gente vagante en el Reino, que es causa de la




Navío guerreiro

Ateneo Ferrolán
Centro de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

miseria y de los desórdenes que se experimentan en ofensa de Dios, del servicio de Su Majestad y oprobio de la Nación..., a que sin repugnancia abrazasen el paraíso de tomar aprendices todos los oficiales que no los tuviesen.... Se comprometieron a hacerse cargo de los muchachos (los maestros y capataces), para enseñarlos en el oficio bajo la condición de que se les dé 13 cuartos y medio para su socorro y pan, (y) un jornal de aprendices. [...] Hoy estos muchachos disfrutaban al día de 3 reales de jornal en calidad de maestranza..., fruto que se empezará a recoger de un día a otro, luego que los sastres entreguen los vestidos que están rematando, pues de otra suerte no era posible los tomarán los maestros que han de enseñarlos, por la entera desnudez con que vinieron.”

Nas listas destes vagos con destino a Esteiro, figuran “sus nombres, el de sus padres, patria y edades”, éstas entre os 12 e os 18 anos, procedentes de Valladolid, A Bañeza, Madrid e Ponferrada.

Con respecto ó colectivo de presidiarios, as súas condicións tanto de traballo como de vida serán as máis duras, e son aloxados na *Escollera* e no presidio de San Campio, nun edificio considerado ó mesmo tempo palacio e fortaleza no arsenal. Cumpren condenas leves, xa que se estas son graves, como os incendiarios de montes, os ladróns, os criminais, son enviados ás galeras ou os presidios pechados de África e América. Nas súas sentencias figura o arsenal, onde son destinados, e o tempo de condena a cumprir, co castigo de 10 anos máis sobre a pena imposta se desertan do arsenal, segundo a ordenanza de presidiarios.



Debuxo sobre un gravado do Ferrol do século XVIII.

No ano de 1762 existen no arsenal da Graña 691 individuos de mestranza e o seu desglose o podemos ver nas Táboas II e III, na páxina 113.

No ano de 1769 o número de individuos que traballan nas reais obras é de 5.166, segundo o "Estado que comprende el número de individuos de las maestranzas que en todo el mes de octubre de este año por las listas de revistas diarias se emplearon en la construcción de los tres navios (S. Gabriel, S. Pedro, S. Pablo) y dos fragatas (Ntra. Sra. Do Carme e Virxe do Rosario), recorridas de los que se hallan en la dársena, la de sus arboladuras, lanchas y botes, carenas de pontones, lanchones y lanchas del servicio de la obras, atenciones del astillero, arsenales, surtimiento de almacenes, fábricas de jarcia y lonas, y recorrida de la jarcia de los navíos desarmados, con division del costo de los jornales que vencieron en las que se expresarán en la disposición siguiente", como amosa o Organigrama I, na páxina 112. A Táboa IV nos mostra a composición gremial destes oficios, en mestres, capataces (moitos deles con competencias de mestres), oficiais ou obreiros e aprendices.

Da observación do Organigrama I, destaca como o colectivo máis numeroso de traballadores os non agremiados, peóns e mariñeiría, con 1.722 individuos, seguidos do gremio de carpinteiros de ribeira con 1.301; a continuación o gremio de enxarcia e lona con 834, obras civís con 616 e o gremio de calafates con 369.

As obras civís, ocupadas na edificación do cuartel de batallóns, casas da Magdalena, muralla da Escollera, etc., están baixo a dirección de Julián Sánchez Bort e do arquitecto Xoán Ortiz, e o seu desglose por oficios aparece na Táboa V (páx. 116).

A década de 1770 trae importantes innovacións. A creación do corpo de enxeñeiros de mariña en 1770, que se ocuparán do control técnico da construción naval, das obras hidráulicas e civís e o recoñecemento dos montes e as madeiras que han de abastecer a construción naval. Estas funcións serán recollidas nas ordenanzas de 1772 e as de 1776. A partir deste ano, redúcense drasticamente as competencias do intendente, establecéndose unha estrutura xerárquica e funcional a través do: mando militar (comandante do arsenal), mando loxístico (inspector de equipamentos), e mando técnico (comandante de enxeñeiros).

Aparece a figura do comandante do arsenal, que será un enxeñeiro de mariña segundo ou un capitán de fragata, o que conleva a desaparición do capitán de mestranza, e será o responsable das manobras dos buques no interior do arsenal e da súa seguridade. Ten ademais o seu mando, a dous contramestres para as faenas de amarre de buques, entradas e saídas de diques, faenas de arborar e desarborar buques, etc., e un contramestre de recollidas de aparellos.

A finais do século XVIII, o número de mestranza diminúe, e os seus efectivos non chegan ós 3.000, tal como amosa a Táboa VI, na páxina 114, motivado polas consecuencias das guerras finiseculares e a crise do Antigo Réxime.

BIBLIOGRAFÍA

- SANTALLA LÓPEZ, M.: *Las Reales Fábricas de Ferrol. Gremios y barcos en el siglo XVIII*. Ilustracións de Xoán Braxe. Ferrol: Edicións Embora, 2003.

Táboa I

OFICIOS NA RÍA FERROLÁ, 1753

(Elaboración propia a partir dos datos do Catastro de Ensenada)

Oficios	A Graña	Ferrol	Neda	Mugardos	Cobas	S. Xoán	S. Pedro	Sta. Mariña	Doniños	Xuvia	Perlió	Piñeiros	Sillobre	Mehá	Esmelle	Serantes	S. Xiao	S. Mateo	Totales
Carpinteiros ribera	31	40	25	1	1	1	1	-	1	4	3	-	2	-	4	32	1	3	150
Carpinteiros blanco	28	-	16	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	44
Calafates	23	25	6	-	-	-	-	-	3	-	1	-	-	-	2	19	-	-	79
Ferreiros	7	13	1	-	1	-	-	1	1	2	-	1	2	1	2	1	-	-	33
Canteiros	11	7	-	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	2	27
Plateiros	2	3	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	7
Xastres	10	19	14	5	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	2	-	3	58
Barrenadores	8	17	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	25
Campesiños	97	45	125	36	63	16	72	16	70	82	9	29	81	45	74	68	38	52	1.018
Xornaleiros	13	21	19	-	2	2	1	1	2	1	-	-	-	-	-	2	-	3	67
Mariñeiros	74	60	29	81	-	1	-	-	-	-	6	-	-	3	-	-	-	-	254
Zapateiros	12	9	4	4	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	28
Mozos de servicio	8	10	18	19	-	1	-	-	1	-	-	1	4	-	1	8	3	4	78
Chocolateiro	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Panadeiros/Forneiro	2	4	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	12
Botoneiro	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Toneleiro	2	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3
Perruqueiros	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2
Aserrador madeira	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Faroleiro	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1


Táboa II
MESTRANZA NO DIQUE DE CARENAR DA GRAÑA

Carpinteiros de ribeira	107
Calafates	186
Carpinteiros do branco	4
Serradores	2
Peóns	13
Rondíns	6

Táboa III
MAESTRANZA NOUTRAS OCUPACIÓNS DO ARSENAL DA GRAÑA

Carpinteiros de ribeira	44
Calafates	17
Carpinteiros de branco e escultores	15
Toneleiros	4
Pintores	9
Albaneis	20
Faroleiros	7
Latoeiros	2
Cerralleiros e ferreiros	17
Peóns de confianza ó cargo das chaves	21
Vixías de Montefaro e Monteventoso	3
Rondíns	6
Garda dique da Malata	1
Capataz e peóns ordinarios	104
Patrón e tripulación da falúa do intendente	19
Patrón e tripulación da falúa da comandancia xeral	18
Patrón e tripulación da falúa do capitán de mestranza	10
Patrón e tripulación da falúa dos oficiais do arsenal	10
Patrón e tripulación do bote destinado ó recoñecemento de embarcacións que entran no peirao	7
Patrón e tripulación do bote do garda do arsenal	6
Patrón do bote do constructor	1
Patrón e tripulación da lancha que fai a viaxe á fábrica de Sada	18
Patrón e tripulación da lancha de garda na boca da ría	14
Capeláns da capela e do hospital do arsenal	2

Organigrama I



Táboa IV
COMPOSICIÓN GREMIAL DA MESTRANZA E NON AGREMIADOS, 1769

OFICIOS	MESTRES	CAPATACES	OBREIROS	APRENDICES	TOTAIS
Carpinteiros ribeira	-	18	999	284	1.301
Carpinteiros branco	-	3	84	27	114
Tallistas	-	1	11	2	14
Serradores	-	1	43	-	44
Calafates	-	10	272	87	369
Remolar	-	1	3	-	4
Toneleiros	-	1	3	-	4
Latonería e fundición	1	-	11	-	12
Armeiro e ampoleiro	-	-	2	-	2
Aplicados á construción	-	2	7	4	13
Codeadores e mergulladores de madeiras	-	-	14	6	20
Aparellador de canteiros	-	1	74	-	75
Peonaxe e mariñeiría	-	-	-	-	1.722
Garda estaleiro	-	-	1	-	1
Sancristán e axudante	-	-	-	-	2
Mergullador	-	-	1	-	1
Gardaferramentas	-	-	6	-	6
Sarxentos, celadorese rondíns	-	-	12	-	12
Fábrica de enxarcia	2	2	231	139	374
Fábrica de lonas	1	2	59	152	214
Fabrica de lonas. A traballo feito	-	-	-	-	246

Táboa V
OFICIOS NAS OBRAS CIVÍS, 1769

OFICIOS	Nº INDIVIDUOS
Aparelladores	12
Capataces	9
Albaneis	19
Canteiros	90
Carpinteiros	66
Peóns mariñeirese ordinarios	399
Peóns de confianza, patrón de bote, rondíns	20
Total	616

Táboa VI
MESTRANZA NO MES DE MARZO DE 1795

Oficios	Nº maestranza
Carpinteiros de ribeira	732
Carpinteiros de branco	151
Calafates	343
Serradores	115
Escultores	3
Remolares	10
Toneleiros	3
Montoneiros	75
Coreñas	49
Ferreiros	140
Pintores	22
Faroleiros	19
Fundidores	45
Cerralleiros	119
Gardaferamentas	3
Canteiros e albaneis	93
Fábrica de enxarcia	537
Fábrica de lonas	513
Total	2.972

A FÁBRICA DUN NAVÍO
NO
REAL ESTALEIRO
DE ESTEIRO

José María de Juan-García Aguado

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879



JOSÉ MARÍA DE JUAN-GARCÍA AGUADO
Doutor Enxeñeiro Naval.
Profesor da Universidade da Coruña.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura.
Fundado en 1879
Rúa O Magdalenoa, 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

*“Ingenioso arte y peregrino modo
fué la fábrica de los navíos, y quanto ma-
yores, más admirables, pues una máquina
tan grande, compuesta de tantos pedazos
de madera ligada y abrazada, con curvas,
bulárcamas, buzardas, y clavadas con per-
nos o cabillas de fierro y clabazón, queda
tan fuerte que se oponga y resista a las
ynchadas y furiosas olas del mar y a los
soberbios vientos, y que en ellos se atravie-
ssen con singularidad tan dilatados mares
y diferentes regiones como las que se co-
munican y buscan con ese modo [...]”.*



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Esta descripción corresponde á imaxe de fortaleza e inxenio que espertaba un navío navegando, ós ollos do biscaíño con cuxas palabras comeza o diálogo que mantén cun montañés sobre a fábrica dos navíos no manuscrito anónimo da biblioteca do colexio maior de Cuenca, datado no primeiro terzo do século XVII por M^a Isabel Vicente Maroto.

O 10 de agosto de 1751 botouse á auga o paquebote *Marte*, alias *San Miguel*, primeiro barco construído no estaleiro de Monte Real, nome co que figura nos primeiros planos do estaleiro (asinados por Joseph Petit de La Croix), que pronto cambiou a súa denominación pola de Real Estaleiro de Esteiro.

Ó outro lado da enseada, a igrexa de Nosa Señora de Caranza estaba a contemplar a caída da

primeira construción no novo emprazamento fabril que chegaría a se converter no eixe da política de construción naval militar española.

A construción de barcos de guerra no Real Estaleiro de Esteiro, cuxas gradas extendíanse polas abas do monte de Esteiro nos arredores do gran arsenal de Ferrol, continuou coa posta de quilla dos navíos *Fernando*, alias *Santa Bárbara*, *Asia*, alias *Santo Domingo* e a fragata *Galga*, alias *Santa Águeda Virgen*.

O proxecto e construción destas embarcacións serviu de comprobación da capacidade profesional dos constructores británicos Ricardo Rooth e Mateo Mullan, que foran contratados por Jorge Juan en Londres para poñer en marcha o proxecto de construcións navais do marqués de la Ensenada.

A derradeira embarcación que se construíu nas súas gradas ó finaliza-lo século foi o bergantín *El Amistad*, botado o ano 1799.

Ó longo deste período botáronse nas súas gradas 43 navíos, 36 fragatas e corvetas e 50 embarcacións de diferentes tipos como urcas, paquebotes, bergantíns, bombardas, goletas e balandras, que se artillaron con 5422 canóns, o que implica unha potencia de fogo instalada de 111 canóns anuais.

Substituíndo ó Real Estaleiro de Guarnizo, que fora até entón o gran estaleiro da Coroa na costa norte peninsular, o estaleiro de Esteiro compartiu co da Habana a fábrica dos novos navíos máis innovadores da súa época, como foron os navíos de tres pontes e 114 canóns que se construíron só nestes estaleiros, ó longo do período considerado.

A orde de construción dun navío ou fragata era asinada polo rei a proposta do secretario de Mariña. Cando o proxecto correspondía a unha serie de barcos da que s construíran previamente outras unidades, a orde de construción citaba simplemente o nome do prototipo a cuxas características debía de se ater en tódolos aspectos da nova construción.

Ó longo do derradeiro terzo do século XVIII a tipoloxía de navíos e fragatas estaba establecida de acordo co número de cubertas ou baterías e potencia artilleira ou número de canóns que portaba. Así construíronse navíos de dúas ou tres baterías con 64 e 74 canóns os de dúas, e 114 canóns os de tres baterías, ademais de fragatas dunha batería, e algunha de dúas, con 26 e 40 canóns.

Dende a creación da Real Armada en 1714 e o establecemento dos tres arsenais cara a 1726, o obxectivo dos responsables da construción de novas unidades foi a busca do prototipo óptimo dentro de cada tipo de buque de guerra, que puidese considerarse modelo para a construción de grandes series.

A fabricación seriada de navíos e fragatas conseguía que as unidades construídas con este criterio mantivesen as mesmas calidades de velo-

cidade e manobrabilidade, e por outra parte reduci-los costes de construción e mantemento.

A primeira serie de navíos construídos no estaleiro de Esteiro foron 12 navíos de 68 canóns, o *Apostolado*, segundo o prototipo de navío proxectado por Jorge Juan e a Xunta de Constructores de 1752, que reflectía a influencia da construción inglesa que estudara detalladamente Jorge Juan na súa estancia de tres meses en Londres.

Ó longo do século XVIII produciuse un movemento de grande importancia para levar ó ámbito do proxecto das embarcacións os coñecementos científicos que foran desenvolvidos no eido da mecánica a partir da publicación de *Philosophiae Naturalis Principia Mathematica* de Isaac Newton en 1687.

Malia que Arquímedes de Siracusa (ca. 287-212 a.C.) establecera os principios da hidrostática e estabilidade dos corpos flotantes, foi Simón Stevin (1548-1620), enxeñeiro mecánico e hidráulico flamenco e holandés quen resumiu e resucitou os traballos de Arquímedes, aplicándoos tamén ás embarcacións. Blas Pascal (1623-1662) matemático e físico francés, e Christiaan Huygens (1629-1695), eminente físico holandés, tamén contan entre os refundadores da hidrostática.

O matemático francés Paul Hosten (1652-1700) foi o primeiro en tratar de cuantifica-lo problema da estabilidade dos buques, e Cesar Marie de La Croix avanzou na resolución dalgúns conceptos fundamentais sobre movementos do buque e estabilidade hidrostática para un paralelepípedo flotante.

Por outra parte, ó longo dos séculos XVI e XVII desenvolvéronse métodos para determina-lo volume e a posición do centro de volume, e polo tanto puidéronse a partir de entón calcula-los valores do desprazamento dun buque e a posición do seu centro de carena.

No século XVII os problemas relativos á propulsión e á manobrabilidade dos buques de vela atraera o interese da comunidade científica, e varios científicos, tales como Ignace-Gaston Par-

dies (1673), Bernard Renau d'Eliçagaray (1689), Christiaan Huygens (1693), Jacob Bernuilli (1695) e Johan Bernuilli (1714) publicaran tratados e monografías sobre este tema.

Xa en 1746, Pierre Bouguer publicou *Traité du navire*, onde estableceu entre outras cousas que a posición do metacentro inicial determinaba a estabilidade transversal inicial do buque, o que permitía a súa cuantificación efectiva. O suízo Leonhard Euler incluíu no seu *Scientia Navalis*, publicado en 1749, o tratamento da estabilidade do buque a partir da acción do momento restaurador.

En España, ó longo dos séculos XVI e XVII, os problemas relacionados coa construción naval atraeron a atención dunha elite intelectual que en xeral traballaron de forma illada, á marxe de institucións que puidesen impulsar unha continuidade e estratexia a longo prazo no importante obxectivo de conseguir mellores barcos, tanto para mercantes como para a guerra, utilizando o grande amoreamento de experiencia que a carreira das Indias e as operacións no Atlántico Norte achegaron.

É o caso de persoas como Diego García de Palacio, doutorado en leis pola Universidade de México, na que chegou a ser reitor, autor de *Instrucción Nautica*, publicada en 1508; Alonso de Chaves, cosmógrafo e piloto maior, autor de *Espejo de Navegantes*, escrito entre 1520 e 1538; Juan Escalante de Mendoza, navegante que chegou a ser Capitán Xeral da Armada e Flota da Nova España, autor de *Itinerario de navegación*, escrito en 1575; Tomé Cano, capitán ordinario do rei e deputado da universidade de mareantes de Sevilla, autor en 1611 de *Arte para fabricar y aparejar naos*.

Xa no século XVIII, Antonio Gaztañeta Iturrizbalzaga, mariño e constructor, publicou en 1722 o tratado *Proporciones*, onde se establecen os criterios para o dimensionamento dos navíos e o escantillonado dos elementos estruturais.

Todos eles aplicaban directamente a experiencia propia ou allea de constructores e mariños enfrontados á urxente tarefa de construír naves

capaces de atravesalo Atlántico para establecer liñas comerciais permanentes, o que implicaba dispoñer dunha grande autonomía, resistencia axeitada para se enfrontar a rigores meteorolóxicos nos que nunca ata entón pensaran os constructores e potencia de fogo para repele-los frecuentes ataques de forzas hostís.

Jorge Juan publicou en 1771 *Examen Marítimo*, co que introduciu en España o tratamento científico no estudo dos problemas asociados coa Teoría do Buque nos seus diferentes aspectos, achegando algunhas innovacións como a extensión da medida da estabilidade inicial ós movementos lonxitudinais.

Aínda que se pode considera-lo século XVIII como aquel no que as matemáticas e a mecánica dos sólidos e dos fluídos tiveron un desenvolvemento fulgurante, estes corresponderon á elaboración de modelizacións do comportamento tanto do casco como das velas en relación cos problemas da resistencia ó avance e da propulsión respectivamente.

O seguinte paso, que correspondería á asimilación do coñecemento científico para proceder á elaboración dunha tecnoloxía non comezou a producirse ata a finalización do século XVIII para se desenvolver plenamente ó longo do século seguinte.

Por este motivo, a pesar dos coñecementos que existían no século XVIII sobre os mecanismos teóricos que gobernan o comportamento das embarcacións no mar, os métodos de proxecto utilizados continuaron baseados no coñecemento empírico e na experiencia acumulada.

En España, a determinación do desprazamento do buque, e por tanto a predicción do calado unha vez a flote, non se resolveu numericamente ata a metade do século XVIII. Os primeiros cálculos de desprazamento que aparecen na construción naval española son os incorporados pola Xunta de Constructores nos planos de navíos de 68 canóns, e a partir de aí incorpóranse de forma sistemática, utilizando o método dos trapezios para a determinación do volume de carena.

A determinación do arqueo, que implicaba o cálculo do volume encerrado baixo a cuberta principal medido en toneladas de arqueo, fora resolto tradicionalmente mediante sinxelas regras aritméticas baseadas nas dimensións principais das embarcacións, como as incluídas nas ordenanzas de 1713 e as seguintes.

A estabilidade transversal e o aguante da vela, definido este último como a escora que adoptaba o buque baixo a acción da compoñente transversal do vento, quedaron resolto coa definición de metacentro transversal que introduciu Pierre Bouguer en 1746. En España, Romeo Landa inclúe por primeira vez a posición do metacentro transversal nos planos de navíos a partir de 1785.

Pero os problemas da propulsión, manobra e goberno que implicaba a determinación da superficie de vela necesaria, a posición dos paus ó longo da eslora e o dimensionamento do temón, continuaron a recibir un tratamento empírico baseado en regras e proporcións dictadas pola experiencia. O mesmo acontecía coa disposición estrutural e os escantillóns ou dimensións das pezas que formaban a estrutura, o que deixou sen resolver un dos problemas que acortaba a vida dos buques, como era o quebranto da estrutura que impedía o calafateado do casco, permitindo a entrada de auga ni interior.

A información técnica que se elaboraba e servía de soporte para a construción de buques de guerra a finais do século XVIII, permitía defini-los aspectos principais, como eran a disposición xeral e as formas do casco, a relación de pezas estruturais coas dimensións necesarias para realiza-lo amoreamento de madeira e, por último, a relación dos elementos do armamento e da artillería.

En España, a ordenanza do Corpo de Enxeñeiros da Mariña estableceu a partir de 1770 a información que debía ser preparada polo enxeñeiro xeral cando se daba a orde de construción dun buque, e que debía describirse en tres planos:

"[...] calculados y con todos los perfiles en que se vean detallados los repartimientos

de sus bodegas, cubiertas y alojamientos; manifestando las maderas y hierro necesario para su construcción, sus dimensiones y las de su arboladura [...]".

Esta información plasmábase en tres documentos básicos:

- Plano de formas e disposición xeral.
- Caderno de trazamento.
- Caderno de madeiras, cravazón, porlóns, arboredo e embarcacións menores.

O plano de formas e disposición xeral contiña un transversal situado á esquerda do plano, ademais do trazado das liñas de auga e liñas de cuberta na parte inferior, xunto cun perfil lonxitudinal que incluía basicamente a posición das cubertas, vaos, portas de artillería, posición do arboredo e algúns elementos tales como cabrestantes, bitas e propaos, así como o detalle das fiestras dos xardíns de popa coa súa decoración. Trátase, por tanto, dun plano de formas complementado cun perfil lonxitudinal no que se engadía certa información propia dunha disposición xeral, mais de forma moi incompleta. Nos extremos de proa e popa debúxanse con bastante detalle o mascarón de proa coa figura do león e o detalle da ornamentación dos xardíns de popa. Na parte inferior esquerda indicábanse as características principais do buque:

- Eslora entre alefrices, medida á altura da primeira cuberta desde o alefriz da roda até o alefriz do codaste.
- Manga fóra de membros, medida na liña do forte ou da máxima manga que normalmente coincidía na caderna mestra.
- Puntal medido desde a cara alta da quilla até a cara inferior do vao da primeira cuberta, en perpendicular ó centro da mesma.

- Liña de navegación definida polos calados a popa e proa, medidos na liña do contorno da roda e do codaste, e a diferenza entre eles.
- Valores do desprazamento, especificando desprazamento do corpo de popa, de proa, a súa diferenza e desprazamento total. Normalmente utilízanse toneladas e libras, aínda que ás veces tamén quintais (1 tonelada = 2000 libras; 1 quintal = 10 libras).
- Valores relativos á estabilidade transversal, incluíndo a posición lonxitudinal do centro de carena, a súa ordenada sobre a quilla, e o radio metacéntrico transversal.

Completaba esta información a escala do plano, en polgadas e pés de Burgos (tamén chamados *pitipié*, denominación de raíz francesa [*petit pied*]).

O Caderno de trazamento era a cartilla do trazado das formas do casco que definía a súa xeometría mediante cotas das seccións transversais a través de vagras planas en lugar de liñas de auga, así como vagras de dobre curvatura, cubertas, galóns, regala, liña do forte, roda e codaste.

Esta cartilla de trazado era moi completa e detallada, o que demostra un nivel de definición dimensional do caco moi elevado.

O caderno de madeiras, cravazón e porlóns, arboredo e embarcacións menores incluía unha táboa coas medidas dos elementos estruturais indicando as súas dimensións e número de pezas de cada tipo. No mesmo documento definíanse as dimensións, medidas en liñas (doceava parte da polgada, á súa vez doceava parte do pé), da cravazón e dos porlóns cadrados e redondos, necesarios para a unión das madeiras.

Para cada un dos paos machos, masteleiros, vergas e botalós dábanse as dimensións do diámetro, longo, lonxitude do calcés e lonxitude do gratil; para os vaos e crucetas dábanse as dimensións de longo, anchura e grosor.

Por último, para cada unha das embarcacións menores, lancha, bote e serení no caso dun navío, indicábanse as súas dimensións principais e o escantillonado dos elementos estruturais.

O caderno de trazamento e o plano de formas eran a base para definir-la relación de tódalas pezas de madeira necesarias para a construción do casco. Cando se trataba dun prototipo, é dicir, un navío ou fragata con dimensións e formas novedosas, diferentes polo tanto das correspondentes a construcións anteriores, o proceso consistía en debuxar a escala natural o plano de formas no chan do patio de gálibos, o que permitía obter as dimensións e a forma de cada unha das pezas que formaban a estrutura principal do navío. Con




Fig. 1. Disposición xeral dun navío de 74 canóns

**REGLAMENTO
DE MADERAS NECESARIAS
PARA LA FÁBRICA
DE LOS
BAXELES DEL REY,
Y DEMAS ATENCIONES
DE SUS ARSENALES
Y DEPARTAMENTOS:**

FORMADO

POR D. JOSEPH ROMERO FERNANDEZ DE LANDA,
de la Orden de Santiago, Brigadier de la Real Armada,
é Ingeniero Director de ella.

APROBADO POR SU Magestad.



MADRID MDCCCLXXXIV.

Por Don Joacuin Izarra, Impresor de Cámara de S. M.

Fig. 2. Regulamento de madeiras de Romero Landa

estas dimensións seleccionábanse nos diques de madeiras do estaleiro as pezas de madeira axeitadas.

Para os elementos estruturais do casco empregábase o carballo, madeira que posuía unha elevada resistencia mecánica unida a un bo comportamento fronte ó podrecemento en ambiente mariño.

Para forra-lo casco e as cubertas utilizábase o piñeiro, madeira relativamente branda (o que permite adapta-las táboas á curvatura do casco), e de alta resistencia ó ataque de organismos mariños, principalmente a broma, *Teredo navalis*.

A selección dos carballos no bosque era de tipo dendromórfico, é dicir, identificando na árbore en pé a peza de uso naval máis conveniente á súa forma.

A construción dun navío de porte medio requería o amoreamento duns 4000 m³ de madeira, dos cales máis de 3000 m³ correspondían á madeira de carballo. Esta cantidade equivale a uns 1500 carballos grandes en pé, o que vén a supo-la corta dunhas 50 hectáreas de bosque de carballos de máis de 150 anos. Tendo en conta o sistema de selección dendromórfico, esta cifra pode chegar a ser dez veces maior.

No século XVIII, a Mariña española regulamentou o control sobre a produción de madeira dos bosques españois susceptibles de seren utilizados na construción de embarcacións, a través da *Ordenanza de Montes*, publicada en 1748. Nela establécese que:

“El cuidado y conservación de los Montes situados en las inmediaciones de la Mar y Ríos navegables en distancias en que pueda facilitarse su conducción a las Playas continuará como por repetidas Órdenes está mandado a cargo de los Intendentes de Marina, establecidos en los tres Departamentos de Cádiz, Ferrol y Cartagena [...]”

A orde de amoreamento de madeiras para a construción dun navío debía de se realizar coa suficiente antelación para permiti-la realización

dun longo proceso que comezaba coa relación dimensional das pezas necesarias, a sinalación no monte das árbores das que estas podían obterse e a corta, descortizado e transporte até o estaleiro, onde as madeiras permanecían durante un longo período, que podía chegar a ser dun ano e medio, nos diques de madeiras, situados na zona intermareal, coa finalidade de que a acción da auga do mar eliminase a seiva dos vasos leñosos do carballo. Deste xeito conseguíase eliminar da madeira os líquidos orgánicos que atraían os insectos que podían ataca-la madeira, e no caso do carballo tamén a cravazón de ferro.

Este desfase temporal entre o amoreamento da madeira e a construción das embarcacións deu lugar á aparición dos regulamentos de madeiras, onde se definían o número, as dimensións e o gálibo ou forma dos diferentes tipos de embarcacións.

Os primeiros regulamentos de madeiras dos que hai constancia corresponden ós publicados pola Xunta de Constructores de 1752, presidida por Jorge Juan e os constructores que contratara Gran Bretaña. Máis tarde, François Gautier e José Romero Fernández de Landa publicaron senllos regulamentos. O de Romero era o máis completo de todos, porque incluía a tipoloxía completa de navíos e fragatas do derradeiro cuarto de século.

O armamento dos navíos (armamento na súa acepción naval, como apresto e provisión de todo o necesario para o buque navegar) quedaba fóra das competencias dos enxeñeiros da Mariña, e era responsabilidade do subinspector dos arsenais, quen se atíña ó disposto no regulamento de armamento para cada un dos diferentes tipos de navíos.

Ó longo do século XVIII publicáronse sucesivos regulamentos de armamento, que ían incorporando os cambios da construción e operación dos buques. Un exemplo é o *Reglamento general de cuanto abraza el total armamento de los navíos fragatas y corbetas de la Real Armada desde la manga de 29 codos hasta la de 14 sujeto a la medida de Burgos que rige actualmente en los*



Fig. 3. Regulamento de armamento de 1792

Centro Fidei
Fundado en 1879
C/ Magallanes 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Arsenales aprobado y mandado imprimir por S.M. en 21 de Agosto de 1790, impreso en Santiago en 1792.

En total aparecen regulamentadas nel unhas 1500 voces, que podemos agrupar conceptualmente do seguinte modo:

- Equipamento para os diferentes espazos.
- Arboredo, enxarcia e velame.
- Motonería.
- Toldos, empavesadas, bandeiras e gallardetes, redes e encerados.
- Mangueiras de ventilación, pinturas, cravazón.
- Equipo de amarre e fondeadura.
- Bombas.
- Artillería e tódolos seus accesorios, munición, armas de chispa e brancas.
- Utensilios do contramestre, piloto, armeiro, carpinteiro, calafate, faroleiros, capela, enfermería, cirurxía, menciñas.
- Embarcacións menores e o seu aparello.
- Repostos.

Unha parte importante do equipamento necesario para os navíos e fragatas elaborábase nos obradoiros e fábricas do propio arsenal, como consecuencia dunha política autárquica dentro da propia Mariña, que aspiraba a te-lo control sobre tódalas súas fontes de subministración. No ano 1799 existían no arsenal de Ferrol obradoiros de fabricación de remos, tonelería, utensilios, cerrallería, ferrerías, fundición, farolería, pinturas, escultura, carpintería de branco, motonería e xastres, así como fábricas de enxarcia e lonas.

Outros materiais e equipamentos adquiríanse nas fábricas reais, como as de Liérganes e a Cavada, onde se fabricaba a artillería. Os restan-

tes materiais necesarios para o armamento do buque obtíñanse a través de diferentes subministradores ou asentadores.

A construción dun navío comezaba coa preparación da grada, formada por picadeiros de madeira que se extendían en toda a lonxitude da quilla, aliñados lonxitudinalmente cunha pendente de $\frac{3}{4}$ de polgada por pé, o que equivalía a un ángulo de 3,6 graos co plano horizontal.

A construción do navío podía realizarse mediante asento ou administración, ben na súa totalidade, ou ben en todo aquilo que se refería á fabricación do casco, exceptuando o proceso de armamento. Cos arsenais xa en plena capacidade operativa preferíase realiza-la construción por administración e, nalgúns casos concretos, realizar por asento a fabricación do casco. A adxudicación do asento realizábase mediante poxa pública, á que podían asistir os contramestres de construción do propio estaleiro e os seus axudantes, quen en caso de gañala obtiñan un permiso sen paga, e eran readmitidos ó finaliza-la obra, sempre que non se tivesen orixinado durante a mesma preitos, queixas ou disturbios.

A primeira peza que se colocaba era a quilla, formada por varias pezas unidas nos seus extremos cunha escarpa do tipo *raio de Xúpiter*. Para un navío de 74 canóns como o *San Telmo*, botado en Ferrol en 1788, a lonxitude da quilla era de 48 metros aproximadamente, e tiña unha sección de 430 x 488 mm, o que implicaba 5 pezas de pouco máis de 9 metros de lonxitude, pois era difícil atopar pezas rectas de carballo de maior lonxitude.

A continuación erguíase a roda no extremo de proa e o codaste no de popa, e as súas pezas interiores de reforzo e referencia coa quilla, que eran respectivamente a contrarroda e a curva coral.

A partir desta disposición arborábanse e afianzábanse as cadernas, comezando polas chamadas *de conta* e continuando polas cadernas de enchemento. As cadernas de conta correspondíanse cunhas determinadas cadernas (dezasete para




Fig. 4. Caderna maestra dun navío de 74 canóns

un navío como o *San Telmo*), situadas de forma equiespaciada ó longo da eslora, e coas que se obtiña a forma xeral do casco. As cadernas de enchemento eran as cadernas intermedias que se situaban entre as anteriores.

Na construción que se practicaba nos nosos estaleiros no derradeiro terzo do século XVIII, as cadernas facíanse dobres encoramentadas, é dicir, unidas entre si mediante cravazón, e formada cada unha delas por varias pezas. Nos navíos de gran porte estas pezas eran a varenga, que apoiaba na quilla; primeira ligazón e terceira ligazón a cada unha das bandas, nunha das cadernas; na outra xenol, segunda ligazón, cuarta ligazón e barraganetes, a cada unha das bandas. En total, para un navío como o devandito armábanse 63 cadernas dobres cunha separación entre caderna e caderna dunhas 6 polgadas, é dicir, uns 14 centímetros.

Nas zonas de proa e popa, denominadas delgados ou raseis, as pezas das cadernas que descansaban na quilla recibían o nome de picas, pero ante a dificultade de atopar pezas de carballo coa forma das varengas, excesivamente pechadas nestas zonas, na construción inglesa xeralizouse a práctica de suplementar a quilla nos extremos de proa e popa mediante unhas pezas denominadas dormidos, o que permitía que as cadernas descansasen nos dormidos en zonas de maior amplitude de formas.

Unha vez erguidas as principais cadernas uníanse a diferentes alturas entre si e ás pezas da roda e o codaste, cuns listóns flexibles denominados vágaras, que permitían manter unido o conxunto e comproba-la corrección da curvatura da superficie do casco.

Entre a primeira caderna e a roda, e así mesmo entre a derradeira e a aleta, macizábase a estrutura cunhas pezas denominadas espaldóns e tamén escobéns (as de proa).

As dúas ramas de cada caderna mantiñanse unidas mediante unhas pezas transversais denominadas distancias, que tiñan por misión impedir que as cadernas abrisen durante o período

anterior á colocación dos vaos que pechaban as cadernas pola súa parte superior.

Procedíase entón a reforza-lo codaste con pezas interiores denominadas contracodaste e xugos, e a roda coa contrarroda e as buzardas. Unha vez dispostas as cadernas colocábase interiormente a sobrequilla, formada por varias pezas rectas de sección similar á da quilla, cuxa misión era enceptar tódalas cadernas.

Na popa, sobre o xugo principal (que era o situado ó nivel da primeira cuberta ou batería), erguíanse as gambotas ou rabos de galo, que formaban a estrutura sobre a que despois se construía a balconada e o coroamento da popa. Despois procedíase a colocar no interior do casco os palmexares, tablóns lonxitudinais situados a diferentes alturas que se extendían a cada banda, desde a sobrequilla até a primeira cuberta (onde recibían o nome de dormentes), e no sentido lonxitudinal desde a popa á proa, coa fin de unir tódalas cadernas e dar rixidez lonxitudinal ó navío.

Finalizábase a construción do casco coa disposición dos vaos, que pechaban na parte superior do arco das cadernas en cada unha das cubertas ou baterías, co que se iniciaba a colocación do forro dos costados e das diferentes cubertas, con taboado de piñeiro.

O manexo das grandes pezas de madeira requería a utilización de cabrias, que se armaban nos lugares onde o seu auxilio era necesario, e durante o proceso de montaxe das cadernas e a roda apoiábanse en escoras dispostas con certa inclinación sobre o chan do estaleiro.

Para a unión das escarpas das grandes pezas utilizábanse porlóns, e para as unións menores das diferentes pezas da estrutura, cravos de diferentes seccións e lonxitudes.

As pezas lonxitudinais que debían seguir a curvatura do casco, como eran os palmexares, as cintas e o taboado do forro exterior e interior, amolecíanse someténdooas a un baño de vapor e auga quente dentro dos fornelos ou cocedoiros de caldeiras, cunha técnica que fora introducida nos estaleiros polos constructores ingleses. O

tempo de permanencia dentro do forno dependía do grosor da táboa, de xeito que para sete polgadas (16 centímetros) precisábanse non menos de 6-8 horas.

Na derradeira fase da construción dun navío realizábanse as obras de carpintería de branco, nome co que se definían todos aqueles traballos de carpintería non estrutural, como a construción de mamparos de madeira, forrado de cámaras e pañois, molduras interiores, espello de popa e xardíns, batiportes, gardaaugas das portas, escadas, enxaretados, propaos, guindastes, brazolas, roda do temón, andeis, lacenas, campanario, curvas banda, brazais, serviolas, disposición de ferraxes e outras obras similares. Nesta fase remátase a proa coa escultura do figurón ou mascarón de proa, tallado polo mestre escultor e os seus axudantes en madeira de nogueira.

Unha vez finalizada a construción do casco, erguíase o berce de lanzamento, sobre o que o barco se apoiaba nas dúas pistas de escorregadura ou imadas, que se dispuñan na grada. Procedíase entón a transferi-lo peso do navío desde as escoras e soportes utilizados durante a construción ó berce de lanzamento, quedando así o navío unido a trevés duns cabos pola proa a uns puntos fixos.

O día da botadura picábanse estes cabos, co que o navío descendía cara ó mar na enseada de Caranza, para o que se facilitaba a escorregadura entre o berce e as imadas mediante a utilización de sebo de porco.

Unha vez a flote, o navío era remolcado até os peiraos do arsenal, onde se procedía á montaxe das pezas do arboredo, bauprés, trinquete, maior e mesana coa axuda da cabría de arborar, e a continuación procedíase ó seu armamento de acordo co que establecía o Regulamento de Armamento para un navío da súa clase.

Asignábaselle entón ó navío unha tripulación que, de acordo co Regulamento Xeral de Tripulacións e Guarnicións para un navío como o *San Telmo*, constaba de 20 oficiais de guerra e oficiais maiores, 21 oficiais de mar, 95 artilleiros

de preferencia e artilleiros ordinarios, 100 mariñeiros, 120 grumetes, 24 paxes, 112 de tropa de infantería e 38 de tropa de artillería. En total, 530 persoas.

Finalizada a construción e o armamento, realizábanse as probas de mar, que normalmente se levaban a cabo durante a primeira navegación do buque, totalmente armado e equipado.

Cando se trataba dun prototipo, e coa fin de conseguila valoración das súas calidades en relación con outros navíos similares, realizábanse probas de comparación con outros buques do seu tipo navegando simultaneamente á vista, con rumbos idénticos, o que garantía a neutralidade das condicións ambientais.

As probas que se realizaban eran as de velocidade, con ventos de diferente dirección e intensidade, e as de goberno, con viradas por avante e en redondo.


Unha das características máis importantes que se medían durante as probas de velocidade con diferentes ventos era o de aguante da vela, que correspondía á medida do ángulo de escora que tomaba o navío con ventos de compoñente polo través, e que establecía o límite de vento desta orientación, co cal o navío podía continuar coa primeira batería floreada, é dicir, coas portas abertas, e por tanto coa batería de sotavento operativa.

A inutilización dos canóns desta batería, que correspondían ós de maior calibre por un excesivo ángulo de escora, o cal caracterizaba os buques cun deficiente aguante de vela, reducía notablemente a capacidade artilleira e, por tanto, o valor operativo do buque.

O aguante da vela medíase a través da batería ó medio, é dicir, o valor da altura desde a flotación até o borde inferior da porta na sección media do buque medida na banda de sotavento, para o que se marcaba unha escala en pés e polgadas desde a flotación até o borde inferior da porta de referencia.

Nas probas de comparación determinábase trigonométricamente a distancia percorrida polo buque respecto do que se tomaba como referencia,

Concello de Ferrol



Navío de 112 canóns tipo "Santa Ana"

Fig. 5. Dimensións comparativas dun navío de 112 canóns

co que se medía a vantaxe ou desvantaxe relativa dun buque respecto do outro, con independencia doutras medicións.

As probas de goberno consistían na realización de viradas por avante e en redondo variando o aparello con diferentes intensidades de vento e estado do mar.

As viradas en redondo eran importantes para avalia-la capacidade de resposta da artillería da banda oposta, de xeito que unha vantaxe neste aspecto permitía a posibilidade de dar dúas descargas ó enemigo e recibir del unha soa descarga.

As medidas que se tomaban durante estas probas consistían na medición dos tempos correspondente á manobra completa desde o seu inicio até chegar á situación de bolina á outra banda e comezo da arrancada.

Adicionalmente, nas viradas realizábanse medicións sobre a velocidade coa que o buque orzaba desde o instante en que comezaba a virada ata se atopar a fil de roda, e sucesivamente o que arribaba ata que se fixaba sobre a liña de bolina do outro bordo.

Durante a realización das probas de mar anotábanse tamén as características relativas á

intensidade dos balances e cabezadas, observando se o buque traballaba polo arboredo, medindo os tempos das oscilacións correspondentes, para o cal se utilizaba un reloxo de segundos.

Ó finaliza-las probas efectuábase un exame da solidez da estrutura e do quebranto que puidese ter padecido a cuberta, os trancañis e as demais partes do casco, e por último incluía-se o parecer do capitán sobre as vantaxes e desvantaxes do buque sobre os da súa clase.

A medida da velocidade realizábase coa axuda da corredeira e a ampoleta. Preferíase utilizar a corredeira longa, que tiña normalmente entre nós 55 pés 5 polgadas de Burgos, o que coa ampoleta de 30 segundos correspondía a unha velocidade dunha milla por hora entre nós.

As probas de mar dos navíos e fragatas marcaba o final do proceso constructivo e o comezo da vida operativa, que se desenvolvía ó longo de períodos intermitentes de actividade durante os que se incorporaban a algunha das formacións navais e entre os que se producían períodos de inactividade nos arsenais en situación de desarmamento, até o final da súa vida operativa, que se producía por perda, captura ou desguace.



O DESPERTAR DA RÍA Á INDUSTRIALIZACIÓN

Justino Fernández Negral

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879



JUSTINO FERNÁNDEZ NEGRAL

Licenciado en Historia e Enxeñeiro Técnico.

Profesor de Tecnoloxía no I.E.S. Marqués de Suances.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura.
Fundado en 1879
Rúa Magdalena, 262-2011 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

A ría de Ferrol inicia os seus

pasos industriais na segunda metade do século XVIII, da man do arsenal. A extraordinaria actividade que viven os varadoiros vai influír de xeito directo no mundo exterior ás murallas. Tódalas actividades productivas van sentir este pulo. Nós imos centrarnos en tres sectores: a curtición, a moenda e as fundicións que exemplifican con precisión, o novo horizonte que nace e que vai caracterizar unha época.

Actividade artesanal, fábricas e complexos productivos configuran un rico entramado que debemos comezar a estudar.

Cando falamos da industria de Ferrol sempre pensamos no arsenal como único referente. A industria de Ferrol que aquí estudamos é a que nace fóra dos límites físicos do arsenal, na que o Estado non é o seu promotor. Son dous modelos distintos e ás veces enfrontados.


A industrialización de dentro fronte á industrialización de fóra. É coma se a muralla marcasse dous territorios con códigos e métodos diferentes. Non é lóxico, e menos no campo da industria que traballa con modelos únicos, pero, no caso da nosa ría poderíamos dicir que persiste esta dualidade.

Nós imos referirnos á industria de fóra, a que promove a dinámica externa.

Ó longo da segunda metade do século XVIII na nosa ría prodúcense dous acontecementos diferentes e complementarios:

1.- O nacemento dun poderoso complexo industrial dedicado á fabricación de barcos. Este esixía unha importante concentración de técnicos e operarios, tanto para labores de posta a punto da estrutura marítimo-industrial como para os traballos específicos de construción naval.

2.- O nacemento dunha cidade que debe aloxa-lo equipo humano coas súas familias. O novo centro poboacional requería estruturas, trazado e levantamento de rúas e casas, organización das vías de comunicación, etc. E ó mesmo tempo debe ter capacidade para satisfacer as súas necesidades de comida, vestimenta, calzado, bebida, etc.



Centro fabril e cidade non son autosuficientes, necesitan que o mundo exterior subministre produtos e materias primas que fagan viable o traballo de construción de barcos e a vida social no núcleo de poboación. Cidade e arsenal comparten un fino entramado de dependencias e necesidades do que xorde o desenvolvemento industrial da ría.

Ímonos centrar neste proceso, acercarnos a este nacemento industrial externo ó complexo naval. Certo é que o auténtico motor do desenvolvemento da ría vai se-lo Arsenal, pero esquecer ou restar valor ó mundo productivo que o rodea sería, cando menos, inxusto. Necesitamos unha visión que mostre dúas realidades distintas e complementarias, para o que propoñemos un fio de desenvolvemento no que, partindo do contexto socio-político que dá orixe ó complexo naval, poidamos recoñecer primeiro a industria do medio rural alí existente, e logo identificala primeira industrialización da ría.

A nosa industrialización non é un caso especial e independente do proceso de industrialización peninsular. Somos deudores daquel extraño proceso, aínda que tamén posuímos importantes rasgos diferenciadores. O noso proceso móvese en dúas coordenadas: por unha banda o nacemento dunha cidade (os núcleos de poboación sempre tiveron un extraordinario poder para xera-lo seu propio tecido productivo), pola outra, o deseño dun complexo industrial sen precedente na Península, no que o Estado é ó mesmo tempo axente produtor e consumidor. No primeiro, as leis do mercado marcan o seu desenvolvemento. O xogo da oferta e a demanda vai arbitrando o ritmo de coordinación entre cidade e tecido productivo. No segundo, o impulso da competencia como motor de desenvolvemento desaparece, configurando un sistema pechado no que o Estado é xuíz e parte. E sabemos que as razóns do Estado non sempre responden a criterios racionalistas. A nosa industrialización é un caso peculiar e único: sitúase na periferia e no centro das ambicións políticas. Difícil vai ser

conxugar racionalismo ilustrado e razóns de Estado. Somos froito deste dualismo que ten un equilibrio complicado.

CONTEXTO PREVIO

A nosa industrialización queda englobada nun proceso eminentemente socio-político. O século XVIII está definido cunha única palabra: a Ilustración. Evidentemente, en cen anos aparecen moitas circunstancias e avatares sociais e políticos, pero este século sempre tivo a súa propia síntese e non é bo simplificar demasiado as cousas. Para nós a cultura ilustrada debe verse dende dúas coordenadas específicas: a científica e a industrial, desenvolvemento científico e industrial unificados no que denominamos cultura tecnolóxica.

A España da segunda metade do século XVIII é unha nación cun forte retraso científico e industrial, pero a diferenza dos séculos anteriores, o Estado é consciente desta situación e quere dar solución a este grave problema. Desexan os gobernantes xerar un desenvolvemento que non posuímos e móvense a impulsos discontinuos e contradictorios. Queren unha infraestrutura industrial que libere ó erario público da sangría económica que supón ter que comprar todo noutras nacións, e ó mesmo tempo intentan dinamizala sociedade española, acostumada ó ostracismo. Dar inicio ó desenvolvemento científico-tecnolóxico transfórmase nun duro desafío.

Por outra banda, os gobernantes teñen receo das nacentes sociedades industriais cos seus problemas sociais de amontoamento e inestabilidade. Por iso con frecuencia as súas mensaxes son contradictorias e as súas actuacións imprecisas. Promoven con Jovellanos unha industria que denominan rural coa fin de evita-las aglomeracións nas cidades e as consecuentes mobilizacións, e ó mesmo tempo desexan unha industrialización rápida e axustada ós criterios europeos. Queren que sexan os propios cidadáns os axentes deste proceso, mais non crean as condicións legais e

económicas que o fagan posible. Este conxunto de anhelos e contradicións cristaliza nun sistema de industrialización liderado enriba, no que o Estado é o principal axente, motivado pola ausencia de compromiso da clase nobiliaria, máis atenta ás súas rendas agrarias que ós novos impulsos económicos. Nacen así os grandes proxectos estatais estilo colberiano, no que *Las Reales Fábricas* son o elemento máis rechamante. No campo da sensibilización social, as sociedades de Amigos do país intentan crea-las bases dun pensamento científico-técnico. Estado, dirixentes sociais e pequenos burgueses transfórmanse nos axentes dun proceso no que todos comparten un entusiasmo común: situa-la nosa sociedade a niveis equivalentes ó resto das nacións europeas.

O proxecto ilustrado era económico e social, pero tamén político. Ten chegado o momento xusto de tomar contacto coa historia, o tempo para decidir onde debiamos estar como nación. Ter algo que dicir implicaba facer visible o teu poder, facíase necesario un potencial marítimo capaz de defende-los nosos intereses de ultramar e poder competir coas nacións do norte. A Mariña é a resposta a este dobre desafío do Estado de sentirmos Europa como espazo xeográfico privilexiado pola súa tecnoloxía e ó mesmo tempo dispor dun potencial naval capaz de protexe-las rutas marítimas.

Non era doado construír un barco e dispor dun amplo abano de sectores técnicos, e do tecido productivo complementario. Tamén esixía contar con recursos científicos.

Ferrol sería base naval, centro de adestramento nas ciencias da navegación e, ó mesmo tempo, complexo productivo unificando ciencia e tecnoloxía. Fabricar barcos é crea-la tecnoloxía que o seu uso necesita. É a primeira vez que a Coroa pensa no deseño dunha rede de estaleiros con capacidade productiva e tecnoloxía, e para iso envía especialistas a Europa.

A Coroa non ten experiencia para poñer en marcha un proxecto desta envergadura. Non só é necesario dedicar grande cantidade de recursos económicos, tamén debía contar cun extraordina-

rio potencial científico-técnico. Homes, infraestructura e tecnoloxía transfórmanse no soporte do novo proxecto. Facer un barco implica poñer en relación tódolos ámbitos da vida: o vivir e o comer, orientarse e navegar, defenderse e atacar, crear e manter. Un barco é a síntese da vida. Non só tiñan que preparar talleres de cravos, cordería, áncoras, carpintería, cadernas, etc., senón que tamén tiñan que atende-la vida cotián: comer, durmir, etc. Nacía así un extraordinario complexo industrial con talleres, muíños, fundicións, etc., e con el nacía unha cidade capaz de albergar ós máis variados artesáns que ata ela chegaban. O proxecto ilustrado dos *Reales Establecimientos* como núcleo autárquico, productivo e social acadaba na ría a súa máxima expresión. Nacía un novo modelo cidade-arsenal construído sobre sucesivos abanos que albergaban os distintos espazos: dársena, complexo productivo de talleres e varadoiros, zona residencial con barrios de Esteiro e a Magdalena. Estamos acostumados a pensar nas cidades medievas que se van facendo ó longo dos séculos nunha vontade non manifestada e resúltanos estraño este nacemento artificial e racionalizado. Pero isto non é tan estraño na España ilustrada, que viviu outros nacementos interesantes –só basta recordar a Olavide.

Interésanos agora o proceso de industrialización que xera esta cidade-arsenal. Ó tempo que xurdían no arsenal talleres, fundicións, diques, etc. a nova cidade ía adquirindo primeiro a súa estrutura, e logo o seu entramado productivo. O arsenal atendía as necesidades constructivas dun barco, a cidade debía dar resposta ós seus cidadáns. Nace neste primeiro momento o que podemos chamar “industria do cotián”: panaderías, xastrerías, zapaterías, etc. É unha industria do comer, vestir, calzar, erguer casas, etc. Non é doado contabilizar a día de hoxe a magnitude desta industria composta por artesáns independentes que foron chegando e que se especializaron nas necesidades colectivas. Aínda estamos sen estudos concretos que nos subministren datos. Este é o primeiro entramado, a primeira rede de servizos que

se alimentou principalmente do potencial do medio rural cercano, do movemento poboacional especializado do campo cara á cidade. As terras altas foron subministrando os víveres necesarios e surtindo ás pequenas tendas, logo chegaron as materias primas necesarias: coiros, madeiras, tellas, etc.

A INDUSTRIA DO MEDIO RURAL

Non era un segredo que a elección da ría como asentamento da armada na súa dobre función de base naval e arsenal tiña extraordinarias calidades a nivel estratéxico, do mesmo xeito que era coñecido o seu escaso potencial produtivo. A infraestrutura da ría de mediados do XVIII queda perfectamente resumida no Catastro de Ensenada. Trátase dunha industria de carácter eminentemente artesanal con limitada poboación de oficiais e aprendices que traballan de xeito independente a pedra, o ferro, o coiro, a madeira, etc. Tampouco ofrecía gran cousa o medio máis próximo na produción de materias primas e semielaboradas.

O nacemento da cidade dinamizou a industria rural, tamén chamada industria doméstica ou popular, da que temos unha referencia clara no documento denominado: *Estado general que contiene las fábricas de Curtidos, Textidos, Batanes, Martinetes y Molinos de la Sudelegación del Puerto y Plaza del Ferrol*¹. O documento, datado en 1786, fálanos con precisión desta industria, auténtico punto de partida do que logo será a industrialización da ría. Non deixa de sorprende-lo encabezamento do título: fábricas de curtidos, tecidos, batáns e muíños. Está fóra do obxectivo facer unha análise precisa, pero si convén dar unha visión clara do alcance da relación presentada a D. Eugenio Álvarez Cavallero, alcalde maior da vila. Fixémonos nos batáns: contabiliza trece deles, e nove sitúaos nas Somozas. O dato corres-

póndese cos amosados no traballo *Forjas Hidráulicas Mazos e Machucos* deste autor. Pero o máis importante é o potencial produtivo destas fábricas. Os mazos agrupan, tomando os datos do Catastro de Ensenada, non menos de 33 ferreiros na comarca de Somozas, cun valor regulado de 300 reais de vellón. Anos despois D. Eugenio Larruga, no seu *Diccionario Enciclopédico*, sitúa trece, o que pon de manifesto a dinamización que experimentou o sector ó longo do século XVIII.

Similar comportamento debeu experimentar-lo traballo do liño, actividade moi estendida no medio rural. As manipulacións desta materia tiñan unha grande tradición no campo galego e en particular na nosa provincia. Dirá Alonso López (e a referencia faise para o século XIX, aínda que neste tipo de actividades sen apenas evolución é aplicable para o século en estudo): "*se puede decir que cada familia del campo, y aun de los pueblos reunidos, es un taller de hilados*". É o que él chama *industria casera*.

O asentamento naval certo é que xerou un importante dinamismo, pero non un milagre. Incrementaron a súa capacidade productiva, pero mantiveron, en boa medida, as súas condicións tecnolóxicas. Tanto o liño coma o ferro estaban a incorporar importantes adiantos nos seus procesos, e isto esixía unha grande capitalización que o medio rural non posuía. Son actividades de supervivencia que non xeran o excedente metálico imprescindible para acomete-lo auténtico desenvolvemento industrial. En calquera caso, a incidencia do arsenal vai ter un efecto beneficioso no entramado produtivo.

O medio acadou, ó longo da segunda metade do século, un certo equilibrio. Subministraba á cidade a poboación de artesáns que esta necesitaba, ó mesmo tempo que abastecía ó arsenal de materias primas como madeira, cravazón e artigos alimenticios. Esta relación parecía pechada, pero só en aparencia. Entorno rural e cidade-ar-

1. Documento citado pertencente ó Arquivo Municipal de Ferrol

senal debían complementarse, pero dificilmente chegarían a cubri-las súas necesidades. O estaleiro recibía grande cantidade de materias primas do exterior: cravazón, cal para a construción dos diques ou madeira, que viñan de Asturias, País Vasco e o norte de Europa. Á cidade chegaban mercaderes de Castela e Cataluña para subministrar todo o necesario, ó tempo que do estranxeiro viñan técnicos para dirixir e colaborar nas tarefas constructivas. En 1767 Antonio Meijide sitúa 70 franceses na comarca, que eran os Beaujardin, Carrere, Lembey, Lestache e outros. De feito, ó mesmo tempo que está xurdindo o grande complexo industrial e a cidade, está configurándose o núcleo de homes de comercio, industriais e técnicos que dará orixe á primeira burguesía ferrolá.

ÚLTIMO TERCIO DO SÉCULO:

A industrialización da ría: moer, fundir e curtir.

A ría vive unha etapa abraiante: o dinamismo do arsenal contaxia á cidade, que comeza a encherse de poboación. Comerciantes, capitalistas, técnicos, artesáns e persoal de Mariña. Todos configuran unha poboación heteroxénea que pouco a pouco vai consolidarse. A cidade necesitaba tellas e xurdiron as telleiras, necesitaba coiros e naceron as fábricas de curtidos, as mulleres pedían xabón e apareceron a fábricas de tratamento de graxas, e con elas as de licores, as de somieres, as carpinterías, as fábricas de fariña, sombreiros e gorras. Este entramado industrial chegou da man da nova burguesía, auténticos artífices do dinamismo. Eran os Lestache, os mestres constructores dos que non coñecemos nomes, os xerentes das fábricas de curtido Bugallos e García Seixas, etc. A cidade-arsenal estaba a vivir tempos soñados. Alonso López, no tomo III, sinala entre 1787 y 1789 "*dos fábricas de sombreros ordinarios, además de algunos pequeños obradores de guarniciones de espadas y otras armas blancas*". Este era o panorama da cidade e da ría, que aparecía surcada por barcos

unindo Ferrol co Seixo, Maniños e Mugardos cargados de leña, peixe e productos varios. É neste intre cando a ría toma identidade como conxunto produtivo e se sente orgullosa das súas complementariedades. Dá o mesmo onde se atope a fábrica de salaga ou a telleira se todos podemos beneficiarnos.

Nesta liña de crecentes complementariedades vémo-lo traslado da *Fábrica de Jarcias y Lonas* de Sada ó municipio de Neda. Non só era un asunto de estratexia, tamén tiñan razóns técnicas e productivas. A existencia de boas augas para o lavado das liñazas e a presenza cercana dos técnicos que estaban a chegar a Ferrol eran o mellor reclamo. Os comerciantes e subministradores, ó coñece-las vantaxes de facer eles mesmos os productos, nun segundo momento transfórmanse en empresarios, dinamizando así o tecido productivo. Nacían así as fábricas ou talleres dos axentes externos, que pasaron de intermediarios a axentes produtores.

Nas dúas últimas décadas convivían en Ferrol tres modelos de industrialización independentes e complementarios. O primeiro e máis importante é o patrocinado polo Estado. Xunto a el, o artesán independente orientado a satisfacer as necesidades cidadás e por último o entramado industrial propiamente dito, que atendía ós dous anteriores. Xunto a eles, e actuando de colchón de equilibrio, encontrábase o medio natural. Mar e campo interaccionan coa cidade ilustrada proporcionando os recursos alimenticios e naturais. É esta unha historia de complementariedades que se vai entretecendo ó longo do tempo, e que ten na actuación do Estado o seu principal motor, pero que sen os outros dificilmente iría adiante. Acostumamos a defini-los procesos de industrialización sobre unha variable única, olvidamos que somos fillos dunha complexidade e que é nela onde mellor se manifesta a nosa identidade. Este exercicio de colaboración arsenal-cidade ten a súa expresión económica na formula Estado-iniciativa privada. O complexo produtivo da ría móvese dentro destas coordenadas nun exercicio de

equilibrio: se unha delas desaparece, o proxecto tórnase irrecoñecible e con grave risco para a súa continuidade. Probemos a identificar algúns destes sectores.

O arsenal era a industrialización que o Estado patrocinaba. Era a súa unha dinámica artificial, sempre máis atenta a conxunturas políticas que a razóns de mercado. Ese poderoso monstro capaz de face-lo máis extraordinario en poucos meses tornábase con frecuencia en preguiceiro e impasible, chegando ata a inactividade. Eran as súas estrañas razóns que sempre chegaban de fóra e que os ferroláns festexaban ou sufrían. Estas fixeron do complexo industrial un ser de alegrías e desgrazas impredecibles. Dificilmente poderemos encontrar un entramado industrial con maior capacidade. A súa mellor calidade transformábase no seu peor defecto. É o signo dos xigantes, fortes e débiles. No século no que nos atopamos houbo momentos nos que saía un barco por ano, mantendo tres ou catro en gradas. Este potente núcleo productivo estaba lonxe de ser autosuficiente, necesitaba ser complementado.

Atención
Fro

AS FÁBRICAS DE FARIÑA:

A alimentación da cidade e da Armada

A nosa comarca participou nos primeiros pasos da industria muiñeira española, como indicou no seu día Javier Moreno Lázaro. O abastecemento da Mariña, a alimentación dos homes que traballaban no arsenal e da poboación que vivía na cidade transfórmase rapidamente nun elemento atractivo para os intereses do nacente capitalismo. Comprar e abastecer de gran, moer e elaborar o pan nos fornos, configuran en poucos anos un sector de gran dinamismo. Nós imos deternos só no apartado dedicado á moenda fabril, deixando á parte o traballo tradicional dos muiños. Estamos diante das primeiras unidades productivas dedicadas á trituración do trigo, utilizando novas técnicas e recursos tecnolóxicos. Asistimos na segunda metade do século XVIII á revolución in-

dustrial do sector. Novas enerxías (no noso caso a forza do mar e do vapor e novos enxeños de transformación) ían marca-lo desenvolvemento das fábricas. O resultado é o novo produto *harina en flor*, froito dunha nova organización do proceso productivo.

Unha daquelas fábricas era o muiño das aceas de San Martiño de Xuvia, que aínda hoxe podemos admirar. Nace da man de D. Santiago Beaujardin en 1785, veciño de Ferrol e *tratante en granos y harinas*, quen fora vicecónsul francés neste porto. Para a súa creación solicita permiso ó Intendente Xeral da Mariña e anos máis tarde asóciase con D. Juan Lambey, quen terminaría sendo o único propietario do muiño de mareas levantado no Souto, municipio de Narón.

Javier Moreno di que os grandes núcleos fabrís do século XVIII dedicados á produción de fariña se ubicaban na costa cantábrica. Ferrol, xunto con Santander e Bilbao, contaba con varias destas fábricas. Hoxe sabemos que tamén participaron outros como D. Juan de Villavicencio y Puga, quen pensaba establecer nas Chancas de Perló outra fábrica.

Tampouco podía faltar neste rico entramado o municipio de Neda, de recoñecida tradición muiñeira. Na ponte de Santa María, o Catastro de Ensenada no seu *Interrogatorio* sitúa dous muiños, un de Manuel Marais e outro de Joseph Vermúdez, o seu traballo é regulado en case 400 reais. Eles mostran ese nivel intermedio e marcan a continuidade necesaria neste importante sector.


O Estado tamén quere participar neste proceso. Entre a documentación do arsenal temos un interesante proxecto de muiño de mareas que tiñan previsto situar nas súas dependencias. Pero estas non son as únicas iniciativas. Os franceses Juan Lestache e Francisco Bucan construíron catro muiños no río Xuvia e en Santa Icíá os Beaujardin sitúan os seus. Preséntase como un bo negocio no que tamén ían participa-los muiños particulares de Mandiá e terras altas.

O sector da fariña congregou homes diversos, pero sen dúbida os máis representativos foron

os franceses. Eles actualizaron o sector a nivel tecnolóxico, introducindo as moas de pedernal que a partir dese instante rapidamente se van xeralizar: son as pedras de La Ferté-Sour-Jarre. Tamén mecanizan as operacións de molduración e cribado utilizando a enerxía hidráulica. Novas máquinas para novos procesos: a revolución industrial estaba en marcha. Utilizan as peneiras gradadas, con enxeños para a limpa e selección da materia prima. O resultado é a trituración progresiva. Os procesos de ciclo continuo inician a súa andadura. Na fábrica de Lestache, antes de entra-lo trigo nas moxegas, limpábase coa axuda de cinco inxeños, que eran longos cilindros de mallas inclinadas, que xirando cribaban o gran e quitabánlle o centeno, a avea e as pedras. Estamos a falar de auténticas fábricas de fariña, moi lonxe dos tradicionais muíños. É a nova filosofía da moenda económica, moi lonxe do concepto de muíños que temos. Son industriais capitalistas franceses, como D. Fernando Urgorri, que non só atenden as operacións finais, senón que tamén constrúen o entramado de abastecemento e almacenamento de

gran. Para iso saen ó estranxeiro e fan chegar a Ferrol trigo procedente de Francia, Estados Unidos, Holanda e Rusia. Lestache posuía dous bergantíns de entre 80 e 100 toneladas dedicados ós labores de transporte. A capacidade productiva era importante: só a fábrica de Lestache podía moer ata 70.000 fanegas ó ano e os de Santa Icí, con dúas moas, chegaban a 35.000, competindo en produción coas fábricas de Aguilar de Campoo e outras de similares. Estamos acostumados a velo muíño como un feito arcaico, e esquecemos que na comarca tivemos importantes fábricas de fariña, que ían supor un importante arrastre tecnolóxico para o resto do sector e tamén para outros sectores. A turbina hidráulica vén da súa man, sendo o novo motor da industria. Nestes anos comezan a desenvolverse importantes prototipos, ó tempo que mellora a realización das estruturas hidráulicas. Só temos que ver as presas que están a xurdir en todo o territorio. Os rodicios tradicionais pronto serán substituídos polas turbinas hidráulicas, auténticas precursoras das que hoxe vemos nos grandes saltos hidroeléctricos.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Muíño das Aceñas en Narón

Os franceses foron tamén os grandes innovadores no perfeccionamento das pedras e participaron cos ingleses na introdución do proceso secuencial da moenda. O trigo entraba por unha moxega e sen a intervención de operarios ía pasando polos distintos procesos ata ser recollido como fariña.

Lembremos que a tecnoloxía é única, o resto dos sectores productivos vanse aproveitar destes adiantos adaptándolle-las súas necesidades particulares.

OS NOVOS CENTROS METALÚRXCOS

Si existe un sector no que avalia-la influencia do arsenal no medio externo, este é o metalúrxico. O cómo se proxectan estes potentes centros productivos danos unha idea clara da interrelación que establece o arsenal co resto das actividades.

O sistema deseñado na ría parecía óptimo: nas gradas os barcos saían de xeito gradual e todo o proceso articulábase con precisión calculada. A estratexia daba bos resultados, e pronto xurdiron novas necesidades ás que era necesario buscar resposta. Primeiro os equipos de navegación: pensábase nunha instalación para confeccionar instrumentos náuticos. Nun segundo momento acometeuse o forrado dos fondos dos barcos.


A necesidade de cobre animará na década de 1780 a D. José Andrés Pardo a instalar un batán e dedicarse á fabricación de cravos e pranchas. Anos máis tarde, cando quedou definida a solución, procedeuse ó deseño e asentamento da fábrica destinada a fabrica-las pranchas de cobre que debían protexe-los fondos do deterioro provocado pola broma. O Estado estaba moi interesado en levar de forma directa este proxecto e, despois de examinar outras alternativas privadas, deuse luz verde ó que hoxe coñecemos como *Los Reales Establecimientos de Jubia*. Nacía así un potente establecemento metalúrxico dedicado ó refino do cobre e á elaboración de finas pranchas por un novedoso sistema de laminación. A fábrica

de cordería de Xuvia nace como resposta á dinámica tecnoloxía da construción naval, mais pertence a un modelo cercano á Revolución Industrial.

O sector metalúrxico aínda vai ter outro precioso exemplo. Estamos a falar de D. Raimundo Ibáñez. El coñece as necesidades que a Mariña ten de armamento, e diseña a Real Fábrica de Sargadelos. Non nace inicialmente para abastecerlo arsenal, mais pronto, ou quizáis dende a súa fundación, xa está pensando na munición que necesitan os canóns dos navíos. A sideruxia de Sargadelos diversifica a súa produción: primeiro á obtención de ferro e logo á elaboración de diversos produtos metalúrxicos, entre eles o aprovisionamento dirixido á Armada.

Xuvia e Sargadelos son a fábricas representativas do sector metalúrxico, pero non as únicas, de feito, dentro do arsenal están funcionando varios fornos de reverbero.

No norte galego é coñecida a importancia crecente que están a te-las ferrerías. No último cuarto de século nacen novos centros, mentres os ilustrados alertan cos seus escritos sobre a importancia deste sector na economía do país. Estes establecementos pertencen por dereito propio ó proceso de industrialización ilustrado. Deseño, execución, estratexia empresarial e concepción tecnolóxica son algunhas das súas mellores características. O Estado e a iniciativa privada parecen ter atopado un certo equilibrio. Falar destas fábricas é falar da interpretación que fan os dirixentes das tres grandes variables que definen un centro metalúrxico. Enerxía, material e máquina forman a triloxía que define cada unha das fábricas e as vencella ó movemento de industrialización que está a vivir Europa. A presa do Rei é o grande motor hidráulico do centro metalúrxico do cobre, como a presa do Rúa o é para a siderurxia de Sargadelos. Co século XVIII chega a auténtica revolución para os procesos de transformación dos minerais. Trátase da redución da materia prima con carbón mineral previamente tratado, o denominado *coque*. As siderurxias libéranse do carbón vexetal dando un respiro á deforestación dos



Reais Establecimentos de Xuvia

bosques. O sistema productivo axilízase, a produción incrementábase e con isto o prezo do ferro faise asequible: a revolución estaba en marcha.

O final de século está marcado en Galicia pola posta en marcha destas dúas metalurxias que, de ter dado resposta satisfactoria, puideron ter sido os auténticos motores do desenvolvemento galego. Estaban ben deseñadas, asegurada a materia prima e a enerxía, parecían encarando-lo futuro con certa confianza. Todo facía pensar que este era o comezo: a máquina tiña chegado ós sistemas productivos cambiando sustancialmente os seus procesos.

Xunto a elas, Galicia posuía unha infraestrutura metalúrxica non evolucionada. As ferreírías galegas eran moi activas, así como os centros dedicados á elaboración de produtos como fouces, sachos etc. Os *machucos* hidráulicos e os de brazos estaban espallados polo agro. Moi cerca de nós, nas Somozas, existía un importante núcleo de batáns que subministraron cravazón ó arsenal. No documento xa citado atopamos un total de nove batáns de auga en Somozas, que falan do extraordinario empuxe que tiña este sector.

Coas metalurxias o sector gañaba dous potentes líderes capaces de actualizar tecnoloxicamente o sector e dinamiza-lo mercado. Moitas foron as achegas destas dúas fundicións: só para terminar abonda pensar nos excelentes aproveitamentos hidráulicos, que aínda vemos hoxe nas beiras dos ríos Xuvia e Rúa. Presas e canles derivan as augas cara á fábrica transformándose no seu motor hidráulico.

OS CURTIDOIROS

O terceiro sector que estuda este traballo é o da pel. As necesidades do arsenal eran moi variadas, tal como apunta Rodríguez-Villasante, o que permitía enormes posibilidades de negocio para a iniciativa privada. Unha das materias primas solicitadas era o coiro, necesario en correaxes de equipamento humano e tamén no barco. Curiosa-


mente, se o sector das fariñas estaba liderado por capital francés e o metalúrxico era un sabio equilibrio de iniciativa pública e privada, este estaba integramente collido por empresarios peninsulares. A ría non tiña tradición no traballo das peles, é a necesidade do arsenal, unida ás importacións de coiro ultramarino e ó empuxe da Coroa (que fomentou esta industria concedendo franquicias ós fabricantes de coiros), o que fai que o capital mercantil vexa neste sector importantes vantaxes que desexa aproveitar.

A súa expansión é rápida. Larruga sitúa na comarca un total de sete curtidoiros, que reparte entre Maniños, Narón, Esmelle, Serantes e a Gándara. En anos posteriores van nacer novos establecementos en Neda e Maniños. O último terzo do século XVIII é un tempo propicio para este tipo de actividade, de xeito que a finais do século Labrada sitúa doce no que chama "*distrito de trece leguas alrededor de la ciudad de Betanzos*". Termina o século deixando na ría un dos máis importantes asentamentos de Galicia no traballo da pel. Son todas fábricas de recente creación que dirixen homes como D. Roque Bugallo, D. Francisco Seixas, D. Pedro Tolosa ou D. Simón de Castroviejo entre outros. No que á produción se refire, e facendo caso a D. Eugenio Larruga, temos que pensar nun sector de grande dinamismo repartido nas beiras da ría que acada así unidade productiva. En datas cercanas temos asistido á demolición das derradeiras fábricas. A de Pozoas, situada no hoxe campo de fútbol, sen lugar a dúbidas o curtidoiro máis importante do século XVIII, establecido por D. Roque Bugallo en 1783. Outro estaba situado no municipio de Narón, e era denominado *da Ponte de Xuvia*. Pero aínda podemos observar outra non menos importante no municipio de Neda. Trátase da Fábrica da Florida, actual Pazo da Merced, onde poderemos observar parte da estrutura que utilizaban estes establecementos.

Fronte ós grandes números que manexa o arsenal, os curtidoiros son fábricas sinxelas pero de extraordinaria actividade productiva. Elas son

o auténtico proceso de industrialización regulado pola oferta e a demanda. É este un empresariado dinámico, mais limitado na súa capacidade económica. A pesar disto, o deseño dos novos establecementos é todo un alarde de racionalismo ilustrado. Son eleccións precisas, que aproveitan augas de pequenos mananciais e regatos, e se establecen xunto ó mar coa fin de facilitala entrada e saída de materiais. En case tódolos casos constrúen pequenos embarcadiros e accesos cómodos. Internamente axústanse ó patrón de casa-centro productivo: un mesmo espazo serve para a vida cotiá e o traballo das peles. No curtidoiro de Serantes a zona productiva era un patio cerrado con piso de cantería e un galpón no centro no que realiza-los labores nos días de choiva. Os pozos de remollo,

os caleiros e os de curtume repártense na periferia da estrutura, que ten acceso directo ó mar por unha rampla. Na parte dereita, e aproveitando un pequeno montículo sitúanse os secadoiros. Moitos ferroláns recordan un merendeiro denominado A Cobiña, que na realidade estaba nos secadoiros da fábrica. Pero se extraordinaria era a estrutura, non menos significativa era a súa capacidade productiva. D. Eugenio Larruga enumera de forma precisa a produción: "corregles a la Irlandesa 4.500, sueros de suela a la Inglesa 500, suela de la tierra 500, Baldeses (piel de oveja suave) 500, baquetas 500, becerrillos 1.000, cordobanes 500, pieles de cabra a la francesa 500". A nómina de persoal estaba formada por un mestre, cinco oficiais, catro aprendices e



Fábrica de curtidos da Malata

tres peóns. Esta fábrica é un bo exemplo do que debían se-las outras e correspóndese cun curtidoiro medio. Non moi lonxe, en Betanzos, Muro Pastor tiña unha fábrica de curtidos. Os seus datos productivos axúdannos a confirma-lo dito. Son fábricas modestas pero de extraordinario dinamismo, que poñen un pouco de equilibrio no complexo de xigantismo que sempre viviu a cidade.

CONCLUSIÓNS

Primeiro é constata-la existencia dun pequeno entramado productivo anterior ó asentamento naval e ó nacemento da cidade. O desenvolvemento industrial non vai depender desta realidade, pero si que temos que contar con ela. É o que poderíamos denominar *industria rural* ou *industria popular*, base do que logo vai se-lo desenvolvemento industrial da comarca. Definido o contexto xeográfico, económico e político, faise necesario establece-los axentes que determinan o desenvolvemento da ría. O binomio arsenal-cidade configúrase como o motor básico. O primeiro vai tirar doutros sectores como o metalúrxico; o segundo transfórmase no dinamizador da industria fariñeira, dos curtidoiros e outras. Xunto a eles, e formando un todo heteroxéneo, nacen outros sectores non estudados pero presentes.

Sen restar importancia á infraestrutura productiva debemos valora-lo capital humano. Técnicos e empresarios configuran o máis importante capital tecnolóxico que chegou á cidade. Neste século aínda non están diferenciados o roles da nacente sociedade industrial. O empresario, como o comerciante, eran homes de saber, inqedos e atentos ós novos acontecementos. Comerciantes e capitalistas son ó mesmo tempo técnicos que intentan desenvolver procesos produc-

tivos. A nacente burguesía está composta por estes homes ilustrados franceses e maragatos, por citar dous colectivos maioritarios, pero tamén ingleses e rioxanos. Homes que ven no arsenal e na cidade posibilidades de negocio e aquí invisten o seu diñeiro a súa creatividade.

Outro colectivo ía ter un papel relevante: son os arquitectos, enxeñeiros e científicos polivalentes, homes de grandes coñecementos e unha inquietude sen límites. Á cidade chegan Jorge Juan, Sánchez Bort, Eugenio Izquierdo, etc., que traen o saber fresco que está percorrendo Europa. Eles falarán da gran enciclopedia do saber na que están traballando Diderot e d'Alembert, base da Revolución industrial. Todos eles lévannos cara o futuro. O esforzo por actualizarnos, por incorporalos novos procesos industriais e os retos tecnolóxicos está presente en cada un dos sectores estudados: muíños e fornos, procesos de laminación e sistemas de curtume. Todos aspiran a copia-las formas que caracterizan a Revolución industrial que viron no continente. Os *Reales Establecimientos de Jubia* incorporan a laminación; D. Raimundo Ibáñez loita por reduci-lo mineral; os curtidoiros elaboran produtos "*a la inglesa*" ou "*a la francesa*"; as fábricas de moer mostran orgullosas a fariña branca e limpa que sae das súas peneiras.

Estamos asistindo ós primeiros pasos dun proceso prometedor. Os tres sectores exemplican con precisión os cambios. As primeiras mostran a eficacia enerxética ó tempo que secuencian os procesos; as metalúrxicas son un claro paradigma da Revolución industrial na que enerxía, materiais e máquinas configuran o soporte imprescindible; os curtidoiros ilustran como ningún o difícil tránsito do artesanado cara ós procesos fabrís, conxugando con dificultade as variables do tempo e do método productivo. A Revolución industrial está a agromar nos territorios do norte peninsular.

BIBLIOGRAFIA BÁSICA

- ALONSO LÓPEZ, J.: *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, político y económicos a favor de la libertad y fomento de los pueblos y noticias particulares de esta clase, relativas a Ferrol y comarca*. Madrid, 1820.
- CARMONA BADÍA, X.: *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles. 1750-1900*, Barcelona: Ariel, 1990.
- BAS, B. *Muñños de mareas e de vento en Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1991.
- BORREGUERO GARCÍA, E.: "Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos en el Archivo General Militar de Segovia". En *Cadernos do Seminario de Sargadelos*. núm. 62. A Coruña: Edicións do Castro, 1994.
- FERNÁNDEZ NEGRAL, J.: *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol 1783-1956*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2002.
- *Forxas, mazos e machucos no norte galego*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1991.
- *Complejo Siderúrgico de Sargadelos. Análisis Técnico en Las Reales Fábricas de Sargadelos, el Ejército y la Armada*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1994.
- "Segundo Centenario dos reais establecementos de Xuvia". En *Cadernos do Ateneo Ferrolán*. Ferrol, 1991.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *As grandes ferrerías da provincia de Lugo. A produción tradicional do ferro en Galicia*. Lugo: Deputación Provincial, 1994.
- GONZÁLEZ ENCISO, A.: *Estado e industria en el siglo XVIII. La Fábrica de Guadalajara*. Madrid: Fundación Universidad Española, 1980.
- LABRADA, E. *Descripción del Reino de Galicia, por la Junta de Gobierno del Reino*. 1804.
- LARRUGA, E.: *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España*. Madrid, 1748-1800.
- MELJIDE PARDO, A.: "El empresarismo industrial del negociante francés J. Lestache en el Ferrol del siglo XVIII". *Anuario Brigantino*. Betanzos, 1997.
- MORENO LÁZARO, J.: "Los incios de la producción fabril de harina en España (1770-1801)". *Rev. de Historia Industrial* nº1. Universitat de Barcelona, 1992.
- RABANAL YUS, A.: "El reinado de Carlos III en la arquitectura de las Reales Fundiciones Españolas". En *Revista Fragmentos*, (1988), núms. 12, 13, 14.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: "La armada y las Reales Fábricas de Sargadelos". En *Las Reales Fábricas de Sargadelos, el Ejército y la Armada*. A Coruña: Edicións do Castro, 1994.
- SÁNCHEZ YAÑEZ, S.: "Ferrol 1750-1800". En *Estudios Mindoniense*, (1987), núm. 2.
- SUÁREZ MÉNDEZ, R.: "Sargadelos y la fundiciones estratégicas de la Corona". En *Las reales fábricas de Sargadelos, el ejército y la armada*. A Coruña: Edicións do Castro, 1994.
- URGORRI CASADO, F.: "Los molinos de Bermúdez en Puen-
te Lambre y la molinería en Ferrol y Betanzos en el siglo XVIII y XIX". En *Untía*, (1986), núm. 2.





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 203-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

FERROLÁNS DO SEU TEMPO

Rosa M^a Gabriela de Cal y Cortina



ROSA DE CAL Y CORTINA

Doutora en Dereito.

Interventora Xeral do Concello de Narón.

Profesora da Universidade da Coruña.



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204 Ferrol

www.ateneoferrolan.org


Se hai un fío conductor dos

ilustrados ferroláns, sen dúbida é que todos eles foron homes do seu tempo e as súas vidas xiraron arredor da *“pasión por la ciencia, la educación, por superar los estorbos que impiden que las leyes de la naturaleza cumplan su cometido armónico”* (Barreiro Fernández). A súa entrega ilusionada ó descubrimento da razón *“hizo vivir a Galicia la centuria cultural más brillante de su historia, como expresión de un mundo en expansión y de una sociedad que ha alcanzado una gran madurez intelectual”* (J. M. Pérez García). Desaconxunción van nacer algunhas das realización científicas máis interesantes da nosa historia. Tódalas ramas do saber humano foron colocadas do lado da razón, e desde alí postas ó servicio dunha nova e fructífera interpretación da realidade.

A situación de Ferrol nese momento histórico vai ser decisiva, xa que, como di Erias Roel, *“el estancamiento de Santiago, compartido por otras ciudades (Betanzos, Orense, Pontevedra) contrasta con el importante crecimiento de otras poblaciones urbanas (La Coruña, Vigo) y sobre todo con el espectacular y en cierto sentido anormal crecimiento de la villa de Ferrol, que a raíz del establecimiento en ella de los Arsenales Reales experimenta un brusco crecimiento sin precedentes en la historia demográfica gallega y arrebatada a Santiago la primacía numérica que aún mantenía en la época del catastro”*. Aquel Ferrol será irrepetible: *“Ingenieros y arquitectos rivalizan con*

sus diseños se puebla de científicos, de marinos, de grandes matemáticos que llegan de todas partes. Se imponen nuevos criterios claros, fuertes y precisos, que vencen al antiguo Ferrol de los pórticos oscuros ... del Señorío de las Casa de Andrade y Lemos” (González Mariñas).

Nada disto lles resulta alleo ós ferroláns que o viviron. Ante os seus ollos abríase un novo mundo cheo de luces, e entraron a formar parte das elites intelectuais da Ilustración por méritos propios. Sen embargo, o tema merece algunhas maticións, porque a evolución dos acontecementos en Europa, a guerra da Independencia e a súa propia disposición persoal e intelectual conduciunos a



posicionamentos políticos diversos. Nestas breves liñas non se trata de realizar unha lista exhaustiva dos ferroláns ilustrados ou das súas obras, pero si de recordar aqueles dos que non nos podemos esquecer.

Así, Alonso López e Lucas Labrada, que son dous personaxes moi do seu tempo, fillos privilexiados do pensamento ilustrado, acabaron por ser referentes do liberalismo declamatorio e por iso, nos derradeiros tempos das súas vidas, substituíron o despotismo ilustrado pola soberanía nacional. A falta de fontes e a precipitación dos acontecementos históricos impiden ver con claridade en qué momento algúns destes ilustrados se convirten ó liberalismo, abandonando ó déspota para servir á liberdade, pero o certo é que este feito se produce.

Tanto López como Labrada padeceron grandes estreñuras económicas nas súas vidas: mentres Alonso López reclamaba desde as Cortes de Cádiz os seus emolumentos como deputado galego para sobrevivir, Lucas Labrada facía o propio ó consulado da Coruña, onde prestaba os seus servizos, para atende-lo sustento da súa numerosa prole.

Non é este o caso de Cunqueño y Pardo, que pertencía a unha familia rica e que, como veremos, evolucionou cara a posicións absolutistas.

Durante os anos da invasión napoleónica esas diferenzas quedaron pospostas, pero con volta do monarca fixéronse irreconciliables. Foron unha biografía chea de contrastes, como o propio período no que lles tocou vivir. Uns empeñaban a súa vida en desmantela-lo antigo réxime, mentres que outros loitaban por afianzalo. Algúns eran recompensados con títulos e recoñecementos, e outros, a maioría, eran perseguidos e esquecidos.

JOSÉ LUCAS LABRADA ROMERO

Pouco é o que se coñece da vida deste ilustrado ferrolán. Naceu en 1762 e faleceu na Coruña en 1842. Unha longa vida, segundo os parámetros daquel tempo, estreitamente ligada ó seu traballo

no Real Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña, ó servizo do cal entrou no ano 1787 como porteiro, e do que chegaría a ser secretario en 1802. O personaxe ten biógrafos, tales como Rfo Barja ou Burgon Fernández, que conveñen en recoñece-lo pouco que se sabe da súa vida. Dende estas breves liñas interéсанos salienta-la súa achega intelectual ó panorama da Ilustración ferrolá.

Como ben di Burgon Fernández, "*foi un home dunha recoñecida e ampla formación. Desde unha posición autodidacta dedícouse en principio o estudo das matemáticas así como as idiomas inglés y francés, para terminar nunha profundización dos estudos económicos que foron a súa vocación principal e o motivo das súas publicacións*". É moi importante lembrar que a súa traxectoria se sitúa arredor do derradeiro tercio do período ilustrado, polo que supón "*una clara consolidación de los dos anteriores, cuya influencia es notable: un cierto racionalismo utópico que todo lo impregna y que llegará de la mano de las ciencias experimentales a la ciencia política*" (De Cal y Cortina).

A súa obra máis importante é a *Descripción económica de Reyno de Galicia*; un modelo ilustrado de achegamento didáctico ós problemas económicos de Galicia e unha obra clave do pensamento ilustrado, que centra en si mesma toda a grandeza e o paradoxo dos pensadores da segunda metade do século das luces. A obra describe un inventario, estruturado arredor de cada unha das antigas sete provincias do reino de Galicia, das riquezas económicas e das vías comerciais de Galicia.

As cuestións económicas exercen unha grande fascinación entre os ilustrados, como inevitable panca do progreso dos pobos. En 1852 Galicia tiña arredor de 1.300.000 habitantes. Posto que estamos ante unha Galicia de acusado peso rural, nada ten de estraño que as principais fontes de riqueza fosen a agricultura e a gandería, seguidas, aínda que a grande distancia, da pesca, que ocupaba a un 4,3% da poboación, a industria, que ocupaba a un 15,8%, e o comercio, que ocupaba ó 0,4% dos galegos.

Está clara a influencia do pensamento fisiocrático francés cando Lucas Labrada di que "La tierra es la base de la riqueza", e que para racionaliza-lo seu cultivo hai que suprimir as trabas -especialmente as fiscais- á libre circulación dos seus produtos.

É preciso salientar nos seus xustos termos este asunto, porque na segunda metade do século hai un feito que vai contribuir a magnificalo: o catastro.

A decisión do marqués de la Ensenada de catastrar as terras da Monarquía puxo de relevo que unha grande parte do territorio fiscalmente non existía, e que ademais estaba en poder de mans mortas. Por iso o pensamento fiscal de Lucas Labrada e doutros ilustrados da súa época xira arredor de dous mitos: hai que poñer tódalas


terras cultivables en cultivo e simplificar a imposición ata o extremo de crear unha única contribución pola terra, que substitúa o caótico sistema fiscal herdado de épocas anteriores. Pero os ilustrados tamén perciben que o sistema non será completo se non se incorpora un certo criterio de *igualdade ante a imposición*. Lucas Labrada cre que estas reformas se poderán facer desde arriba, e ten fe no despotismo reformista.

Percíbese xa con nitidez que quen paga é a propiedade e non o propietario. Dicia frei José de San Francisco que o que a herdade debe ó fidalgo, ou ó mismísimo rei, non é indecente. Este avance é importantísimo, pois acentúa os principios da moderna imposición. Así, segundo a terminoloxía da época, *non é indecente pagar impostos*. Paralelamente a esta evolución, pódese observar como até o séc. XVIII os gastos do Estado eran fundamentalmente o sostemento da Casa Real e do Exército, pero o novo modelo de estado-providencia (todo para o pobo pero sen o pobo), que debe velar polo benestar dos seus súbditos, precisa maiores ingresos.

Os investimentos en obras públicas, ensinanza, etc., serán o revulsivo das reformas en Facenda, ás que os ilustrados dedicaron grande parte do seu pensamento económico.

A obra citada máis arriba non é a única de Lucas Labrada, aínda que é a máis coñecida. Merecen ser citadas tamén a conferencia coa que deu apertura á Biblioteca do Real Consulado en 1806, e a recopilación dos regulamentos, reais ordes e acordos polos que se gobernaba o Real Consulado, que realizou en 1811.

Durante a ocupación francesa, debido ós seus coñecementos de francés -língua que, como ten acreditado Barreiro Fernández, era absolutamente minoritaria-, foi nomeado intérprete do Xefe do Estado Maior francés, cargo que esixiu que fose remunerado para acreditar que o facía exclusivamente por razóns profesionais. Quixo con iso deixar claro que non era un "afrancesado". Sen embargo, González López, citando a Beiras, di que "colaboró con el Estado Mayor francés ... y



Portada da *Descripción Económica del Reino de Galicia*, de José Lucas Labrada

por esa colaboración cayó Labrada en desgracia al triunfar los patriotas y abandonar Galicia los franceses". Conta Barreiro un feito realmente curioso e que, sen dúbida, contribuíu a que o noso personaxe gañara sona de "afrancesado" nalgúns ambientes liberais: durante a ocupación publicouse un xornal chamado *La Gaceta Francesa*, que se supuña dirixido por un tal "*Labrada, pariente del famoso don Lucas Labrada*". Así se escribe a Historia, pero o anterior vai ser difícil de conciliar cos feitos que a continuación se expoñen.

Desde a fin da guerra da Independencia o seu posicionamento liberal é evidente. O 28 de febreiro de 1814 un grupo de 330 cidadáns da Coruña, encabezados polo Capitán Xeral de Galicia, dirixen ás cortes, aínda reunidas en Cádiz, un emocionado escrito sobre as medidas adoptadas polo Parlamento á volta do Monarca. Segundo De Cal y Cortina, "*en el mismo documento existen elementos que permiten apreciar el temor con que se vislumbra el futuro*", e estes cidadáns queren "*gozar el aire puro de una dulce libertad*", que claramente vían ameazada. Entre os firmantes atópase o secretario do Consulado, don José Lucas Labrada, que pasará a ser denunciado como un dos "*los enemigos más furiosos de la Religión y del Rey*", por ser "*autor del denigrante cuadro a V.M. que se puso en el frontis del Consulado la noche del 10 del último marzo; articulista del Ciudadano revolucionario*", en cita de Barreiro Fernández.

Cando os liberais recuperan o poder en 1820, Lucas Labrada figura como secretario da Xunta de Censura e máis adiante, en 1822, será nomeado secretario da deputación de Ourense, o que exemplifica o seu compromiso liberal, porque os concellos e as deputacións galegas do Trienio foron as institucións que lideraron o novo período liberal. En 1823 volve ó Real Consulado.

Morreu o 31 de xullo de 1842, tras dous matrimonios e unha numerosa prole de fillos e netos, a quen lles legou as súas estreituras económicas. Nunca o Real Consulado recoñeceu os méritos do que fora o seu principal empregado durante máis de 50 anos.

JOSÉ ALONSO LÓPEZ

Tamén Alonso López viu a luz nun momento esperanzador para Ferrol, a súa cidade natal. De González Mariñas e Balás Silva tomo algunhas das referencias biográficas inevitables. Balás Silva asegura que Alonso López naceu o 2 de decembro de 1763, data de grande interese porque, como é ben sabido, o Ferrol moderno comeza a súa singradura a mediados do século XVIII, cando unha sabia decisión do marqués de la Ensenada converte a Ferrol no que veu sendo até agora: unha cidade consagrada á construción naval.

Esta nova e próspera vila de reguengo será a que verán os ollos dun Alonso López neno e mozo que, con toda seguridade, se fixo sensible ó progreso, ó desenvolvemento da ciencia, ó coñecemento de personaxes que rivalizaban en competencia profesional, esperanzado ante o novo mundo cheo de luces. Os seus coñecementos de latín, francés e inglés sen dúbida foron magníficos apoios na súa formación.

Nada de Ferrol lle era alleo, cando ós 23 anos ingresa na Armada como piloto, embarcando despois na fragata Paz (1787) e no navío San Justo (1790). En 1792 é destinado ó observatorio astronómico do departamento que o 7 de maio de 1799 verá o paso de Mercurio polo disco do Sol, feito que, como ben di González Mariñas, "*parece toda una premonición de su prolífica y pasional obra científica posterior*".

En 1800 foi comisionado polo arcebispo de Santiago Rafael de Muzquiz y Aldunate para levantar-lo plano xeográfico e estatístico da arquidiocese de Santiago, obra inxente que realizou en só dous anos. Por ese motivo é considerado como un mestre da cartografía, precursor de Domingo Fontán. A súa competencia de gran matemático xa era coñecida daquela, e chegou a formar parte do tribunal que xulgou os coñecementos matemáticos do primeiro sabio matemático galego de renome europeo: José Rodríguez González. Viviu e detallou para a Historia os acontecementos daquel ano en Ferrol: o desembarco dos ingleses en


Doniños, o seu paso ás nosas terras, a súa retirada e reembarco.

En 1803 foi designado comisario da Inspección Xeral de Camiños de Galicia e en 1808 comandante de enxeñeiros das fortificacións da ría de Ferrol.

O 3 de marzo de 1809 foi comisionado a Madrid como deputado das vilas de Ferrol e A Graña para prestar xuramento ó rei intruso, cousa que rexeitou, e segundo refire Balás Silva: *"lo que le obligó a huir de noche saltando la muralla de esta Plaza, llevándose consigo el plano de ella y el del Castillo de San Felipe..."*.

Rondaba xa os 40 anos e, ademais da súa actividade científica, asimilara e levara ó máis fondo do seu espírito as novas ideas liberais, que estalaran "como un ouveo interminable" nunha Europa en cambio.

En 1808, data chave na nosa historia moderna, Alonso López tiña 45 anos. Os franceses invaden o noso territorio, e as vellas estruturas organizativas do antigo réxime amósanse inservibles ante os novos acontecementos. Para o noso personaxe a invasión francesa supuxo un contratempo máis: por orde de 29 de xaneiro de 1809 suspendéronlle o cobro do seu soldo de comisario da Inspección Xeral de Camiños, en nome da autoridade francesa. É en xaneiro de 1809 cando os franceses chegan a Galicia, e a abandonan pouco despois, en xuño do mesmo ano, logo dunha valerosa defensa do pobo galego. A guerra, xa que logo, finalizou nunha data temperá, deixando unha dolorosa pegada na nosa terra. Tamén as institucións se resentiron e, tras dun período de confusión organizativa, o 16 de marzo de 1810 queda constituída a *Junta Superior de Subsidios, Armamento y Defensa del Reino de Galicia*, que gobernará Galicia até o 8 de marzo de 1813, data na que procederá a efectiva consecuencia de poderes á primeira Deputación Única de Galicia. Esta será o derradeiro órgano institucional do antigo réxime, e o que canalizará a representación galega nas Cortes de Cádiz. Esta xunta marcará profundamente a vida da Alonso López, como veremos a continuación.



Promulgación de la Constitución de Cádiz en 1812

Ó lado de personaxes destacados do antigo réxime, coñecidos polas súas ideas absolutistas, entran nesta xunta nomeados representantes do liberalismo galego. Tal é o caso de Alonso López, que entra nela en representación da provincia de Betanzos. A partir dese momento o seu compromiso co liberalismo galego será definitivo: a súa vida tornouse nun verdadeiro himno á liberdade do seu pobo. Na sesión do 30 de xullo de 1810 *"hácense tres votaciones canónicas, secretas, con dos escrutinios para cada una y sale proclamado don José Alonso López ..."* como deputado das Cortes en representación da Xunta galega, *"en cuyas luces y variados conocimientos debe fundarse una esperanza lisongera de su concurrencia al acierto y al bien que en el agosto Congreso funda la Nacion en las circunstancias críticas que la ponen en apuro de la mayor consideracion"*. Xa nada sería doado para Alonso López que, con ilusionado esforzo, emprendeu a etapa política máis

apaixoada e comprometida da súa vida, que o levaría incluso a dá-la vida polas súas ideas. ¡Que fermosa estética a destes liberais ante a morte! É romanticismo puro.

Chegou a Cádiz o 28 de agosto de 1810 na fragata de guerra *Ifigenia*. Xa noutras ocasións puiden escribir sobre a súa participación naquelas ilusionadas Cortes de Cádiz, pero tal vez pague a pena salientar, de entre as súas numerosas contribucións ó debate daquel texto constitucional, o seu decidido apoio á abolición dos señoríos xurisdiccionais e territoriais, por canto supón de compromiso coa soberanía nacional.

Foi unha vítima máis do regreso do "De-seado", e padeceu o exilio, o que non estéril, xa que entre os anos 1814 e 1820 escribiu a súa monumental obra *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos á favor de la libertad y fomento de los pueblos y noticias particulares de esta clase relativas a Ferrol y á su comarca*, dividida en seis volumes e tres tomos. A obra é anónima, como case non podía ser doutro xeito, debido ós difíciles momentos que viviron os primeiros liberais exiliados. Mais é un feito irrefutable que tanto Vicetto como Montero Aróstegui escribiron respectivamente a súa *Historia de Galicia* e a súa *Historia de Ferrol* tomando como base o escrito por Alonso López. Ambos recoñéceno.

O seu saber científico era enciclopédico. Baste dicir que, segundo moitos, descubriu a Meteoroloxía con método experimental, que os seus coñecementos de Zooloxía, Mineraloxía e Xeoloxía son tan elevados que ocupan todo o segundo volume, e que tamén estudou concienzudamente a Facenda Pública e a Demografía. Sen embargo, penso que o millor de si mesmo quedou escrito sobre Astronomía, non en van era piloto da Armada Real. Balás e Comerma ocupáronse de demostralo metódico e acertado dos seus coñecementos científicos.

Os liberais volveron ó poder en 1820, e con eles Alonso López volverá ser deputado. Xa rondaba os 60 anos e vivira nas súas propias carnes a


gran contradicción do liberalismo decimonónico: que non hai solucións románticas ós problemas políticos. Mais non rematou aí a súa carreira política, senón que seguiu defendendo os ideais ós que dedicou a súa vida desde o concello de Ferrol, do que en 1823 era segundo alcalde. Desde alí tivo que presenciar cómo de novo se viña abaixo outro intento constitucional da nosa historia: a nosa cidade capitulou ante as tropas francesas o 14 de xullo de 1823. De novo perseguido e arruinado. Morreu o 26 de decembro de 1824.

JUAN JOSÉ CAAMAÑO Y PARDO

De Meijide Pardo extraio os seus datos biográficos. Naceu en Ferrol en 1761, fillo de don Vicente Caamaño, un dos maiores facendados de Galicia, no seo dunha familia rica.

Ferrolán de nacemento e de corazón, participou desde moi novo na vida pública ferrolá como rexedor do Concello (1789-91), onde foi adscrito, como vocal nato, á *Junta de Propios y Arbitrios*, polo que tivo ocasión desde o principio de se interesar polos asuntos económicos. Facendo gala dunha grande tenacidade, e facendo uso das súas notables influencias, logrou do Monarca que o porto ferrolán fose habilitado para introducir por el toda clase de comestibles e efectos procedentes de América, nos mesmos termos que xa o facían os portos de A Coruña e Vigo. Con isto abarataronse considerablemente os prezos dos produtos importados. En agradecemento, o Consistorio da súa cidade natal recompensouno en 1797 co título de rexedor perpetuo das vilas de Ferrol e A Graña. Mais non remata aí o seu bo facer, pois no mesmo ano foi apoderado polos seus paisáns para pedir á S.M. que "*se dignase expedir una Real Cédula para el establecimiento de un Consulado de Comercio*", consulado similar ó establecido na Coruña desde 1785. O Consulado estableceuse en 1799, e Caamaño foi nomeado prior vitalicio do mesmo.

Desde 1796 exerceu o cargo de alguacil maior do Santo Oficio en Galicia. As Cortes de



Retrato de Juan José Caamaño y Pardo

Cádiz aboliron o impopular tribunal da Inquisición –cómpre lembrar que, ó mesmo tempo, o deputado ferrolán Alonso López defendeu en nome de Galicia esta abolición–, aínda que, ó voltar Fernando VII ó trono, foi novamente reinstaurado e Caamaño recuperou o seu cargo, e incluso foi nomeado alguacil honorífico do Alto Tribunal en Madrid. Foi cabaleiro de xustiza da *Real Orden de Malta*, socio de número da prestixiosa *Real Sociedad Cantábrica de Amigos del País*, vocal da *Junta de Comercio y Navegación*, xentilhome da Cámara da S. M. Fernando VII, e incluso foi condecorado coa Flor de Lis francesa.

En 1800 contraeu matrimonio con dona Ramona Pardo de Figueroa quen, ó falecer seu irmán o brigadier don Baltasar Pardo de Figueroa y Sarmiento en Medina de Rioseco loitando contra as tropas de Napoleón, herdou o título de condesa de Maceda con grandeza de España. Así, o

noso personaxe convertiuse en conde consorte de Maceda, título que utilizou asiduamente e polo que é coñecido.

Dá idea da súa participación na guerra da Independencia un opúsculo, impreso en Santiago en 1809, cuxo título é xa todo un manifesto do seu carácter apoloxético: "*Manifiesto sobre la reconquista de Galicia y la conducta, operaciones, y planes para ella del excelentísimo señor Conde de Maceda, perfeccionados y aprobados por el excelentísimo señor Capitán General Marqués de la Romana*". O seu autor recoñécese a si mesmo como "*un amante del bien y de la felicidad nacional*", e asina como D.F.B.P. Nesta obra recoñece que "*salió garante con sus estados, y los de sus esposa, para el reembolso de cuantos socorros la munificencia inglesa suministrase para la reconquista de Galicia. Hizo más. Obligose a quedar en rehenes a mayor seguridad*". Contribuíu de xeito entusiasta a xestionar e conseguir de Inglaterra e Portugal armas e vestiarios para abastece-lo exército que mandaba o *Marqués de la Romana*. Así o defenden Meijide Pardo e Estrada Catoyra. Despois do falecemento de don Baltasar Pardo de Figueroa, o anterior conde de Maceda, chegou incluso a quedar ó mando do rexemento que este dirixira, aínda que solicitou reiteradamente a súa substitución porque recoñecía carecer da pericia e coñecementos militares precisos.

No ano 1815 a Real Audiencia de Galicia exprésalle por estes servizos o seu agradecemento e pide para el, en recompensa ó seu acreditado patriotismo, a *Real y Distinguida Orden de Carlos III*.

Como ben di Meijide Pardo, o seu currículo é fecundo e pluralista, e destacan os seus escritos sobre a pesca, a mariña e, moi especialmente, sobre a facenda. A pesca era un dos sectores económicos chave no séc. XVIII, polo que foi obxecto de sisudas reflexións por parte dos ilustrados. Caamaño escribiu en 1797, para a elitista *Sociedad Cantábrica de Amigos del País*, unha "*representación sobre el estado de las pesquerías nacionales, causas de su decadencia y medio de*

restablecerlas" na que destacaba que o factor decisivo na crise da pesca era, entre outros, a falla de liberdade da pesqueira nacional. A comezos do século XVII creárase a chamada *matrícula do mar*, ente típicamente gremialista que impuxera a obrigatoriedade de inscrición a tódolos que se dedicasen ó exercicio da pesca e a navegación, pero do que quedaban excluídos os chamados *terrestres*, que eran habitantes do litoral que simultaneamente os seus traballos agrícolas cos da pesca. Ata tal punto calara a inconveniencia deste gremio na sociedade galega que o Real Consulado, ós poucos meses de iniciada a guerra da Independencia, solicitou da Xunta Superior de Galicia a súa abolición.

Os temas candentes da Ilustración repíten-se nos diferentes autores. Como veremos, tamén Caamaño vai escribir sobre a "*substitución de las rentas provinciales con la única y universal contribución*" (1798). Xa temos visto que desde o seu inicial destino político, como rexedor do concello ferrolán, Caamaño estivo moi vencellado ós temas de facenda. Nese momento histórico era evidente que o obsoleto sistema tributario do antigo réxime se manifestaba claramente inxusto e ineficaz. Moito máis que o espazo do que dispomos nos levaría analizar este asunto, pero hai un matiz interesante que se manifesta en Caamaño: el non avoga pola única contribución, senón polo consumo. A reforma catastral emprendida por Ensenada, á que xa nos referimos antes, foi na práctica un sonoro fracaso, pero constitúe a base de datos máis importante do séc. XVIII, e sobre ela artéllanse tódalas reformas fiscais posteriores. Como é lóxico, tivo os seus detractores: acusábase ós *catastreros* –peritos encargados de medir e valorar as terras– de caer sobre das propiedades como un enxame de abellas, dispostos a arruina-la economía agraria. Caamaño é un terratenente, e non escapa á concepción patrimonialista da propiedade inmobiliaria. É doado comprender que a imposición sobre o consumo dos bens necesarios non facía non facía senón aumentar artificialmente o seu prezo, o cal contradí o ideal de xustiza impo-

sitiva que xa naquel momento estaba asentado na sociedade española.

Os Austrias legaran un Estado en permanente bancarrota e, un século despois da guerra contra os franceses, vólvese poñer de manifesto o exhausto das arcas do Estado. Todo un século de arbitristas ó que Caamaño achegará o seu *diezmo patriótico* para sufragalos danos ocasionados polo exército de Napoleón, que debía recaer sobre "*todo género de propietarios, tanto legos como eclesiásticos, comunidades, hermandades, obras Pías, etc, sin excepción alguna*".

Faleceu en Santiago o 29 de decembro de 1819. Non chegou a ve-lo novo período liberal que comezaría en 1820. Xa en vida gozou dun merecido recoñecemento.

MANUEL FERNÁNDEZ VARELA

A posición da Igrexa durante a Ilustración é un tema do máximo interese, pero excede con moito das pretensións destas breves liñas. Sen embargo, é evidente que tódalas contradicións do período ilustrado se poden atopar na organización eclesiástica.

Manuel Fernández Varela naceu en Ferrol o 21 de setembro de 1772. Os seus pais eran orixenarios da Pobra do Caramiñal, vila onde transcurriu a súa infancia e xuventude. Estudiu Filosofía no convento franciscano de San Antonio. En 1796 ingresou como becario de Teoloxía no colexio Fonseca, do que chegaría a ser rector. Foi un brillante orador, e o demostrou por primeira vez en 1798 cando pronunciou a oración fúnebre en honor do propio Fonseca, con ocasión das festas celebradas na súa honra. Desde entón gozou dunha merecida sona de excelente orador.

O seu primeiro destino como sacerdote obtívoo na parroquia de Santa María de Sada, en 1803. Posteriormente foi nomeado prior en Cova (1807) e canónigo deán da catedral de Lugo en 1815. En 1816 foi nomeado *Caballero de la Real y Distinguida Orden de Carlos III*.

Desde 1802 pertencía á *Real Adademia de la Historia* e era viceprotector da *Real Academia de Bellas Artes* de San Fernando, na que se exhibe un retrato seu firmado por Vicente López. Foi membro da *Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago, auditor honorario do tribunal de Rota e teólogo consultor e examinador sinodal do tribunal da Nunciatura.

A partir de 1824 pasou a desempeña-lo seu ministerio en Madrid, cando foi nomeado comisario xeral da Santa Cruzada. En 1833 foi nomeado *Consejero de Estado*.

Da súa obra escrita destacan as oracións fúnebres que compuxo para o xa citado Alonso de Fonseca; para o doutor José Severo López (1808); para Felipe Peláez Caunedo, bispo e señor de Lugo (1811); para o papa Pío VII; para María Isabel de Braganza e para o marqués de la Romana. Para a historia de Ferrol ten un grande interese a oración que pronunciou en 1806 na catedral de San Xiao "*por las ánimas de los valerosos individuos, y de todos los demás militares y marineros que dieron su vida que dieron su vida por el Rey y por la Patria en el combate de Trafalgar*". Conta Burgoa Fernández que, con ocasión deste acto, se instalou un *cenotafio* (monumento funerario en tres corpos) en San Xiao, e fala do éxito do acontecemento na súa cidade natal.

Sen embargo, de maior interese político son os seus discursos: "*El Abraham de la ley de gracia. Panegírico del Apóstol y Patrón de las Españas*" (1807); "*El Duque Santo. Panegírico de San Francisco de Borja*" (1807); "*Oración eucarística predicada en la iglesia mayor de San Julián de Ferrol*" (1808). Nesta última facía unha acendida louvanza do comportamento dos ferroláns na batalla de Brión en 1800. Moi significativa foi "*La oración eucarística predicada en la Santa Iglesia catedral de la ciudad de Lugo por la libertad y feliz restablecimiento de S. M. El Sr. D. Fernando VII en el trono de sus mayores*" (1814), cualificada de "*infame, sacrílega y sanguinaria*" por Urcullu, coñecido liberal.



Manuel Fernández Varela,
nun retrato de Vicente López

Hánme perdoa-lo meu fervor galdosiano pero, entre panexíricos e oracións fúnebres, de todo canto lin deste ilustre ferrolán, nada me impresionou tanto como o feito de que don Benito Pérez Galdós lle dedicase en *Los Apostólicos* as expresivas liñas que transcribo a continuación. Só este feito xustificaría que nos interesásemos pola figura e obra deste ferrolán:

"Y el satírico seguía satirizando en la época a que nos referimos (1831); mas con poca fortuna todavía, y sin anunciar con sus escritos lo que más tarde fue. Se había casado a los veinte años, y su vida no era un modelo de arreglo, ni de paz doméstica. Recibió protección de D. Manuel Fernández Varela, a quien se debe llamar El Magnífico por serlo en todas sus acciones. Su corazón generoso, su amor a la esplendidez, a las artes, a las letras, a todo lo que fuera distinguido y antivulgar, su trato cortesano, las cuantiosas rentas de que

dispuso hacían de él un verdadero prócer, un Mecenas, un magnate, superior por mil conceptos a los estirados e ignorantes señores de su época, a los rutinarios y suspicaces ministros. Era la figura del Sr. Varela arrogante y simpática, su habla afabilísima y galante, sus modales muy finos. Vestía con magnificencia y adornaba el severo vestido sacerdotal con pieles y rasos tan artísticamente que parecía una figura de otras edades. En su mesa se comía mejor que en ninguna otra, de lo que fueron testimonio dos célebres gastronomos a quienes convidó y obsequió mucho. El uno se llamaba Aguado, marqués de las Marismas, y el otro Rossini, no ya marqués, sino príncipe y emperador de la Música.

"El Sr. Varela protegió a mucha y diversa gente, distinguiendo especialmente a sus paisanos los gallegos; fundó colegios, desecó lagunas, erigió la estatua de Cervantes que está en la plazuela de las Cortes, ayudó a Larra, a Espronceda y dio a conocer a Pastor Díez.

"Cuando vino Rossini en Marzo de aquel año le encargó una misa. Rossini no quería hacer misas... «Pues un Stabat Mater» le dijo Varela. El maestro compuso en aquellos días el primer número de su gran obra religiosa que parece dramática. El resto lo envió desde el extranjero. Cuentan que Varela le pagó bien.

"Algunos números del célebre Stabat se estrenaron aquella Semana Santa en San Felipe el Real, dirigidos por el mismo Rossini, y hubo tantas apreturas en la iglesia que muchos recibieron magulladuras y con-

tusiones y se ahogaron dos o tres personas en medio del tumulto. Rossini fue obsequiado, como es de suponer, atendida su gran fama. Tenía próximamente cuarenta años, buena figura, y su hermosa cara, un poco napoleónica, revelaba, más que el estro músico y el aire de la familia de Orfeo, su afición al epigrama y a los buenos platos.

"Habiendo recibido en un mismo día dos invitaciones a comer, una del Sr. Varela y otra de un grande de España, prefirió la del primero. Preguntada la causa de esta preferencia, respondió:

"—Porque en ninguna parte se come mejor que en casa de los curas.

"En efecto; la mesa de este generoso y espléndido sacerdote era la mejor de Madrid. A sus salones de la plazuela de Barajas concurría gente muy escogida, no faltando en ellos damas elegantes y hermosas, porque, a decir verdad, el Sr. Varela no estaba por el ascetismo en esta materia.

"Pero allí la opulencia del señor y su misma gravedad de eclesiástico no permitían la confianza y esparcimientos de otras tertulias. La de Cambrónero [...]"

Se o propio Galdós reconoce a súa faceta como mecenas, pouco máis hai que dicir a ese respecto. Certo é que despois da súa morte boa parte da súa cuantiosa fortuna foi distribuída entre os pobres e o Hospital de Caridad de Ferrol, do que era *Hermano Mayor* e protector.

En vida gozou do recoñecemento do que se fixo acreedor, a pesar do que faleceu durante unha epidemia de cólera morbo en Madrid o 28 de setembro de 1834 "en completo abandono de amigos y familiares".

MEMORIA DA ILUSTRACIÓN:
PATRIMONIO
DO FUTURO

Guillermo Llorca Freire



GUILLERMO LLORCA FREIRE

Investigador.

Profesor de Historia no I.E.S. Sofía Casanova.



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cidade

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204 Ferrol

www.ateneoferrolan.org

O legado patrimonial do Ferrol

da época da Ilustración constitúe a pegada máis sobranceira da nosa cidade. Tanto os arsenais como o estaleiro, a nova poboación do barrio da Magdalena e o conxunto de fortificacións defensivas da ría, principalmente os castelos de San Felipe e da Palma, configuran un conxunto histórico-arquitectónico de singular envergadura. Esta monumental obra colectiva, impulsada pola Coroa, levantada en pedra granítica arrincada das beiras da ría, deseñada maxistralmente por un grupo de enxeñeiros militares e traballada laboriosamente por milleiros de obreiros, destaca ostensiblemente na Galicia do século XVIII.

Unha época na que asemade florecen os libros de viaxes e da que son protagonistas un grupo heteroxéneo de personas que dende entón viñeron ata a capital departamental atraídos polo afán de observación e de coñece-lo “*resultado feliz da política naval dos Borbóns*”, en palabras do historiador Ramón Villares. Todos eles deixaron constancia documental destas grandiosas obras militares e urbanísticas acometidas no que sería a cidade máis moderna e dinámica da Galicia do seu tempo.

Velaí pois unha apertada escolma cos comentarios dos estranxeiros, (segundo as versións traducidas en España) e tamén coas reflexións dos que procedían de diferentes lugares do país. Na meirande parte dos casos os seus escritos conservan aínda unha fresca actualidade, a pesar do tem-

po transcorrido, cando dende mediados do século XVIII e ata comezos do século XX aproximáronse ata este afastado lugar de Galicia, acariciado polas augas calmas do Atlántico.

Xa en agosto de 1745 o frade beneditino Martín Sarmiento realiza unha *Viaje a Galicia*, guiado pola súas ideas ilustradas, e deixa anotadas unhas lixeiras pinceladas do seu paso pola vila ferrolá, cando aínda non se realizaran as colosais obras que ían transformarlal nunha das cidades máis importantes de todo o litoral galaico.

“El domingo 9 salía de Juvia a ver El Ferrol, La Graña, navíos de línea, castillos, etc [...]”

Graña, villa, arsenal, puerto, etc. Aquí está [...] El Bispón, donde está la pólvora; el castillo



Museo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.museoferrolan.org

de San Felipe, dos leguas de Juvia; entré en él, vile, y no está acabado. Tenía montadas 117 piezas. Adelante, siguiendo el lado izquierdo de la ría del Ferrol, hacia la barra, se halla la punta de O Coto de Vela y cinco baterías v. g.: 1^a. San Cristobal, 2^a. Cariño, 3^a. Canelas (a cuarta, curiosamente non a cita), 5^a Pieiro.

Y después prosigue la costa hasta el cabo do Prioiro.

El Prioiro. Es el que más se avanza al mar y hace la boca de la ría del Ferrol y del otro lado sigue así la costa:

Es el Segañó proceso del monte Faro que es el cabo punta; el monte Faro, el castillo de San Martín (hoxe en día desaparecido, agás uns pequenos restos) frente al de San Felipe, el Castillo de la Palma [...].

A la tarde volví a La Graña y allí vi todo lo que hay que ver; v. g.: el astillero, arsenal, etc. [...].

La ría de Ferrol es admirable, muy ancha y capaz de navío de línea hasta Caranza [...].

De novo percorre estas terras en xuño de 1755 e achéganos, de novo, unha visión moi descriptiva, ademais de cita-la batería de Viñas, que se esquecera de mencionar na anterior viaxe.

"[...] El día 22 estuve en el Ferrol [...] vi que hay lo siguiente: Desde la punta de Caranza hay ensenada para maderas. Sigue-se el astillero con 12 quillas, y entre ellas seis con navíos [...]. Las quillas están en disposición de que se deben botar al mar, comenzando por la popa, al contrario de los navios de construcción española. Sigue-se el Monte Real del Esteyro, por el estero de la ensenadilla de Caranza, y aquí la gran plaza y habitaciones del Intendente, etc., y allí principiados unos cuarteles para tropa de tierra. Sigue-se la excavación para el dique, en el cual se han de careanar los navíos en seco, y el sitio está en la aldea de Recimil. Sigue-se el muelle y puerto que se

está frabricando. Salen dos paredones inmensos al mar. Siguese otros almacenes para cosas de artillería. Aquí dobla el mar a la ensenada de Serantes y después del Alfoli antiguo se haran cuarteles de marina; y desde aquí de Poniente a Oriente ha de ir un grande canal o foso asta el astillero, capaz de barcas y comunicación y ha de separar todas las obras dichas de la nueva ciudad del Ferrol, que se hará cogiendo la ladera del Norte".

No verán de 1774, o maior Hew Whiteford Dalrymple, destinado en Xibraltar realiza unha viaxe por España e Portugal, levado, entre outras razóns, polo desexo de coñece-lo estaleiro de Ferrol. Nas follas da súa obra *Travels through Spain and Portugal in 1774*, publicada en Dublín en 1777, aparecen referencias sobre a nova cidade, que estaba comezando a agromar baixo os trazos da Ilustración. Ás dez da noite do 31 de setembro chega a Ferrol, despois dunha accidentada travesía marítima, procedente da Coruña. Velaí algunhas das súas reflexións:

"[...] Esta plaza es ahora el primer arsenal de la Marina de España. Fue el marqués de la Ensenada quien hizo este establecimiento, bajo el reinado de Fernando VI; sus enemigos han pretendido que no había escogido ese emplazamiento sino para complotar a una amante que tenía bienes considerables en los alrededores; pero como es evidente que un juicio ilustrado ha tenido la primera parte en esa elección de la mejor de las situaciones, cualesquiera que hayan sido los interiores motivos del ministro no es menos recomendable. Este puerto es en extremo fuerte por su posición porque para aproximarse a él por mar es preciso entrar en un río que no tiene más de quinientas varas de ancho, defendido por diferentes fuertes y que en caso necesario pueden cerrar con una estacada; del lado




Fig. 1. Itinerario da segunda viaxe de Sarmiento por Ferrol e bisbarra

de tierra puede ser socorrido fácilmente contra todo empeño, porque antes de comenzar un ataque, el enemigo tiene que hacer su desembarco y ejecutar una marcha bastante larga. El dique que contiene los barcos podrá tener unas mil quinientas varas de largo y quinientas o seiscientas de ancho; es por lo que se puede juzgar una hermosa obra, aunque todavía no está terminada; no hay más que astilleros hechos, y quedan aún dos por hacer, con los almacenes, los cordajes, etc. y se han gastado ya muchos millones para ese establecimiento, que sigue siendo uno de los objetivos favoritos del Gobierno

[...] La nación se muestra aquí más activa que en ningún otro lugar del reino; no he visto menos de seis mil obreros empleados, sin contar seiscientos forzados, que llaman presidiarios [...].

Los cuarteles de Marina son edificios hermosos y cómodos y forman un establecimiento para cinco mil setecientos doce hombres [...].

O avogado John Adams, que sería o segundo presidente dos EE.UU., realiza en 1779 a súa segunda visita a Europa, nesta ocasión como embaixador extraordinario para xestionar a paz con Inglaterra. Viaxa acompañado por varios secretarios e polos seus fillos, John e Charles. O primeiro chegará a ser o sexto presidente da nova nación. Por un feito fortuíto, a fragata *Sensible*, cando levaba vintedous días de navegación, sofre unha vía de auga no medio do Atlántico e o capitán decide recalar no porto de Ferrol. Era o 8 de decembro e ata o 15 van permanecer aloxados nunha fonda da rúa Madalena, a casa de Pepola Betoneca. A experiencia dese periplo é posible seguila a través do seu *Diary* e da súa *Autobiography*, que reflicten tanto a curiosidade do viaxeiro, que visita a poboación, coma os xuízos dun home ilustrado, que analiza a nova realidade de canto ve. Nas páxinas do primeiro deixa escrito:

“Esta ciudad tiene una bahía y un puerto magníficos. La propia naturaleza los ha protegido y fortificado por una serie de altas montañas rocosas que se alzan a cada lado de su estrecha entrada; y las obras públicas, las fortificaciones, los arsenales, los cuarteles, etc. están contruídos con una piedra muy semejante a la de Baintree (o seu pobo natal, preto de Boston) y exceden en interés a cuanto había visto hasta ahora”.

Na *Autobiography* engade estas impresións, non tan positivas coma as anteriores:

“No logré conseguir ni caballos, ni mulas, ni carruajes en esta ciudad para nosotros y nuestro equipaje, lo que nos sorprende mucho porque es un gran puerto. La vida y los medios de transporte son muy caros en este lugar, lo que aumentarán considerablemente mis gastos. No hay nada notable aquí salvo las defensas naturales del lugar y las fortificaciones artificiales, junto con los arsenales, los diques secos, los cuarteles y las cosas militares de mar y tierra. Esta ciudad es pequeña, no está bien edificada, ni distribuida. Poco comercio e industria, fabricación o diversiones. Hay dos o tres iglesias elegantes y una ópera italiana. Hay cierta apariencia de devoción y muchos eclesiásticos”.

O maior Hugh Debbieg, do Corpo de Enxeñeiros da Súa Maxestade, escribe entre 1767 e 1768 unha serie de notas e observacións, depositadas no Museo Británico de Londres, e que falan minuciosamente das instalacións defensivas, coa evidente pretensión de presentar un informe para a espionaxe inglesa, moi interesada en coñecer o potencial militar do departamento naval de Ferrol.

“Sobre el costado Norte del acceso al Puerto de Ferrol, las colinas se extienden a

lo largo del acceso y entrada[...]. El acceso a Ferrol está defendido por cuatro Baterías, tres en el Norte y una en el Sur, cerca del rocoso cabo Segaña. Las del costado Norte están situadas en pequeñas y escarpadas elevaciones que defienden las playas que existen entre ellas [...] La del Segaña [...] defiende la entrada del acceso así como también la entrada al Puerto.

Aproximadamente a mitad de camino al Puerto y sobre un rocoso cabo que sobresale en la entrada Norte se encuentra el Castillo de San Felipe que artilla 100 cañones. Es un antiguo castillo restaurado en dirección a tierra y hacia el mar. [...] Este fuerte de San Felipe es fácil de ocupar si se montan Baterías de Cañones que abran brechas sobre el flanco Oeste desde los puntos más dominantes [...].

Desde el mismo punto esquinado del Castillo de San Felipe y en dirección 21º al SE y distante unas 1200 yardas se encuentra otro reducto de 21 cañones, situado sobre una loma escarpada a 50 pies sobre el mar. El primero se llama Batería de San Martín y el último Batería de la Palma.

Estas dos últimas Baterías y el Fuerte de San Felipe son la única defensa del estrecho [...].

Sobre el costado Este de la Bahía de la Graña, a la orilla de una suave pero ascendente Colina y mirando hacia el mediodía, se halla la ciudad de Ferrol y a su pié se encuentra el Astillero y la Dársena con todos los Almacenes y Talleres necesarios. La Dársena y los Talleres están separados de la Ciudad por un muro de 20 pies de altura y un Foso delante de el, que se llena con




Fig. 2. Plano da ría co emprazamento dos castelos, dos arsenais e da nova poboación de Ferrol.

agua del Puerto que penetra por el Este y circunda la totalidad por el Norte y el Oeste, donde el Foso se comunica con el Puerto [...].

Al Sur y al extremo Oeste de la Gran Obra y a 5 brazas de fondo de agua se encuentra una extensa base de piedras sumergidas con el fin de erigir encima de ellas un baluarte o Muro de 20 pies de alto para instalar cañones [...]. Sobre este malecón hay 97 poderosos cañones aun apuntando hacia la bocana del Puerto, baten la entrada al Puerto de Ferrol.

En el centro del costado Sur del Baluarte, hay una abertura de 100 pies de ancho para entrada de barcos, entre dos adelantados espolones circulares de 60 pies de diámetro; dentro de la entrada está la Dársena de 800 yardas de largo y 400 de ancho. En el costado Oeste de aquella hay un lugar de tierra [...] sobre el que se encuentra el Edificio de fabricado de pertrechos y otros talleres y en el extremo Este del Arsenal hay un espacio igual de tierra que contiene los Diques para la reparación de barcos grandes y sus edificios esenciales. El muro Sur del Baluarte no estaba terminado en 1767[...].

Tres cuartos de milla al Este del Arsenal se encuentran los Cuarteles y el Hospital de Marina [...].

Desde 1770 los españoles han fortificado la ciudad de Ferrol y su Arsenal mediante un cierre amurallado que se inicia al Oeste del Arsenal, rodea la Ciudad y su colina y en la que se encuentran seis Baluartes separados unos 600 pies que sobresalen lo más posible de la línea de muralla a fin de dominar mejor sus flancos”.

Un dos primeiros xornalistas de importancia reconecida e paradigma dos ilustrados galegos –en opinión de José Filgueira Valverde– o coruñés Manuel Pardo de Andrade, preocupado polo atraso da meirande parte das cidades e vilas españolas ancoradas no pasado medieval, vai escolle-la nova poboación de Ferrol como emblema do progreso moderno. Así o testemuña o seu artigo aparecido no *Diario de Madrid* do 16 de novembro de 1798.

[...] Entrando por una garganta estrecha entre elevados montes por espacio de casi una legua, que es la entrada del Ferrol, que está fortificada a su derecha de varios




Fig. 3. Litografía dos arsenais en 1850.

castillos y a su izquierda tiene, y casi tocando en la mar, el famoso de San Felipe y otras baterías. A una corta legua forma, explayándose la mar, una ancha y hermosa ensenada al abrigo de un alto monte que mira al norte. Tendrá esta ensenada de circunferencia casi tres millas; y por la parte del levante la cierra y abriga el famoso pueblo del Ferrol, cuyo puerto es esta ensenada. Se presenta este pueblo con bella disposición a la vista de los navegantes, explayándose al norte de la ría [...]. La muralla arrogante y fortificada con casi cien piezas de artillería, que cierra el pueblo por la parte de la mar, oculta la mala disposición y fealdad de las casas del Ferrol viejo, ni deja conocer la falta de un buen muelle hasta el caso de desembarcarse, que entonces no se halla más que una rambla derrocada y amontonadas piedras. El pueblo es de los más extensos de Galicia y después de internarse en las nuevas calles y alameda es muy hermoso y cómodo. Son las calles nuevas rectas y anchas, aunque muchas no están acabadas. La alameda es muy grande y forma un ordenado bosque. Por esta se pasa a la villa de Esteyro, que está unida, y al levante del Ferrol, y fuera de sus muros el astillero. Los diques y dársena, cuartel de Batallones, sala de armas e iglesia parroquial son edificios magníficos. El piso es casi llano y tiene a sus salidas el pueblo y, aun dentro, amenos huertos. Tiene teatro bastante grande y está el pueblo civilizado y es de los más bien gobernados de Galicia. Hay poca nobleza, pero la que hay es de la más rica y bien educada del Reino”.

Era a tarde do 18 de abril de 1833 cando o xeólogo alemán Guillermo Schulz realiza unha visita á vila ferrolá e no seu *Cuaderno de Campo*, nº. 2, deixa escritas as seguintes impresións:




Fig. 4. Antiga rúa Real



“Me quedé en el Ferrol a ver por la mañana el pueblo y por la tarde el Arsenal. Este arsenal tiene una extensión asombrosa y está planteado con admirable solidez y grandeza; se divide en tres partes esenciales que son los Astilleros, los diques y el Parque [...].

Tocante a los Diques y el Parque forman estos un todo sistemático en un puerto artificial construido sobre el mar; en la parte oriental están los Diques que son igualmente unos grandes moldes en los cuales se ponen los buques para su armazón y conclusión, estos Diques se dejan poner secos o desaguar por medio de grandes bombas movidas por dos máquinas de vapor que están en simetría en un edificio entre los dos diques y por medio de buenas contrapuertas se sostiene el agua del mar para que no entre.

Hay además por esta parte algunos edificios muy grandes y sólidos el uno sirve en el piso alto para unas treinta fragas, el piso bajo creo que son almacenes con bóveda de cantería, en otro edificio que ocupa toda la latitud del puerto hay muchos talleres de carpintería etc. así arriba la sala de los instrumentos náuticos con sus talleres e infinitas otras oficinas. El parque es la tercera parte donde hay una considerable máquina o más bien un hermosísimo aparato para colocar los palos en los navíos y buques mayores, hay los talleres de las velas y de cordelaje y de cables, anclas cañones y balas, un palacio para el gobernador cuyo edificio no está del todo concluido, las salas de armas, etc., y sobre el muelle del puerto hay aquí un gran número de piezas de artillería en parte de bala roja que defienden el arsenal de un ataque [...].

Dicen que esta inmensa obra fue trazada y ejecutada con rapidez por cuatro célebres ingenieros de los cuales sin embargo

no se encuentran los nombres en ninguna parte de su asombrosa obra.

Quizás por el gran orden del sistema y la sabiduría que regían en este incomparable arsenal se habrá acostumbrado el pueblo del Ferrol al aseo y al orden en sus casas porque el Ferrol se distingue muy notablemente de los demás pueblos de Galicia y aún de otros pueblos de España por la finura de sus habitantes su estremado aseo y su mucha aplicación, y por la disposición general del pueblo que tiene calles anchas y rectas que se cruzan con ángulos rectos, ofrece plazas hermosas con fuentes etc”.

Catro anos despois, a fins do verán de 1837, visita Ferrol por conta da Sociedade Bíblica británica George Borrow, coñecido polo sobrenome de *Don Jorgito el inglés*. Como lembranza das súas viaxes deixa escrito *The Bible in Spain*, da que entresacámo-lo testemuño do asombro que lle produce a perda do seu antigo esplendor:

“[...] En ninguna parte se manifiestan la miseria y la decadencia de la moderna España con tanta fuerza como en El Ferrol.

Con todo, hay aquí todavía mucho que admirar. A pesar de su desolación actual, hay en El Ferrol algunas calles buenas y no pocas casas muy hermosas. La alameda es una plantación de un millar de olmos, aproximadamente, casi todos magníficos; los pobres ferrolanos, con el genuino espíritu localista tan dominante en España, se jactan de que su ciudad posee un paseo público mejor que el de Madrid y, al compararle con el Prado, hablan de este con no disimulado desprecio. En un extremo de la alameda se levanta la única iglesia que hay en El Ferrol; la visité al día siguiente de mi llegada, que fue domingo. Los fieles, aldeanos casi todos no cabían en ella y, con la cabeza descubierta, permanecían de hino-

jos delante de la puerta, ocupando buen trecho del paseo.

Paralelo a la alameda corre el muro del arsenal y del astillero. Varias horas gasté en la visita de esos lugares [...], al visitarles quedé lleno de admiración. Yo he visto los reales astilleros de Rusia y de Inglaterra; pero en cuanto a la grandeza del plan y a la suntuosidad de la ejecución, no pueden ni por un momento compararse con estos maravillosos monumentos del extinguido esplendor naval de España”.

O viaxeiro e prolífico escritor Francisco de Paula Mellado en *Recuerdos de un viaje por Galicia en 1850*, recolle así parte das súas vivencias:

“[...] En el citado cabo de Priorio-Chico, se empieza a formar la renombrada ría de Ferrol [...]. Entre el referido cabo [...], y la punta del Segaña se estrecha la ría. Antes de llegar a este estrecho están las baterías del cabo Priorio-Chico, de Canelas, de Viñas, de Cariño y San Cristóbal por la parte del Norte, y al Sur la del Segaña. Todas son grandes y sólidamente construidas [...]. Después de pasar el angosto canal que forma la ría, dejamos a nuestra derecha los castillos de San Martín y La Palma, que distan uno de otro como novecientas varas, y a la izquierda el fuerte de San Carlos y el hermoso y fuertísimo castillo de San Felipe, edificado en un promontorio que forma la costa, domina la ría de tal modo, que sería por sí solo suficiente para defender la entrada de aquella de cuantas fuerzas navales intentasen combatirlo. Es capaz de una guarnición de mil hombres y de ciento noventa cañones; está construído de piedra de sillería, y todas sus habitaciones y departamentos a prueba de bomba [...] Por la ligera reseña que acabamos de hacer conocerán nuestros lectores la grandísima







Fig. 5. Recuerdos de un viaje por Galicia en 1850 de Francisco de Paula Mellado.



Figs. 6-7. Castelos de San Felipe (arriba) e da Palma (abaixo).



Figs. 8-9 (arriba e abaixo).
Acceso e antiga porta marítima de Fontelonga.

importancia de este hermoso castillo que es la verdadera llave y puerto de Ferrol [...].

El Ferrol nuevo es por sí solo una población lindísima; su planta es un paralelogramo [...], cuya longitud atraviesan siete calles, compuestas de hermosas casas, las que son cruzadas por otras nueve. Todas están tiradas a cordel [...].

Toda esta hermosa población está rodeada de fortificaciones compuestas de muros aspillerados, baluartes y baterías donde pueden colocarse doscientas nueve piezas de artillería, y que forman un perímetro de ocho mil cuatrocientas varas. Fueron terminadas estas obras de defensa en 1774 [...]. Las puertas de la villa son en número de seis, de las que tres dan a la marina, y tres a la parte de tierra. Los edificios públicos de Ferrol son muchos y magníficos [...].

Para establecer todas las inmensas dependencias de un establecimiento tan vasto, que es sin duda el primero de Europa en su género, eligió el entendido Cosme Álvarez la gran ensenada que forma la ría desde el astillero hasta Ferrol viejo, de excelente fondo, y de bastante profundidad para anclar en ella los mayores buques; más teniendo de ancho la ría en esta parte más de milla y media, y soplando en ella con violencia los vientos con objeto de procurrar a los buques el necesario resguardo, concibió Álvarez y llevó a cabo el osado proyecto de elevar fuertes murallas, formando el asombroso Arsenal del Ferrol [...]. Sus cimientos están a treinta y seis pies de profundidad [...]. Dos frentes de este arsenal están bañados por la ría, y por la parte de tierra está también aislado por un gran dique para maderas, y por un largo foso que se cubre de aguas con la marea. Dos puertas dan entrada a este inmenso edificio, la una se halla en la alameda, y para llegar a ella se atraviesa el foso por un puente. En-

cima de esta puerta se alza una torre cuadrada y compuesta de cuatro cuerpos, que remata en un reloj [...]. El segundo cuerpo de la torre es una capilla en la que se celebra misa los días de fiesta, y la que oyen los dependientes del arsenal desde una plazuela que está al frente. Un lado de esta se ve ocupado por las casas del comandante y subinspector de los arsenales, y los otros por cuerpos de guardia. Después de la citada plazuela está la gran dársena y [...] un magnífico edificio [...]. Paralelo a este edificio hay otro de iguales dimensiones aunque algo más bajo. Uno y otro son muy sólidos y contruídos enteramente de piedra, y sirven de almacenes generales. Otro que se alza cerca de estos [...] está dedicado a las herrerías [...]. Cerca de estas magníficas herrerías, está otro edificio aislado que contiene el obrador de instrumentos náuticos [...]. Inmediato [...] está el gran dique de las maderas [...]. un grande edificio aislado llamado el Rebervero [...] y está destinado para obrador de las grandes fundiciones [...]. Otro edificio de sillería llamado la Estufa, que sirve para derretir el

alquitran con que se calafatean los buques. Después [...] y en dirección de la Dársena, está el gran dique para la carena de los mayores navíos [...]; contiguo a él hay otro dique menor, y entre los dos la casa de bombas [...]. Después de los citados diques está el gran Tinglado, inmenso edificio [...]. Componse de dos cuerpos; el primero es de sillería [...]. El segundo cuerpo es de cal y canto [...], su objeto es servir de almacén de varios efectos y pertrechos, y el primero lo ocupan los obradores de cureñas, de arboladuras, aserraderos y otros objetos. Cercanos al gran tinglado, hay otros algo menores, aunque también bastante extensos, los que sirven para depósitos de efectos de artillería, y el cuartel del presidio, cuyos patios están rodeados de grandes murallas. En el mismo frente que la puerta del dique [...], está la nominada del Parque, mediando entre esta y la primera el frondoso y dilatado paseo llamado la Alameda [...]. Un suntuoso y bello edificio, que tiene su espalda sobre el foso, y al que se da el nombre de Sala de Armas. Es de sillería y de aspecto magnífico y grandioso, de planta




Fig. 10. Muro da Cortina coa sala de armas ó fondo.



Fig. 11. Escudo de Carlos III na porta do Dique.

rectangular y con dos patios [...]. El piso bajo, o sea el primer cuerpo, sirve de almacén de depósito para embarcaciones de todos portes. En el segundo cuerpo, o sea piso principal, está la gran sala de armas, obradores de tegedores y almacenes de cáñamo, y las buhardillas están ocupadas por los talleres para hilar las lonas de que se hacen las velas [...]. A uno y otro lado del edificio [...] hay otros dos, que forman con el la plaza, y que tienen pórticos en toda su longitud [...]. Aquí acaba por esta la parte al Arsenal con una magnífica y terrible batería que lo defiende [...]. Construída sobre las olas, y a muchas brazas del fondo del mar, no se sabe hay en Europa una obra de este género, que pueda comparársele [...] esta soberbia batería llamada del Parque [...].”

O 14 de abril de 1889, cando o navío *Grappel* ía de regreso ó seu país procedente de Xibraltar, atopouse, ó pasar polo cabo Fisterra, cun forte temporal do nordeste e, como non se tiña a completa certeza de que o carbón almacenado a bordo fose suficiente para cruza-la badía de Biscaia, decídese, co beneplácito de toda a tripulación, entrar en Ferrol, a unhas 80 millas de distancia para enche-las bodegas. Velaí algunhas das impresións da inesperada visita, recollidas por J.J. Walker na súa obra *Three days at Ferrol*.

“El tiempo era muy malo y había una gran marejada por lo que supuso un gran alivio divisar, a eso de las 4 de la mañana, las cimas del cabo Prioriño; un poco más tarde nos deslizábamos por las tranquilas aguas de la entrada del noble puerto de Ferrol.

A simple vista se reconoce el carácter granítico de esta zona. [...] La ciudad de Ferrol se encuentra en una pequeña península baja y algo cuadrada, situada a unas cinco millas de la entrada del puerto, entre la bahía de Jubia al sudeste y la cala más

pequeña de Serantes al noroeste. El Arsenal Real, con sus grandes esclusas, está situado al sudeste de esta península y la ciudad está rodeada completamente por una gran muralla construída de granito con troneras para los mosquetes y con solo dos puertas con dirección a tierra.

[...] Lo primero que llama la atención al desembarcar es el agradable físico y los modales francos y abiertos de sus habitantes que, como raza, me paraecen superiores a los andaluces que acababa de dejar. En lo referente a la ciudad no hay mucho que decir, es bastante limpia y parece próspera (aunque no se libra de los malos olores que suele haber cerca del borde del agua); hay bonitas casonas en la calle principal, que es ancha y larga, y como todas las otras calles de la ciudad pavimentada con grandes bloques de granito. La población de Ferrol es de unos 20.000 habitantes, dependiendo en gran parte del Arsenal Real, uno de los más grandes de España”.

No outono de 1896 o ilustrado polígrafo madrileño, Alfonso Pérez Nieva, arriba no buque *Melitón* ó porto de Ferrol, procedente de Vilagarcía e no seu libro *Por las Rías Bajas (Notas de un viaje por Galicia)*, publicado no 1900, deixa constancia dalgunhas das súas impresións:

[...] Sigo una frondosa avenida de árboles centenarios a lo largo del Arsenal, orillando su tapia [...]. La importancia de la ciudad resúmese por entero en esas reacias tapias, que tiene a un costado algunos kilómetros de extensión, tras de las que se

oyen silbidos de vapor, respiraciones de máquinas, rechinar de sierras, golpear de martillos, y sobre los bordes de las cuales se divisan desde la parte alta de la plaza, naves y patios de talleres, fondeaderos y diques, en el arsenal (..).”.

Félic Burriel Alberola na súa obra *Viajes marítimos. Las costas de España y Portugal*, publicada en Zaragoza en 1903 tamén salienta algunhas das construcións máis singulares do recinto militar:

[...] Por la puerta del dique, abierta en el primer cuerpo de elegante torre cuadrada, penetramos en el Arsenal, compuesto de inmensos edificios que ocupan gran superficie, destinados a almacenes, ferrerías, talleres de maquinaria, cartuchos, cordelería, embarcaciones menores y cuantos elementos necesita la marina militar [...]”.

Esta memoria escrita sobre o tempo da Ilustración supón unha evidencia máis do valor patrimonial que alberga a cidade dende o século XVIII. Oxalá que a grandiosidade arquitectónica e monumental deste enclave privilexiado do noroeste peninsular, alentado polo racionalismo da corte borbónica, inspirado pola sabedoría creadora dos que a deseñaron, levantado en granito polo esforzo colectivo e cincelado ó longo do tempo pola acción da natureza sexa recoñecido nun futuro inmediato pola UNESCO como Patrimonio común da Humanidade e os castelos de San Felipe e da Palma, xunto cos arsenais, entren a figurar no Listado de Bens Universais.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS, J.: *Viajeros por Galicia*, Sada, Ediciós do Castro, 1998.
- BORROW, G.: *La Biblia en España*, Madrid, Alianza Editorial, 1970.
- BURRIEL ALBEROLA, F.: *Viajes marítimos. Las costas de España y Portugal*. Zaragoza, 1903.
- DEBLIEG, H. *Notas sobre el puerto de Ferrol y la bahía de la Coruña por el Mayor HUGH DEBLIEG del Cuerpo de Ingenieros (1767-1768)*. Depositadas no British Musseum, grupo III. Inédito.
- GARCÍA MERCADAL, J.: *Viajes de extranjeros por España y Portugal*, Vol. 3. Madrid, Aguilar, 1962.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: "El paso por Galicia de dos futuros Presidentes de los Estados Unidos: John Adams y su hijo John Quincy Adams", *Revista Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses*, nº. 8-9, A Coruña, 1972-73.
- LLORCA FREIRE, G.: *Ferrol no patrimonio mundial*, A Coruña, Concello de Ferrol, 2002.
- PAULA MELLADO, F. De: *Recuerdos de un viaje por Galicia*, Madrid, 1850.
- PÉREZ NIEVA, A.: *Por las rías bajas (Notas de viaje por Galicia)*, A Coruña, Andrés Martínez Editor, 1900.
- SARMIENTO, Frei. M.: *Viaje a Galicia (1745)*, Salamanca, Universidad de Salamanca, 1975.
- "Viaje a Galicia de Frey Martín Sarmiento (1754-1755)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago, 1950.
- SAURÍN DE LA IGLESIA, M^a.R.: *Manuel Pardo de Andrade. Los artículos del "Diario de Madrid" (1794-1880)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989.
- SCHULZ, G.: *Cuaderno de campo*. nº. 2 (Marzo-Agosto 1833), Sada, Ediciós do Castro, 1992.
- VILLARES, R.: "Ferrol cidade arsenal" en *Historia de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia, 1994.
- VV.AA.: "Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)" en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, Santiago, 1960.
- VV.AA.: *Referencias Periodísticas, Históricas e Literarias sobre a Cidade de Ferrol*, Pontedeume, Concello de Ferrol, 1995.
- WALKER, J.J.: *Three days at Ferrol*, vol. 25, Londres Ent. Mag., 1889.



CONTRIBUCIÓN A UNHA BIBLIOGRAFÍA DA ILUSTRACIÓN

Juan J. Burgoa

Arquivo Ferrolán
Centro de Investigación e Estudos
Fundado en 1879
Rúa Anaxástenes 202, 2011, Ferrol
www.arquivoferrolan.es



JUAN J. BURGOA

Asesor Cultural Fundación Ferrol Metrópoli



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encuentro para la cultura

Fundado en 1879





Rúa Magdalena 202-201, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

XERAL E ESPAÑA

- ABELLÁN, J.L.: "Historia crítica del pensamiento español". En *Del Barroco a la Ilustración*. Madrid: Espasa Calpe, 1981, tomo III.
- ALBEROLA, A. (Edit.): "La Ilustración española". En *Actas del Coloquio Internacional de Alicante*, Alicante, octubre de 1985. Alicante: Diputación Provincial de Alicante, 1985.
- ANDERSON, P.: *El Estado Absolutista*. Madrid: Siglo XXI, 1983.
- ANES, G.: *El Antiguo Régimen. Los Borbones*. Madrid: Alianza Editorial, 1975.
- ANES, G.: *Economía e Ilustración en la España del siglo XVIII*. Barcelona: Ariel, 1972.
- ARTOLA, M.: *La España de Fernando VII*. Madrid: 1968.
- BATLLORI, M.: *La época de la Ilustración*. Madrid: Espasa Calpe, 1987.
- CERVERA, J.: *La Marina de la Ilustración*. Madrid: Editorial San Martín, 1986.
- CALVO, T. e NAVARRO, J.M.: *Historia de la Filosofía*. Madrid: Anaya, 1995.
- CASO, J.M.: *Ilustración y neoclasicismo*. Barcelona: Editorial Crítica, 1983.
- CASSIRER, F.: *La filosofía de la Ilustración*. México: F.C.E., 1950.
- COMELLAS, J.L.: *Historia de España moderna y contemporánea*. Madrid: 1965.
- CHUECA, F.: *Breve historia del urbanismo*. Madrid: Alianza Editorial, 1978.
- DESCOLA, A.: *Sociedad y Estado en el siglo XVIII*. Barcelona: 1976.
- DOMÍNGUEZ ORTIZ, A.: *La sociedad española en el siglo XVIII*. Madrid: C.S.I.C., 1955.
- DOMÍNGUEZ ORTIZ, A.: *Las claves del Despotismo Ilustrado, 1715-1789*. Barcelona: Planeta, 1990.
- ELORZA, A.: *La ideología liberal en la Ilustración española*. Madrid: Tecnos, 1970.
- ENCISO, L.M.: *Los establecimientos industriales en España en el siglo XVIII*. Madrid: Rialp, 1963.
- ENCISO, L.M. et al.: *Los Borbones en el siglo XVIII*. Madrid: 1991.
- FERNÁNDEZ DÍAZ, R.: "La España de la Ilustración. Los Borbones y el siglo XVIII". En *Historia de España*. Madrid: Espasa Calpe, 2000, tomo 7.
- FERNÁNDEZ DURÁN, J.A.: *Patrimonio de la Humanidad en España*. Madrid: Multimedia, 1997.
- GLENDINNING, N.: *The Eighteenth Century*. New York: Barnes and Noble, 1972.
- HAUSER, A.: *Sociología del arte*. Barcelona: Editorial Labor, 1977.

- HAZARD, P.: *La crisis de la conciencia europea, 1680-1715*. Madrid: Ediciones Pegaso, 1975.
- HAZARD, P.: *El pensamiento europeo en el siglo XVIII*. Madrid: Alianza Universidad, 1985.
- KAMEN, H.: *La España de Carlos III*. Madrid: Editorial Crítica, 1981.
- MESTRE, A.: *Despotismo e Ilustración española*. Barcelona: Ariel, 1976.
- MIÑANO, S. DE: *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y Portugal*. Madrid: Imprenta Pierart-Peralta, 1826.
- MOUSSNIER R. e LABROUSSE, E.: *El siglo XVIII. Historia general de las civilizaciones*. Barcelona: Destino, 1987.
- O'DOHERTY, P.: *Jorge Juan y la ciencia naval española en el siglo XVIII*. Madrid: 1973.
- OGG, D.: *La Europa del Antiguo Régimen, 1715-1783*. Madrid: Siglo XXI, 1983.
- PALACIO ATARD, V.: *Los españoles en la Ilustración*. Madrid: Guadarrama, 1964.
- PALACIO ATARD, V (Coord.): *España y el mar en el siglo de Carlos III*. Madrid: Marinvest, 1989.
- PÉREZ ESTÉVEZ, R.M.: *La España de la Ilustración*. Madrid: Actas Editorial, 2002.
- PUY, F.: *El pensamiento tradicional en la España del siglo XVIII*. Madrid, 1966.
- RÉMOND, R.: *El Antiguo Régimen y la revolución, 1750-1815*. Barcelona: Vicens Vives, 1983.
- SALVÁ, J.: *El marqués de la Ensenada. Ensayo biográfico*. Madrid: Editorial Naval, 1950.
- SÁNCHEZ AGESTA, L.: *El pensamiento político del despotismo ilustrado*. Universidad de Sevilla, 1979.
- SARRAILH, J.: *La España ilustrada en la segunda mitad del siglo XVIII*. México: Fondo de Cultura Económica, 1957.
- TUÑÓN DE LARA, M. (Dir.): "Centralismo, Ilustración y agonía del Antiguo Régimen". En *Historia de España*. Madrid: Editorial Labor, 1982, tomo 7.
- VALJAVEV, F.: *Historia de la Ilustración en Occidente*. Madrid: Rialp, 1964.
- VV.AA.: "El reformismo borbónico (1700-1789)" En *Historia de España*. Barcelona: Editorial Planeta, 1989, volumen 7.
- VENTURI, F.: *Los orígenes de la Enciclopedia*. Barcelona: Crítica, 1980.
- VICENS VIVES, J.: *Historia Económica de España*. Barcelona: Vicens Vives, 1959.
- VOLTES, P.: *Carlos III y su tiempo*. Barcelona, 1975.
- WIESE, B. VON: *La cultura de la Ilustración*. Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1954.
- ZABALA, P.: *España bajo los Borbones*. Madrid: 1940.



GALICIA

- ALFEIRÁN, J.: *Os Ilustrados galegos. Reforma e tradición na Galicia do Antigo Réxime*. Catálogo da Exposición do mesmo título. Deputación Provincial de A Coruña, 1996.
- ALONSO, L.: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen. 1750-1780*. Madrid: Akal, 1977.
- ARTAZA, M.M. de.: *A Xunta do Reino de Galicia no final do Antigo Réxime (1775-1834)* A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1993.
- BEIRAS, X.M.: *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 1972.
- BEIRAS, X.M.: *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*. Vigo: Editorial Galaxia, 1973.
- BARREIRO, J.R.: *Historia de la ciudad de La Coruña. Biblioteca Gallega*. A Coruña: Serie Nova, 1986.
- BARREIRO, J.R.: *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 1982.
- BARREIRO, J.R.: *Historia de Galicia*. A Coruña: Ed. Hércules, 1991, tomo IV.
- BRAÑAS, A.: *El regionalismo*. Barcelona: 1889.
- BURGOA, J.J.: "A Igrexa Galega na época da Ilustración". Revista *Ecce Homo*, nº 4. Ferrol: 2004.
- CASARIEGO, J.E.: *El Marqués de Sargadelos. Los comienzos del capitalismo industrial en España*. Oviedo: 1950.
- CORNIDE, J.: *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal*. Sada: Ediciós do Castro, 1991.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Diccionario Biobibliográfico de Escritores*. Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1952.
- COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela: 1932.
- DOPICO, F.A.: *Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*. Vigo: Editorial Galaxia, 1978.
- DOPICO, F.: "Ilustración". En *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago-Gijón: Silverio Cañada Editor, 1974, tomo 17.
- FERNÁNDEZ CASANOVA, C.: *La Sociedad de Amigos del País de Santiago en el siglo XIX*. Sada: Ediciós do Castro, 1981.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.: *Fray Martín Sarmiento*. A Coruña: 1981.
- GARCÍA CORTÉS, C.: "Lucas Labrada Romero (1762-1842). Estudio biográfico-ideológico de un prototipo de ilustrado gallego". *Estudios Mindonienses*, nº 20. Mondoñedo-Ferrol: 2004.
- GARCÍA-FUENTES, M.: *El camino de acceso a Galicia en el siglo XVIII*. A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña, 1987.
- GARCÍA LOMBARDEIRO, J.: *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*. Madrid: Siglo XXI de España Editores, 1973.
- GONZÁLEZ CATOYRA, A.: *Biografías coruñesas*. La Coruña: Gráfico Galaico, 1990.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *Bajo las luces de la Ilustración. Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV.*: Sada: Ediciós do Castro: 1977.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *El Alba Flor de Lis. Galicia en los reinados de Felipe V, Luis I y Fernando VI*. Sada: Ediciós do Castro, 1978.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *Luis López Ballesteros. Ministro de Hacienda de Fernando VII*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1987.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *La Coruña, puerto y puerta de la Ilustración*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña 1987.
- HERNÁNDEZ SEGURA, A.: *La biblioteca del Real Consulado, la fundación cultural más antigua de España. La Coruña, paraíso del turismo*. A Coruña, 1998.
- LABRADA, J.L.: *Descripción económica del Reino de Galicia*. Prólogo y notas de RÍO BARJA, F.J.; Vigo: Editorial Galaxia, 1971.

LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa Iglesia de Santiago de Compostela. La iglesia compostelana en el siglo XVIII*. Santiago: Edicións Sálvora, 1983, tomo X.

MADOZ, P.: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar. Establecimiento Tipográfico-Literario-Universal*. Madrid: 1847.

MARTÍNEZ-BARBEITO, C.: "Economistas gallegos del pasado, 1700-1900". *Información Comercial Española*, número 354. Madrid: 1953.

MARTÍNEZ BARREIRO, E.: *La Coruña y el comercio colonial gallego en el siglo XVIII*. A Coruña, 1981.

MEIJIDE, A.: *Economía marítima de la Galicia cantábrica en el siglo XVIII*. Valladolid: Gráficas Andrés Martín, 1971.

MEIJIDE, A.: *Escritos e autores na Galicia da Ilustración*. A Coruña: Fund. Barrié de la Maza, 1982.

MEIJIDE, A.: *El puerto de La Coruña en el siglo XVIII*. A Coruña: Biblioteca Gallega, Serie Nova, 1984.

MEIJIDE, A.: *Juan José Caamaño Pardo. Conde de Maceda. Ilustrado y economista ferrolano*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2001.

MEIJIDE, A.: "Biografía de Sánchez Vaamonde, ilustre canónigo y catedrático, fundador de la Biblioteca del Real Consulado". *Anuario Brigantino*, número 25. Betanzos: 2004.

MEIJIDE, M.L.: *Vicente do Seixo. Reforma agrícola y emancipación de la mujer*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1989.

MURGUÍA, M.: *Diccionario de Escritores Gallegos*. J. Compañel. Vigo: 1862. Santiago: Xunta de Galicia (Reedición), 1999.

OTERO PEDRAYO, R.: *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 1969.

PENSADO, J.L.: *Frei Martín Sarmiento, testigo de su tiempo*. Salamanca: 1972.

PÉREZ COSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*. Vigo: 1925.

Revista *Grial*. "A Ilustración en Galicia". Artigos de DO-PICO, F.; BARREIRO, X. R.; PENSADO, J. L.; VARELA, I.; BARREIRO, H.; CARMONA, X.; GARCÍA-FUENTES, M. X.; SAAVEDRA, P. e PINTOS, X. L. (Abril, Maio e Xuño 1989). Número 102. Vigo.

RÍO BARJA, F.X.: *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVII*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 1990.




RIVERA VÁZQUEZ, E.: *Galicia y los jesuitas. Sus colegios y enseñanzas en los siglos XVI al XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1989.


RODRÍGUEZ MANEIRO, M.: *Manufacturas reales en el Reino de Galicia durante el siglo XVIII*. A Coruña: Deputación de A Coruña, 2003.

RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Historia y tipología arquitectónica de las Defensas de Galicia*. Sada: Edicións do Castro, 1988.

SÁNCHEZ RODRÍGUEZ DE CASTRO, M. DEL C.: *El Real Consulado de La Coruña, impulsor de la Ilustración (1785-1833)*. Sada: Edicións do Castro, 1992.

SARMIENTO, Frei M.: *Viaje a Galicia. Año 1745*. Museo de Pontevedra, 1975.



- SAURÍN, M.R.: *Reforma y reacción en la Galicia del siglo XVIII*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1981.
- SOBRINO, L.: *Historia del arte gallego. El Neoclasicismo*. Madrid, 1982.
- SORALUCE, J.R.: "Arquitectura, Defensa y Patrimonio". Ciclo de Conferencias. Universidade de A Coruña, 2002.
- SORALUCE, J.R.: *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII*. A Coruña: Barrié de la Maza, 1985.
- SOTO, M.: *La Imprenta en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1998.
- TORRES, J.: *Labor educativa de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*. Universidad de Salamanca, 1979.
- VV.AA.: *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en La Coruña*. Catálogo da Exposición A Coruña, 1991.
- VV.AA.: *Textos e materias para a Historia de Galicia*. Barcelona: Editorial Crítica, 1990.
- VV.AA.: "La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad". En *Galicia. Historia*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1991, tomo III.
- VV.AA.: "La Galicia del Antiguo Régimen. Enseñanza, Ilustración y Política". En *Galicia. Historia*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1991, T. IV.
- VV.AA.: "As luces do século XVIII". En *Cadernos de Pensamento e Cultura*. Vigo: A Nosa Terra, 2002.
- VICETTO, B.: *Historia de Galicia*. Ferrol: Imprenta Taxonera, 1872, tomo VII.
- VIGO, A.: "Neoclasicismo. Arquitectura. Urbanismo". En *Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada (Editor). Santiago-Gijón: 1974, tomo 12.
- VILLAAMIL Y CASTRO, J.: *Bibliografía de Galicia*. Santiago: Xunta de Galicia (Reedición), 1997.
- VILLAR CHECA, E.: *El marqués de Sargadelos y su obra*. Sada: Edicións do Castro, 1970.
- VILLARES, R.: *Historia de Galicia*. Madrid: Alianza Editorial, 1985.
-
- 
Ateneo Ferrolán
Centro de investigación e cultura
Ferrol 1879
Rúa Virxinhola 306-307, Ferrol
www.ateneoferrolan.org
-
- ALONSO LÓPEZ, J.: *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos y noticias particulares de esta clase, relativas a Ferrol y su comarca*. Madrid: 1820.
- ARACIL, C. DE: *Documentación Genealógica-nobiliaria del Archivo de Ferrol*. Librería del Campus. Ferrol, 1999.
- AULET, J.L.: *Capitanía General. El Palacio de los Almirantes de Ferrol*. Ferrol: Fundación Caixa Galicia, 1998.
- BAAMONDE, J.: *Álbum pintoresco, geográfico, estadístico, histórico y descriptivo de la ciudad departamental marítima de Ferrol*. Ferrol: Imprenta El Eco Ferrolano, 1867.
- BURGOA, J.J.: "José Lucas Labrada, un ilustrado ferrolán do século XVIII". En *Ferrol en Tempo de Historia*, número 14. Concello de Ferrol, 2002.
- BURGOA, J.J.: "Manuel Fernández Varela, un crego ferrolán ilustrado". En *Ferrol Análisis*, nº 18. Ferrol, 2003.
- BURGOA, J.J.: "Un episodio de la ilustración: la expulsión de los jesuitas el año 1767 desde el Arsenal de Ferrol". En *Anuario Brigantino*, nº 26. Betanzos, 2004.
- BURGOA, J.J. y RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Ferrol y las ciudades del siglo XVIII*. II Encuentro del Foro de la Ilustración. Fundación Ferrol Metrópoli. Ferrol, 2004.
- CAL, R.M. DE: "Alonso López ou a Razón da Liberdade". En *Ferrol en Tempo de Historia*, número 4. Concello de Ferrol, 1999.
- CARDONA, E.: *Historia del Santo Hospital de Caridad ferrolano*. A Coruña: Caixa Galicia, 1983.
- CASTELO, B.: "Desde el Santo Hospital de Caridad al Centro Cultural Carlos III". En *Ferrol Análisis*, nº 1. Ferrol, 1991.

Centro Ártabro de Estudios.: "Ángel del Arenal e Ferrol da Ilustración". En *Cadernos Ártabros*, número 2. Ferrol, 2001.

COMERMA, A.: "El Arco de Fontelonga". En *Anuario Ferrolano para 1904*. Ferrol, 1903.

FERNÁNDEZ FLÓREZ, I.: *El Astillero de Ferrol*. Ferrol: Tipografía R. Pita, 1887.

FERNÁNDEZ NEGRAL, J.: "Segundo centenario dos Reais Establecementos de Xuvia". En *Cadernos do Ateneo Ferrolán*, número 7. Ferrol, 1991.

FERNÁNDEZ NEGRAL, J.: *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*. Sada: Edicións do Castro, 2002.

FORT, N.: "Murallas de Ferrol en el siglo XVIII". En *Anuario Ferrolano*. Ferrol: 1900.

GARCÍA GONZÁLEZ, F.: "Mentalidade e cultura en Ferrol durante o século XVIII". En *Cadernos Ateneo Ferrolán*, número 12. Ferrol, 1997.

GAYOSO, J.: "Ferrol. Departamento Marítimo del Norte". En *Almanaque de Ferrol*. Ferrol, 1907.

GONZÁLEZ, P.J.: *La imagen religiosa del arte en Ferrol*. Ferrol: Concello de Ferrol, 1994.

GONZÁLEZ, P.J.: *La escultura pública de Ferrol*. Ferrol: Concello de Ferrol, 1995.

GONZÁLEZ, P.J.: "La fuente de San Roque en Ferrol". En *Abrente*, números 19-20. A Coruña: 1990.

GRANADOS, J.A.: "Ferrol na Idade Moderna". En *Historia de Ferrol*. Ferrol: Vía Láctea, 1998.

GUARDIA, R. DE LA: *Datos para una crónica de la Marina militar de España*. Ferrol: Imprenta El Correo Gallego, 1914.

GUILLÉN, J.: *Historia marítima española*. Madrid: Museo Naval, 1961.

IGLESIA, S. DE LA: "El Hospital de Caridad de Ferrol". En *Almanaque de Ferrol*. Ferrol, 1910.

JUAN-GARCÍA AGUADO, J.M. DE: *José Romero de Landa. Un ingeniero de la Marina en el siglo XVIII*. A Coruña, 1998.

LEIRA, M.J.: *Breve historia de los jardines de Ferrol. Árboles y arbustos ornamentales de Ferrol*. Ferrol: Concello de Ferrol, 1998.




LORCA, G.: *Ferroláns*. Ferrol: Edicións Embora, 1994. (Biblioteca de Ferrolterra).

LORCA, G.: *Ferrol no patrimonio mundial*. Concello de Ferrol, 2002.

LORCA, G., PEDRE, D. e ROMERO, A.M.: *Ferrol a través dos textos históricos e literarios*. Concello de Ferrol, 1990.





MARTÍN, A.: "Tomás, Plácido e Florencio. Os Gambino: escultores na maestranza ferrolá a finais do século XVIII". *El Legado Cultural de la Iglesia Mindonien-se*. Primer Congreso. Ferrol, 1999. Extranjeros al servicio del rey.

MARTÍN, A.: "Los emigrantes ingleses en el Ferrol del siglo XVIII". *El Legado Cultural de la Iglesia Mindonien-se*. Primer Congreso. Ferrol, 1999. Extranjeros al servicio del rey.



- MARTÍN, A.: *Población y sociedad de Ferrol y su tierra en el Antiguo Régimen*. Tese doutoral presentada en maio de 2001. Facultade de Humanidades da Universidade de A Coruña (Campus de Ferrol).
- MARTÍN, A.: *Una sociedad en cambio. Ferrol a finales del Antiguo Régimen*. Ferrol: Edicións Embora, 2003.
- MARTÍN, A.: "Religión y sociedad en Ferrolterra durante el antiguo régimen. La V.O.T. Seglar Franciscana". En *Estudios Mindonienses*, número 20. Mondoñedo-Ferrol: 2004.
- MARTÍNEZ ORERO, C.: "La Real Compañía de Guardiamarinas y Ferrol (1717-1824)". En *Ferrol Análisis*, número 9. Ferrol: 1995.
- MEIJIDE, A.: "La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugar dos (1760-1830)". En *Revista de Historia Moderna*, número 4. Barcelona: 1984.
- MEIJIDE, A.: *Juan José Caamaño y Pardo. Conde de Maceda. Ilustrado y economista ferrolano*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2001.
- MOLINA, L., VÁZQUEZ, J. e LÓPEZ HERMIDA, J.: *La costa inexpugnable: las defensas de la base naval de Ferrol-Coruña desde el siglo XVIII hasta nuestros días*. Valladolid: 2002.
- MONTERO Y ARÓSTEGUI, J.: *Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval del Ferrol*. Madrid: Imprenta de Beltrán y Viñas, 1859.
- PATO, J. DE: "La iglesia parroquial de San Julián. Ferrol". En *Almanaque de Ferrol*. Ferrol: 1904.
- PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E.: *Ferrol e a Ilustración. Aproximación á Historia de España do século XVIII partindo de Ferrol*. Ferrol: Concello de Ferrol, 1995.
- RAMÍREZ GABARRÚS, M.: *La construcción naval española 1730-1980. E.N. Bazán*. Madrid: 1980.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Rejas, balcones y otros bienes artísticos de la Comarca de Ferrol*. Ferrol: Caja de Ahorros de Galicia, 1980.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Los buques y los hombres en la historia de la ría de Ferrol*. Ferrol: Concello de Ferrol, 1984.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Tecnología y arte de la Ilustración. La arquitectura e ingeniería de Sánchez Bort en la obra pública. La industria y los arsenales de Marina*. Pontedeume: López Torre, 1988.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *La actividad naval militar. Influencia en su entorno*. Empresa Nacional Bazán, 1991.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Las Reales Fábricas de Sargadelos y la Armada (1791-1861); las fuentes documentales en los archivos navales militares*. Sada: Edicións de Castro, 1994.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Guía del Castillo de San Felipe en la Ría de Ferrol*. Ferrol: Concello de Ferrol, 1998.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *El Arsenal de Ferrol. Guía para una visita*. Ferrol, 2000.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Los puertos de Ferrol y San Ciprián: su historia hasta la última expansión contemporánea*. Ferrol, 2001.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Ferrol de la Ilustración hacia el Patrimonio de la Humanidad*. Catálogo de la Exposición. Ferrol: Fund. Ferrol Metrópoli, 2001.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: "La iglesia de San Julián de Ferrol". En revista *Arimathea*. Ferrol, 2002.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: "Arte y tecnología en la construcción de Ferrol". En *Historia de Ferrol*. Ferrol: Vía Láctea Editorial, 1998.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Revista Abrente*. Varios artículos sobre Fortificaciones (Baterías-castillos): Nº 12 de 1980, Nº 23-24 de 1991-1992, Nº 25 de 1993, Nº 29 de 1997.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *Revista Abrente*. Varios artículos sobre el Arsenal de Ferrol: Nº 13, 14 y 15 de 1980, 1981 y 1982, Nº 16, 17 y 18 de 1984, 1985 y 1986.
- SÁNCHEZ, M.: "La villa de Ferrol en la primera mitad del siglo XVIII". En *Estudios Mindonienses*, nº 1, 2 y 3. Mondoñedo-Ferrol: 1985, 1986 y 1987.
- SÁNCHEZ, M.: "Ferrol 1771. Datos sobre a contribución única". En *Estudios Mindonienses*, número 5. Mondoñedo-Ferrol: 1989.

- SÁNCHEZ, M.: "Ferrol 1750-1780". En *Estudios Mindonienses*, número 7. Mondoñedo-Ferrol: 1991.
- SÁNCHEZ, M.: "Antecedentes da guerra da independencia en Ferrol". En *Estudios Mindonienses*, número 12. Mondoñedo-Ferrol, 1996.
- SÁNCHEZ, M.: "Medidas referidas a los extranjeros a finales del siglo XVIII. La situación en tiempos de la Revolución Francesa". *El Legado Cultural de la Iglesia Mindoniense*. Primer Congreso. Ferrol, 1999.
- SÁNCHEZ, M.: "La Concatedral de San Julián". En revista de *Estudios Mindonienses*, número 18. Mondoñedo-Ferrol: 2002.
- SANTALLA, M.: "Aproximación a la villa de Ferrol y la provincia de Betanzos en el siglo XVIII". En *Anuario Brigantino*, número 14. Betanzos: 1991.
- SANTALLA, M.: "Configuración social de Ferrol no século XVIII". *El Legado Cultural de la Iglesia Mindoniense*. Primer Congreso. Ferrol: 1999.
- SANTALLA, M.: *Las Reales Fábricas de Ferrol. Gremios y barcos en el siglo XVIII*. Ferrol: Edicións Embora, 2003.
- SARALEGUI, L.: "Fuentes bibliográficas para la historia de Ferrol". En *Almanaque de Ferrol*. Ferrol: 1907.
- SARALEGUI, M. DE: *Apuntes biográficos del Comisario General de Cruzada, D. Manuel Fernández Varela*. Madrid: 1904.
- SORALUCE, J.R. e FERNÁNDEZ, X.: *Arquitecturas da provincia da Coruña*. A Coruña: Deputación Provincial, 2001, volumen XIV.
- SORALUCE, J.R.: *O antigo Hospital de Esteiro*. Universidade da Coruña, 1996.
- TARRAGÓ, S.; VIGO, A. e RODRÍGUEZ-VILLASANTE, J.A.: *El barrio de la Magdalena de Ferrol*. Santiago: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1980.
- TAXONERA, L. DE: *El Arsenal de Ferrol. Apuntes históricos y descriptivos*. Ferrol, 1888.
- VV.AA.: *Historia de Ferrol*. Perillo (Oleiros): Vía Láctea Editorial, 1998.
- VIGO, A.: "Ferrol. Urbanismo y arquitectura". En *Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada (Editor). Santiago-Gijón: 1974, tomo 18.
- VIGO, A.: *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*. Santiago: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1985.
- VIGO, A.: *Los ingenieros militares y la arquitectura gallega de los reinados de Felipe V y Fernando VI*. Sada: 1985.
- VIGO, A.: "El arquitecto-ingeniero Julián Sánchez Bort. Perfil biográfico y obra en Galicia". En *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago: 1984-1985.
- VIGO, A.: *La arquitectura de la Ilustración: clasicismo y neoclasicismo (1700-1834)*. Perillo-Oleiros: Vía Láctea Editorial, 1995.
- VIGO, A.: *O barrio da Magdalena de Ferrol*. Vigo: A Nosa Terra, 2002.
- YZQUIERDO PERRÍN, R.: *Reflexiones sobre Ferrol y su candidatura a ser Patrimonio de la Humanidad*. Ferrol: Club de Prensa, 2002.



ESCOLMA DE OBRAS DE AUTORES ILUSTRADOS GALEGOS DO SÉCULO XVIII

- ALONSO LÓPEZ, J.: *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos a favor de la libertad y fomento de los pueblos. Noticias particulares de esta clase relativas al Ferrol y su comarca.* Madrid: Imprenta de M. Repullés, 1820.
- CAAMAÑO Y PARDO, J.J.: *Substitución de las rentas provinciales con la única y universal contribución.* Madrid: Tipografía Sancha, 1798.
- CAAMAÑO Y PARDO, J.J.: *Representación a la Real Sociedad Cantábrica de Amigos del país sobre el estado de las pesquerías nacionales.* Madrid: Imprenta Viuda de Ibarra, 1807.
- CAAMAÑO Y PARDO, J.J.: *Proyecto de una contribución para gastos de la actual santa guerra.* Santiago: Imprenta Juan F. Montero, 1809.
- CASTRO FERNÁNDEZ, J.F. DE: *Dios y la Naturaleza. Compendio histórico natural y político del Universo, en el que se demuestra la existencia de Dios* (10 tomos). Madrid: Imprenta de Joachin Ibarra, 1789.
- CASTRO FERNÁNDEZ, J.F. DE: *Discurso crítico sobre las leyes y sus intérpretes* (3 tomos).. Madrid: Imprenta de Joachin Ibarra, 1765.
- CERNADAS DE CASTRO, D.A.: *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime* (7 tomos). Madrid: Imprenta de Joachin Ibarra, 1778 a 1781.
- CÓNSUL JOVE, F.: *Ensayo sobre la Hidráulica rústica.* Santiago: Ignacio Aguayo, 1778.
- CÓNSUL JOVE, F.: *Memoria sobre el conocimiento de las tierras, verdadero i económico método de cultivarlas adaptado al clima i circunstancias de Galicia I Asturias.* Santiago: Ignacio Aguayo, 1786.
- CÓNSUL JOVE, F.: *Memoria fisico-económica sobre el mejoramiento de los lienzos en Galicia por todos los medios conocidos.* Madrid: Imprenta de Benito Cano, 1794.
- CORNIDE DE SAAVEDRA E FOLGUERA, J.A.: *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal.* Manuscrito do ano 1764. Arquivo Histórico do Reino de Galicia.
- CORNIDE DE SAAVEDRA E FOLGUERA, J.A.: *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia.* Madrid: Imprenta de Joachim Ibarra, 1774.
- CORNIDE DE SAAVEDRA E FOLGUERA, J.A.: *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia.* Madrid: Imprenta de Benito Cano, 1778.
- CORNIDE DE SAAVEDRA E FOLGUERA, J.A.: *Las Casitérides o islas del estaño, restituidas a los mares de Galicia.* Madrid: Imprenta de Benito Cano, 1790.
- FELJÓO Y MONTENEGRO, Frei B.: *Teatro Crítico Universal* (8 tomos). Madrid, 1726-1741. Edición de Espasa Calpe. Madrid, 1966.
- FERNÁNDEZ VARELA, M.: *Oración eucarística predicada en la iglesia mayor de San Julián del Ferrol con motivo del feliz éxito de S.M.C. contra los ingleses que desembarcaron para invadir aquel Departamento el 25 de Agosto de 1800.* Madrid: Imprenta de la Hija de Ibarra, 1808.
- FERNÁNDEZ VARELA, M.: *Oración a la inmortal memoria del Sr. D. Alonso de Fonseca, Arzobispo de Santiago y de Toledo.* Madrid: Imprenta Real, 1799.
- HERBELLA DE PUGA, B.: *Discurso sobre la necesidad de que se establezcan Corregimientos en el Reino de Galicia.* Santiago: Ignacio Aguayo, 1767.
- HERBELLA DE PUGA, B.: *Derecho práctico i estilos de la Real Audiencia de Galicia.* Santiago: Ignacio Aguayo, 1768.
- IBÁÑEZ LLANO Y VALDÉS, A.R.: *Representaciones al Rey Nuestro Señor.* Edición de S. Villar Checa. *El Marqués de Sargadelos y su obra.* Madrid, 1788. Edición do Castro. Sada, 1970.
- IBÁÑEZ LLANO Y VALDÉS, A.R.: *Discurso político y apoloético sobre el proyecto de las fábricas de hierro que ha propuesto S.M. y tiene meditado establecer en los montes de Rúa.* Madrid, 1788.
- IBÁÑEZ LLANO Y VALDÉS, A.R.: *Memoria sobre el fomento del arbolado en Asturias y Galicia.* Manuscrito do ano 1792. Archivo de la Escuela de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos de Madrid.

- LABRADA ROMERO, L.J.: *Descripción económica del Reino de Galicia, por la Junta de Gobierno del Real Consulado de La Coruña*. Ferrol: Imprenta de José Riesgo Montero, 1804.
- LABRADA ROMERO, L.J.: *Balanza del Comercio Marítimo de los puertos del Consulado de La Coruña*. A Coruña, 1800.
- MEDELA, J.A.: *Oración fúnebre en las Exequias que celebró el Real Consulado de La Coruña a su augusto fundador, el Sr. D. Carlos III*. Santiago: Ignacio Aguayo, 1789.
- OXEA, F.: *Disertación médica de la simplicidad i sencillez con que se debe egercer la medicina*. Santiago: Ignacio Aguayo, 1777.
- PEREIRA, L.M.: *Reflexiones sobre la ley agraria, que se está tratando en el Consejo*. Madrid: 1778.
- RODRIGUEZ GONZÁLEZ, J.: *Memoria sobre la Meridiana de España*. Madrid: 1808.
- ROS DE MEDRANO, M.: *Historia y origen de las rentas la Iglesia de España desde su fundación*. Madrid: Imprenta de Repullés, 1828.
- SÁNCHEZ VAAMONDE, P.A.: *Memoria anónima bajo el nombre de don Antonio Filántropo sobre el modo de fomentar entre los labradores de Galicia las fábricas de curtidos*. Madrid: 1782.
- SÁNCHEZ VAAMONDE, P.A.: *Memoria sobre los ganados de Galicia, considerados relativamente a la Economía Política*. Madrid: 1802.
- SÁNCHEZ VAAMONDE, P.A.: *Memoria sobre la policía y régimen de los abastos de la ciudad de Santiago*. Madrid: Imprenta de Sancha, 1806.
- SÁNCHEZ VAAMONDE, P.A.: *Apología a favor de la Santa Iglesia de Santiago en razón de la renta de votos que cobra*. Santiago: Imprenta de Juan Francisco Montero, 1813.
- SÁNCHEZ VAAMONDE, P.A.: *Colección de los escritos del Dr. D. Pedro Antonio Sánchez, canónigo de la Santa Iglesia Metropolitana de Santiago*. Madrid: Imprenta de Manuel Minuesa, 1858.
- SARMIENTO, Frei M.: *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico-Universal que dio a la luz el R.P.M. Fray Benito Jerónimo Feijóo* (2 tomos). Madrid: Imprenta Real de la Gaceta, 1732.
- SARMIENTO, Frei M.: *Viaje a Galicia (1745)*. Edición de J.L. PENSADO. Museo de Pontevedra, 1975.
- SARMIENTO, Frei M.: *Viaje a Galicia (1754-1755)*. Edición de SÁNCHEZ CANTÓN e PITA ANDRADE. En *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago: 1950.
- SARMIENTO, Frei M.: *Onomástico etimológico de lengua gallega*. Madrid: 1757.
- SARMIENTO, Frei M.: "Cathálogo de las obras del Padre Fray Martín Sarmiento, recoxidas en 17 crecidos folios" (c. 1783). Reproducción facsímil del Museo de Pontevedra, 2002.
- SEIXO, V. do.: *Lecciones de agricultura y economía que da un padre a su hijo, para que sea un buen labrador en qualquiera País del Mundo*. Madrid: Imprenta de Pantaleón Aznar, 1792.
- SEIXO, V. do.: *Ensayos políticos, científicos y militares sobre la instrucción y estudio de la juventud española*. Madrid: Pantaleón Aznar, 1798.
- SOBREIRA SALGADO, Frei Juan.: *Papeletas de un Diccionario Gallego*. Santiago 1794. Edición de J.L. PENSADO, Ourense: 1979.
- SOMOZA DE MONSORIU, F.X.: *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia. Discurso político-legal* (2 tomos). Santiago: Imprenta Ignacio Aguayo, 1775.

CADRO CRONOLÓXICO DA ILUSTRACIÓN



Ateneo Ferrolán
Colección de monografía e estudos
Fundado en 1879
Rúa Madalena, 20. 15101 Ferrol
T. 981 22 00 00 / 981 22 00 01



CADRO CRONOLÓXICO DA ILUSTRACIÓN

POLÍTICA

CIENCIA E TÉCNICA

LITERATURA

ARTE

1689- Nace Montesquieu.
1694- Nace Voltaire, escritor e filósofo francés.

1685- Nace Juan Sebastián Bach, músico alemán.

1700	1700- Felipe V é proclamado rei de España. 1701- Iníciase a guerra de Sucesión en España. 1703- Pedro I funda San Petersburgo.	1700- Leibniz funda a Academia de Ciencias de Berlín. 1701- Forno de fundición do inglés Wright. 1704- Tratado de Óptica de Newton.	
-------------	--	---	--

1710	1713- Tratado de paz de Utrecht. 1714- Morre Luis XIV de Francia. Jorge V é proclamado rei inglés.	1714- Termómetro de mercurio de Farenheit. 1720- Rugeven descubre a illa de Pascua.	1711- Nace David Hume, filósofo británico. 1712- Nace o filósofo e pensador francés Jean-Jacques Rousseau. 1714- Fundación da Real Academia de la Lengua Española.	1715- Erlach constrúe San Carlos e Viena.
-------------	---	--	--	---

1720	1723- Luis XV é proclamado rei de Francia. 1726- Formación do Departamento Marítimo do Norte en Ferrol. 1727- Jorge II é proclamado rei de Inglaterra.	1726- Creación do Arsenal de A Graña. 1728- Descubrimento do estreito de Bering.	1723- Nace Adam Smith, economista británico. 1724- Nace Immanuel Kant, filósofo alemán. 1726- Primeiro volume do <i>Teatro Crítico Universal</i> do Padre Feijóo.	1720- Comeza a edificación do Palacio da Granja. 1726- Vivaldi compón <i>As catro estacións</i> .
-------------	--	---	---	--

1730		1735- Expedición científica franco-española a Perú.	1733- O Abbé Prevost escribe <i>Manon Lescaut</i> .	1735- Proxecto do Palacio de Oriente.
-------------	--	---	---	---------------------------------------

1740	1740- Federico II é proclamado rei de Prusia. Guerra de sucesión en Austria. 1746- Morre Felipe V. Fernando VI é proclamado rei de España. 1748- Tratado de Paz de Aquisgrán.	1742- Escala centígrada de Celsius. 1749- Iníciase a construción do Arsenal e Asteleiro de Ferrol.	1745- Primeira viaxe a Galicia do Pai Sarmiento. 1748- Montesquieu publica <i>El espíritu de las leyes</i> e Buffon a <i>Historia Natural</i> .	1742- Haendel compón <i>El Mesías</i> . 1745- Hogarth pinta <i>Matrimonio á moda</i> . 1746- Nace Francisco de Goya. 1748- Descubremento das ruínas de Pompeia.
-------------	---	---	--	--

1750	1750- Tratado de Madrid entre España e Portugal sobre fronteiras en América. 1751- Adolfo Federico é proclamado rei de Suecia. 1755- Pombal nombrado primeiro ministro de Portugal. Terremoto de Lisboa. 1756- Comeza a Guerra dos Sete Anos. 1759- Carlos III é proclamado Rei tra-la morte de Fernando VI.	1752- Franklin inventa o para-raios.	1751- D'Alembert e Diderot comezan a publicación da <i>Enciclopedia</i> . 1759- Voltaire publica <i>Cándido</i> .	1750- La Tour nomeado pintor real de Francia. 1752- Se crea a Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. 1753- Fundación do Museo Británico de Londres. 1757- Soufflot proxecta o Panteón de París. 1759- Haydn compón la <i>Primera Sinfonía</i> .
-------------	--	--------------------------------------	--	---

1760	1760- Jorge III é proclamado rei de Inglaterra. 1762- Catalina II emperatriz de Rusia, despois do asasinato do seu home, o zar Pedro I. 1763- Firmase o Tratado de París entre España e Gran Bretaña.	1762- Proxecto de Jorge Juan para o barrio da Magdalena de Ferrol. 1764- Hearngraves inventa a máquina de fiar. Inaugúrase a Academia de Agricultura de Galicia.	1762- Rousseau publica <i>O contrato social</i> . 1763- Voltaire publica <i>Tratado sobre a tolerancia</i> .	1762- Gabriel constrúe o pequeno Trianon de Versalles. 1764- Sabatini comeza a Porta de Alcalá.
-------------	---	---	---	--

CADRO CRONOLÓXICO DA ILUSTRACIÓN


POLÍTICA

CIENCIA E TÉCNICA

LITERATURA

ARTE


<p>1766- Motín de Esquilache en Madrid.</p> <p>1767- Expulsión dos xesuítas de España.</p>	<p>1766- Cavendish descubre el hidrógeno.</p> <p>1768- Primeira volta ao mundo de Cook. Introdúcese en Mondoñedo a explotación sistemática da pataca en España.</p> <p>1769- Máquina de vapor de Watt.</p>	<p>1765- José Cornide publica a <i>Descripción circunstanciada de la costa de Galicia</i>.</p> <p>1766- Nace Thomas Malthus, demógrafo británico.</p>	<p>1766- Construcción da Catedral de San Xulián de Ferrol.</p>
<p>1770</p> <p>1774- Luis XVI, neto de Luis XV, é proclamado rei de Francia.</p> <p>1776- Declaración de Independencia dos Estados Unidos. Virreinato do Río da Plata.</p>	<p>1771- Iníciase a Revolución Industrial en Inglaterra. Inaugúrase a Universidade de Santiago de Compostela.</p> <p>1775- Comeza a construción do cemiterio municipal de Canido en Ferrol.</p> <p>1778- Cook descubre as illas Sandwich.</p>	<p>1771- Somoza de Monsoriú publica <i>Estorvos y Remedios de la Riqueza de Galicia</i>.</p> <p>1774- Goethe publica <i>As desventuras do xoven Werther</i>.</p> <p>1776- Adam Smith publica o <i>Tratado sobre la riqueza de las naciones</i>.</p> <p>1778- Morre Voltaire.</p>	<p>1770- Nace Beethoven.</p>
<p>1780</p> <p>1780- José II é nomeado emperador de Austria.</p> <p>1783- Fírmase a Paz de Versalles.</p> <p>1786- Morre Federico II de Prusia.</p> <p>1788- Carlos IV é proclamado rei de España, tra-lo pasamento de Carlos III.</p> <p>1789- Iníciase a Revolución Francesa. Toma da Bastilla.</p>	<p>1783- Globo dos Montgolfier.</p> <p>1784- Fúndase o Real Consulado Terrestre e Marítimo da Coruña.</p> <p>1785- Leis de Coulomb das descargas eléctricas.</p> <p>1789- Jenner descubre a vacina contra a viruela.</p>	<p>1781- Kant publica <i>Crítica de la razón pura</i>. Fúndase a Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago.</p> <p>1788- Kant publica <i>Crítica de la razón práctica</i>. Joseph de Cornide publica <i>Ensayo de una historia de los peces</i>.</p>	<p>1780- Goya é nomeado académico de San Fernando.</p> <p>1784- David pinta <i>O xuramento dos Horacios</i>. Se crea a Alameda de Ferrol.</p> <p>1786- Mozart compón <i>Las bodas de Figaro</i>.</p> <p>1787- Villanueva presenta o proxecto do Museo del Prado.</p>
<p>1790</p> <p>1791- Promulgación da Constitución Francesa.</p> <p>1793- Execución do rei de Francia Luis XVI.</p> <p>1796- Tratado de San Ildefonso con Francia.</p> <p>1799- Golpe de estado e Consulado de Napoleón Bonaparte.</p>	<p>1791- Construcción da siderúrxi-ca de Sargadelos.</p> <p>1796- Obtención do cemento por Parker.</p>	<p>1798- Malthus publica o <i>Ensayo sobre el principio de la población</i>.</p>	<p>1791- Goya pinta <i>La gallina ciega</i>.</p> <p>1795- Goya pinta o <i>Retrato de la Duquesa de Alba</i>.</p>
<p>1800</p> <p>1800- Desembarco inglés e batalla de Brión.</p> <p>1803- Gran Bretaña somete India.</p> <p>1804- Napoleón é coroado como Emperador de Francia.</p> <p>1805- Batalla naval de Trafalgar.</p> <p>1808- Guerra da Independencia española.</p>	<p>1800- Se crea o Colexio de Ciruxía de Galicia en Santiago.</p> <p>1802- Volta inventa a pila.</p> <p>1804- Nace a Fábrica de Cerámica de Sargadelos.</p> <p>1807- Barco a vapor de Fulton.</p>	<p>1804- Lucas Labrada publica en Ferrol a <i>Geografía Económica del Reyno de Galicia</i>.</p> <p>1808- Goethe publica <i>Fausto</i>.</p>	<p>1800- Goya pinta <i>La familia de Carlos IV</i>.</p> <p>1801- Haydn compón <i>As estacións</i>.</p> <p>1804- Beethoven compón a <i>Sinfonía heroica</i>.</p> <p>1805- David pinta <i>A Coroación de Napoleón</i>.</p>
<p>1810</p> <p>1810- Iníciase a emancipación das colonias de España en América.</p> <p>1812- Apróbbase a Constitución de Cádiz.</p> <p>1815- Derrota de Napoleón en Waterloo.</p>	<p>1820- Empeza o Trienio Liberal.</p>		
<p>1820</p>			





Don G. Haro, f.

Se hallará suelta en Madrid en la calle de Sierres librería de Sanz



CADERNOS DO ATENEO FERROLAN

"BON NADAL" Contén a Declaración Universal de Dereitos Humanos. (ESGOTADO). 1976

"BON NADAL" Contén a Intervención de Castelao nas Cortes de 1931 sobre a lingua galega. (ESGOTADO). 1977

"ATENEO" Contén as actividades das diferentes vocalías. (ESGOTADO). 1978.- Ano I - Nº 1

"ALBERTO" Monográfico sobre o escultor. (ESGOTADO). 1979

"ATENEO FERROLÁN" Contén diferentes artigos. (ESGOTADO). 1979.- Ano I - Nº II e III

"ATENEO FERROLÁN" Contén diferentes artigos. (ESGOTADO). 1980.- Ano I - Nº 0

"SEOANE. FARDEL DO ESILIADO" (ESGOTADO). 1981.- Ano II - Nº 1

"ATENEO. SUPLEMENTO CADERNO" Contén diferentes artigos. (ESGOTADO). 1982

"CADERNOS ATENEO FERROLÁN" Adicado a: Lorenzo Varela, Luis Seoane e Rafael Dieste. (ESGOTADO). 1983.- Ano III - Nº 2

"OS ATENEOS FERROLÁNS NA SÚA HISTORIA" de Guillermo Llorca (ESGOTADO). 1985.- Ano V - Nº 3

"O ATENEO. RECUPERACIÓN DUN PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO" de VV. AA. (ESGOTADO). 1986.- Ano VI - Nº 4

"CATALOGACIÓN CASTREXA DA BISBARRA DE FERROL" de VV. AA. (ESGOTADO). 1987.- Ano VII - Nº 5

"A IGREXA ROMÁNICA DE SAN MARTIÑO DE XUVIA" de M^a José López Pérez. 1989.- Ano VIII - Nº 6

"SEGUNDO CENTENARIO DOS REAIS ESTABLECEMENTOS DE XUVIA" de Justino Fernández. 1991.- Ano IX - Nº 7

"FERROL: XEOGRAFÍA DUN ESPACIO URBANO" de Rubén C. Lois Gonzalez e Augusto Pérez Alberti (ed.) (ESGOTADO). 1992.- Ano X - Nº 8

"CONCEPCIÓN ARENAL" de VV. AA. 1993.- Ano XI - Nº 9

"XENTES DE FERROLTERRA" de VV. AA. 1994.- Ano XII - Nº 10

"A XUVENTUDE FERROLÁ" de Xosé Leira López (ESGOTADO). 1995.- Ano XIII - Nº 11

"MENTALIDADE E CULTURA EN FERROL DURANTE O SÉCULO XVIII" de Fernando García. 1997.- Ano XIV - Nº 12

"BIOGRAFÍA DE XAIME QUINTANILLA MARTÍNEZ" de Blanca Quintanilla Rico. 1998.- Ano XV - Nº 13

"MEMORIA PARLAMENTARIA DE D. JOSÉ ALONSO LÓPEZ" De Rosa M^a Gabriela de Cal y Cortina. 1999.- Ano XVI - Nº 14

"SOFÍA CASANOVA" de M^a. do Rosario Martínez Martínez. 2001.- Ano XVII - Nº 15

"RÍA DE FERROL: A PERLA ÁRTABRA" VAA (ESGOTADO). 2002.- Ano XVIII - Nº 16



978884931351809 >



Ateneo

Unión de Coruña

Fundado en 1879

Ateneo

**ATENE
FERROLÁN**



Concello de Ferrol



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística